Plan xeral de normalización da lingua galega

XUNTA DE GALICIA

Presidente da Xunta de Galicia
Manuel Fraga Iribarne

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Celso Currás Fernández

Director Xeral de Política Lingüística
Xesús Pablo González Moreiras

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística

Copyright da edición
Xunta de Galicia

Depósito legal
C-55-2005

Deseño gráfico
ocumodeseño

Imprime
Litonor

Plan xeral de normalización da lingua galega

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Prólogos

O PARLAMENTO DE GALICIA APROBOU, O 22 de setembro de 2004, por unanimidade, o Plan de Normalización Lingüística que agora se recolle na presente publicación. Chega este Plan vinte e un anos despois da aprobación, tamén por unanimidade, da Lei de Normalización Lingüística. Unha Lei na que, por certo, traballaron arreo Ramón Piñeiro, Carlos Casares e outros galeguistas independentes, e que segue a ser hoxe un instrumento válido e eficaz que conta, a partir de agora, cunhas medidas de apoio concretas que foron elaboradas tendo en conta a nosa realidade lingüística.

As catrocentas corenta e cinco propostas recollidas neste Plan, que dispón dun importante orzamento e que se desenvolverá nuns prazos graduais, foron elaboradas por unha Comisión Técnica dirixida polo académico e coordinador científico do Centro "Ramón Piñeiro", o Prof. Manuel González, un dos nosos filólogos máis competentes, que estivo auxiliado no seu traballo por varias Comisións Sectoriais nas que tomaron parte máis de sesenta especialistas.

Desde a responsabilidade de presidir o Goberno de Galicia, considero este Plan como unha iniciativa histórica da Administración autónoma, unha achega que foi amplamente consensuada e que se elaborou con rigor e obxectividade, tomando como base as contribucións dos principais colectivos e expertos na materia.

Aproveito, pois, esta ocasión para reiterar, unha vez máis, a miña firme convicción de que a nosa lingua é cousa de todos os galegos e non exclusividade de ninguén. Polo tanto, o que aquí presentamos é un amplo conxunto de medidas que contribuirán, sen dúbida ningunha, a normalizar o galego a todos os niveis. Loxicamente, algunhas das propostas e proxectos aquí formulados son de maior incidencia ca outros, pero este Plan de Normalización está orientado, no seu conxunto, a informar e a poñer en práctica unha serie de medidas que permitan a recuperación de falantes, unha maior dignificación da lingua, e a súa asunción con naturalidade, sen ningún tipo de imposicións.

O galego, lingua propia de Galicia, como establecen a Constitución e mailo Estatuto, non pode ser utilizado como un instrumento político nin como arma partidaria. A nosa fala constitúe o cerne central da nosa identidade, o alento e a alma do pobo galego, e como tal, debemos traballar todos moi unidos e na mesma dirección. A defensa do galego é algo moi serio e debe levarse a cabo sen falsidades nin demagoxias baratas.

Pero, para que a nosa fala avance e perviva, *mil primaveras máis*, como lle desexou o gran Álvaro Cunqueiro, cómpre *restaurar a pureza do idioma* como propuña o inesquecible Ánxel Fole. E isto non significa, en absoluto, que os galegos renunciemos ao castelán, porque tamén é unha lingua nosa que debemos coñecer e que nos brinda moitísimas posibilidades.

Nos tempos que corren, nestes turbulentos e confusos comezos de século e de milenio, as linguas non poden imporse á forza nin empregando métodos coercitivos. Por moi lexítimos que sexan os fins, debemos ter moito coidado cos medios. Se queremos que o galego avance, cada día un pouco máis, non debemos recorrer a perigosos procesos de inmersión e outros procedementos que poidan ser tomados como insolidarios e revanchistas. As linguas esténdense e amplíanse falándoas, escribíndoas e logrando

que estean moi presentes nos medios de comunicación.

Hoxe debemos traballar sen acougo para que o idioma galego sexa unha lingua plenamente integrada na sociedade das tecnoloxías da información e a comunicación. Este é o noso principal desafío para o presente e para o futuro, desa batalla dependerá a vida do noso romance que xa pasou, ó longo da Historia, por etapas moito máis difíciles e por épocas complicadas e que, sen embargo chegou ata nós grazas á firme vontade dos falantes.

Aproveito a ocasión para unha xusta e necesaria lembranza dos homes e mulleres que, desde a Galicia territorial e desde a Galicia da diáspora, teñen dedicado o mellor da súa vida na promoción e continuidade da lingua propia. Falo, por suposto, dos grandes autores da nosa literatura. Refírome a Francisco Añón, a Rosalía de Castro, a Curros Enríquez, a Pondal; a Ramón Cabanillas, a Vicente Risco, a Ramón Otero Pedrayo, a Noriega Varela, a Manuel Antonio, a Bouza Brey, a Álvaro Cunqueiro, a Eduardo Blanco-Amor, a Ánxel Fole, a Ramón Piñeiro, a Pimentel, a Luis Seoane a Iglesia Alvariño… E máis preto de nós a Celso Emilio Ferreiro, a Uxío Novoneira e ó recentemente desaparecido Manuel María… En fin, a todas e a todos os que contribuíron, ao longo do pasado século, a obrar o milagre de *converter unha lingua de ferro nunha fala de ouro*, como dixo Pondal.

Remato esta presentación do Plan de Normalización Lingüística co meu compromiso persoal de impulsar todas e cada unha das accións aquí sinaladas. Proporcionaremos tamén a vontade política necesaria para que a lingua de Galicia saia fortalecida deste proceso. Eu son optimista con respecto ó futuro, porque confío en que a sociedade galega, no seu conxunto, saberá seguir dando as respostas necesarias, como fixo ó longo da Historia.

Persoalmente, síntome orgulloso de ter aprendido o galego dos labios da miña avoa paterna e de perfeccionar, logo e a base de lecturas, unha fala que considero verdadeiramente útil e marabillosa, a fala dos meus antergos, dos meus fillos e dos meus netos, a lingua na que calquera pode expresar os seus sentimentos e sensacións, os proxectos e as realidades, as grandes e sonoras palabras que describen e nomean, todo un mundo de soños e vivencias.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente da Xunta de Galicia

O GALEGO VIVIU NA IDADE MEDIA UNHA ETApa de normalidade e mesmo de esplendor como poucas linguas románicas irmás gozaron. Agora ben, esa mesma lingua que fora durante séculos vehículo de expresión de reis, poetas, bispos e notarios, en chegando a Idade Moderna ausentarase das principais citas da Historia. Non estará presente, por citar algúns exemplos, en momentos tan importantes como o foron a invención da imprenta, o desenvolvemento e asunción das grandes correntes de renovación literaria ou a elaboración das primeiras gramáticas e dicionarios. Tampouco faría acto de presenza, tempo despois, nin no momento no que se implantou con carácter universal a escola, nin na liturxia eclesiástica, nin na universidade, nin nos tribunais de xustiza. Esta situación, sostida ao longo de séculos, derivou nun sentimento de inferioridade que os galegofalantes asumiron a través da interiorización individual e colectiva dun variado abano de prexuízos.

O último terzo do XIX e todo o século XX poden describirse, no que ao galego se refire, como os da pugna por conquistar un prestixio e un lugar nunha sociedade na que, non poucas veces, era percibida como un atranco para o progreso social. Neste labor de dignificación participaron algúns dos máis egrexios galegos dos últimos 150 anos.

O momento culminante deste proceso chega coa instauración, dentro do marco da Constitución Española de 1978, da Autonomía en Galicia, e máis concretamente coa aprobación, en xuño de 1983, da Lei de normalización lingüística, que supuxo, cando menos inicialmente, o recoñecemento oficial tanto da existencia dunha "anormalidade" lingüística na sociedade galega (expresada de forma implícita), como da necesidade de pór en marcha os instrumentos, iniciativas e accións destinados a corrixila.

Certamente, os últimos vinte anos significaron a consecución dun número de logros de grande calado, impensables mesmo para as persoas que, poucos anos antes, adoptaban as posturas máis optimistas. Foron estes anos os da plena introdución do galego no ensino e na Administración, os da creación dunha radio e dunha televisión propias que emiten as 24 horas do día en galego, os da aprobación dun corpo lexislativo e normativo en materia lingüística que abrangue a case totalidade dos ámbitos sociais. Foron tamén os anos da introdución do galego nas novas tecnoloxías, os do impulso de iniciativas que conduciron a un sobresaínte avance nos campos da investigación lingüística, literaria e sociolingüística, os da promoción exterior a través da implantación do galego en corenta universidades do mundo, os do apoio económico a miles de proxectos empresariais e cívicos. A Xunta de Galicia dedicou neste período importantes recursos humanos e económicos, sendo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, fundamentalmente a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, o organismo que serviu de centro irradiador de iniciativas e proxectos normalizadores.

Non seriamos obxectivos, no entanto, se non admitísemos a existencia de problemas que afectan á saúde da lingua. Certo é que na actualidade o galego segue a ser a lingua maioritaria da sociedade galega e que as actitudes melloraron considerablemente, pero non é menos certo que persisten problemas vellos aínda sen resolver e que están a xurdir outros novos derivados da incorporación de Galicia á sociedade globalizada, un novo contexto que modificou e está a modificar todos os escenarios nos que se desenvolve

a actividade humana, non quedando fóra deste contorno de cambios constantes e xeneralizados a actividade lingüística. Hai vinte anos era unha consideración comunmente aceptada que coa simple presenza do galego no sistema educativo e mais na Televisión de Galicia e a Radio Galega estaban postos os esteos básicos que aseguraban a súa reprodución interxeracional. "O galego está salvado", parece ser que dixo Ramón Piñeiro no intre de coñecer a noticia de que a lingua galega se incorporaba á escola. Certamente, aquel foi un paso decisivo co que se logrou que as novas xeracións, sen distinción de procedencia xeográfica ou social, sexan hoxe, case por primeira vez na historia de Galicia, plenamente competentes na lingua propia do país. Asemade, a Televisión de Galicia e a Radio Galega demostraron que a lingua galega non é un problema para a comunicación de masas en Galicia e que son os contidos e non a lingua os que deciden os niveis de audiencia dun medio de comunicación.

Os retos de hoxe, 2004, son novos, así como as nosas propias forzas e posibilidades son tamén diferentes. Por iso, considerouse que era necesario pór en funcionamento novos axentes de normalización lingüística, ademais dos desenvolvidos ata o momento, e iniciar unha política lingüística planificada que teña por obxecto conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso nos ámbitos da sociedade civil do século XXI. Así naceu o proxecto de redacción do Plan xeral de normalización da lingua galega que, tras algo máis de dous anos de traballo, agora se presenta á cidadanía galega despois de ser levado ao Parlamento de Galicia, onde quedou aprobado co apoio unánime das forzas políticas que nel teñen representación.

No proceso de elaboración do Plan xeral de normalización da lingua galega participaron máis de setenta persoas que, movidas polo seu amor á lingua galega, puxeron a disposición deste ambicioso proxecto o seu saber, a súa experiencia e o seu tempo, razón pola que merecen todos eles o noso máis sincero agradecemento. Agora ben, un plan destas características non ten asegurado o éxito coa simple existencia dun apoio institucional e político (que o ten) ou coas súas virtudes como documento debidas á participación aberta dun elevado número de expertos e axentes sociais. Un programa de planificación lingüística non é esencialmente cuestión de iniciativa e medios económicos, aínda que as dúas cousas son necesarias. Un plan lingüístico coma o presente é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque os seus executores van ser centos de miles de cidadáns nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, na súa relación social, nas súas familias. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade dos mesmos cidadáns aos que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. De aí a importancia de que todos traballemos na mesma dirección á hora de conseguir a asunción do proxecto por parte dos cidadáns que, hoxe, nos inicios do século XXI, viven e senten en Galicia.

Non me cabe a menor dúbida de que o Plan xeral de normalización da lingua galega supón un fito na historia da nosa lingua. Todos os galegos e galegas estamos, polo tanto, ennoraboa, pero a todos nos corresponde, case por igual, a responsabilidade e o mandato histórico de colaborar e participar na súa execución. Así pois, parabéns e adiante.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ESTE PLAN É O RESULTADO DUN LONGO PROceso de elaboración que naceu no Consello de Goberno da Xunta de Galicia celebrado no mosteiro de Sobrado dos Monxes en marzo de 2002. Nesta reunión o Goberno Galego daba o visto e prace a unha proposta de redacción dun Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega presentada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, proposta na que xa se adiantaba a finalidade fundamental do proxecto: redactar un documento no que, a modo de marco referencial e partindo dun concepto globalizador, quedasen establecidos de forma previa e programada os obxectivos, medidas e procedementos, de aplicación nos anos inmediatos á súa aprobación, encamiñados á normalización da lingua galega.

Hoxe, algo máis de dous anos despois, aquela proposta é xa unha realidade. Atrás quedan centos de horas de intenso traballo de máis de sesenta persoas que, nas distintas fases do proxecto, deron o mellor de si sen outro beneficio no horizonte que o da causa da lingua galega. Grazas mil para todos eles.

Cando comezaron os traballos tanto da comisión técnica coma das diferentes comisións sectoriais estaba na mente de todos un convencemento: o proxecto que se iniciaba era de natureza social e, por tal motivo, o seu éxito futuro estaría condicionado pola aceptación do mesmo por parte dos cidadáns e axentes sociais de Galicia, que serían a un tempo os seus destinatarios e o seu principal motor. De aí que se optase por un sistema de elaboración aberto, consensuado e participativo. E abofé que entre todos o conseguimos.

As catrocentas corenta e cinco medidas propostas polas distintas comisións sectoriais creadas *ad hoc* foron seleccionadas seguindo os criterios de simplicidade, eficacia, economía de recursos e aceptabilidade social, uns fundamentos estratéxicos que asegurarán, en principio, a súa implementación.

Agora temos diante de todos nós un gran reto, que non é outro que facer estender unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que logre reunir ao redor dela con ilusión os cidadáns da Galicia do século XXI.

Para o seu éxito, o Plan precisa dun compromiso inequívoco de todos os galegos e galegas. Cómpre artellar, pois, sinerxias que multipliquen os esforzos e xeren unha nova actitude naqueles que aínda non ven na lingua o que realmente é: a maior creación do pobo galego, o noso máis importante sinal de identidade.

Xesús Pablo González Moreiras
Director Xeral de Política Lingüística

Persoas que participaron na elaboración do Plan xeral de normalización da lingua galega

Comisión técnica

Presidente:
Manuel González González
Secretario:
Xosé Gregorio Ferreiro Fente

Vogais:
Xesús Ferro Ruibal
Modesto Aníbal Rodríguez Neira

Delegados dos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia nas comisións sectoriais

García Negro, Pilar
Vogal do Bloque Nacionalista Galego
Rodríguez González, Manuel Luís
Vogal do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español
Rodríguez Seijas, Dolores
Vogal do Partido Popular de Galicia

Comisións sectoriais

Comisión Sectorial Nº 1. Administración

Presidente:
Monteagudo Romero, Xoaquín
Secretario:
González Martínez, Xosé

Vogais:
Braña Gutiérrez, Manuel
García Cancela, Xermán
González Trigás, Miguel Ángel
López Suevos Fraguela, Ana
Rodríguez González, Román
Rúa Prieto, Xoán Antonio
Sánchez García, Benigno

Comisión Sectorial Nº 2. Educación, Familia e Mocidade

Presidente:
Silva Valdivia, Bieito
Secretario:
Lorenzo Suárez, Anxo M.

Vogais:
Baños González, José Luis
Costa Casas, Xoán
Fernández Paz, Agustín
Iglesias Álvarez, Ana
Lage Tuñas, José Manuel
Moar Armas, José Antonio
Pose Porto, Héctor
Rey Barreiro-Meiro, Teresa

Comisión Sectorial Nº 3. Medios de Comunicación e Industrias Culturais

Presidente:
Sánchez Izquierdo, Alfonso
Secretario:
Pavón González, Xerardo

Vogais:
Callón Torres, Carlos
Campos Freire, Francisco
De la Cruz Blanco, Ángel
García Rei, Ramón
Senín Fernández, Xavier

Comisión Sectorial Nº 4. Economía

Presidenta:
Rodríguez Galdo, M.ª Xosé
Secretario:
Novo Folgueira, Paulino

Vogais:
Blanco Lino, Juan
Martínez Chantada, José
Miguélez Díaz, Eliseo
Rodeiro Marta, Francisco
Sineiro García, Santiago
Veiga Fernández, Pedro

Comisión Sectorial Nº 5. Sanidade

Presidente:
Fraga Bermúdez, Xosé María
Secretaria:
Rodríguez Cerdeira, Carmen

Vogais:
Benavente Jareño, Pedro
Ferrón Vidal, Xurxo
Otero Costas, Xesús
Sixto Dasilva, M.ª del Carmen
Vaamonde García, Pablo
Vázquez Vizoso, Francisco

Comisión Sectorial Nº 6. Sociedade

Subcomisión 6 A
Servizos Sociais, Crenzas Relixiosas e Inmigración

Presidente:
Carballo Ferreiro, Xosé Manuel
Secretario:
Pin Millares, Xosé María
Vogais:
Andión Marán, Xulio
Fernández Lago, Xosé
Lagos Fernández, Ramón
Montiel Iñíguez de Heredia, Arántzazu
Primo Constantino, Carmela

Subcomisión 6 B
Asociacionismo, Deporte, Lecer e Turismo

Presidente:
Subiela Pérez, Xaime
Secretario:
Blanco Campaña, Xosé Luís
Vogais:
Casas Suárez, Felicidad
Gesto Rodríguez, Jesús
López Ribas, Antón (Mago Antón)
Sabucedo Cameselle, Xosé Manuel
Sánchez Bláquez, Xosé
Sanmartín Gómez, Loreto

Comisión Sectorial Nº 7. Proxección Exterior da Lingua

Presidente:
López Gómez, Felipe Senén
Secretario:
Suárez Suárez, Manuel

Vogais:
Fandiño Barreiro, Tareixa
Fernández García, Alberto
Rodríguez Rodríguez, Alfredo

Persoas que fixeron achegas ao PNL a través de entrevistas

Alonso Montero, Xesús
Blanco Campaña, Xosé Luís
Callón Torres, Carlos
Carballo Ferreiro, Xosé Manuel
Costa Casas, Xoán
Fernández Freixanes, Víctor
Fernández Paz, Agustín
Fraga Bermúdez, Xosé María
González Martínez, Xosé
Lorenzo Suárez, Anxo M.
Maure Rivas, Xulián
Méndez Romeu, José Luis
Monteagudo Romero, Henrique
Monteagudo Romero, Xaquín
Montero Prego, Benito
Palmeiro, Xosé María
Rey Barreiro-Meiro, Teresa
Rodríguez Galdo, María Xosé
Sabucedo Cameselle, Xosé Manuel
Sánchez Izquierdo, Alfonso
Santamarina, Antón
Senín Fernández, Xavier
Silva Valdivia, Bieito
Subiela Pérez, Xaime
Varela García, Carlos
Vázquez Monxardín, Afonso

Auxiliar da comisión técnica:
Domínguez Castro, Carolina
Auxiliares das comisións sectoriais:
Araúxo García, María Nuria
Pérez Rodríguez, Francisco Alexandre

PEDÍUSELLES OPINIÓN POR CARTA A 959 PERSOAS

Abreviacións

ANPA	Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as
CCG	Consello da Cultura Galega
CEFORE	Centro de Formación e Recursos
CRTVG	Compañía de Radio-Televisión de Galicia
DXPL	Dirección Xeral de Política Lingüística
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
ENL	Equipo(s) de Normalización Lingüística
ESO	Educación Secundaria Obrigatoria
FEGAMP	Federación Galega de Municipios e Provincias
LNL	Lei de Normalización Lingüística
MRP	Movemento de Renovación Pedagóxica
MSG	Mapa Sociolingüístico de Galicia
P.E.N.	PEN Clube de Galicia
PNL	Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega
RG	Radio Galega
SITGA	Sistema de Información Territorial de Galicia
TERMIGAL	Servicio de Terminoloxía Galega
TIC	Tecnoloxías da Información e da Comunicación
TVE	Televisión Española
TVG	Televisión de Galicia
UDC	Universidade da Coruña
UDV	Universidade de Vigo
UE	Unión Europea
USC	Universidade de Santiago de Compostela

Acordo do pleno da Cámara do Parlamento de Galicia sobre o Plan xeral de normalización da lingua galega

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, adoptou o seguinte acordo en relación coa comunicación da Xunta de Galicia sobre o Plan xeral de normalización da lingua galega, ao abeiro dos artigos 140 e 141 do Regulamento:

Aprobación pola unanimidade dos 55 deputados e deputadas presentes do Plan xeral de normalización da lingua galega, (doc. núm. 17629, BOPG núm. 622 do 07.09.04), e das resolucións presentadas polos grupos parlamentarios que se relacionan a seguir:

a) Resolucións aprobadas con modificacións, co contido literal seguinte:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Núm. 1

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas precisas a fin de que sexan corrixidos, restituídos e oficializados definitivamente todos os topónimos como obriga legal para os poderes públicos, institucións, empresas e organismos públicos actuantes en Galicia."

Núm. 2

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte no ámbito das súas competencias as medidas tendentes a que os seus cargos públicos e os dos organismos e entes autonómicos, sociedades públicas e institucións dela dependentes fagan uso público tanto oral como escrito de xeito sistemático da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade pública; así mesmo as medidas conducentes ao mesmo nos concellos e deputacións de Galicia."

Núm. 3

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fin de que en todo tipo de axudas e subvencións procedentes de fondos públicos galegos procure promover a presenza da lingua galega, mesmo naqueles casos nos que se requira a compaña doutra ou outras linguas."

Núm. 4

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promover o desenvolvemento regulamentario preciso para cada ámbito ou sector do plan, coas correspondentes dotacións orzamentarias nos próximos exercicios orzamentarios".

b) Resolucións aprobadas sen modificacións, co contido literal seguinte:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

Núm. 5

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia ao establecemento de procedemento de seguimento, avaliación e control do Plan xeral de normalización da lingua galega, informando con regularidade ao Parlamento".

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia

Núm. 1

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar ante o Parlamento a programación anual para o desenvolvemento das medidas propostas no Plan xeral de normalización da lingua galega"

Núm. 2

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer o procedemento para a avaliación do desenvolvemento do Plan de Normalización da lingua galega e dos resultados acadados. O dito informe será presentado no Parlamento periodicamente ao finalizar o período de aplicación da planificación anual."

- Do G. P. Popular de Galicia:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar a redacción da medida 2.1.15, substituíndo o texto:

"Crear un corpo de inspectores específico que se encargue de atender as funcións da inspección educativa, no ámbito do ensino do galego e en galego",

polo seguinte:

"Encargar aos inspectores especialistas en lingua galega atender as funcións de inspección educativa no ámbito do ensino do galego."

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2004

José Ramón Cólera Leirado
Oficial maior

Sr. Director Xeral de Relacións Parlamentarias.

Presentación

Unha política lingüística galega e renovadora **3**
Satisfacción do camiño andado **3**
O galego, unha lingua viva no século XXI **5**
Futuro da lingua propia de Galicia **7**
Fortaleza do galego **8**
Análise dalgúns problemas reais. Desvelamento
e rexurdir da lingua galega **9**
Actualidade sociolingüística: outras posibilidades **12**
O cambio xeracional: incremento do uso ocasional **13**
O problema do uso do galego na idade infantil **14**
A competencia infantil **15**
Cambio de lingua co aumento da idade **17**
Os rapaces da Galicia autonómica e o idioma **17**
Outros problemas **19**
Cinco séculos de lingua galega grazas ao pobo galego **20**
O galego na sociedade da información e o coñecemento **21**
Estratexias **23**

Unha política lingüística galega e renovadora

Galicia e o seu Goberno acumularon, nos últimos vinte e cinco anos, unha experiencia propia de promoción da nosa lingua. A posta en marcha da Administración autonómica non partía de cero en moitas áreas, porque, por exemplo, xa se coñecían os procesos de programación, deseño e construción de novas vías de comunicación, de novas infraestruturas deportivas, sanitarias ou educativas; había técnicos formados e empresas con experiencia. Pero a área lingüística era totalmente nova, aquí non había experiencia institucional ningunha de como converter unha lingua familiar en oficial da Administración, do Parlamento, dunha cadea de radio e televisión, do ensino, da sanidade; tampouco tiñamos procesos definidos nin técnicos formados. Así que nuns eidos conseguiuse facer mellor e noutros non tan ben. Á propia sociedade levoulle o seu tempo afacerse a ver a súa lingua doméstica e coloquial desenvolvendo funcións xurídicas, administrativas, comunicativas, educativas ou relixiosas que nunca antes tivera ou das que a inmensa maioría dos cidadáns nunca oíran falar. As características propias do caso lingüístico galego, diferentes do caso catalán, do vasco e doutras linguas minoritarias, e os propios ritmos da nosa sociedade tampouco permitían transplantar experiencias alleas. Galicia creou o seu modelo propio e dedicou a esta materia importantes recursos. Do que se trata agora, despois dunha primeira etapa, é de renovar a nosa política lingüística, de adecuala aos novos tempos, para que o galego poida enfrontarse aos retos e esixencias da sociedade da comunicación, para que a nosa lingua avance sen problemas coa axuda das novas tecnoloxías, para que perviva neste século XXI que acabamos de comezar.

Satisfacción do camiño andado

A introdución do galego no ensino, na sanidade, na radio e na televisión, no Parlamento, na Administración, no *Diario Oficial de Galicia*, o impulso ao mercado editorial, a introdución da lingua galega en corenta universidades de todo o mundo, a revisión do nomenclátor, a creación dun centro de investigación lingüística e literaria, que leva o nome de Ramón Piñeiro, o apoio económico a miles de iniciativas cívicas a prol da lingua galega e moitas outras realidades fan que, por primeira vez en moitos séculos, o galego volva ao interior

das familias dignificado como lingua formalizada. A Xunta de Galicia dedicou importantes recursos humanos e económicos a todo este labor e sente lexítimo orgullo, porque á vista está o aumento das catro competencias lingüísticas en galego da nosa sociedade e porque a acción institucional colaborou decisivamente ao aumento da estima como pobo e da práctica da lingua.

É innegable que o galego ten problemas vellos e problemas novos, pero sería faltar á verdade non recoñecer que, ao mesmo tempo, existe un verdadeiro fenómeno social de reinserción na lingua propia por parte de persoas e grupos e que ningún sector social (relixión, empresariado, ciencia, policía, etc.) é alleo a este proceso. Cando un movemento de reinserción na tradición e de actualización desa tradición acada o volume que hoxe ten a reivindicación da lingua galega, é pouco previsible que se apague, o natural é que vaia en aumento.

A sociedade percibe que a lingua galega está en proceso de se converter na lingua normal de innumerables actividades e que existe unha marea social que puxa nesa dirección. O Día das Letras Galegas e o Día de Galicia son o epicentro dunha actividade multiforme que cada ano abrangue máis células sociais. Alén destas datas, cada ano aumenta a actividade da nosa realidade cultural e lingüística, cada ano que pasa maior é a ansia de facer uso normal e preferente da lingua propia de Galicia.

O galego, como fala maioritaria e mesmo emerxente, debe ser a lingua de uso normal e preferente en Galicia, sen prexuízo de que coñezamos ben o castelán, lingua á que non debemos renunciar nunca, porque tamén é nosa, e de que o inglés ou outras linguas empecen a ser de coñecemento necesario nunha sociedade cada día máis permeable e globalizada.

Un plan de normalización da lingua galega non debe ter como obxectivo desprazar unha ou outra lingua, nin impedir que os galegos aprendamos outros idiomas, senón que debe servir para que calquera poida vivir plenamente en galego, tal e como o recoñecen a Constitución e o Estatuto de autonomía, que garanten a cooficialidade do galego e mais do castelán no territorio de Galicia.

O galego, unha lingua viva no século XXI

Unha das estratexias que primeiro haberá que revisar é a do pesimismo. A discusión verbo da saúde da lingua galega adoita ir envolta nun dramatismo moitas veces excesivo, que se volve contra a lingua mesma e que, en calquera caso, non se pode tomar como base de partida dunha correcta planificación lingüística. O galego é unha lingua que sobreviviu durante séculos no eido familiar e coloquial, que chegou sendo maioritaria ao novo milenio e que neste momento, como un David fronte a Goliat, debe superar as dificultades e ser, para todos os efectos, unha lingua máis na sociedade da información e do coñecemento. Obviamente, tamaña pretensión produce derrotas parciais que temos que converter en provisionais. Así, por exemplo, é certo que hai en xogo forzas novas e poderosas contra o galego, e que, de feito, estanlle a disputar o mundo infantil e xuvenil (pola moi preocupante ruptura da transmisión familiar e a imparable irrupción dos medios de comunicación) ou o cambio demográfico (pola baixa natalidade e a chegada de inmigrantes), que ameazan o carácter de lingua maioritaria nun par de xeracións, pero tamén é certo que se produciron vitorias inesperadas pola facilidade con que se viñeron abaixo muros multiseculares, que parecían inexpugnables.

Eses perigos fan que algunhas persoas queiran aplicar ao caso galego previsións de morte da lingua, feitas dende organismos internacionais para numerosas linguas do planeta. Cómpre dicir que esas previsións se refiren a linguas en situación moi diferente da que vive a lingua galega. Se tomamos como referencia os datos de www.ethnologue.com, podemos dicir que, das moitas linguas que se falan en Filipinas, aínda hai 48 que teñen menos de 10.000 falantes e algunhas coma o arta contan unicamente con 17 falantes; que no Nepal hai, polo menos, 53 linguas con menos de 10.000 falantes e o lingkhim tiña en 1991 un único falante; que no Brasil, despois da desaparición dunhas 40 linguas, perviven 190 e, entre elas, aínda resisten o anambé con 7 falantes, o arikapú con 6, o oro win con 5, o júma con 4, o mandahuaca e mais o xetá con 3 cada un, e o katukina con 1; que en Rusia quedan 15 falantes de aleut, 10 de mednyj aleut e 10 de yukaghir, 3 de yugh, 2 de kerek e 1 de yupik; que no Xapón quedan 15 falantes de ainu e en Tailandia 5 de mang. Lamentablemente, esta situación leva a situar no horizonte a probable desaparición da marioría desas linguas.

Pero calquera entende que esa non é a situación do galego, unha lingua viva no uso diario duns dous millóns de persoas, oficializada e, polo tanto, circulante na escola e na universidade, nos medios de comunicación, na Rede, na actividade parlamentaria e de goberno, nunha parte da actividade comercial, investigadora e editorial. A do galego, aínda na visión máis pesimista, é unha situación radicalmente diferente e non sen hipérbole pode falarse aquí de inminente perigo de morte. No peor dos horizontes imaxinables o galego poderá, en varias xeracións, perder a súa condición de lingua maioritaria, pero non a vida.

O discurso da morte da lingua pódese xustificar como válido para a alerta social, pero é unha terapia moi perigosa. Chega, como exemplo, con imaxinar o efecto no mundo empresarial: unicamente as empresas editoriais poderían ser sensibles ao discurso de que o galego é lingua en perigo e que con ela perderiamos unha parte da nosa identidade. O feito é que para o resto do mundo empresarial este discurso sería disuasorio. ¿Por que habería de deixar unha empresa importante unha lingua internacional como o castelán, para poñer a carón dela ou no lugar dela unha lingua que os seus propios defensores agoiran que vai morrer? ¿Como se podería negociar en Europa a conversión do galego en lingua oficial sobre a base –por demais falsa– de que é unha lingua moribunda? Por iso, vólvese a tese da morte da lingua contra a lingua mesma.

É moito máis eficaz, e máis axeitado á realidade, poñer sobre a mesa o feito de que o galego é a lingua propia, maioritaria e emerxente, e que cun novo impulso social pode representar un factor positivo de mercado.

Non parece que os problemas do galego sexan realmente problemas de supervivencia, senón de reaxuste na súa pretensión de ser unha lingua operativa para todos os efectos nunha sociedade moderna, urbana e globalizada. Non se trata de negar a existencia de problemas, senón de non confundir o debate entre especialistas e planificadores coa necesaria proxección de imaxe positiva, para que a sociedade manteña a súa identificación coa lingua emerxente.

O futuro do galego tamén depende da imaxe da lingua que proxectemos á sociedade. Se a cotío predicamos a debilidade da lingua, o que o cidadán medio percibiría é que el debe apostar por outra lingua de máis claro futuro. Polo tanto, non debemos practicar nin o vitimismo nin o propagandismo esaxerado. Este plan de normalización debe servir para que

recoñezamos os problemas e as necesidades do galego na actualidade e tomemos as medidas para potenciar e mellorar a súa situación.

Futuro da lingua propia de Galicia

Na segunda metade do século XX produciuse unha migración interior, co abandono do campo. Simultaneamente, chegaban a radio e a TV á intimidade familiar. Nos últimos vinte anos, dende que existe a autonomía política, Galicia só aumenta poboación por medio da inmigración (83 etnias están xa representadas na sociedade galega), Galicia entra na UE, desaparecen as fronteiras, e as novas tecnoloxías aceleran a súa penetración no feudo tradicional do galego (o rural e a familia).

¿Queda espazo para unha lingua que sobreviviu amparada no illamento da vida rural e da vida familiar? A situación é incerta, pero, para sermos exactos, cómpre recoñecer que Galicia reaccionou e reactivou un novo sentimento de orgullo, superando vellos complexos. O galego hoxe xa non é unha lingua exclusivamente rural, doméstica e informal: a sociedade galega do 2004, maioritariamente urbana, non só segue a falar o galego, senón que o introduciu nas aulas, na Administración, na vida comercial urbana, no Parlamento, nunha radio e nunha cadea de TV propias, deulle unha produción poética, novelística e teatral de moita importancia, fíxoo instrumento e mesmo obxecto de investigación metalingüística incorporando os máis avanzados procesos, deulle presenza en corenta universidades de fóra de Galicia espalladas por tres continentes; o galego é unha lingua, en fin, que conta con presenza na Rede, na vida litúrxica, xudicial, notarial...

Cómpre aumentar esta presenza, facela normal e útil, ou o que é o mesmo, estender o uso da lingua propia de Galicia a todos os niveis da sociedade. Para este labor, a mellor ferramenta é, sen dúbida, a aplilcación deste PNL.

Pero son, sobre todo, os datos de uso os que impiden darlle consideración de lingua minoritaria e poida que ese fose ata agora un dos maiores erros cometidos. Vexamos, en síntese, os datos máis recentes.

Fortaleza do Galego

Uso real da lingua galega

	Total	Sempre		Ás veces		Nunca	
Total	**2.587.407**	**1.470.836**	**56'84%**	**783.780**	**30'29%**	**332.791**	**12'86%**
De 5 a 9 anos	101.840	38.329	37'63%	48.651	47'77%	14.860	14'50%
De 10 a 14 anos	122.747	50.891	41'46%	60.430	49'23%	11.426	9'30%
De 15 a 19 anos	156.950	69.760	44'44%	66.343	42'27%	20.847	13'28%
De 20 a 24 anos	207.341	95.008	45'82%	77.044	37'15%	35.289	17'01%
De 25 a 29 anos	213.402	96.059	45'01%	79.586	37'29%	37.757	17'69%
De 30 a 34 anos	201.392	94.785	47'06%	72.506	36'00%	34.101	16'93%
De 35 a 39 anos	193.342	96.992	50'16%	65.641	33'95%	30.709	15'88%
De 40 a 44 anos	191.180	104.074	54'43%	60.615	31'70%	26.491	13'85%
De 45 a 49 anos	174.056	100.166	57'54%	51.965	29'85%	21.925	12'59%
De 50 a 54 anos	168.473	102.227	60'67%	46.607	27'66%	19.639	11'65%
De 55 a 59 anos	163.029	106.103	65'08%	39.920	24'48%	17.006	10'43%
De 60 a 64 anos	135.040	94.459	69'94%	27.844	20'61%	12.737	9'43%
De 65 e máis anos	558.615	421.983	75'54%	86.628	15'50%	50.004	8'95%

Datos provisionais do Censo do 2001. Fonte: Instituto Galego de Estatística.
Censos de poboación e vivendas 2001. Datos provisionais (marzo 2004) elaborados a partir dos ficheiros provisionais do INE, sometidos a tratamentos de depuración e imputación propios.

Aínda que se volverá, máis en diante, sobre estes datos para debullalos, a conclusión máis sólida e menos discutible que se pode tirar deles é que **o galego é en Galicia unha lingua viva** e aínda maioritaria. Non parece que se poida falar en serio da posibilidade de morte da lingua galega nunha sociedade coma a galega de hoxe, que non só a fala maioritariamente, senón que ademais está aberta a un mundo globalizado e integrada na sociedade da comunicación e da información.

A fortaleza da lingua galega é sorprendente. Máis alá dos fríos datos estatísticos, pódense poñer dous exemplos ben significativos. Boa parte dos emigrantes galegos seguen conservando toda a súa vida o galego no ámbito familiar, estean no país ou continente que estean; coñécense, ademais, numerosos casos de rapaces que chegaron con cinco anos a Galicia, dende Suíza ou Venezuela e que xa eran galegofalantes. O segundo exemplo é que, chegada a Constitución e a Autonomía, todos os cargos públicos, sen diferenzas de partido e só con contadas excepcións individuais, asumiron o uso oral da lingua galega no exercicio do seu cargo, un terreo infranqueable antes para a lingua galega. Cambio tan grande e tan repentino só pode explicarse porque a lingua, polo menos nun nivel espontáneo ou, se se quere, ventureiro, estaba latente, omnipresente. Este dato é fundamental: **o galego está aínda presente ou latente en toda a nosa sociedade.**

Análise dalgúns problemas reais. Desvelamento e rexurdir da lingua galega

¿Como é posible que toda a sociedade teña a sensación contraditoria de que se fala máis galego ca antes pero, simultaneamente, que a nosa lingua vai perdendo posicións? Un dos datos máis peculiares da situación lingüística de Galicia, ao que non se lle leva prestada suficiente atención, é o feito da ocultación da lingua galega. A imposibilidade xurídica de utilizar o galego durante catro séculos en actividades formalizadas, a proximidade estrutural do galego e do castelán e a plena extensión do coñecemento das dúas linguas crearon en Galicia o hábito das conversas bilingües, ata o punto de que, nalgúns casos, os interlocutores nin se decatan de que un está a falar nunha lingua e o outro noutra. Isto non acontece en sociedades con dúas linguas máis distantes, como é o caso da vasca, bretona ou irlandesa, porque quen non fala a lingua autóctona descoñécea absolutamente. No caso de Galicia, as persoas que utilizan sempre o castelán coñecen perfectamente o galego. Quen en Galicia decida falar sempre o galego sabe que ese mesmo día pode poñer en práctica a súa decisión, mentres que naqueloutras sociedades, quen queira falar castelán, éuscaro ou gaélico deberá encontrar outra persoa que entenda esas linguas, ende non, terá que cambiar de lingua, porque só el é bilingüe. Esta competencia pasiva, que moitas veces non se converte en uso activo por motivos psicolingüísticos, sociais ou políticos, amplía subterraneamente a exten-

sión da lingua. Hai persoas en Galicia que non falan nunca galego, pero que poderían falalo se quixesen. Esta é unha realidade moi peculiar do caso galego e pode ser a cuncha na que xogue o rodicio da nova planificación lingüística.

Competencia lingüística en galego

TOTAL	Entenden	Falan	Len	Escriben
Censo 1991	96'96%	91'39%	49'30%	34'85%
Censo 2001	99'16%	91'04%	68'65%	57'64%

Datos comparativos do Censo do 1991 e dos provisionais do Censo do 2001 (Instituto Galego de Estatística).

Como se ve, esta ausencia de uso non ten que ver co descoñecemento e nin sequera coa capacidade de falar en galego, o que afecta unicamente a unha minoría do nove por cento. Estes datos melloran os do Mapa Sociolingüístico de Galicia, o que pon en evidencia un progreso evidente da competencia lingüística.

Neste noso país, habitualmente moitos testamentos dítanse en galego e escríbense en castelán; moitas declaracións xudiciais fanse en galego e aséntanse en castelán; moitas declaracións aos medios de comunicación fanse en galego e publícanse en castelán; moitas compras e vendas negócianse e realízanse en galego, pero factúranse en castelán; moitas persoas monolingües galegas reciben funeral e enterro en castelán; moitos mozos empezan a súa relación en castelán e posteriormente desvelan que, polo menos, eran bilingües.

A ocultación da lingua é tan intensa e tan rutineira que lle pode pasar desapercibida a quen observe a realidade sen suficiente atención aos detalles. No sector económico, esta invisibilidade vólvese aínda máis intensa, a tendencia a mirar para as grandes empresas e as grandes operacións escurece a presenza do galego nunha parte importante do proceso económico de produción e venda. A lingua propia parece estar ausente da economía do país e, a pesar de todo, está aí: existe pero dificilmente se percibe. Dicía recentemente un informe da Real Academia Galega (2002):

> Con moita frecuencia publicítase, véndese e factúrase en castelán o que se produciu ou elaborou en galego. Con moita frecuencia, no mundo da empresa a lingua marca as diferenzas de categoría e nómina con máis nitidez cós uniformes de traballo.

Non é seguro que esta ocultación responda sempre e necesariamente ao clásico esquema de lingua A/lingua B, porque moitas veces o castelán xoga o papel de lingua ponte entre galegofalantes descoñecidos. Tampouco están abondo estudados os mecanismos psicolingüísticos que sosteñen esta ocultación, que en Galicia ten moito de teatral: calquera sabe que, de entrada, nuns grandes almacéns os empregados vano recibir en castelán pero que, en canto fale en galego, vano atender nesa lingua. O feito é que esta ocultación adoita desaparecer cando neste asunto o galego é vehículo da cordialidade e do afecto. E isto pode explicar que nos últimos anos a presenza do galego dese algúns pasos espectaculares na xudicatura ou na vida comercial, porque se deu chegado a persoas concretas e decisivas cunha mensaxe de cordialidade e modernidade que fixo caer a máscara. Ramón Piñeiro confesaba que os da súa xeración nin sequera ousaran imaxinar que algúns destes avances eran unha posibilidade a medio prazo. Velaí a fortaleza da lingua.

Este matiz da invisibilidade da lingua é tan importante na nosa realidade sociolingüística que fai que o caso galego sexa radicalmente distinto ao doutras linguas en proceso de normalización. Non se trata de facer nacer unha lingua onde non existe, senón de facer emerxer e xurdir a lingua que está oculta.

O PNL de Galicia non debe pretender, en consecuencia –e é ben reiteralo expresamente–, tirarlle a súa lingua castelá a ningún cidadán, xa que o castelán, ademais de ser lingua oficial, resulta un factor de comunicación imprescindible. O PNL debe aspirar a que a lingua galega saia da súa ocultación, emerxa, xurda plena e ben visible. Só con que se faga visible alí onde hoxe está agochada, a súa presenza social vaise multiplicar tanto, que o propio proceso envolverá sectores hoxe reacios, como a mocidade urbana. Non se busca que o castelán deixe de estar presente, senón que o galego deixe de estar ausente; ninguén pretende dificultar a vida de quen en Galicia fale castelán, senón só protexer a quen fala galego, estimular a que o falen cantos o saben falar e cantos outros queiran aprendelo. O PNL pretende que en cada momento todo cidadán galegofalante poida exercer o seu dereito constitucional ao uso

pleno da súa lingua. O galego debe facerse visible alí onde diversos mecanismos e rutinas forzan a ocultalo. Lonxe de toda tentación de egocentrismo ou xenofobia, un plan de normalización lingüística ten que ser realista, democrático e integrador.

Actualidade sociolingüística: Outras posibilidades

O segundo gran problema é a perda de galegofalantes. A obxectividade obriga a situar esta perda na súa xusta proporción. Se comparamos os datos do Censo de 1991 cos do 2001, vemos que a nosa lingua, con pequenas oscilacións, mantén a súa solidez.

		Censo de 1991		Censo do 2001	
Fálano	sempre	1.459.028	55,07%	1.470.836	56,84%
	ás veces	885.497	33,42%	783.780	30,29%
	nunca	162.422	6,13%	332.791	12,86%
	non consta	142.166	5,36%		
		2.649.113	99,99%	2.587.407	99,99%

Segundo estes datos provisionais que en marzo do 2004 facilita o Instituto Galego de Estatística, o uso constante do galego subiu en dez anos un 1'77%. Esta é unha nova que cadra coa percepción común dos cidadáns: fálase máis galego ca antes. ¿De onde procede ese aumento? Os que falan *ás veces* pasaron do 33'42% ao 30'29, é dicir, hai aí unha perda de 3'13 puntos. ¿A onde foron? Previsiblemente, unha parte dos que o falaban ocasionalmente decidíronse a falalo sempre, teñen que ser, por forza, ese 1'77% que hai a máis na casiña dos que o falan sempre e isto tamén cadra coa percepción común de que cada vez máis xente ten un compromiso máis activo coa lingua galega e que o sente máis útil.

Pero queda aínda outro 1'36% que deixou de falalo *ás veces.* Previsiblemente, este 1'36% pasou a engrosar o grupo dos que non o falan nunca. Parece verosímil que o aumento dos que non o falan nunca (do 6'13% ao 12'86%) teña que ver coa morte de vellos monolingües, co inicio da inmigración e con que algúns que ocultaran o seu comportamento lingüístico no Censo de 1991 perderon o medo a declaralo no ano 2001: a suma dos *nunca*

e *non consta* de 1991 era de 11'51, de aí ao 12'86 dos que non o falan nunca no 2001 hai un 1'35.

En calquera caso, en dez anos aumentou un 1'77% o número de persoas que falan o galego sempre, situando esa opción no 56'84% e, na hipótese anterior, aínda aumentaría tamén un 1'37% a porcentaxe dos que non o falan nunca, no que verosimilmente ten algo que ver a chegada de inmigrantes.

Se non se perde o sentido da proporción, hai que afirmar que o galego, con todos os seus problemas, en termos globais, é nestes momentos unha lingua solidamente asentada nunha sociedade que hai cincuenta anos aínda era maioritariamente rural, pero que xa vive na urbanidade e na globalización.

O cambio xeracional: Incremento do uso ocasional

Afondando máis na análise, pode localizarse con máis claridade a ferida. Volvendo ao primeiro cadro, resultan evidentes as diferenzas xeracionais. A lingua dos netos é moi distinta da lingua dos avós. Comparemos os menores de 35 anos cos maiores de 65.

Uso real da lingua galega

	Total	Sempre		Ás veces		Nunca	
De 5 a 9 anos	101.840	38.329	37'63%	48.651	47'77%	14.860	14'50%
De 10 a 14 anos	122.747	50.891	41'46%	60.430	49'23%	11.426	9'30%
De 15 a 19 anos	156.950	69.760	44'44%	66.343	42'27%	20.847	13'28%
De 20 a 24 anos	207.341	95.008	45'82%	77.044	37'15%	35.289	17'01%
De 25 a 29 anos	213.402	96.059	45'01%	79.586	37'29%	37.757	17'69%
De 30 a 34 anos	201.392	94.785	47'06%	72.506	36'00%	34.101	16'93%
De 65 e máis anos	558.615	421.983	75'54%	86.628	15'50%	50.004	8'95%

Datos provisionais do Censo do 2001. Fonte: Instituto Galego de Estatística.
Censos de poboación e vivendas 2001. Datos provisionais (marzo 2004) elaborados a partir dos ficheiros provisionais do INE, sometidos a tratamentos de depuración e imputación propios.

Poñámonos nos dous casos extremos: os máis vellos e os máis novos. Deste cadro dedúcense dúas cousas. Unha, que os máis vellos falan máis galego cós máis novos e, se o uso se restrinxe a *sempre,* a baixa é enorme (do 75'54% ao 37'63%). Dúas, os rapaces son máis bilingües cós avós. Non pode ser doutro xeito, porque os rapaces de menos de dez anos viven nun mundo moi distinto ao dos seus avós, as xeracións máis novas botan boa parte do seu día dentro dun sistema escolar e comunicacional que se expresa maioritariamente en castelán ou dan os primeiros pasos nun mundo laboral que, en boa parte, prima o uso do castelán.

¿Cal é o sentido deste cambio? ¿Cal é a perda real de lingua? Se se computa o uso continuo e mais o ocasional (*sempre + ás veces*), o descenso é do 91'04% ao 85'40%; é dicir, un descenso de 6'36%. Correlativamente, o número dos que *nunca* falan galego aumentou do 8'95% ao 14'50%. Polo tanto, o cambio xeracional está marcando un progreso do bilingüismo que pasou do 15'50% ao 47'77%.

É importante obxectivar ben o problema. O contraste maior non está entre falar o galego *sempre* ou non falalo *nunca,* porque a peculiaridade do caso galego hoxe é que, de falar o galego *sempre,* non se pasa a falalo *nunca.* Obsérvese que o 37'91% de diferenza de uso *sempre* entre os máis vellos e os máis novos non vai á columna do *nunca* (que só aumenta un 5'6%), senón á columna de *ás veces,* que aumenta nun 32'27%. Ese é o sentido do cambio. Adóitase dicir que o uso bilingüe ou ocasional (*ás veces*) é o prólogo do *nunca,* pero esa afirmación require importantes matices. Verase máis en diante que o comportamento dos que en 1991 o falaban *ás veces* pasou, dez anos despois (2001), en parte a *nunca*, en parte a *sempre.*

O problema do uso do galego na idade infantil

Unha das raíces do problema está nas novas xeracións. Isto pódese analizar aínda con máis luz, se a mirada filtra a procedencia xeográfica dos datos (rural, vilega e urbana). Aí aparecen os datos máis preocupantes. Collamos do Censo do 2001 os datos dos rapaces de cinco a nove anos dos núcleos máis claramente urbanos en cada provincia (A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo) e comparémolos cos de rapaces de vilas semiurbanas (Noia, Monforte, Celanova e Sanxenxo) e tamén cos de rapaces de concellos claramente rurais collidos ao chou (Dumbría, Meira, Cortegada e Vila de Cruces).

Uso do galego en rapaces de 5-9 anos de núcleos urbanos, vilegos e rurais

A Coruña	Falan galego	A Coruña	Noia	Dumbría
	Sempre	5'14%	55'25%	96'04%
	Ás veces	67'56%	38'76%	3'96%
	Nunca	27'28%	5'97%	
Lugo	Falan galego	Lugo	Monforte	Meira
	Sempre	22'60%	29'80%	100%
	Ás veces	61'45%	53'91%	
	Nunca	15'94%	16'28%	
Ourense	Falan galego	Ourense	O Carballiño	Cortegada
	Sempre	17'39%	40'74%	94'00%
	Ás veces	64'50%	50'61%	6'00%
	Nunca	18'09%	8'64%	
Pontevedra	Falan galego	Vigo	Sanxenxo	Vila de Cruces
	Sempre	6'29%	45'72%	91'32%
	Ás veces	70'31%	37'84%	6'39%
	Nunca	23'38%	16'42%	2'28%

Elaboración propia con datos dos respectivos censos do Instituto Galego de Estatística.

Parece claro que, nestas primeiras idades, o galego mantense moi ben nos núcleos rurais, nos que incluso pode ser descoñecido o rapaz que nunca fale o galego; nos vilegos, é frecuente que os que o falan sempre sexan maioría; pero nas grandes cidades os que o falan sempre son minoría e nas grandes cidades da Coruña e Vigo son xa unha minoría residual. O rapaz medio de Dumbría, Meira ou Cortegada é un rapaz culturalmente moi distinto dun rapaz nacido e criado na Coruña ou en Vigo.

Aínda que é obvio, non sobra dicir que o feito de que un rapaz fale sempre o galego, non quere dicir que descoñeza o castelán, xa que esa é unha das peculiaridades do caso galego e, sen telas todas en conta, non sería posible deseñar nada fiable e viable.

A competencia infantil

Competencia lingüística dos rapaces de entre 4 e 9 anos

	Total	Entende	Fala	Le	Escribe
De 5 a 9 anos	101.840	97'44%	86'13%	52'13%	46'16%

Elaboración propia con datos dos respectivos censos do Instituto Galego de Estatística.

Globalmente, para o galego son aínda moi boas as cifras: un 97% dos menores de dez anos entende o galego e un 86% sabe falalo. Pero aínda se pode aguzar o enfoque para individualizalo máis. Analizando a competencia lingüística dos menores de dez anos por lugar de residencia (urbano, vilego ou rural), detéctase o seguinte:

Competencia lingüística dos rapaces de entre 4 e 9 anos de zona urbana, vilega ou rural

	Entenden	Falan	Len	Escriben
Coruña (A)	97'94%	79'97%	63'44%	46'61%
Lugo	98'96%	90'01%	72'62%	58'81%
Ourense	99'02%	89'92%	69'34%	56'64%
Vigo	98'27%	82'48%	63'41%	49'87%
	Entenden	**Falan**	**Len**	**Escriben**
Noia	99'83%	97'92%	78'89%	68'29%
Monforte de Lemos	99'49%	93'78%	71'82%	55'13%
Carballiño (O)	99'65%	95'10%	76'29%	67'63%
Sanxenxo	99'46%	91'14%	72'73%	64'75%
	Entenden	**Falan**	**Len**	**Escriben**
Dumbría	99'97%	99'80	86'62%	77'74%
Meira	99'77%	98'91%	77'36%	59'97%
Cortegada	99'92%	98'40%	81'79%	71'64%
Vila de Cruces	99'97%	98'92%	88'72%	79'11%

Elaboración propia con datos dos respectivos censos do Instituto Galego de Estatística.

Estamos xa ante o caso extremo ou, se se quere usar un símil médico, está detectada a máis grave ferida da lingua galega: as novas xeracións urbanas. A súa formulación máis crúa é: **entre un 15 e un 27% dos rapaces menores de dez anos que viven en núcleos estritamente urbanos nunca falan o galego e entre un 10 e un 20% chegan mesmo a non sabelo falar. A comprensión, en cambio, nunca baixa do 97%.**

¡Quen lles dera a outras linguas non oficiais nos seus respectivos estados que estes fosen os seus peores datos! É aquí onde está un dos nosos maiores problemas. O futuro parece decidirse nas cidades, porque son neste momento as que teñen maior iniciativa social e económica.

¿É posible recuperar para o galego esas minorías de entre as novas xeracións?

Cambio de lingua co aumento da idade

Existen tres posibilidades. A primeira, nas propias aulas, cunha renovación dos obxectivos, dos métodos e das materias, que debe ampliar a competencia lingüística e tamén as actitudes. A segunda, unha renovación da oferta dos medios de comunicación, industrias culturais e novas tecnoloxías en galego. Pero hai unha terceira, porque unha das peculiaridades do caso galego, que xa detectou o *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, é que o uso da lingua inicial non se mantén estable da infancia á vellez, senón que cambia e que ordinariamente se estabiliza cando o individuo entra a formar unha parella estable. Veremos isto con algún detalle.

Os rapaces da Galicia autonómica e o idioma

Non sabemos cal era o comportamento dos rapaces urbanos nos anos sesenta e setenta, pero si sabemos cal é o comportamento dende o principio da autonomía. Así que podemos comparar o comportamento aproximado de tres xeracións distintas nun período de dez anos: 1991-2001. Advírtese que a comparanza non é exacta, porque os tramos de idade non cadran exactamente nos dous censos, pero como se collen tramos moi próximos e se buscan porcentaxes, parece indicativo. Vexámolo.

Evolución do uso do galego segundo a idade entre 1991 e 2001

Uso do galego	Sempre	Ás veces	Nunca	Non consta	Nados en
Censo 1991 (6-10 anos)	36'98%	45'84	6'55%	10'61%	1981-1985
Censo 2001 (15-19 anos)	44'44%	42'27%	13'28%		1982-1986

Uso do galego	Sempre	Ás veces	Nunca	Non consta	Nados en
Censo 1991 (15-18 anos)	39'39%	48'37%	6'34%	5'09%	1973-1976
Censo 2001 (25-29 anos)	45'01%	37'29%	17'69%		1972-1976

Uso do galego	Sempre	Ás veces	Nunca	Non consta	Nados en
Censo 1991 (23-30 anos)	48'28%	38'93%	8'36%	4'40%	1961-1968
Censo 2001 (35-39 anos)	50'16%	33'95%	15'88%		1962-1966

Elaboración propia con datos dos respectivos censos do Instituto Galego de Estatística.

Evolución do uso do galego segundo a idade entre 1991 e 2001

Nados en	Falan o galego 1991	Sempre + ás veces 2001	Evolución
1961-1968 / 1962-1966	87'21%	84'11%	-3'10%
1973-1976 / 1972–1976	87'76%	82'30%	-5'46%
1981-1985 / 1982-1986	82'82%	86'71%	+611%

Elaboración propia con datos dos respectivos censos do Instituto Galego de Estatística.

Do resumo deste segundo cadro dedúcese, con claridade, que a xeración anterior á implantación da autonomía, aínda conservando o uso da lingua en niveis altos, perde de tres a cinco puntos en dez anos. E esa perda prodúcese entre os que falan o galego *ás veces*. Pola contra, os que naceron coa autonomía (1981-1982) e que xa tiveron ensino do galego

manteñen unha progresión constante a medida que gañan anos. Aínda que é innegable que é nas idades máis baixas onde encontramos unha situación de lingua minoritaria, este comportamento parece indicar unha recuperación, e quizais haxa que ver aí o froito da presenza do galego no sistema escolar e na TVG.

Isto, unido á categoría legal de "lingua cooficial e propia de Galicia", dálle unha enorme solidez ao galego nunha sociedade que hai cincuenta anos aínda era maioritariamente rural e que, hoxe, non o é.

Con todo isto, o dato fundamental indica que o galego é aínda a lingua maioritaria de Galicia. Tanto os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* coma os do Censo do 2001 confirman, sen lugar a dúbidas, esta afirmación. Situación maioritaria da que se deduce que **os que nunca falan galego en Galicia non chegan ao 13% da poboación** (Censo 2001) e que, sumando os que o falan sempre cos que o falan ás veces, a cifra chega ao 87% de uso constante ou ocasional.

Outros problemas

Certamente, non son os problemas das primeiras xeracións os únicos. Aínda que aparezan como os máis preocupantes sobre o papel, o futuro xógase tamén e, se cadra con máis decisión, nos medios de comunicación e industrias culturais e de ocio, que son os que están hoxe exercendo o papel que antes exercían as familias e mais o ensino. Xogámonos moito nas novas tecnoloxías da fala, estas determinarán que, de aquí a poucos anos, teñamos o mundo enteiro en galego en tempo real e que, polo tanto, a nosa lingua estea entre as linguas modernas, áxiles e funcionais ou entre as condenadas a unha existencia apagada e case puramente doméstica. Xogámonos moito na revisión dos dereitos lingüísticos. Xogámonos moito na economía, que é hoxe, coma sempre, motor de cambio e distribuidor de imaxe e poder social. Xogámonos tamén, por sorprendente que pareza, na proxección exterior da lingua.

Cinco séculos de lingua galega grazas ao pobo galego

Se cinco séculos de ausencia do mundo oficial, sen práctica escolar, nin litúrxica, nin documental, sen o apoio a unha lingua que acadou un esplendoroso medievo, non impediron que o noso idioma siga vivo, comprendido case pola totalidade da poboación e falado por unha clara maioría, ¿cabe esperar que todo siga igual no futuro?

A resposta é que rotundamente non, porque neste tempo pasado a lingua galega tiña zonas de protección que hoxe non ten e a sociedade galega cambiou máis desde o último terzo do século pasado ca en períodos anteriores, moitos máis longos. En contra do que moitas veces se pensa, unha lingua pode sobrevivir moitos séculos como lingua B, se ten o espazo da vida informal como territorio exclusivo. Ben, pois no ámbito informal e na intimidade das casas da maior parte de Galicia, non houbo outra lingua que o galego. Pódese afirmar que en moitos fogares de Galicia, ata tempos recentes, a única palabra en castelán que se oía podía ser a do escribán ou do notario que viña redactar o testamento. Esa exclusividade funcional actuou como unha coiraza que protexeu a lingua galega.

Paralelamente ao anterior, algúns dos máis brillantes galegos puxeron en marcha un esforzo interxeracional para lle devolver á lingua propia a dignidade espoliada, actividade que de maneira exemplar empezou Sarmiento no século XVIII (cos antecedentes do Conde de Gondomar), que impulsaron Pintos, Rosalía, Curros, Lamas, Pondal e Murguía no XIX, que aceleraron no XX as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos, a Xeración Nós, os homes de Galaxia e o compromiso doutras moitas forzas culturais, sociais e políticas. Un compromiso compartido e sostido nunca é inútil, os esforzos anteriores, sumados aos que viñeron despois e mais aos que paralelamente se producían noutros lugares de España, fixeron posible a actual Constitución española e mais o Estatuto de Autonomía de Galicia. Este novo marco legal permitiu que, despois de cinco séculos, a lingua galega recuperase parte do terreo e que hoxe, no cambio de milenio, presente importantes índices de presenza na vida oficial e académica, nos medios de comunicación, na edición de libros, no número de persoas escolarizadas en galego e mesmo unha proxección internacional que nunca tivo. A lingua galega está viva e recupera espazos perdidos. Isto é o esencial e constitúe un dos capítulos máis honrosos da historia de Galicia.

Pero, ¿conta hoxe o galego con esa coiraza da exclusividade no eido informal e doméstico, agora que precisamente sae á luz do día ao abeiro da democracia e da autonomía política?

A resposta é negativa.

En primeiro lugar, a entrada dos modernos medios de comunicación no ámbito informal e cotián alterou a estrutura familiar, reducindo as horas de diálogo entre persoas (ese ámbito no que se produce e transmite unha lingua), en beneficio da contemplación ou escoita, pasiva e silenciosa, do televisor, o vídeo, o DVD que, en certos casos, incluso os membros da familia xa contemplan separadamente en cadanseu cuarto. O primeiro efecto lingüístico desta alteración da relación familiar, común a outras sociedades, é que en poucos decenios interrompeu a transmisión da tradición oral. O segundo efecto é que, sendo o castelán a lingua de case todos eses novos medios, esta lingua entra masivamente e, na maior parte dos casos, por primeira vez) no ámbito da vida familiar e informal. O terceiro efecto é que a nosa lingua perde insensiblemente a exclusividade dese terreo lingüisticamente tan importante, aínda que ata agora non suficientemente valorado, e con ela perde a coiraza funcional que a blindaba. Hai un cuarto efecto, por certo moi negativo, os medios de comunicación son o espello no que unha sociedade se mira cada día, pero ese espello devolve en castelán o que, en moitos casos, a sociedade sabe que aconteceu en galego e, cando isto se repite días, meses e anos, no inconsciente colectivo grávase que ou aconteceu en castelán ou debeu acontecer ou debe acontecer. Esta constante falsificación da realidade afecta a conciencia lingüística que un pobo elabora cada día.

En segundo lugar, debemos ter en conta a aparición, nos últimos vinte e cinco anos, das garderías ou escolas infantís. Ata a incorporación recente da muller ao mundo laboral, un meniño galego non entraba na escola ata os cinco ou seis anos. Nese medio tempo, pasaba a maior parte das horas coa súa nai e dela recibía o léxico e a gramática *entre bicos, leite e pan*. Aos cinco ou seis anos, o rapaz xa falaba como oía falar na súa casa, era dono dunha lingua materna e estaba armado cun corpus lingüístico proporcional á súa idade e suficiente. Dende que apareceron as garderías, os nenos entran no sistema preescolar, en moitos casos, xa aos

seis meses. Nas garderías botan boa parte das horas nas que están espertos, nelas empezan a relacionarse con outros, apréndenlles os nomes das cousas, comezan a falar na lingua na que sempre se sentirán seguros. Ora ben, en Galicia a presenza do galego nas garderías (hoxe escolas infantís) non chega ao 1% e son poucas as que respectan a lingua materna dos meniños, cando é a galega. Así que, para estes nenos, a lingua inicial non cadra necesariamente coa lingua materna. Mesmo podemos afirmar que estas novas xeracións non teñen lingua materna, que entran na vida *sen lingua materna e con lingua de gardería* ou, se se quere, *con lingua inicial moitas veces distinta da lingua materna ou familiar*. Se a isto lle engadimos que, en moitos casos, cando ese meniño regresa á casa, cuns pais cansos de traballar, encontran un televisor disposto a ofrecerlles horas de lecer maioritariamente en castelán, descóbrese unha das raíces de que a introdución do galego no ensino cadre paradoxalmente cun descenso do número de rapaces galegofalantes, maiormente nas vilas e cidades, fenómeno que empeza a aparecer no mundo rural.

En terceiro lugar, cómpre recordar que os problemas da lingua galega veñen de lonxe, datan da fin do século XV e, nalgún sector, xa do século XIII. A partir daquel momento, os postos claves da sociedade galega foron ocupados por persoas vidas de fóra de Galicia ou por galegos que se asimilaron lingüisticamente, feito que foi creando a idea de que a lingua do poder e do progreso era unicamente o castelán. O problema aínda se agravou coa extensión da escola, a partir do XVIII, que en Galicia tivo como lingua única o castelán. Esta política, mantida durante tantos séculos, fixo que moitas xeracións de galegos medrasen, vivisen e morresen na convicción de que o mantemento da lingua propia era un problema e, aínda que hoxe nos pareza unha barbaridade, que renunciar a ela e substituíla por outra era irremediable e natural. A falta de demanda constitúe unha poderosa inercia social que esteriliza moitos talentos, xa que, no mellor dos casos, afixo os galegos a buscaren saída individual a un problema que é colectivo.

A mingua no eido familiar, a crise da lingua materna e a debilidade da demanda non son os tres únicos aspectos problemáticos da lingua galega hoxe.

Estratexias

As novas tecnoloxías xa lle permitiron ao galego dar os seus primeiros pasos no mundo global, pero debemos avanzar decididamente nun camiño que abre grandes esperanzas. Modernidade e cortesía son os elementos básicos do novo clima que o PNL propón para as relacións lingüísticas en Galicia. E estes dous elementos concrétanse nun xesto que debe empezar a marcar o estilo destas relacións: a Oferta positiva, a Oferta informativa e mais a Cortesía.

Oferta positiva. Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. Fronte ao hoxe habitual (co descoñecido en castelán), quen atende o cliente ou o cidadán inicia o contacto en lingua galega e mantense nela mentres o interlocutor non amose indicios de que prefire comunicarse noutra lingua. A Oferta positiva desinhibe o galego do interlocutor, permítelle saír da ocultación, facilita que a conversa poida continuar nesa lingua, se o cidadán ou o cliente o desexa, e elimina de raíz a barreira rutineira pola que un cliente ou un cidadán lle oculta o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder (administrativo ou comercial) ou autoridade. No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego.

Oferta informativa. Consiste en informar da validez, legalidade e mesmo conveniencia de redactar en galego un documento, no momento de iniciar calquera trámite oficial ou comercial. É a forma que adopta a Oferta positiva no caso dos notarios, avogados e procuradores e de calquera persoa representante dun poder público. É un dos obxectivos básicos deste PNL.

Cortesía. Tanto a Oferta positiva coma a Oferta informativa son fundamentais para quen actúe en nome da Administración e sería de desexar que se estendese no mundo comercial máis formalizado, como expresión de cortesía co cidadán ou co cliente e do respecto que este merece.

Nota aclaratoria

O Borrador de Plan xeral de normalización da lingua galega (PNL) que agora se presenta é o resultado dun proxecto iniciado e auspiciado polo Goberno galego que se desenvolveu, en tres fases, ao longo dos últimos dous anos. Na súa elaboración participaron, directa ou indirectamente, máis de setenta persoas representativas dos principais ámbitos sociais de Galicia, polo que ben se pode dicir que o proceso seguido foi aberto, participativo e meditado. A dirección técnica e redacción do proxecto, así como a supervisión e coordinación dos traballos das diferentes comisións sectoriais encomendóuselle a unha comisión técnica formada por catro especialistas. Así mesmo, creáronse *ad hoc* oito grupos de traballo (comisións e subcomisións sectoriais) que foron os responsables da selección, definición e proposta do inventario de obxectivos específicos e de medidas ponderadas que se recollen para cada un dos correspondentes sectores nos que se estruturou o PNL. Igualmente, hai outras contribucións que foron debidas a persoas ás que se lles pediron achegas a través de entrevistas persoais (26) ou por medio de carta-cuestionario (959).

O resultado é este documento de máis de duascentas páxinas sobre o que cómpre facer, para unha correcta abordaxe do mesmo, algúns comentarios aclaratorios. Primeiramente, debe partirse da consideración de que o PNL non é un estudo verbo da situación sociolingüística da lingua galega hoxe. Certamente, nel existen apartados dedicados a unha análise e diagnóstico do estado actual do galego (Presentación, cadros de puntos fortes e débiles, etc.), pero que teñen como única finalidade a de serviren metodoloxicamente de punto de partida para o deseño de **medidas de actuación**, que son, en definitiva, o elemento nuclear de calquera proxecto destas características.

En segundo lugar, é preciso adiantar que o modelo elixido para o PNL é o dun plan por obxectivos. Deste xeito, establecéronse cinco grandes obxectivos (Obxectivos xerais do Plan). Para a súa consecución, deseñáronse dous grandes bloques de actuación, os denominados Sectores transversais e Sectores verticais. Os primeiros (Dereitos lingüísticos, Novas tecnoloxías e Implementación do corpus), dada a súa grande importancia estratéxica, teñen a consideración de chave da bóveda que, por isto mesmo, estenden o seu ámbito de acción ao conxunto do PNL. Así, aínda que os Sectores transversais carecen de medidas de actuación propias, logran os seus obxectivos por medio da súa proxección cara ás medidas de actuación deseñadas para cada un dos Sectores horizontais.

Pola súa banda, os Sectores horizontais establecidos son sete, que se corresponden con outros tantos ámbitos sociais sobre os que se pretende actuar. Dado que a realidade que estes tentan traducir é moi complexa, os sectores subdividíronse, á súa vez, en áreas, resultando desta partición trinta áreas en total. Para cada un dos Sectores verticais e as súas respectivas áreas definíronse os preceptivos obxectivos.

Mención á parte merece o Sector 6 (Sociedade). Sendo este como é un sector moi heteroxéneo, foi abordado, a diferenza dos restantes, por dous grupos de traballo distintos (subcomisións), o que deu como resultado que se observe unha menor cohesión no tratamento das súas áreas.

Finalmente, é preciso engadir algunhas explicación acerca das chamadas medidas de actuación, que constitúen, como xa se dixo máis arriba, o elemento nuclear do PNL. Incialmente, fixose o diagnóstico da área e detectouse cada punto débil, para establecer seguidamente, como primeiro chanzo, un ou varios obxectivos específicos correctores, a partir dos cales, posteriormente, se deseñaron as respectivas medidas de actuación. Para unha máis doada identificación, ditas medidas aparecen individualizadas por medio de indicadores numéricos, nos que o primeiro e segundo díxitos indican, respectivamente, o sector e a área á que pertencen, e o terceiro, o número correlativo da medida dentro da correspondente área. Co obxecto de darlle unha maior cohesión ao conxunto, en cada área as medidas foron aglutinadas en grupos. O número total de medidas deseñadas son 445.

A metodoloxía seguida para a redacción de directrices estratéxicas foi a mesma que a adoptada para a redacción das medidas de actuación, só que neste caso derivan dos puntos fortes. As directrices estratéxicas poden ser definidas como aquelas realidades e prácticas positivas xa consolidadas ou experimentadas que poden axudar ao éxito do proceso de implementación das medidas de actuación.

Notas para un diagnóstico da saúde da lingua galega

Realidades constantes **31**
Actitudes constantes **33**
Innovacións consolidadas **33**
Efectos firmes **35**
Posibilidades iniciadas **36**

O seguinte cadro ofrece unha radiografía cualitativa e actualizada da lingua galega. Contrástanse, como é habitual nestes casos, os puntos fortes cos puntos débiles, que terán que ser os que marquen os obxectivos do plan e as medidas de intervención. Quedan incorporadas tamén as matizacións que contiñan as respostas ás 959 consultas efectuadas por carta ou por entrevista.

Realidades constantes

Puntos fortes	Puntos débiles
• Unha base social moi ampla de falantes de galego, dos que unha parte importante está instalada nesta lingua.	• A lingua non se percibe como factor radical de identidade e os seus problemas parece que non preocupan a maioría social. • Aumento da poboación urbana e aumento, polo tanto, do número de pais que crían os fillos en castelán. • Aumento da xente nova para a que o galego xa é lingua aprendida, segunda, non emocional e non necesaria, que xa non saben por que a deben falar.
• Presenza da lingua galega en todo o territorio de Galicia.	• Índices preocupantes de monolingües en castelán nas máis importantes cidades. • Aparición de casos illados de desgaleguización no mundo rural.
• Presenza da lingua galega en todas as capas sociais.	• Distribución desigual por clases (baixa/alta) e por grupos de idade (adultos/novos). • Persistencia de inercias non galeguizadoras nas clases altas da sociedade. • Persistencia nunha parte da sociedade da crenza de que o galego é pouco útil.

• Existencia dunha minoría fiel e comprometida co idioma propio, así como de forzas que reaccionan contra calquera marxinación (potencial/pasiva) do galego.	• Carencia dun argumentario acorde coa realidade actual. • Insuficiente interese suscitado pola normalización: – o galeguismo ofrece á sociedade propostas pouco definidas. – a xente concibe o galego como un terreo de conflito entre minorías politizadas (anarquía normativa). • Escasa sintonía dos sectores económico e empresarial, así como doutros segmentos relevantes como o do lecer, da xustiza, da relixión, do comercio...
• Conservación dos vínculos (familiares e afectivos) das persoas instaladas no castelán cos elementos e sectores galegófonos.	• Os transmisores afectivos da lingua son vellos e nunha sociedade na que só o xuvenil é valioso, os maiores pasan a ser un modelo social pouco válido.
• Proximidade lingüístico-estrutural do galego co castelán, que facilita: – numerosas conversas bilingües, – aprendizaxe pasiva do galego.	• Osmose máis ben unidireccional do corpus lingüístico. • Deturpación media polo peso dos neofalantes e por seren estes maioría nos medios de comunicación, no ensino e na administración.
• Facilidade de aprendizaxe da lingua galega.	• Falta de estudo serio da orixinalidade da lingua, ao menosprezaren a aldea os neofalantes, e tendencia a buscaren unha orixinalidade artificial nunha ortografía escurecedora. • Escaseza de persoas públicas que sexan modelo de galego natural e rico.

Actitudes constantes

Puntos fortes	Puntos débiles
• Posición favorable á promoción do galego en todas as organizacións políticas e cívicas e uso unánime no Parlamento de Galicia.	• Escasa iniciativa normalizadora na empresa, o comercio e o lecer (que son os referentes da sociedade actual) e concentración do esforzo no sector dos escritores e funcionarios. • Utilización ritual do galego por parte dalgúns cargos públicos. • Instrumentalización política, que dificulta un pacto social pola lingua e que identifica o galego como sociolecto de grupo, aínda que a opción ideolóxica non determina o uso da lingua. • Menor tensión normalizadora na actualidade que na transición.
• Inexistencia de oposición social ao uso oficial, educativo, relixioso ou comercial.	• Falta de percepción do galego como elemento identitario (antes é nacer e vivir en Galicia). • Falta de percepción do galego como elemento utilitario. • Indiferenza social ante a promoción do galego: a sociedade galega só se deixa levar.

Innovacións consolidadas

Puntos fortes	Puntos débiles
• Enraizamento do Día das Letras Galegas, que converte a lingua en centro de debate social e creatividade colectiva un mes cada ano.	• Incoherencia de certas entidades que celebran o Día das Letras Galegas, pero o resto do ano son indiferentes ou contrarias ao uso da lingua galega.
• Existencia dunha base legal para o uso do galego, así como de organismos dedicados á promoción.	• Necesidade de reforzo da base legal existente para un mellor desenvolvemento e aplicación da actual.

• Patrocinio institucional a numerosas iniciativas de promoción da lingua concibidas e realizadas espontaneamente polos cidadáns.	• Dispersión e falta de vertebración e de avaliación dos esforzos realizados na promoción da lingua (carencia dun plan de promoción da lingua galega).
• Presenza do galego no *Diario Oficial de Galicia* e na Administración autonómica e local.	
• Presenza do galego no ensino, que permitiu reintroducilo en áreas urbanas ou grupos de persoas que xa o perderan.	• Ausencia case total do galego nas garderías e escolas infantís, maiormente nas privadas, que están creando xeracións novas impermeables ao galego. • Aínda se perciben algunhas resistencias nalgúns centros ao cumprimento dunha parte do Decreto 247/1995. • Falta de conciencia no mundo educativo e universitario do seu efecto desgaleguizador. • Conflito normativo na escola.
• Existencia da Televisión de Galicia e da Radio Galega – que permitiron ver e oír a lingua en funcións novas e prestixiadas e desmontaron boa parte dos complexos diglósicos, grazas ao poder do medio e mais á súa continuidade durante anos día e noite, – que chega por satélite e pola Rede a todo o planeta, creando un novo vencello cos emigrantes, – que ten unha importante información de Galicia na Rede.	• A CRTVG non deu chegado aínda á audiencia xuvenil e urbana. • A CRTVG non deu acadado aínda a imaxe de galego modélico pola excesiva proporción de neofalantes e con graves deficiencias. Isto – chata de ficción insincera e oportunista todo o proceso normalizador. – Escasa presenza do galego no conxunto dos medios de comunicación. Nos privados é tan baixo que falsea a realidade sociolingüística e induce a cotío a desertar do galego.
• Axudas oficiais aos medios privados para aumentar o uso do galego.	• Escasa efectividade do sistema: o pouco galego que aparece é o que se paga.
• Existencia dun estándar galego aceptado por unha ampla base social.	• Sensación de inseguridade no usuario medio do galego, que non sabe qué elementos e en qué situacións pode usar o seu galego dialectal, inseguridade que non sente no castelán.

	• Persistencia de discrepancias minoritarias pero moi activas sobre o estándar, que converten a lexítima discrepancia teórica en aberta anarquía. • Desconcerto dos falantes nativos, por ofrecérselles varios galegos visiblemente distintos.

Efectos firmes

Puntos fortes	Puntos débiles
• Mellora da imaxe e da presenza pública do galego e ruptura do tabú diglósico polo que o galego tiña que estar fóra de certos ámbitos sociais.	• Percepción social de que certos novos usos públicos do galego son aínda falaces, por careceren de continuidade no resto das relacións. • Crenza firme de certos sectores en que o galego aínda é unha lingua rural, de vellos ou de minorías politizadas; é dicir, subalterna, de 2ª clase.
• Recuperación de espazos novos para o galego no mundo urbano.	• Perda global de falantes e de calidade lingüística media.
• Incorporación parcial do galego a sectores dos que tradicionalmente permaneceu ausente. • Posibilidades de maior utilización e utilidade obxectiva. • Máis demanda, máis e mellores especialistas.	• Escaso esforzo de introdución do galego no comercio, empresa, comunicación e lecer. • Insuficiente necesidade de coñecer e usar o galego para acceder a un posto de traballo.

Posibilidades iniciadas

Puntos fortes	Puntos débiles
• Presenza do galego na Rede: posibilidade de superar sen custo as fronteiras físicas, bidireccionalidade e mesmo posibilidade para os máis novos de leriar nun soporte moderno en galego.	• Presenza aínda moi minoritaria, porcentualmente ao que Galicia coloca na Rede.
• Inicio da incorporación da lingua ás novas tecnoloxías da fala (tradución automática, síntese e recoñecemento de voz...).	• Insuficiente conciencia de que saltos cualitativos poden ofrecer estas técnicas a unha lingua, do que significa atrasarse nisto e, polo tanto, insuficiente aposta por estes investimentos.
• Na UE vai haber cen millóns de falantes de linguas minoritarias e, aínda que sexan dispersos e desorganizados, terá que ter algunha solución global.	• Insuficiente conciencia do risco de perder o seu carácter de lingua maioritaria.
• Iniciativa do Goberno galego para poñer en marcha un plan de normalización aberto e participativo.	

Obxectivos xerais do Plan

- Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.

- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.

- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.

- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.

- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Estrutura do Plan xeral de normalización da lingua galega

Sectores transversais
Obxectivos xerais

Dereitos lingüísticos

1. Conseguir que todos os cidadáns coñezan de forma efectiva o seu dereito a se expresaren e a seren atendidos en galego.
2. Promover o exercicio do dereito a expresarse e a ser atendido en galego.
3. Eliminar calquera atranco no exercicio dese dereito.

Novas tecnoloxías

1. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
2. Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.
3. Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.
4. Potenciar a investigación da tradución automática, o recoñecemento e a síntese de voz, e outras novas técnicas que faciliten a opción positiva no mercado da información e da comunicación, e que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

Implementación do corpus

1. Pór ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais.


Sectores verticais
Sector 1
Administración
Sector 2
Educación, familia e mocidade
Sector 3
Medios de comunicación e industrias culturais
Sector 4
Economía
Sector 5
Sanidade
Sector 6
Sociedade
Sector 7
Proxección exterior da lingua
Administración da Xunta de Galicia
Administración local
Administración de Xustiza
Administración periférica do Estado
Notarías e outros servizos documentais e de xestión
Ensino
Formación de adultos
Transmisión familiar
Mocidade
Medios de comunicación
Industrias culturais
Industria
Comercio
Cooperativismo
Banca
Traballo
Sanidade pública e privada
Farmacia
Veterinaria
Colexios oficiais
Crenzas relixiosas
Servizos sociais
Inmigración
Asociacionismo
Deporte
Lecer e tempo libre
Turismo
Relacións co resto do Estado e co exterior
Relacións con outros territorios de lingua galega
Emigración


Sectores verticais: Obxectivos
Administración
1. Asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.
2. Incrementar o uso da lingua galega na Administración de Xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas, e garantir a atención aos cidadáns en galego.
Educación, familia e mocidade
1. Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
2. Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
3. Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio.
4. Fomentar entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega.
Medios de comunicación e industrias culturais
1. Aumentar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación de masas, nas industrias culturais (editoriais, audiovisuais, cinematográficas, etc.) e na publicidade, de tal xeito que se garanta unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego.
2. Asegurar neste sector un galego de calidade no que se conxuguen autenticidade, estandarización e funcionalidade.
3. Promover que os medios públicos ofrezan unha programación prestixiadora da lingua.
Economía
1. Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias.
2. Estender o uso da lingua galega nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
3. Fomentar nos consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.
Sanidade
1. Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes, utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.
2. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.
3. Potenciar o emprego da lingua galega na área sanitaria.
Sociedade
1. Estimular a galeguización do mundo do deporte e do ocio, así como da súa proxección mediática e publicitaria.
2. Promover unha oferta ampla e diversificada de produtos lúdicos en galego que combinen a diversión coa promoción dos valores humanísticos.
3. Incorporar a poboación inmigrante á lingua propia de Galicia, garantíndolle, para este fin, unha oferta formativa accesible, atractiva, gratuíta e de calidade.
4. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego no desenvolvemento da súa vida relixiosa, de xeito que se respecten os seus dereitos lingüísticos e culturais.
5. Potenciar o emprego da lingua galega nas áreas relixiosa e de acción social.
Proxección exterior da lingua
1. Apoiar institucionalmente o uso e promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia nas que ten uso e pervivencia.
2. Impulsar a proxección da lingua e da literatura galega fóra de Galicia, como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.
3. Apoiar a acción cívica dos emigrantes e desprazados, dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade cultural de Galicia.
4. Promover o pleno recoñecemento do carácter plurilingüe do Estado.

Sectores transversais

Sector A. Dereitos lingüísticos **49**
Obxectivos xerais **49**
Sector B. Novas tecnoloxías **50**
Obxectivos xerais **51**
Sector C. Implementación do corpus **51**
Obxectivos xerais **53**

Sector A. Dereitos lingüísticos

Tal como se adiantou na presentación, este PNL pretende facer efectivo o dereito constitucional ao uso da lingua galega, un dereito que moitas persoas non exercen, porque os niveis de capacidade de falalo, segundo o Censo do 2001, chegan ao 91%, mentres que os de uso son máis baixos (12'86% non o usan nunca; 30'29% úsano ás veces). O PNL é un plan de intervención, polo tanto, non é este o lugar de analizar se esta falta de uso é sempre voluntaria ou se existe algún tipo de condicionante psicolóxico, social, legal ou rutineiro que force unha parte dos galegos a facer esta opción total ou parcial de ocultamento da lingua galega. O PNL é un plan de intervención para remover os obstáculos visibles ou latentes que poidan estar operando nos distintos sectores e áreas da sociedade galega. Nesa dirección de protección do galego, nunca de obstaculización do castelán, inciden as medidas deste PNL. A *Oferta positiva* e mais a *Oferta informativa* son as claves dun novo espírito de cortesía lingüística que este PNL pretende introducir na sociedade galega para facer máis agradable a convivencia.

A Constitución española de 1978 concédelle á lingua galega plena cooficialidade, ofrecéndolles aos cidadáns o dereito a utilizala, mais non a obrigatoriedade de coñecela. Isto, na práctica, crea situacións incómodas e confusas que cómpre redefinir para que ningún funcionario, alegando descoñecemento do galego, poida deixar de prestar o servizo que demanda o cidadán.

Obxectivos xerais

- A.1. Conseguir que todos os cidadáns coñezan de forma efectiva o seu dereito a se expresaren e a seren atendidos en galego.
- A.2. Promover o exercicio do dereito a expresarse e a ser atendido en galego.
- A.3. Eliminar calquera atranco no exercicio dese dereito.

Sector B. Novas tecnoloxías

Como se expuxo tamén na presentación, vivimos unha época na que as tecnoloxías da fala, da información e da comunicación van producir saltos cualitativos nas linguas. Estas mudanzas serán tan importantes que as diferenzas entre linguas maioritarias e minoritarias, oficiais e non oficiais, van quedar substituídas pola diferenza entre linguas con tecnoloxía e linguas sen tecnoloxía. Normalmente, as linguas de Estado van dispoñer desas novas técnicas, pero nada impide que outras linguas accedan tamén a elas. Se tecnicamente é posible que en poucos anos poidamos ler (ou mesmo escoitar) en galego un xornal, libro, conferencia ou artigo escrito en español, inglés ou francés, a función deste PNL é que se poñan os medios técnicos, humanos e económicos para que esa realidade sexa efectiva. **Pódese afirmar que a eficacia neste sector vai ser a clave do futuro da lingua galega,** porque do éxito neste sector vai depender a imaxe que os galegos e os non galegos teñan desta lingua; e da imaxe da lingua depende o uso: se a imaxe é boa, o uso medrará de seu e mesmo sen subvencións; se a imaxe é cativa, o uso minguará por moito que a prol desta lingua se fagan esforzos políticos e económicos. Se o galego vai nese tren, probablemente suban a el sectores como o comercial, o informativo, o xuvenil e o mundo urbano, que hoxe aínda manteñen certas desconfianzas ante a lingua propia de Galicia. O investimento neste sector das novas tecnoloxías é, sen dúbida, o máis rendible, o máis eficaz e, polo tanto, o prioritario.

Debe terse en conta, ademais, que case todos os sectores reclaman recursos técnicos e informáticos para usar o galego nunha sociedade decididamente urbana e moderna; continuamente se demanda un centro especializado que cree eses recursos técnicos que hoxe non existen. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades pode ser o lugar máis axeitado para localizar estas novas tarefas, pois desde este Centro téñense dado, con éxito, pasos importantes na creación de tradución automática, síntese e recoñecemento de voz.

O PNL preséntase, tamén nisto, nun momento decisivo e require nos responsables políticos perspicacia e audacia para enfrontarse a unha conxuntura histórica.

Obxectivos xerais

- B.1. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías e na telefonía móbil.
- B.2. Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.
- B.3. Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.
- B.4. Potenciar a investigación da tradución automática, o recoñecemento e a síntese de voz, e outras novas técnicas que vaian aparecendo e que faciliten a opción positiva no mercado da información e da comunicación e que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da sociedade actual.

Sector C. Implementación do Corpus

Unha das desculpas que poñen a miúdo persoas e entidades, maiormente no mundo da empresa, para non asumiren unha utilización consecuente do idioma galego é a inseguridade coa que se moven nesta lingua. Á parte da compoñente psicolóxica e da inercia que poida estar detrás destes medos, o problema ten solución por dúas vías:

– Mediante unha formación axeitada do persoal, que o faga sentir seguro e competente en lingua galega.
– Proporcionándolles aos que ofrecen estes servizos os recursos lingüísticos que lles faciliten o seu labor.

A utilización da lingua galega non debe supoñer un esforzo complementario para quen se decide a abrir a súa actividade persoal ou profesional a esta lingua. Para iso, é necesaria unha elaboración sistemática dos recursos terminolóxicos de cada sector e de cada área, que cubran dunha maneira folgada as necesidades coas que os usuarios se van atopar. Debe existir un material de referencia fiable que disipe as dúbidas continuas, coas que o banqueiro, o administrador, o economista, o biólogo ou o responsable dun taller mecánico baten cando se deciden a facer do galego a súa lingua.

Non podemos negar que neste aspecto a situación mellorou considerablemente. Hoxe contamos con vocabularios e con materiais elaborados de distintas áreas que fan máis doada

a utilización do galego ca hai uns anos. Pero tamén é certo que unha parte importante destes materiais, sempre feitos con boa vontade, carecen do rigor esixible e isto crea desorientación e confusión.

É necesario que a terminoloxía técnico-científica e das linguas de especialidade en xeral sexa supervisada por unha institución fiable que unifique as solucións e que xere confianza entre os usuarios. Dado que esta é unha atribución que a Lei de normalización lingüística lle recoñece á Real Academia Galega, ha ser esta institución a que sancione e lles dea plena validez ás unidades terminolóxicas. Neste sentido, é necesario potenciar o TERMIGAL, o servizo de terminoloxía que leva xa uns anos de funcionamento, mediante un convenio entre a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia.

Pero non abonda coa produción terminolóxica. A terminoloxía carece de sentido se non chega con fluidez aos seus destinatarios. De aí que haxa que crear canles de difusión e de implantación da terminoloxía que sexan eficaces:

- Cómpre elaborar vocabularios sistemáticos plurilingües das linguas de especialidade.
- Cómpre elaborar folletos específicos con vocabularios máis reducidos, destinados a colectivos concretos e que cubran as necesidades destes.
- Cómpre incorporar este léxico ás ferramentas e aos programas informáticos que se utilizan de maneira máis habitual nos distintos sectores. Facilitarlle á lingua galega estas axudas informáticas resulta absolutamente imprescindible.
- Hai que elaborar modelos de documentación de circulación frecuente en lingua galega.

Aínda así, sempre aparecerán dúbidas, porque hoxe o avance do coñecemento e as innovacións acadan un dinamismo nunca vivido en épocas anteriores. Estas dúbidas deben ser resoltas no menor tempo posible; por iso, é necesario dotar de máis medios o servizo de consultas do TERMIGAL, ao que calquera persoa pode acudir, e de feito acode, cando atopa algunha dificultade no exercicio do seu labor en galego.

Obxectivos xerais

- C.1. Pór ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais.

Sectores verticais

Sector 1. Administración **57**
Sector 2. Educación, Familia e Mocidade **77**
Sector 3. Medios de Comunicación
e Industrias Culturais **119**
Sector 4. Economía **139**
Sector 5. Sanidade **163**
Sector 6. Sociedade **189**
Sector 7. Proxección Exterior da Lingua **255**

Sector 1. Administración

Introdución **59**
Diagnóstico do sector **62**
Obxectivos de sector **64**
Áreas do sector **64**
Área 1. Xunta de Galicia **64**
Obxectivos de área **64**
Grupo de medidas 1.1.A **65**
Grupo de medidas 1.1. B **66**
Área 2. Administración local **67**
Obxectivos de área **67**
Grupo de medidas 1.2.A **67**
Grupo de medidas 1.2.B **69**
Área 3. Administración de Xustiza **70**
Obxectivos de área **70**
Grupo de medidas 1.3.A **70**
Grupo de medidas 1.3.B **72**
Área 4. Administración periférica do Estado **72**
Obxectivos de área **72**
Grupo de medidas 1.4.A **73**
Área 5. Notarías e outros servizos documentais e de xestión **73**
Obxectivos de área **73**
Grupo de medidas 1.5.A **74**
Grupo de medidas 1.5.B **75**

Introdución

En boa parte das comunidades bilingües con lingua propia, as distintas administracións (sobre todo a autonómica e a local) adoitan considerar trazos identitarios e diferenciadores da idiosincrasia da comunidade, o seu territorio, a súa historia, a súa cultura e, obviamente, a súa lingua. Son casos paradigmáticos en España, os de Cataluña, Euskadi e Galicia, exemplos que hoxe cómpre ampliar a moitos outros dentro da UE.

Por outra banda, a maioría destas comunidades bilingües posúen estatutos propios nos que se recolle a obriga de protexer e promover as súas linguas propias, compromiso que, con maior ou menor acerto, veñen atendendo.

Á parte destas consideracións, os resultados obtidos na maior parte das investigacións sociolingüísticas sobre a lingua galega, baseadas en rigorosos traballos de campo, atribúenlles ás administracións un peso e unha responsabilidade moi importante no proceso de normalización do idioma propio. A título de exemplo, recordemos que no MSG o 89,7% dos entrevistados considera que a Xunta de Galicia ten bastante ou moita responsabilidade na normalización do galego e que, neste sentido a atribución aos concellos é do 83, 3% e ao ensino do 78,6.

Resultados tan claros deben ser interpretados como unha mostra da forte asociación que a cidadanía aprecia entre os poderes públicos autonómicos e o principal sinal de identidade: a lingua propia. Por esa razón, na concepción do cidadán, as administracións realizan dúas funcións esenciais: a de seren o principal elemento catalizador do proceso de normalización do idioma e, probablemente por un proceso metonímico (función = quen a desempeña), a de simbolizar nela os valores asociados á identidade lingüística propia. Desta incumbencia poden ser tamén exemplo aquelas interpretacións de incumprimento ou manifestacións do tipo é "responsabilidade da Administración".

Esta dobre atribución –funcional e simbólica– implica, polo tanto, a modo de mandato tácito, un forte compromiso das administracións coa promoción do idioma, unha profesión da súa aceptación e defensa. No primeiro caso, elaborando e desenvolvendo a lexislación oportuna e velando polo seu cumprimento; no segundo, aplicando un principio elemental da normalización: a coherencia entre mandato e acción.

O cambio de mentalidade da sociedade galega nos últimos vinte e cinco anos é enorme. Hoxe non resulta imaxinable unha Galicia sen identidade política nin unha Administración galega sen identidade lingüística. A xestión da Administración, en todos os seus niveis, ten moito que ver con este cambio de mentalidade.

A Administración pública foi artífice dunha serie de feitos que cambiaron a funcionalidade e, polo tanto, a imaxe social da lingua galega. Ser a lingua do *Diario Oficial de Galicia,* da maior parte da rotulación de organismos e vehículos públicos, de leis, decretos e bandos, é algo que empezou a ser realidade hai pouco máis de vinte anos, nuns casos por primeira vez en cinco séculos, e nalgúns outros, por primeira vez na historia. E, se consideramos que a Administración estende os seus brazos á educación, aos medios de comunicación públicos e á sanidade pública, percíbese aínda con máis claridade a importancia da Administración na ampliación de funcións da lingua galega e no conseguinte aumento de valoración. A todo isto haberíalle que sumar o feito de que a Administración autonómica é a primeira editorial en lingua galega, dende hai bastantes anos, e que é tamén o soporte económico de moitas iniciativas privadas de promoción da lingua nos outros sectores da sociedade galega. Máis aínda, non deixa de ser sorprendente que todos os cargos públicos, sen diferenzas de partido e só con contadas excepcións, asumisen o uso oral da lingua galega no exercicio do seu cargo. Antes da autonomía este era un terreo infranqueable e impermeable para a lingua galega. Cambio tan grande e tan repentino só pode explicarse porque a lingua, polo menos, nun nivel espontáneo ou, se se quere, ventureiro, estaba latente pero omnipresente.

Na historia da lingua galega, a acción das administracións neste cuarto de século marca unha inflexión que chama a atención, tanto polo seu impacto como polo status e prestixio que lle deu á lingua. Non está, con todo iso, exento de sombras o papel da Administración.

A inercia secular aínda domina certos ámbitos. Nas xestorías ou nos despachos dos avogados inícianse oralmente en galego procesos que alí mesmo se poñen por defecto e por escrito en castelán e nesa lingua chegan ás notarías ou aos tribunais, onde xa todo se substancia documentalmente en castelán, por mais que sexa frecuente que tanto notarios coma xuíces non poidan prescindir do galego para o entendemento oral cos cidadáns interesados. E, aínda así, é sumamente infrecuente que quen actúa en nome da lei informe nalgún momento o cidadán ou o cliente de que todo canto está facendo pode facelo e documentalo en

lingua galega sen cargo económico nin mingua da validez xurídica do acto. A transcendencia desta omisión está en que o cidadán volve á súa casa convencido de que a lingua que fala carece de status legal, e que esa convicción errónea, pero tinguida de aparente valor xurídico, condicionará a súa actitude lingüística noutros ámbitos.

Nas facultades de Dereito aínda é insuficiente a utilización do galego como lingua de formación técnica dos futuros administradores, xuristas e notarios.

Outras veces, o fallo está na descoordinación e poderíanse producir grandes avances sen custo adicional. No eido da toponimia, competencia legal da Xunta de Galicia (Lei 3/1983, de 15 de xuño), produciuse un avance admirable. O Decreto 43/1984, do 23 de marzo, creou a Comisión de Toponimia que en vinte anos revisou cientificamente e negociou toda a toponimia dos lugares habitados de Galicia, toponimia que hoxe está toda oficializada e practicamente actualizada na sinalética viaria. Este tesouro onomástico, sen comparación polo seu volume no resto de España, pode consultarse doadamente na Rede. Pero por debaixo da toponimia dos núcleos de poboación hai aínda un tesouro moito maior, o dos nomes das veigas, camiños, montes e demais accidentes xeográficos. Manéxanse no Catastro, manéxanse nos procesos de concentración parcelaria, manéxanse nos procesos de expropiación para grandes obras públicas, manéxanse nos plans municipais de urbanismo, pero en ningún destes casos se recollen debidamente e se transmiten a un centro que organice este tesouro cultural, que non ten par en boa parte de Europa e que é perfectamente comparable ao Pórtico da Gloria. Chegaría con darlle a consideración de ben cultural que se lles dá aos restos arqueolóxicos. Pero a descoordinación de organismos públicos (ou de entidades privadas que traballan para eles) é a responsable desta desaparición, a pesar de que o custo de facelo ben e salvalo sería irrelevante. As minguadas forzas do SITGA e da Comisión de Toponimia, sen esa coordinación, non darán parado esta catástrofe que é posible parar.

Pero é precisamente na Administración onde xorde este PNL, que pretende aprender da experiencia, corrixir os erros, optimizar os recursos, darlle maior credibilidade e coordinación á proposta, actuando nos puntos que a experiencia demostrou que son máis sensibles e de maior impacto social.

Diagnóstico do sector

Puntos fortes	Puntos débiles
• Uso maioritario da lingua galega por parte dos administrados. • Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e que impón á Administración a obriga de protexela e promovela. • Existencia da Dirección Xeral de Política Lingüística, cunha actuación importante e sostida. • Utilización pública do galego por parte da maioría dos cargos públicos das diferentes administracións. • Implantación gráfica do galego na maior parte dos rótulos, sinalética fixa e móbil, documentación escrita, impresos etc. das diferentes administracións.	• O uso do galego a nivel institucional parece pouco coherente. • Falta de liderado do proceso de normalización. • Desequilibrio entre o uso do galego nas administracións culturais e nas técnicas. • Descoordinación das actuacións normalizadoras dos concellos e deputacións, EGAP, FEGAMP. • Escaso control sobre o cumprimento das normas de uso do galego polas administracións públicas.
• Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e que impón á Administración a obriga de protexela e promovela e o dereito do cidadán a usala.	• Persistencia de dificultades técnicas – no insuficiente desenvolvemento da linguaxe administrativa, – na inexistencia de versión galega da maior parte dos córpora lexislativos e xurisprudenciais básicos, – na inexistencia de versión galega dos programas informáticos de xestión administrativa.
• Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e que impón á Administración a obriga de protexela e promovela.	• Descoordinación e falta de uniformidade das citadas disposicións. • Ausencia de normativa clara e xeral sobre os niveis e as certificacións de coñecemento da lingua galega. • Falta de consolidación do galego como lingua xeral de referencia oral e escrita das relacións xurídico-administrativas.

• Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e que impón á Administración a obriga de protexela e promovela. • Existencia dun sector do funcionariado comprometido coa implantación do galego. • Competencia lingüística acreditada de case todo o funcionariado.	• Descoordinación e deficiencias na formación lingüística dos funcionarios: – Falta de calidade do idioma falado e escrito polos funcionarios. – Ausencia de uso do galego (nalgúns casos, mesmo cando cobren impresos en galego). • Ausencia do galego como lingua vehicular nos procesos de formación dos funcionarios. • Escaso coñecemento do réxime xurídico das linguas. • Falta de conciencia do protagonismo dos funcionarios no proceso de normalización. • Inexistencia práctica ou falta de protagonismo dun centro de formación de referencia.
• Uso maioritario do galego na sociedade galega. • Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e o dereito da Administración autonómica a protexela e promovela.	• Situación desfavorable para o uso do galego polos cidadáns e os profesionais nos tribunais. • A oficina xudicial está deseñada en castelán e os programas informáticos están normalmente nesa lingua. • Inexistencia dun programa de normalización lingüística para os tribunais e profesionais da xustiza. • Falta de coherencia e de rigor das administracións públicas no uso do galego perante os tribunais e as notarías.
• Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e tamén o dereito do cidadán a usala.	• Pouca presenza do galego como lingua vehicular nas facultades de dereito e nas escolas de práctica xurídica. • Escasa presenza do galego –sobre todo, o escrito– nas notarías. • Pouca presenza do galego nas xestorías de Galicia, cámaras de comercio, corredorías...

Obxectivos de sector

- Asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.
- Incrementar o uso da lingua galega na Administración de Xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas e garantir a atención aos cidadáns en galego.

Áreas do sector

Área 1. Xunta de Galicia

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Conseguir unha mellora das actitudes dos funcionarios cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional.
- Lograr que as persoas que traballan ao servizo da Xunta de Galicia, en calquera dos seus departamentos, practiquen a oferta positiva que xeneralice o uso do galego na Administración.
- Asumir o liderado e coordinación do proceso de normalización da lingua propia de Galicia, optimizando os recursos e colaborando coas entidades cívicas que puxeron en marcha e manteñen vivo este proceso.
- Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

Grupo de medidas 1.1.A

Punto forte

- Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e o dereito da Administración autonómica a protexela, promovela e empregala.

Directrices estratéxicas

- Optimizar as posibilidades normalizadoras que ofrece o actual status legal.
- Aproveitar as experiencias de boas prácticas normalizadoras iniciadas hai vinte anos.

Puntos débiles

- Pouco control sobre o cumprimento das normas de uso do galego pola Administración autonómica.
- Pouca coordinación das actuacións normalizadoras dos concellos e deputacións, EGAP, FEGAMP.

Obxectivos específicos

- Consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración autonómica.
- Establecer un mecanismo de coñecemento e control sobre ese cumprimento.
- Lograr a coordinación das actuacións das distintas administracións.

Medidas

- **1.1.1.** Establecer un amplo proceso de coordinación para un mellor cumprimento das normas de uso do galego e unha correcta aplicación do PNL.
- **1.1.2.** Poñer os medios necesarios a disposición do funcionariado para un mellor cumprimento do dereito constitucional que asiste ao cidadán a ser atendido en galego.
- **1.1.3.** Establecer que as respostas telefónicas da Administración a todo cidadán deben ser, en principio, en galego (Oferta positiva).
- **1.1.4.** Establecer o galego como lingua de contacto inicial entre o funcionariado e os administrados nas relacións presenciais.

– **1.1.5.** Establecer que todas as axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.

Grupo de medidas 1.1.B

Punto forte

- Competencia lingüística acreditada de case todo o funcionariado e existencia neste corpo dun sector comprometido coa implantación do galego.

Punto débil

- Descoordinación e deficiencias na formación lingüística dos funcionarios.

Obxectivos específicos

- Lograr orde e uniformidade nas disposicións sobre capacitación lingüística no acceso á función pública.
- Mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos funcionarios.
- Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego dos funcionarios.
- Conseguir un referente para a formación lingüística dos funcionarios e para a fixación da linguaxe administrativa.

Medidas

– **1.1.6.** Establecer normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística esixible nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

– **1.1.7.** Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.

– **1.1.8.** Redeseñar os cursos de actualización técnica dos funcionarios de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se dea en lingua galega.

– **1.1.9.** Reforzar o papel da EGAP, creando nela un departamento que planifique a

formación lingüística na súa actividade, de xeito que todos os cursos técnicos se dean en galego ou que, polo menos, reserven un 25% das clases para facilitarlles aos alumnos toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión técnica desa área en galego e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida, senón tamén a actitude positiva ante a lingua.

– **1.1.10.** Establecer conexión permanente da EGAP co TERMIGAL e cos demais centros que traballan en terminoloxía lingüística.
– **1.1.11.** Orientar que as intervencións xudiciais da Administración se realicen en lingua galega.

Área 2. Administración local

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.
- Incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través de empresas subcontratadas.
- Poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual da Oferta positiva.

Grupo de medidas 1.2.A

Punto forte

- Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia, que obriga á Administración a protexela e promovela e que concede o dereito ao cidadán a usala.

Puntos débiles

- Descoordinación das actuacións normalizadoras dos concellos, deputacións, EGAP, FEGAMP.
- Pouco control sobre o cumprimento das normas de uso do galego.
- Desequilibrio no uso do galego entre os departamentos culturais e os técnicos da Administración local.

Obxectivo específico

- Corrixir esa descoordinación e desequilibrio.

Medidas

– **1.2.1.** Establecer un amplo proceso de coordinación que integre deputacións, concellos, EGAP, FEGAMP.

– **1.2.2.** Establecer que nos pregos de condicións e concursos se inclúa de oficio a cláusula de que "as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego".

– **1.2.3.** Establecer que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos (oficinas de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radios municipais, servizos de augas, etc.) teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita.

– **1.2.4.** Establecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.

– **1.2.5.** Establecer que as intervencións xudiciais da Administración se realizarán en lingua galega.

– **1.2.6.** Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente, deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización

e posta á disposición da sociedade na Rede.

– **1.2.7.** Establecer que todos os contratos e axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.

Grupo de medidas 1.2.B

Puntos fortes

- Uso maioritario da lingua galega por parte dos administrados.
- Competencia lingüística acreditada de case todo o funcionariado e existencia dun sector comprometido coa implantación do galego.

Puntos débiles

- Falta de consolidación do galego como lingua xeral de referencia oral e escrita.
- Persistencia de certas lagoas (técnicas, formativas).

Obxectivos específicos

- Consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración local.
- Mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos funcionarios.
- Crear e reforzar nos altos cargos e nos funcionarios a conciencia do seu protagonismo no proceso de normalización.
- Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego dos funcionarios.

Medidas

– **1.2.8.** Establecer normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística esixible nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

– **1.2.9.** Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.

– **1.2.10.** Establecer plans nas deputacións provinciais para a adquisición e/ou elaboración de todos os programas de xestión administrativa en galego.
– **1.2.11.** Deseñar programas de fixación e divulgación de linguaxe administrativa en coordinación coa EGAP e TERMIGAL.
– **1.2.12.** Establecer que as respostas telefónicas das administracións locais a todo cidadán debe ser en principio en galego. (Oferta positiva).

Área 3. Administración de Xustiza

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Conseguir que a todo cidadán se lle ofreza a opción a ser atendido en galego e, se o desexar, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.
- Garantirlles a capacitación lingüística a todas as persoas que traballan na Administración de Xustiza, de xeito que lle sexa doado ao cidadán exercer os seus dereitos lingüísticos.
- Propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións.

Grupo de medidas 1.3.A

Puntos fortes

- Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e que impón á Administración a obriga de protexela e promovela.
- Existencia de boas experiencias normalizadoras no ámbito da Administración de Xustiza.

Directriz estratéxica

- Aproveitar as posibilidades que ofrece o marco lexislativo e mais as experiencias normalizadoras acumuladas neste ámbito.

Puntos débiles

- Os corpos de maxistrados, xuíces, fiscais e secretarios dependen do Goberno central.
- Pouca disposición dos funcionarios xudiciais ao uso do galego.
- A oficina xudicial está deseñada en castelán, e os programas informáticos tamén están nesa lingua.

Obxectivos específicos

- Introducir o galego como lingua normal de traballo da Administración de Xustiza en Galicia.
- Mellorar a disposición dos funcionarios cara ao uso do galego, así como a súa capacitación.
- Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego dos funcionarios.

Medidas

- **1.3.1.** Elaborar un programa de normalización específico, en colaboración co Ministerio de Xustiza, e establecer un órgano de referencia.
- **1.3.2.** Establecer normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística esixible nos procesos de acceso á función xudicial e no desempeño desta función.
- **1.3.3.** Establecer programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística, a cultura galega e o réxime xurídico do uso das linguas.
- **1.3.4.** Fomentar o uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio dos funcionarios que a vaian usando.
- **1.3.5.** Verter ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián e garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galicia.
- **1.3.6.** Elaborar materiais terminolóxicos por medio de convenios de colaboración con servizos, empresas ou organismos especializados e establecemento de circuítos para difundilos.
- **1.3.7.** Favorecer a implantación do galego na docencia universitaria de 1º e 2º ciclo de Dereito, así como o uso na formación continuada non universitaria.

Grupo de medidas 1.3.B

Punto forte

- Uso e coñecemento maioritario do galego na sociedade galega.

Punto débil

- Situación desfavorable para o uso do galego polos cidadáns e os profesionais nos tribunais.

Obxectivo específico

- Eliminar calquera traba para exercer con naturalidade o dereito lingüístico por parte dos cidadáns.

Medidas

– **1.3.8.** Deseñar campañas de información sobre os dereitos lingüísticos dos cidadás nas súas relacións coa Administración de xustiza.

– **1.3.9.** Establecer que nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental.

Área 4. Administración periférica do Estado

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Velar, en cumprimento dos mandatos constitucional e estatutario, polo uso do galego nos departamentos e organismos radicados en Galicia dependentes da Administración do Estado.
- Lograr que o carácter plurilingüe do Estado sexa un feito recoñecido como natural na práctica desa Administración.

Grupo de medidas 1.4.A

Punto forte

- Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia e que lles impón ás administracións asentadas en Galicia a obriga de usala.

Punto débil

- A Administración periférica do Estado está deseñada en castelán e os programas informáticos e de formación están nesta lingua.

Obxectivo específico

- Eliminar as trabas existentes, co fin de que os cidadáns poidan exercer con naturalidade os seus dereitos lingüísticos nas oficinas asentadas en Galicia, dependentes da Administración periférica do Estado.

Medidas

- **1.4.1.** Asinar convenios coa Administración central para verter ao galego os programas informáticos e os formularios de uso cotián nas oficinas asentadas en Galicia dependentes desta.
- **1.4.2.** Asinar convenios coa Administración central para a formación dos funcionarios dependente desta.
- **1.4.3.** Establecer a norma de que todas as comunicacións da Administración central (maiormente a Facenda) se fagan na lingua que a familia declarou como habitual dos cabezas desa familia no Censo do 2001.

Área 5. Notarías e outros servizos documentais e de xestión

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir que todas as notarías e xestorías de Galicia poidan ofrecer os seus servizos en galego.
- Xerar unha demanda social dos servizos documentais en lingua galega.

Grupo de medidas 1.5.A

Punto forte

- Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia.

Directriz estratéxica

- Aproveitar as experiencias normalizadoras postas en práctica en diferentes notarías de Galicia anteriormente.

Punto débil

- Pouca disposición dos notarios ao uso do galego.

Obxectivo específico

- Introducir o galego como lingua normal de traballo das notarías.

Medidas

– **1.5.1.** Facilitarlles ás notarías os medios técnicos e terminolóxicos para que os seus titulares poidan desenvolver a súa actividade en galego doadamente.
– **1.5.2.** Establecer un programa de capacitación dirixido aos traballadores das notarías.
– **1.5.3.** Posta en marcha dunha campaña de información sobre os dereitos lingüísticos dos usuarios das notarías e da plena validez dos documentos en galego.
– **1.5.4.** Establecer que en todas as notarías de Galicia exista, en lugar ben visible da sala de espera e do despacho do notario, un cartel que indique o dereito do cidadán a que o documento se lle redacte e asente en lingua galega polo mesmo prezo e co mesmo valor xurídico.
– **1.5.5.** Establecer a norma de que nas notarías, antes do inicio do procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental.
– **1.5.6.** Crear un premio anual á notaría que máis destaque pola introdución do galego no seu traballo profesional.

Grupo de medidas 1.5.B

Puntos fortes

- Marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia.
- Uso maioritario da lingua galega por parte da cidadanía.

Directriz estratéxica

- Facer valer a implantación do galego na sociedade á hora de incorporalo como lingua normal de traballo das empresas de servizos documentais e de xestión.

Punto débil

- Ausencia de experiencias de boas prácticas normalizadoras previas nas empresas de servizos documentais e de xestión.

Obxectivo específico

- Introducir o galego nas xestorías e procuradorías de Galicia.

Medidas

– **1.5.7.** Facilitar os medios, así como a formación técnica e terminolóxica en lingua galega dos xestores administrativos, procuradores e avogados.
– **1.5.8.** Promover que en todas as xestorías e procuradorías de Galicia exista, en lugar ben visible da sala de espera, un cartel que indique o dereito do cidadán a que o documento se lle redacte e asente en lingua galega polo mesmo prezo e co mesmo valor xurídico.
– **1.5.9.** Crear un premio anual á xestoría ou procuradoría que máis destaque pola introdución do galego no seu traballo profesional.

Sector 2. Educación, Familia e Mocidade

Introdución **79**
Diagnóstico do sector **80**
Obxectivos de sector **94**
Áreas do sector **94**
Área 1. Ensino **94**
Obxectivos de área **94**
Grupo de medidas 2.1.A **95**
Grupo de medidas 2.1.B **96**
Grupo de medidas 2.1.C **97**
Grupo de medidas 2.1.D **98**
Grupo de medidas 2.1.E **100**
Grupo de medidas 2.1.F **101**
Grupo de medidas 2.1.G **102**
Grupo de medidas 2.1.H **103**
Grupo de medidas 2.1.I **104**
Grupo de medidas 2.1.L **105**
Grupo de medidas 2.1.LL **106**
Área 2. Formación de adultos **108**
Obxectivos de área **108**
Grupo de medidas 2.2.A **108**
Grupo de medidas 2.2.B **109**
Área 3. Transmisión familiar **110**
Obxectivos de área **110**
Grupo de medidas 2.3.A **110**
Grupo de medidas 2.3.B **111**
Área 4. Mocidade **113**
Obxectivos de área **113**
Grupo de medidas 2.4.A **113**
Grupo de medidas 2.4.B **114**
Grupo de medidas 2.4.C **115**
Grupo de medidas 2.4.D **116**

Introdución

Estamos nun momento decisivo para o futuro do idioma e é urxente promover unha acción social a prol do seu coñecemento, revalorización e uso en todos os ámbitos. Nesta acción a prol do idioma é imprescindible implicar a todos os sectores sociais: o Goberno da Xunta de Galicia con todo o seu aparello administrativo, os medios de comunicación, os partidos políticos e o conxunto de asociacións, entidades e colectivos que constitúen o tecido cívico e cultural do país. É imprescindible aumentar desde todos eses ámbitos a cantidade e a calidade dos alimentadores básicos do idioma: motivación, percepción e uso activo deste. O ensino, como a Administración, os medios de comunicación e, en xeral, todos os espazos 'megafónicos' de uso da lingua, adquire, un papel fundamental nesta empresa.

Os prexuízos obrantes aínda sobre o galego son froito do descoñecemento e da marxinación histórica na que se moveu esta lingua. Cómpre desmontalos usando todo o dispositivo legal e institucional, pero tamén a información e a argumentación científica. Só desta maneira se pode garantir que as medidas propostas sexan realmente eficaces.

Cómpre ter preparada, pois, unha boa armazón argumental para desfacer posibles reticencias sociais, falacias e demagoxias que, aínda séndoo, poden callar entre a poboación. Hai feitos e datos incontestables para contrapoñer a esas hipotéticas reaccións, como poden ser os seguintes:

- A existencia dunha lexislación que pode servir de soporte non só testemuñal, senón tamén efectivo, para a revitalización da lingua galega: no ámbito galego, a Lei de normalización lingüística, que reclama, por exemplo, a adquisición dunha competencia semellante nos dous idiomas oficiais e, desde unha perspectiva máis global, a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992 e a Declaración universal de dereitos lingüísticos, aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados e no Parlamento de Galicia en 1996.
- A constatación dunha competencia non equiparable en galego e en castelán, con deficiencias moito máis notables na primeira desas linguas.
- Unha situación social de desigualdade entre os dous idiomas, o que esixe medidas favorables ao galego para intentar conseguir ese equilibrio.

– A diminución constante e progresiva da transmisión familiar do galego, o que fai que este idioma vaia deixando de ser un marcador de identidade persoal e colectiva.

Diagnóstico do sector

Área 1. Ensino

Situación legal e sociolingüística do ensino

Puntos fortes	Puntos débiles
• Existe unha lexislación específica que regula a presenza do galego no ensino non universitario. • As resistencias ante a presenza do galego no ensino diminuíron e, en moitos casos, desapareceron. • Existencia dun mandato legal na LNL de que o alumnado acade unha competencia semellante (comprender / falar / ler / escribir) nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou a súa lingua familiar. • Recoñecemento legal e social da capacidade da Administración educativa para o desenvolvemento normativo dos contidos da LNL. • Recoñecemento no decreto de 1995 de que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. • A lexislación sobre o uso das linguas oficiais no ensino contempla obxectivos comúns para toda Galicia, pero recoñece a existencia de diversas realidades que obrigan a planificar camiños diferentes. • Os centros escolares teñen a obriga de contar cunha planificación lingüística que oriente a súa práctica (adaptación das disposicións legais á súa realidade, existencia de equipos de normalización lingüística en cada centro, etc.).	• Ás veces, a lexislación é pouco clara ou deixa espazos e áreas sen atender especificamente (mesmo a nivel de conceptos: lingua ambiental, etc.). • A lexislación vixente pode non responder axeitadamente aos retos e problemas da lingua galega neste comezo de século. • Existen algúns centros, especialmente das zonas urbanas e do sector privado, que non acadan os mínimos establecidos pola lexislación. • En educación infantil e 1º ciclo de primaria, a presenza do galego é mínima. • Non está garantido o coñecemento suficiente do galego entre os novos docentes nin tampouco nun sector do profesorado en exercicio. • No sistema educativo non hai unha planificación orientada a garantir unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais. • Na actualidade, hai centros nos que se está a seguir un camiño (moitas veces non planificado de xeito explícito) que non só non leva ao obxectivo sinalado pola lexislación, senón que se afasta progresivamente del. • A comunidade educativa non ten información suficiente sobre o tratamento das linguas na escola, porque a Administración non se preocupou nunca de explicar de maneira clara e didáctica os obxectivos da lexislación lingüística, nin de propoñer itinerarios que servisen de modelo para diferentes realidades.

• Existen familias cunha alta sensibilidade cultural e lingüística que se posicionan claramente a favor da normalización da lingua galega.	• Nalgúns centros faise unha interpretación restritiva do Decreto 247/1995, do 14 de setembro, de maneira que os 'mínimos' de obrigado cumprimento se toman como 'máximos' dos que non se pode pasar.
• Moitas familias que teñen o galego como lingua habitual, desexarían que os seus fillos non o perdesen ao socializarse, sobre todo coa entrada na escola. E moitas familias que teñen o castelán como lingua habitual, verían con agrado que os seus fillos, sen perda da súa competencia en castelán, adquirisen tamén unha boa competencia en galego.	• Nalgúns sectores da comunidade escolar aínda se percibe a presenza do galego no sistema educativo como unha ameaza para a adquisición ou mantemento da competencia en castelán. • Ao longo destes anos, foron cristalizando algunhas opinións asentadas en prexuízos. A máis grave é a de que, en contextos castelanizados, non se pode empregar o galego, cando é neses contextos onde máis se necesita unha planificación coa presenza do galego. • A ambientalidade lingüística é moi favorable ao castelán, mesmo nos casos nos que a lingua predominante na contorna é o galego. • A situación non normalizada do galego fai que as familias tendan a favorecer o castelán cando se relacionan cos seus fillos e fillas. • Os colectivos de pais e nais non consideran a maior galeguización dos centros de ensino como un dos seus obxectivos principais. • A aparición do fenómeno da inmigración, aínda que incipiente, introduce unha nova realidade social, cultural e tamén lingüística. • Un sector minoritario das familias mantén prexuízos cara ao galego, o que as leva a manifestaren unha postura de desconfianza sobre a súa presenza no ensino.
• Diminución dos prexuízos e das actitudes negativas cara á lingua galega, especialmente no sector do alumnado. • Inexistencia de oposición aberta ao seu uso educativo, así como á implementación de actuacións normalizadoras máis estendidas.	• A nivel didáctico, o alumnado ten en ocasións dificultades para discriminar os códigos do galego e do castelán. • Falta de mobilización da comunidade educativa a prol do galego e mingua do pulo normalizador dos sectores escolares máis comprometidos co idioma.

- Existencia dun tecido educativo (ANPA, profesorado e alumnado) favorable a aceptar actuacións normalizadoras moi decididas no ensino.
- Actitude positiva cara á lingua galega por parte dun sector do alumnado de primaria e, sobre todo, de secundaria, tanto entre estudantes que teñen o galego como lingua familiar como entre algúns que, malia viviren nun ámbito castelán, desexan saber e utilizar a lingua galega.
- A presenza do galego no sistema educativo conseguiu aumentar as competencias dos estudantes en lingua galega, sobre todo a nivel escrito.
- A presenza da lingua e cultura galega nos centros de ensino pode estar a servir para que moitos alumnos con escaso contacto familiar e social co galego o coñezan.

- Aínda que diminuíron, os prexuízos e actitudes negativas nalgúns sectores de pais / nais e de profesorado seguen a ser un gran de obstáculo para avanzar na normalización lingüística no ensino.
- Entre o alumnado, os prexuízos máis evidentes xa non se dan, pero si outros que dificultan o emprego habitual do galego no contexto escolar.
- Na actualidade, o sistema educativo non consegue dotar o alumnado dunha boa competencia oral en galego.
- Conflito entre o estándar e as variedades locais, con consecuencias nos contornos galegófonos, especialmente nos niveis iniciais da escolarización.

Galeguización dos centros

Puntos fortes

- A xestión administrativa dos centros escolares realízase moi maioritariamente en galego.
- O papel de moitos docentes como mediadores activos a favor da lingua tivo unha gran relevancia a favor do proceso de normalización.
- O profesorado formado recentemente está familiarizado a nivel cultural e curricular coa lingua galega.
- Fíxose, durante os anos que van desde 1983 ata hoxe, un grande esforzo por formar lingüisticamente o profesorado galego.
- Cóntase cunha parte do profesorado que non só ten unha sólida formación en galego, senón que tamén posúe uns estimables coñecementos sobre o traballo nun contexto de ensino en dúas linguas.
- Confírmase a existencia de zonas e ambientes sociais que favorecen o proceso de normalización dos centros.

Puntos débiles

- Nalgúns centros privados o galego ten escasa presenza na xestión administrativa.
- Non se fomenta que as relacións orais (de carácter informativo, administrativo, etc.) entre o persoal dos centros e outros membros da comunidade educativa ou da sociedade, en xeral, se realicen en galego.
- Hai unha parte de profesorado que, malia poder impartir a súa docencia en galego, non o fai por diversas razóns.
- Detéctase certo abandono nalgúns docentes que imparten o/en galego só por obriga e outros que mesmo declinan cumprir esta responsabilidade.
- Existe un núcleo de profesorado con potencial galeguizador, sobre todo na educación infantil e primaria, infrautilizado por criterios burocráticos.
- Existe aínda un sector do profesorado cunha formación deficiente en lingua galega, especialmente entre o de maior idade.

• Existen liñas de actuación normalizadoras consolidadas en moitos centros escolares.	• A formación do profesorado, concretada sobre todo nos cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidade, foi sufrindo un progresivo desgaste, ata converterse nun trámite sen incidencia na práctica. • O esforzo de formación realizado pola Administración centrouse nos aspectos lingüísticos e gramaticais; pero só se trataron superficialmente os aspectos didácticos e culturais, e menos aínda os da sociolingüística aplicada ao ensino. • A formación inicial do futuro profesorado tampouco garante a formación lingüística, didáctica e sociolingüística necesaria.
• Nalgúns centros organízanse moitas e variadas actividades extraescolares de promoción da lingua e da cultura galega que contan coa participación activa das familias e do alumnado.	• Poucos centros escolares manteñen relacións fluídas con entidades e asociacións que desenvolven as súas actividades nos mesmos barrios, vilas ou cidades onde se insiren os centros. • Os posibles elementos galeguizadores presentes na cidade (nenos inmigrantes do rural ou do periurbano que si falan galego na casa, avós, etc.) non se potencian, senón que se "ocultan". • Nunha ampla cantidade de centros detéctase unha escaseza de actividades extraescolares deseñadas para fomentar o uso da lingua galega. • Excesiva focaxe das actividades de normalización arredor das datas das letras galegas e de festas anuais de carácter etnográfico. • Excesiva atención aos contidos de carácter culturalista (revista, concursos de redacción, etc.), que limitan outras posibles actividades orientadas á transformación dos usos lingüísticos. • Necesidade de galeguizar os servizos e actividades que se poñen en marcha (por exemplo, servizos de comedor ou de transporte, actividades extraescolares, etc.).
• A presenza dos ENL supón un importante potencial para a normalización do galego nos centros educativos.	• Aínda existe unha porcentaxe mínima de centros (privados, sobre todo) que non posúen ENL.

	• Nalgúns centros, o ENL só ten un carácter formal, sen unha intervención práctica nos asuntos que lles competen. • Os ENL, ao non ter máis que un carácter consultivo dentro dos centros, ven moi seriamente neutralizado o papel que a lexislación lles atribúe. • En moitos casos, as actividades promovidas polos ENL son de carácter cultural e extraescolar (magosto, maios, etc.), co que se reforza unha identificación contraproducente entre normalización e cultura etnográfica. • A maioría dos membros dos ENL non ten a formación necesaria en planificación do ensino e dinamización sociolingüística. • Carécese dunha estrutura autonómica (existencia de centros de normalización lingüística comarcais, provinciais e centrais) para dinamizar e orientar o traballo dos ENL dos centros. • A participación nos ENL é unha tarefa pouco incentivada e que se basea no voluntarismo e altruísmo dos seus membros.
• A existencia da Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL), como organismo encargado de pular pola extensión do galego no ámbito educativo, é un feito relevante. As actividades que levou a cabo foron moitas e algunhas delas tiveron unha significativa incidencia.	• A DXPL, por razóns de diversa índole, non puido desenvolver todo o traballo requirido, nin contou cos apoios necesarios para aglutinar todos os esforzos a prol da normalización.

Docencia

Puntos fortes	Puntos débiles
• A presenza do galego como materia específica e como variedade vehicular nunha parte do currículo xa se percibe como unha realidade consolidada. • O catálogo de materias e de áreas curriculares que, como mínimo, se deben impartir en galego é preciso e coñecido.	• Nalgúns contextos sociais e educativos aínda se vive a presenza do galego no ensino como unha imposición, malia ocupar a lingua unha posición claramente subordinada.

	• Para un sector da sociedade, o desexable sería só a presenza da lingua galega como materia dentro do currículo, co mesmo status horario có dunha lingua estranxeira. • Existe un sector significativo do profesorado que aínda vive como unha molesta imposición a presenza da lingua galega na práctica docente.
• Nalgúns centros a docencia desenvólvese case exclusivamente en galego. • Detéctase unha porcentaxe relevante de centros que orientan a docencia (mesmo na aprendizaxe da lectoescritura) a favor da normalización da lingua galega.	• Maioritariamente, o nivel da aprendizaxe do galego por parte do alumnado é claramente inferior ao acadado no castelán. • Malia o esforzo para incorporar o galego no ensino, a aprendizaxe da lectoescritura realízase en casos en castelán tamén en ámbitos galegofalantes. • Cómpre un maior apoio e asesoramento desde a Administración para afortalar e difundir as experiencias galeguizadoras dos centros.
• Na actualidade, existen materiais para poder desenvolver o ensino en galego nas diversas áreas das diferentes etapas educativas.	• Falta máis material didáctico e máis material para o desenvolvemento pleno de aulas en galego, sobre todo en determinadas áreas curriculares e en determinadas etapas educativas. • Nalgúns casos, o profesorado descoñece o repertorio de materiais existentes. • No eido audiovisual e informático as carencias son maiores.

Ensino universitario

Puntos fortes	Puntos débiles
• Lexislación favorable para a lingua galega nas tres universidades (nos estatutos respectivos).	• A normalización lingüística nunca foi considerado un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades.

• A situación das universidades galegas é potencialmente favorable para a lingua e a súa normalización, dado que a maioría do profesorado e alumnado é orixinario de Galicia. • O alumnado chega á universidade cun coñecemento do galego cada vez máis alto.	• O ensino superior foi desde sempre un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua galega.
• O galego é a lingua institucional das universidades galegas. • A administración universitaria realízase en galego, así como a gran maioría dos servizos.	• A presenza do galego na docencia universitaria segue sendo moi inferior á docencia en castelán. • A investigación realízase principalmente en castelán ou en inglés. • Existen áreas de coñecemento cunha moi escasa implantación do galego (áreas tecnolóxicas ou científicas, por exemplo).
• Na USC aprobouse e púxose en marcha un plan de normalización lingüística no ano 2002. • Na Uvigo está en marcha a elaboración dun plan de política lingüística.	• UDV e UDC non aprobaron aínda plans de normalización lingüística.
• Existe infraestrutura para a xestión normalizadora (servizos de normalización lingüística). • O servizo lingüístico da USC constitúe un referente de organización e de xestión normalizadora a nivel galego.	• Precariedade dos servizos lingüísticos da UDV e da UDC, sobre todo a nivel de recursos humanos.
• Hai recursos económicos para a extensión da lingua galega nas universidades, tanto propios de cada universidade, como procedentes dos convenios coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	• Faltan recursos humanos propios para levar a cabo os diferentes programas de asesoramento, formación e dinamización.
	• Non hai coordinación entre a política lingüística das tres universidades. • A formación universitaria dos futuros docentes nos distintos niveis de ensino non os capacita suficientemente para desenvolver o seu labor en galego e para seren axentes normalizadores.

Área 2. Formación de adultos

Puntos fortes	Puntos débiles
• Aumentou considerablemente a proporción de cidadanía con formación en lingua galega. • Os cursos de formación de adultos levados a cabo desde os anos oitenta tiveron resultados positivos de cara á aprendizaxe da variedade estándar. • Existe un sector do funcionariado (Administración, educación, sanidade...) que posúe unha boa competencia para desenvolver a súa actividade profesional en galego. • Existe un amplo sector da poboación, adulta non alfabetizada na lingua galega e que lle gustaría adquirir esa competencia e tamén ter un coñecemento maior de diferentes aspectos da cultura galega.	• Mantéñense bolsas de persoas que non recibiron nunca formación en galego. • Obsérvanse deficiencias no sistema de capacitación lingüística dos adultos (modelo de cursos de iniciación e perfeccionamento): escasa regulamentación, mínimo control, falta de reflexión sobre obxectivos sociolingüísticos e pedagóxicos, etc. • A formación en lingua galega na educación non regrada carece dun marco de referencia homologable ao doutras linguas. • Existen aínda sectores do funcionariado que non posúen a competencia necesaria para desenvolverse en galego. • No acceso á función pública, non están singularizados e concretados os obxectivos formativos requiridos en relación co perfil de cada unha das prazas.
• Organizáronse actividades formativas en ámbitos temáticos sectoriais: linguaxe administrativa, etc.	• Escasa adaptación da oferta formativa ás necesidades específicas e sectoriais de cada colectivo. • Insuficiencia de materiais lexicográficos (dicionarios bilingües e plurilingües, por exemplo). • Carencias a nivel de materiais terminolóxicos específicos, sobre todo en determinadas áreas de coñecemento. • Deficiencias na selección do vocabulario especializado de certas áreas e na súa divulgación entre os profesionais.
• Aínda que escasos, existen algúns recursos para a aprendizaxe da lingua galega en formato electrónico e a través de Internet.	• Seguen sendo escasos os medios formativos que utilicen ou se aproveiten das TIC.

	• Non se desenvolveu a perspectiva da autoaprendizaxe da lingua, fornecendo materiais diversos en todo tipo de soportes.
• Nas dúas últimas décadas asentouse unha variedade normativa no que se refire á lingua escrita que facilitou o acceso a esta por parte da poboación. • Aínda que con máis dificultades, tamén se foi configurando un estándar oral que permitiu superar prexuízos dialectalizantes.	• A pervivencia de certas discrepancias ortográficas puido crear desconcerto nalgunhas persoas e, sobre todo, foi utilizada de forma interesada por sectores contrarios á normalización do galego. • Con moita frecuencia, o galego utilizado nos medios de publicación ou en actos públicos caracterízase por unha total falta de autenticidade e mesmo incorrección, o que ten consecuencias nocivas tanto para a súa dignificación coma para a socialización dun modelo de lingua.

Área 3. Transmisión familiar

Puntos fortes	Puntos débiles
• A familia segue sendo unha institución social ben valorada na nosa cultura. • A familia como institución tivo un papel moi relevante no mantemento da lingua galega nos momentos máis difíciles do proceso de substitución.	• Na infancia e na mocidade, os valores extrafamiliares e os dos grupos de iguais poden influír tanto ou máis cós familiares. • O papel socializador das familias compártese con outras institucións sociais (por exemplo, a escola) e con outros ámbitos sociais (medios de comunicación, grupos de iguais, etc.).
• A base demográfica da lingua galega (en termos de lingua inicial, de lingua habitual, e de usos lingüísticos en galego) aínda é importante. • A porcentaxe de familias que lles transmiten o galego aos fillos/as é aínda considerable, nalgúns casos de xeito consciente e comprometido. • Moitas persoas instaladas no castelán conservan vínculos (familiares e afectivos) con elementos e sectores galegófonos.	• Existen xa familias, sobre todo nos contextos urbanos, nas cales a presenza do galego non se constata en ningunha das tres xeracións actuais. • Nalgunhas familias a lingua galega foi perdendo o seu papel como elemento de cohesión e/ou de identidade familiar. • Escasa presenza do galego nas garderías e no preescolar, o que pode incentivar tanto a non transmisión familiar desta lingua coma a desgaleguización dos nenos ao entraren en contacto con eses ámbitos.

	• Insuficiente presenza do galego na oferta asociativa e de tempo libre (agrupacións infantís, acampadas de verán, etc.) dedicada á infancia, tanto desde a esfera pública coma desde a privada. • Escasos recursos formativos e de lecer en lingua galega dirixidos aos máis novos, especialmente en soporte audiovisual e informático (vídeos, xogos electrónicos, etc.).
• O galego aumentou considerablemente o seu prestixio social nos últimos 25 anos. • As familias valoran positivamente o coñecemento de diferentes linguas, xa que comproban que é un capital social básico para a socialización dos fillos/as. • Un sector apreciable das familias de nova creación manifestan a súa simpatía ou actitude positiva cara ao galego. • En xeral, as familias non se amosan contrarias a que os seus fillos coñezan o galego, mesmo en moitos casos isto se valora positivamente. • Receptividade positiva ante as actuacións normalizadoras nas familias. • Foise estendendo socialmente unha variedade estándar do galego que debería facilitar o achegamento a este idioma de sectores e familias non galegofalantes.	• Os transmisores afectivos da lingua son as persoas maiores, que non representan hoxe en día un modelo social valorado. • Algunhas familias manteñen, con diferente extensión e forza, prexuízos e estereotipos ante o galego e os seus falantes. • Nos contextos urbanos, algunhas familias non lle dan importancia ao feito de saber falar galego de cara ao futuro dos seus fillos. • Nas relacións entre as persoas adultas e a infancia, existe o prexuízo de usar cos nenos e nenas o castelán, aínda no caso de galegofalantes. • Escasa valoración da lingua galega no seo familiar en termos de identidade, de utilidade e de prestixio social. • Escasa conciencia das vantaxes de dispoñer dunha lingua diferenzada e do seu papel facilitador na aprendizaxe doutros idiomas. • Actuación social, en xeral, máis ben pasiva e pouco comprometida coa revitalización da lingua. • Desde as diferentes administracións, nomeadamente as municipais, non se fomentan como deberan actuacións encamiñadas a que sexa posible criar os fillos en galego. • Percíbese pouca motivación entre os pais para transmitirlles o galego aos seus fillos. • Nalgunhas familias existe o prexuízo inxustificado de que unha adquisición inicial do galego pode ser unha eiva para unha aprendizaxe adecuada do castelán.

	• Os adultos carecen a miúdo de formación escolar en lingua galega, o que lles dá inseguridade ás veces na transmisión do idioma aos máis novos. • Empeza a percibirse un certo conflito entre distintas formas do galego que provoca confusión e mesmo renuncia á súa transmisión por parte dalgúns galegofalantes de sempre.

Área 4. Mocidade

Puntos fortes	Puntos débiles
• A competencia en galego por parte da mocidade, especialmente nas destrezas escritas, aumentou considerablemente grazas á presenza desta lingua no sistema educativo.	• Non está totalmente xeneralizada a competencia escrita e lectora entre a mocidade. • A capacidade para falar en galego dalgúns rapaces castelanófonos presenta eivas importantes: falta de fluidez, inseguridade lingüística, etc. Hai rapaces que afirman saber escribir en galego mellor ca falalo. • A falta de competencia acaba converténdose nunha estratexia de autoxustificación para non “esforzarse” a falar galego. • Moitos rapaces castelanfalantes non dispoñen de contextos de uso nos que poidan interactuar con galegofalantes, o que supón un obstáculo máis para a mellora da súa competencia oral activa. • Carencia importante de modelos lingüísticos de referencia que sirvan para mellorar a competencia en galego e para estimular o seu uso. • Deturpación bastante xeneralizada e escaso rigor normativo no uso do galego, factores que trasladan a algúns falantes eventuais a idea de que non cómpre unha aprendizaxe formal deste.
• Nalgunhas partes de Galicia, o galego é lingua de uso preferente entre os mozos e mozas. • Naturalidade dos mozos/as ante a presenza social do galego.	• Cada vez é menor o número de mozos/as que recibiron o galego como lingua inicial, polo que diminúen os lazos afectivos deste colectivo con esta lingua.

• Tendencia crecente a valoraren positivamente o bilingüismo social castelán-galego. • Moitas actividades xuvenís que implican produción escrita (revistas, banda deseñada, etc.) realízanse total ou maioritariamente en galego. • Gran parte das actividades asociativas e reivindicativas favorecen a utilización do galego por parte dos mozos/as participantes. • A presenza do galego na TVG e na súa programación infantil e xuvenil axudou considerablemente á difusión da lingua entre a mocidade de áreas rurais e urbanas. • Grazas ás zonas periurbanas e ás familias inmigrantes do rural, seguen existindo nas cidades elementos e sectores galegófonos aproveitables para que os rapaces castelanfalantes manteñan vínculos co galego. • En moitas familias o contacto coa aldea e, en consecuencia, co galego, é frecuente. • Rexurdimento e revalorización do mundo rural e aumento dos contactos entre o rural e o urbano.	• Atópanse casos de mozos/as urbanos monolingües en castelán, inseridos en redes de relación, de amizade e familiares con moi escasa presenza do galego e onde o castelán prevalece por ser considerada unha variedade máis neutra. • Existen poucos espazos para o uso espontáneo do galego nas cidades, o que dificulta o seu uso activo. • A preferencia polo inglés e polo castelán, considerados como variedades de máis ampla presenza social en Galicia, en España e no estranxeiro, pode provocar a falsa percepción de que o galego é innecesario. • Consolidación de ámbitos de uso diferentes para galego e castelán entre galegofalantes iniciais (por exemplo, mozos/as galegofalantes na familia que adoitan desenvolverse en castelán na relación entre iguais). • Inexistencia de canles para a aparición de 'líderes de opinión' galegofalantes que sexan modelos a imitar para a mocidade. • Utilización escasa do galego nos ámbitos e espazos máis relacionados coa mocidade: actividades deportivas, musicais, de lecer, etc., e escasa extensión do galego nos medios audiovisuais e nas TIC (Internet, informática, chat, etc.), ámbitos e instrumentos de moito prestixio e seguimento entre a xente moza. • Os medios de comunicación espallan modelos cara á mocidade case exclusivamente en inglés ou en castelán, pero non en galego. • Nos ámbitos urbanos, os rapaces que pertencen a familias galegofalantes con frecuencia ven reducido o seu uso do galego ás redes sociais familiares. • Nas novas xeracións urbanas dáse unha perda de lazos co mundo rural e a falta de modelos urbanos en galego leva a que isto afecte tamén o interese pola lingua e a cultura galegas.

• Parte da mocidade ve a lingua galega como símbolo dunha identidade específica que permite singularizarse con respecto ao resto de España e Europa. • O galego acadou hoxe en día un uso consolidado en certos ámbitos formalizados (culturais, políticos, de reivindicación social, etc.). • Uso consciente do galego como froito dunha importante concienciación lingüística por parte de certos sectores da mocidade.	• A percepción do galego como elemento identitario e diferencial é feble, sobre todo na mocidade urbana. • O uso do galego en ámbitos formalizados percíbese, en certos casos, como ritual e baleiro. • O papel simbólico do galego acaba fosilizándose ao mesmo nivel cá bandeira, a música folk, a solidariedade cos pobos celtas ou a revalorización do mundo rural, sen que se materialice nun maior uso práctico deste.
• Empeza a haber grupos de mozos/as que optan polo uso relacional habitual da lingua galega.	• O uso do galego aínda se interpreta ás veces en clave de ideoloxía política marcada, o que provoca rexeitamento entre certos sectores. • O uso militante identifícase maioritariamente co ámbito urbano e os neofalantes, que son acusados de usaren o galego porque está de moda ou como instrumento político e ideolóxico. • Gran fenda entre os galegofalantes de sempre (asociados na súa maioría ao ámbito rural) e os neofalantes (vinculados ao ámbito urbano), acentuada por seren estes maioría nalgúns ámbitos de especial prestixio social (a televisión, por exemplo). • O distanciamento entre ambos os grupos intensifícase polo diferente tipo de galego usado por uns e outros, unha variación interna que empeza a funcionar (xunto coa opción polo galego ou polo castelán) como indicador da procedencia xeográfica e/ou sociocultural. • Entre os mozos/as, o grupo de iguais tende a presionar a favor do castelán, producíndose adoito unha converxencia cara a este idioma que anula ou reduce a posibilidade da conversa bilingüe.
• A mocidade observa que o coñecemento da lingua galega comeza a ser necesario para acceder a certas actividades laborais.	• Non se ve no galego un elemento de utilidade e prestixio social.

• Nestes anos, está a emerxer unha nova percepción da lingua galega que reforza o seu prestixio social. • Algunhas actividades (por exemplo, a televisión en galego) favorecen o cambio de certos estereotipos sobre a lingua. • Entre a mocidade, os prexuízos cara á lingua galega aparecen máis atenuados ca na poboación adulta, e mesmo hai sectores que manifestan actitudes favorables cara á lingua.	• O coñecemento e o uso do galego non se valoran como un elemento importante á hora de acceder ao mercado laboral, fronte ao que si ocorre co castelán e o inglés. • No acceso á Administración pública, ser galegofalante non ten un papel relevante, xa que se resolve co mero requisito formal dos cursos de galego. • En certos sectores da mocidade, aínda persisten prexuízos sobre o galego e opinións negativas respecto da súa utilidade, o que contribúe a facelo un idioma con escasa capacidade de atracción para a xente nova. • Noutros casos, dáse unha valoración social aparentemente neutra ou ambigua da lingua galega que segue favorecendo o castelán. • Os sectores da mocidade que, tendo o castelán como lingua habitual, ven con simpatía o galego e que lles gustaría utilizalo, non atopan as condicións favorables para esa utilización.
• Boa receptividade cara ás accións de promoción social do galego. • A mocidade constitúe un sector adaptable a novas situacións e con capacidade de implicación nos novos procesos. • Moitos mozos e mozas estarían dispostos a desenvolver actividades culturais e de lecer en galego.	• O cumprimento das medidas de normalización aplicadas ata o momento non se vixiaron adecuadamente. • A posible intensificación das medidas normalizadoras pode provocar rexeitamento nalgúns sectores. • O aumento da presenza do galego provoca, nalgúns casos, un medo infundado a perder competencia na aprendizaxe doutras linguas. • Algúns galegofalantes de sempre menosprezan a importancia das medidas de normalización e acusan os responsables de levalas a cabo de moverse unicamente por intereses particulares e de instrumentalizar a lingua.

Obxectivos de sector

- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio.
- Fomentar entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega.

Áreas do sector

Área 1. Ensino

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Grupo de medidas 2.1.A

Puntos fortes

- As resistencias ante a presenza do galego no ensino diminuíron e, en moitos casos, desapareceron.
- Os centros escolares teñen a obriga de contar cunha planificación lingüística que oriente a súa práctica (adaptación das disposicións legais á súa realidade, existencia de equipos de normalización lingüística en cada centro, etc.).
- Diminución dos prexuízos e das actitudes negativas cara á lingua galega, especialmente no sector do alumnado.
- Existencia dun tecido educativo (ANPA, profesorado e alumnado) favorable a aceptar actuacións normalizadoras moi decididas no ensino.

Punto débil

- Obsérvase a existencia de prexuízos e de actitudes negativas en relación coa lingua galega, tanto na sociedade en xeral coma na comunidade educativa en particular, o que se manifesta tamén nunha crecente desmobilización a prol do idioma.

Obxectivo específico

- Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

Medidas

– **2.1.1.** Deseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego, diversificada para os diferentes membros da comunidade educativa e que promova a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar deste idioma coma sobre a lingua galega en xeral.

– **2.1.2.** Informar o alumnado, profesorado, familias e persoal non docente dos centros sobre os obxectivos lingüísticos do sistema educativo e sobre os fundamentos científi-

cos e o valor da presenza da lingua galega no sistema educativo.

– **2.1.3.** Establecer, de acordo coas ANPA, asociacións de centros privados, organizacións sindicais e outras entidades con incidencia no ámbito escolar, convenios de colaboración encamiñados a realizar unha programación estable e periódica de actividades de sensibilización e de información: charlas, concursos, etc.

Grupo de medidas 2.1.B

Puntos fortes

- A xestión administrativa dos centros escolares realízase moi maioritariamente en galego.
- O profesorado formado recentemente está familiarizado a nivel cultural e curricular coa lingua galega.
- Fíxose, durante os anos que van desde 1983 ata hoxe, un grande esforzo por formar lingüisticamente o profesorado galego.

Punto débil

- Non está garantida a competencia lingüístico-comunicativa de todo o persoal escolar (docente e non docente) para poder exercer o seu labor en galego.

Obxectivo específico

- Asegurar un coñecemento oral e escrito suficiente da lingua galega por parte de todo o persoal escolar (docente e non docente) para que poida desenvolver o seu labor nesa lingua.

Medidas

– **2.1.4.** Desenvolver un plan de formación que garanta que todo o persoal escolar de Galicia teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego

Este plan terá un desenvolvemento gradual, pero con fixación de prazos e etapas, prio-

rizará as situacións e os colectivos máis carenciais.

– **2.1.5.** Fixar e difundir polas canles axeitadas a terminoloxía, os estilos e as linguaxes de especialidade necesarias para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas.
– **2.1.6.** Establecer a obrigatoriedade de coñecer a lingua galega para acceder á docencia en Galicia, fixando prazos concretos e razoables para que o profesorado acredite esta competencia.

Grupo de medidas 2.1.C

Puntos fortes

- Cóntase cunha parte do profesorado que non só ten unha sólida formación en galego, senón que tamén posúe uns estimables coñecementos sobre o traballo nun contexto de ensino en dúas linguas.
- A presenza dos equipos de normalización lingüística (ENL) nos centros é un feito de grande importancia simbólica.
- Os ENL desempeñaron un papel moi relevante na dinamización lingüística dos centros.

Punto débil

- É insatisfactoria a formación do profesorado para comprender a situación sociolingüística de Galicia e para participar en actividades de planificación e dinamización lingüística.

Obxectivo específico

- Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes de educación infantil, primaria e secundaria que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.

Medidas

– **2.1.7.** Establecer un plan de formación sociolingüística para todos os docentes implicados nas actividades de normalización lingüística e para os sectores encargados da formación, asesoramento e control do profesorado: Inspección Educativa, equipos directivos dos centros e asesores dos CEFORE.

Este plan terá un desenvolvemento gradual, pero con fixación de prazos e etapas, priorizará as situacións e os colectivos máis carenciais, adoptará preferentemente a fórmula de formación nos propios centros e realizarase cun grao de esixencia e de rigor que permita que eses colectivos trasladen con eficacia esa formación á súa práctica profesional.

– **2.1.8.** Incorporar estas temáticas sobre planificación lingüística escolar como materia obrigatoria aos plans de estudo da formación inicial do profesorado de infantil, primaria e secundaria.

En concreto, cando se leve a cabo o Título de Especialización Didáctica para o acceso á docencia en educación secundaria, esta temática debería figurar como unha materia obrigatoria, cun número de créditos suficientes para acadar unha formación teórica básica, pero tamén para explorar maneiras de proxectala sobre a práctica.

Grupo de medidas 2.1.D

Puntos fortes

- Existen liñas de actuación normalizadoras consolidadas en moitos centros escolares.
- Nalgúns centros organízanse moitas e variadas actividades extraescolares de promoción da lingua e da cultura galega, que contan coa participación activa das familias e do alumnado.

Punto débil

- Na maioría dos centros non existe unha auténtica planificación lingüística e nalgúns mesmo se incumpren os mínimos obrigatorios de docencia en galego.

Obxectivo específico

- Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar de xeito universal e incondicionado e conseguir que en todos os centros educativos de Galicia exista unha planificación lingüística adaptada ás súas especificidades e orientada ao obxectivo legal de acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Medidas

– **2.1.9.** Esixir a todos os centros, sen excepción, o cumprimento da normativa vixente sobre normalización lingüística, adoptando medidas correctoras no caso de incumprimento.

– **2.1.10.** Elaborar, por parte dos equipos técnicos da Administración, programas-modelo de planificación lingüística escolar que sirvan para orientar este labor nos centros, avaliándoos e revisándoos periodicamente.

– **2.1.11.** Divulgar e intercambiar experiencias e modelos de planificación lingüística a través de encontros, publicacións, etc.

– **2.1.12.** Modificar o marco normativo dos equipos de normalización lingüística, axeitándoos ás novas necesidades normalizadoras, dándolles un maior recoñecemento e profesionalización, garantindo que teñan maior capacidade de influencia na vida dos centros e que se dediquen á súa función específica: o deseño, posta en práctica e revisión de programas de planificación lingüística.

– **2.1.13.** Realizar na memoria de cada curso escolar unha avaliación do estado de normalización de cada centro en que se dea conta, cando menos, das seguintes cuestións:
  - número de materias e aulas nas que aumentou ou diminuíu o uso do galego,
  - materias nas que a lingua galega non está presente,
  - repercusión deses cambios na competencia e no uso do galego por parte do alumnado.

Grupo de medidas 2.1.E

Puntos fortes

- A existencia da DXPL como organismo encargado de pular pola extensión do galego no ámbito educativo, é un feito relevante. As actividades que levou a cabo foron moitas e algunhas delas tiveron unha significativa incidencia.
- Na actualidade, existen materiais para poder desenvolver o ensino en galego nas diversas áreas das diferentes etapas educativas.

Punto débil

- Non existen apoios suficientes (asesoramento, apoio administrativo, recursos humanos, etc.) para deseñar e levar a cabo proxectos lingüísticos normalizadores nos centros educativos.

Obxectivo específico

- Reforzar a estrutura de planificación lingüística da Administración educativa e as medidas de apoio ao labor normalizador dos centros.

Medidas

– **2.1.14.** Crear unha rede autonómica de apoio técnico á normalización para coordinar e asesorar os centros neste labor. Esta rede debe estar estruturada a varios niveis: central, provincial e comarcal.

– **2.1.15.** Encargar aos inspectores especialistas en lingua galega atender as funcións de inspección educativa no ámbito do ensino do galego.

– **2.1.16.** Realizar periodicamente (cada 4 anos) unha avaliación do estado da galeguización no ensino, con especial atención á competencia nas dúas linguas oficiais ao remate da educación primaria e da ESO.

– **2.1.17.** Distinguir aqueles colexios e institutos que se caractericen polo seu papel normalizador, outorgándolles un especial recoñecemento e converténdoos en referentes ou modelos nese labor.

Grupo de medidas 2.1.F

Puntos fortes

- Nalgúns centros organízanse moitas e variadas actividades extraescolares de promoción da lingua e da cultura galega que contan coa participación activa das familias e do alumnado.
- Confírmase a existencia de zonas e ambientes sociais que favorecen o proceso de normalización dos centros.

Punto débil

- Aprovéitanse pouco as sinerxías entre o ámbito escolar e o extraescolar para pular pola normalización da lingua galega.

Obxectivo específico

- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.

Medidas

– **2.1.18.** Establecer liñas de actuación regulares entre os centros escolares e os departamentos de cultura, de educación e de benestar social dos concellos.
– **2.1.19.** Fomentar a colaboración coas entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas do contorno do centro escolar para a organización de actividades conxuntas.
– **2.1.20.** Establecer fórmulas de interacción e colaboración con empresas locais para favorecer o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.
– **2.1.21.** Desenvolver proxectos de recuperación da memoria histórica local, en colaboración con entidades e colectivos locais.

Grupo de medidas 2.1.G

Punto forte

- Detéctase unha porcentaxe relevante de centros que orientan a docencia (mesmo na aprendizaxe da lectoescritura) a favor da normalización da lingua galega.

Punto débil

- As carencias no uso escolar do galego afectan, de xeito especialmente grave, as primeiras etapas educativas e a aprendizaxe da lectura e da escritura.

Obxectivo específico

- Garantir unha ampla oferta educativa en galego nos primeiros treitos educativos e na aprendizaxe da lectoescritura, na perspectiva de que este idioma se converta na lingua primeira do sistema educativo en Galicia.

Medidas

– **2.1.22.** Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

– **2.1.23.** Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

– **2.1.24.** Desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.

– **2.1.25.** Fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.

Grupo de medidas 2.1.H

Puntos fortes

- Existencia dun mandato legal na LNL de que o alumnado acade unha competencia semellante (comprender / falar / ler / escribir) nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial ou a súa lingua familiar.
- Recoñecemento legal e social da capacidade da Administración educativa para o desenvolvemento normativo dos contidos da LNL.
- Recoñecemento no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, de que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.

Punto débil

- Maioritariamente, o dominio do galego por parte do alumnado é inferior ao acadado no castelán, de maneira que o sistema educativo non está a responder ao mandado legal de formar cidadáns cunha competencia semellante nos dous idiomas oficiais.

Obxectivo específico

- Lograr que o ensino obrigatorio lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

Medidas

– **2.1.26.** Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural, xa fixada legalmente, fomentarase que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas.

– **2.1.27.** Na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a

tecnoloxía, á parte das que xa están legalmente establecidas.

– **2.1.28.** Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego
– **2.1.29.** Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Deberase asegurar, ademais, que o alumnado coñeza o vocabulario específico da especialidade en lingua galega.
– **2.1.30.** Realizar en todos os centros un seguimento e avaliación anual do grao de galeguización do currículo e da súa efectividade na liña do que se indica no punto 2.1.13.

Grupo de medidas 2.1.I

Punto forte

- Na actualidade, existen materiais para poder desenvolver o ensino en galego nas diversas áreas das diferentes etapas educativas.

Punto débil

- O enfoque didáctico dominante no ensino da lingua galega e os recursos máis usuais neste ámbito non parecen ser os máis axeitados para conferirlle unha imaxe moderna e viva ao idioma.

Obxectivo específico

- Renovar a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Medidas

– **2.1.31.** Promover unha investigación que dea conta das prácticas didácticas dominantes no ensino da lingua galega, dos recursos máis habituais e dos resultados lingüísticos e sociolingüísticos acadados.

– **2.1.32.** Desenvolver un plan de formación para o profesorado de lingua galega, orientado a conseguir dous obxectivos básicos: a plena competencia oral e escrita do alumnado e a mellora das actitudes e da valoración do idioma por parte deste colectivo.
– **2.1.33.** Promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega.
– **2.1.34.** Informar sobre os recursos existentes para o ensino-aprendizaxe do galego e en galego (especialmente en CD e na Rede) e difusión destes de forma gratuíta a todos os centros.
– **2.1.35.** Promover desde a Administración educativa (a través de proxectos, en convenios con editoriais, etc.) a elaboración de materiais para o ensino da lingua desde unha perspectiva comunicativa e priorizando o uso das TIC.
– **2.1.36.** Crear un consello asesor para o ensino en galego e do galego, formado por persoas cualificadas de distintas instancias (universidades, CEFORE, MRP, etc.) para propoñer e orientar medidas en relación coa formación do profesorado e coa elaboración de recursos didácticos.

Grupo de medidas 2.1.L

Puntos fortes

- Recoñecemento legal e social da capacidade da Administración educativa para o desenvolvemento normativo dos contidos da LNL.
- A existencia da DXPL como organismo encargado de pular pola extensión do galego no ámbito educativo, é un feito relevante. As actividades que levou a cabo foron moitas e algunhas delas tiveron unha significativa incidencia.

Punto débil

- Falta dun compromiso continuado por parte dalgúns departamentos da Administración educativa para promover a galeguización da vida escolar.

Obxectivo específico

- Conseguir que todas as instancias administrativas relacionadas coa educación se comprometan coa normalización do galego e, en concreto, coas iniciativas que se derivan deste PNL.

Medidas

– **2.1.37.** Outorgarlle máis centralidade no organigrama da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á instancia administrativa responsable da normalización lingüística escolar, de maneira que poida exercer con eficacia esa competencia.
Este cambio afecta só o eido educativo e é compatible co aumento de rango da actual DXPL para que poida funcionar como instancia dinamizadora da normalización lingüística en todos os ámbitos.
– **2.1.38.** Compromiso do Goberno para que os conselleiros e altos cargos da administración autonómica se comprometan a desenvolver o seu labor e a súa relación con administradores e administrados en galego.
– **2.1.39.** Instrucións entre o persoal da Administración educativa para que a lingua de relación interna e, por defecto, co público, sexa a galega.
– **2.1.40.** Directrices claras e estritas á Inspección Educativa e ás direccións dos centros, para que vixíen e fagan cumprir a lexislación lingüística.

Grupo de medidas 2.1.LL

Puntos fortes

- Lexislación favorable para a lingua galega nas tres universidades (nos estatutos respectivos).
- A situación das universidades galegas é potencialmente favorable para a lingua e a súa normalización, dado que a maioría do profesorado e alumnado é orixinario de Galicia.
- Hai recursos económicos para a extensión da lingua galega nas universidades, tanto propios de cada universidade como procedentes dos convenios coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Punto débil

- O uso do galego na docencia e na investigación que se realiza nas universidades galegas é cativo e esta escaseza maniféstase especialmente en certas titulacións e áreas de coñecemento.

Obxectivo específico

- Promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e investigación coma no que se refire ás relacións extraacadémicas.

Medidas

- **2.1.41.** Crear unha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.
- **2.1.42.** Incrementar a edición e difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas de coñecemento, especialmente no caso das materias dos primeiros cursos universitarios.
- **2.1.43.** Promover a edición de vocabularios, glosarios e dicionarios nas áreas de coñecemento nas que persisten carencias significativas.
- **2.1.44.** Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas.
- **2.1.45.** Insistir, desde os servizos lingüísticos das universidades, na oferta de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás necesidades lingüísticas das distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.
- **2.1.46.** Establecer, de acordo coas universidades, o voluntariado lingüístico universitario.

Área 2. Formación de adultos

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Lograr que a formación de adultos faga percibir o galego como unha axuda para a comunicación e como unha fonte de enriquecemento e de integración no pasado e no futuro do pobo galego.
- Garantir a especialización en galego dos profesionais que exerzan a súa actividade laboral en traballos de atención ao público ou que esixan competencias comunicativas especializadas.

Grupo de medidas 2.2.A

Puntos fortes

- Aumentou considerablemente a proporción de cidadanía con formación en lingua galega.
- Os cursos de formación de adultos levados a cabo desde os anos oitenta tiveron resultados positivos de cara á aprendizaxe da variedade estándar.
- Existe un sector do funcionariado (Administración, educación, sanidade...) que posúe unha boa competencia para desenvolver a súa actividade profesional en galego.
- Organizáronse actividades formativas en ámbitos temáticos sectoriais: linguaxe administrativa, etc.

Punto débil

- O coñecemento do galego por parte de certos sectores da poboación adulta é insuficiente e o sistema de capacitación lingüística utilizado ata agora resulta insatisfactorio.

Obxectivo específico

- Potenciar a aprendizaxe do galego por parte de toda a poboación adulta mediante fórmulas didácticas máis motivadoras que garantan resultados comunicativos máis satisfactorios e que poñan en relación a lingua coa historia e a cultura de Galicia.

Medidas

- **2.2.1.** Aplicar o "Marco común europeo de referencia" á formación en lingua galega para adultos.
- **2.2.2.** Desenvolver un plan de formación de adultos, con especial atención ás habilidades orais e á dimensión sociocultural do idioma, e difundilo axeitadamente entre a poboación.
- **2.2.3.** Establecer un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentar en Galicia, que contemple formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.
- **2.2.4.** Asegurar que a ESO e o bacharelato para adultos se realice integramente en galego, agás as materias doutras linguas.
- **2.2.5.** Crear unha rede de centros de autoaprendizaxe da lingua galega.

Grupo de medidas 2.2.B

Puntos fortes

- Organizáronse actividades formativas en ámbitos temáticos sectoriais: linguaxe administrativa, etc.
- Aínda que escasos, existen algúns recursos para a aprendizaxe da lingua galega en formato electrónico e a través de Internet.

Punto débil

- O ensino da lingua galega a adultos require unha formación específica e unha serie de recursos didácticos, dos que non se dispuxo ata este momento de xeito satisfactorio.

Obxectivo específico

- Ofrecer unha formación pedagóxico-didáctica especializada ao profesorado de lingua galega para adultos e fornecelos dos recursos necesarios para que poidan desenvolver con éxito o seu labor.

Medidas

- **2.2.6.** Establecer un plan de formación específico para o profesorado que se vaia encargar do ensino da lingua galega a adultos.
- **2.2.7.** Fomentar a elaboración de material didáctico específico naquelas áreas onde se detecten máis carencias.
- **2.2.8.** Desenvolver materiais específicos empregando as novas ferramentas informáticas e telemáticas.
- **2.2.9.** Fomentar a realización de cursos en liña e virtuais.

Área 3. Transmisión familiar

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Concienciar as familias dos valores identitarios do galego, das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento e, polo tanto, da transcendencia de transmitírllelo aos seus fillos.
- Fomentar a transmisión e mais a aprendizaxe da lingua galega dentro das familias, especialmente nas de recente formación e nas asentadas en núcleos urbanos.

Grupo de medidas 2.3.A

Puntos fortes

- A familia como institución tivo un papel moi relevante no mantemento da lingua galega nos momentos máis difíciles do proceso de substitución.
- A porcentaxe de familias que transmiten o galego aos fillos/as é aínda considerable, nalgúns casos de xeito consciente e comprometido.
- Un sector apreciable das familias de nova creación manifestan a súa simpatía ou actitude positiva cara ao galego.

Punto débil

- O galego foi perdendo protagonismo como instrumento de socialización primaria dos nenos e nenas, o que contribúe tamén á mingua do seu valor como marca identitaria.

Obxectivo específico

- Sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus fillos/as coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidan despois acceder a outros idiomas.

Medidas

– **2.3.1.** Realizar unha campaña que teña como obxectivo que as familias transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares. Darlles aos pais e nais consellos, guía e apoio sobre as vantaxes de coñecer e usar o galego. Esta campaña débese realizar en varias fases e convenientemente secuenciada no tempo para garantir a súa efectividade.

– **2.3.2.** Ofrecer consellos e argumentos sobre a necesidade de aprenderlles galego aos fillos/as nos materiais informativos que se lles dan ás familias que acaban de ter un fillo/a.

– **2.3.3.** Propiciar que os responsables dos servizos persoais á comunidade (educadores e traballadores sociais, monitores, asistentes sociais, técnicos culturais, etc.) sexan dinamizadores da lingua galega, completando a súa formación lingüística e sociolingüística e de lecer con maior demanda entre a mocidade.

Grupo de medidas 2.3.B

Puntos fortes

- Existen familias cunha alta sensibilidade cultural e lingüística que se posicionan claramente a favor da normalización da lingua galega.
- Moitas familias que teñen o galego como lingua habitual desexarían que os seus fillos non o perdesen ao socializárense, sobre todo coa entrada na escola. E moitas familias que teñen o castelán como lingua habitual verían con agrado que os seus fillos, sen perda da súa competencia en castelán, adquirisen tamén unha boa competencia en galego.
- En xeral, as familias non se amosan contrarias a que os seus fillos coñezan o galego, mesmo en moitos casos isto valórase positivamente.

- Receptividade positiva ante as actuacións normalizadoras nas familias.

Punto débil

- Hai pouca presenza do galego na educación preescolar e nas actividades de tempo libre destinadas á infancia e son escasos os recursos de lecer nesta lingua para os máis novos, especialmente en soporte audiovisual e informático.

Obxectivo específico

- Aumentar a presenza da lingua galega na educación preescolar e mais nas actividades de lecer e incrementar a oferta de recursos informáticos e audiovisuais en galego destinados á infancia.

Medidas

– **2.3.4.** Potenciar unha oferta de educación preescolar en lingua galega.
– **2.3.5.** Promover economicamente a aparición de entidades destinadas a desenvolver actividades de lecer en lingua galega para a infancia e estimular a participación nestas de nenos e nenas.
– **2.3.6.** Desenvolver unha política activa de creación e de adaptación ao galego de programas e xogos informáticos destinados á infancia.
– **2.3.7.** Establecer os acordos precisos para dispoñer dunha oferta abonda e competitiva de produtos audiovisuais para a infancia (vídeos, DVD, etc.) dobrados e/ou subtitulados en lingua galega.
– **2.3.8.** Aumentar a oferta en galego de programas nas televisións públicas destinados á infancia.
– **2.3.9.** Propoñerlle á TVG que sitúe en horarios de maior audiencia o programa "Preescolar na casa".

Área 4. Mocidade

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.
- Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.
- Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.

Grupo de medidas 2.4.A

Puntos fortes

- A competencia en galego por parte da mocidade, especialmente nas destrezas escritas, aumentou considerablemente grazas á presenza desta lingua no sistema educativo.
- O galego acadou hoxe en día un uso consolidado en certos ámbitos formalizados (culturais, políticos, de reivindicación social, etc.).
- Grazas ás zonas periurbanas e ás familias inmigrantes do rural, seguen existindo nas cidades elementos e sectores galegófonos aproveitables para que os rapaces castelanfalantes manteñan vínculos co galego.
- En moitas familias o contacto coa aldea e, en consecuencia, co galego, é frecuente.

Punto débil

- Tanto a infancia coma a mocidade, especialmente nos ámbitos urbanos, dispoñen de poucos contextos sociais nos que o galego funcione como lingua de relación normal.

Obxectivo específico

- Potenciar o uso do galego como lingua de relación na mocidade galega.

Medidas

- **2.4.1.** Desenvolver unha campaña de sensibilización e de información sobre a lingua galega, creando un novo discurso lingüístico no que predominen os seguintes tópicos: a competencia en dúas linguas facilita a aprendizaxe doutras novas, o galego constitúe un marcador diferenciador na Europa plurilingüe, o galego supón un elemento de acceso ao mundo lusófono, etc.
- **2.4.2.** Fomentar o uso do galego nos ámbitos sociais de máis impacto e utilización por parte dos máis novos (pubs, discos, bares musicais, etc.), establecendo convenios coas asociacións de hostaleiros e outras entidades e colectivos implicados.
- **2.4.3.** Fomentar, de acordo coas federacións e clubs correspondentes, a utilización do galego nas actividades deportivas de afeccionados e profesionais, formando os monitores e adestradores, dinamizando o uso e sensibilizando os practicantes.
- **2.4.4.** Establecer programas de dinamización da lingua galega entre os colectivos de poboación de nova inmigración.
- **2.4.5.** Desenvolver un programa estable de voluntariado lingüístico.

Grupo de medidas 2.4.B

Puntos fortes

- Uso consciente do galego como froito dunha importante concienciación lingüística por parte de certos sectores da mocidade.
- Empeza a haber grupos de mozos/as que optan polo uso relacional habitual da lingua galega.
- Parte da mocidade ve a lingua galega como símbolo dunha identidade específica que permite singularizarse con respecto ao resto de España e Europa.
- Nalgunhas partes de Galicia o galego é lingua de uso preferente entre os mozos e mozas.

Punto débil

- A relación entre iguais tende a presionar a favor do castelán e non aparecen nos medios 'líderes de opinión' galegofalantes que sexan modelos para imitar polos máis novos.

Obxectivo específico

- Reforzar o uso do galego entre os galegofalantes e proporcionarlles modelos lingüísticos galegófonos de referencia aos rapaces e rapazas de orixe castelanófona.

Medidas

– **2.4.6.** Interrelacionar mozos/as de diferentes perfís lingüísticos, a través de actividades de lecer (campamentos –de verán, urbanos, etc.–, excursións, sendeirismo, obradoiros, ludotecas, etc.).
– **2.4.7.** Fomentar a realización de obradoiros de lingua, que presenten o galego como unha actividade lúdica, co obxectivo de desfacer prexuízos entre a mocidade e de constituír un ámbito onde se practique de forma efectiva a lingua.
– **2.4.8.** Desenvolver un plan de formación lingüística e sociolingüística para persoal monitor de todo tipo de actividades destinadas ao sector da mocidade.
– **2.4.9.** Potenciar o mantemento no uso do galego ante persoas que empregan o castelán nas emisións audiovisuais (radio, televisión, etc.).
– **2.4.10.** Poñer en marcha unha campaña de mercadotecnia para promocionar axeitadamente todas as medidas que se inclúen neste obxectivo específico.

Grupo de medidas 2.4.C

Puntos fortes

- Moitas actividades xuvenís que implican produción escrita (revistas, banda deseñada, etc.) realízanse total ou maioritariamente en galego.
- Gran parte das actividades asociativas e reivindicativas favorecen a utilización do galego por parte dos mozos/as participantes.
- Moitos mozos e mozas estarían dispostos a desenvolver actividades culturais e de lecer en galego.

Punto débil

- A oferta asociativa, recreativa e de lecer en lingua galega dirixida á mocidade é moi escasa.

Obxectivo específico

- Potenciar unha oferta asociativa e de lecer en galego dirixida aos mozos e mozas.

Medidas

- **2.4.11.** Fomentar a utilización do galego nas actuacións e actividades musicais, establecendo convenios de colaboración coas asociacións profesionais pertinentes.
- **2.4.12.** Fomentar a creación de soportes diversos en galego (revistas en papel e en formato electrónico, sitios web, weblogs, etc.) que difundan as actividades de interese para a mocidade (música, deportes, cine, videoxogos, etc.), promocionando as actividades de grupos e colectivos locais.
- **2.4.13.** Ampliar as axudas existentes para galeguizar o funcionamento e as actividades das asociacións xuvenís.
- **2.4.14.** Primar o uso da lingua galega nas subvencións que se lles outorguen ás entidades que organizan actividades de lecer para a infancia e a mocidade.
- **2.4.15.** Establecer nas actividades de lecer da Xunta de Galicia unha normativa semellante á que existe para os centros educativos sobre o uso da lingua galega.

Grupo de medidas 2.4.D

Puntos fortes

- Algunhas actividades (por exemplo, a televisión en galego) favorecen o cambio de certos estereotipos sobre a lingua.
- A presenza do galego nas TVG e na súa programación infantil e xuvenil axudou considerablemente á difusión da lingua entre a mocidade de áreas rurais e urbanas.

Punto débil

- Os produtos máis consumidos pola infancia e pola mocidade (televisión, filmes, xogos electrónicos, etc.) case nunca se serven en galego.

Obxectivo específico

- Ampliar e consolidar a oferta de produtos en galego destinados ao público xuvenil.

Medidas

- **2.4.16.** Establecer acordos coas cadeas de televisión e de radio locais que emiten en Galicia para incrementar o uso do galego nos programas destinados á mocidade.
- **2.4.17.** Desenvolver unha política activa de creación e de adaptación ao galego de programas, xogos informáticos e videoxogos, de banda deseñada, e de programas audiovisuais destinados ao público mozo. Dispoñer en galego dos sistemas operativos e dos programas informáticos (e das súas actualizacións) máis utilizados, promovendo o soporte lóxico libre en galego.
- **2.4.18.** Establecer os acordos precisos para dispoñer dunha oferta abonda e competitiva de produtos audiovisuais en vídeo e en DVD en lingua galega, dobrados e/ou subtitulados.
- **2.4.19.** Fomentar a dobraxe ao galego do cine exhibido en Galicia e garantir a súa distribución e exhibición en condicións de igualdade respecto do cine en castelán.
- **2.4.20.** Fomentar a participación da mocidade nas actividades dos centros de autoaprendizaxe da lingua galega.

Sector 3. Medios de comunicación e industrias culturais

Introdución **121**
Diagnóstico do sector **123**
Obxectivos do sector **125**
Áreas de sector **125**
Área 1. Medios de comunicación **126**
Obxectivos de área **126**
Grupo de medidas 3.1.A **127**
Grupo de medidas 3.1.B **128**
Grupo de medidas 3.1.C **129**
Grupo de medidas 3.1.D **130**
Grupo de medidas 3.1.E **131**
Área 2. Industrias culturais **132**
Obxectivos de área **132**
Grupo de medidas 3.2.A **133**
Grupo de medidas 3.2.B **134**
Grupo de medidas 3.2.C **135**
Grupo de medidas 3.2.D **136**
Grupo de medidas 3.2.E **136**
Grupo de medidas 3.2.F **137**
Grupo de medidas 3.2.G **138**

Introdución

Na sociedade da información, os **medios de comunicación** desempeñan un papel fundamental, e non é totalmente falsa a afirmación de que *información é poder.* Hoxe a transcendencia de calquera idea, iniciativa, descubrimento ou acción depende en gran medida do eco que encontre nos medios. Os medios difunden noticias, entreteñen, transmiten modelos e crean estados de opinión. Na actualidade todos os cidadáns están, quéirano ou non, influídos polos medios de comunicación: os nenos teñen un amplo contacto coa televisión; os autobuses urbanos adoitan levar sintonizada algunha emisora de radio, como a levan a maioría dos condutores nos seus coches particulares cando se desprazan aos seus traballos; a TV está frecuentemente presente nas comidas de familia e chega mesmo á interioridade dos nosos cuartos de durmir. Ata alí chega no instante a noticia do que acaba de acontecer en lugares situados a milleiros de quilómetros.

No subconsciente colectivo dunha parte importante da sociedade está gravada unha certa sacralización e unha especie de principio de autoridade de todo o que se publica nos xornais, se escoita na radio ou se ve na televisión. O que sae nos medios, acontece, e o que non sae, é coma se non acontecese. E isto actúa non só respecto aos contidos, senón tamén respecto á lingua que lle dá soporte. Unha lingua que é utilizada habitualmente por aqueles medios de comunicación que unha sociedade utiliza é unha lingua con prestixio; unha lingua sen presenza neses medios, perde valor aos ollos dos seus usuarios, porque se decatan de que é pouco útil. De aí a importancia que ten a extensión dos espazos da lingua galega nos medios. Todo isto indica que os medios en lingua galega teñen que reconquistar espazos domésticos nos que día a día se conforma a lingua familiar e indica tamén que, para que os galegos teñan presente que a súa lingua existe, esta lingua precisa estar nos medios que se sintonizan en Galicia.

Pero hai máis. Hoxe os medios de comunicación son os axentes máis importantes de difusión dos estándares: o modelo de lingua culta, que a sociedade percibe como tal, xa non é tanto o que difunde a escola como o que difunden os medios. Estes poñen en circulación palabras, locucións, frases e pronunciacións, da mesma maneira que poñen en circulación modas ou crean necesidades. O aínda recente acceso do galego ao mundo da comunicación

de masas e a necesidade de incorporar profesionais en pouco tempo provoca que, moitas veces, o modelo lingüístico que se transmite presente deficiencias que cómpre corrixir.

Hoxe a **Internet** revolucionou as comunicacións pola súa universalidade, inmediatez, o seu baixo custo económico e porque, por primeira vez, un medio de comunicación é bidireccional. Cómpre apostar forte pola presenza do galego na Rede, e non só con contidos e información, que xa é fundamental neste momento, senón tamén con recursos e ferramentas de todo tipo que lles permitan aos nosos cidadáns estar instalados en galego, pero vivindo plenamente na sociedade do século XXI.

O mesmo que dicimos da Rede podémolo dicir da **telefonía móbil**. Cómpre estar atentos á evolución deste medio, para poder aproveitar as súas posibilidades a prol da lingua galega.

Moi relacionado co anterior están a **enxeñería lingüística e as tecnoloxías da fala**. A automatización das comunicacións e dos sistemas de información é algo que tocamos coas mans. Dentro de moi pouco tempo poderemos ler calquera xornal escrito en inglés, en ruso ou en chinés na lingua de cadaquén sen intervención humana, mercé ao desenvolvemento da tradución automática ou poderemos escoitar en tempo real na nosa lingua unha conferencia ditada en alemán ou en italiano, grazas á conxunción da tradución automática co recoñecemento de voz e mais a síntese de voz. Dentro de pouco, faremos as reservas dos hoteis, accederemos aos servizos de información meteorolóxica ou mercaremos as entradas para o cine a través do teléfono móbil, pero non porque ao outro lado haxa alguén que atenda o noso requirimento, senón con estacións totalmente automatizadas nas que non haberá ningunha persoa. Isto é unha realidade xa inevitable, que se nos impón. Que o galego estea presente ou ausente dese novo escenario marca definitivamente o seu futuro. A actual diferenza entre linguas maioritarias ou minoritarias, oficiais e non oficiais, vai ser substituída en poucos anos por linguas con tecnoloxía ou sen tecnoloxía. Por iso, cómpre facer un grande esforzo, porque as linguas que non consigan desenvolver ferramentas fundamentais de tecnoloxías da fala perderán o tren da modernidade, como outras que no seu tempo perderon o tren da imprenta, e atoparanse con graves problemas para seren linguas que os seus falantes perciban como útiles, porque non responderán ás esixencias que demandan as necesidades dos cidadáns.

Aínda que sexa difícil deslindar **cultura e industria cultural**, é innegable que o concepto actual de cultura inclúe dúas facetas importantes: é manifestación artística e creativa pero tamén é industria e, por este segundo aspecto, é tamén valor engadido, que inclúe o lingüístico chega con lembrar o fenómeno do Xacobeo.

A cultura asenta no noso pasado histórico, pero actualízase e proxéctase cara ao futuro na procura de potenciais consumidores.

Por outra banda, calquera feito cultural ou manifestación creativa dun pobo ten a súa singularidade e a súa forma particular de expresión. Neste sentido, a lingua, creación histórica e propia de cada comunidade, vai intimamente ligada a ela, non só porque é unha forma de transmitir unha visión do mundo, senón tamén porque é a que pode facelo de forma máis acaída. Pódese dicir, logo, que cada pobo ten a súa manifestación artística e lingüística propias. Cómpre, polo tanto, atopar fórmulas para que esta lingua milenaria poida seguir sendo vehículo de expresión da historia, pero tamén do porvir. Haberá que favorecer a presenza do galego nas industrias culturais, nomeadamente o cine, o vídeo, o teatro, o libro, a música e os museos e, en cada área, haberá que primar aqueles produtos máis innovadores e con maior impacto social.

Diagnóstico do sector

Área 1. Medios de comunicación

Puntos fortes	Puntos débiles
• Existencia dunha radio e dunha televisión de Galicia que empregan habitualmente a lingua galega nas súas emisións, que emiten durante as 24 horas do día e que chegan a todo o territorio de Galicia e mesmo a zonas de fóra da comunidade autónoma. • A existencia da CRTVG desempeña un papel importante na trama empresarial de Galicia no sector relacionado coa comunicación (produtoras, empresas de dobraxe...).	• Certas carencias da programación da TVG e RG, que non prestan a atención suficiente ás vangardas culturais e que non conectan suficientemente coa mocidade. • O modelo lingüístico que transmite non sempre é da calidade que se lle debe esixir ao medio público por excelencia de Galicia. • Insuficiente tempo de emisión en lingua galega de TVE en Galicia.

• Proxección dunha imaxe que liga a CRTVG co idioma de Galicia e coa idiosincrasia galega. • Presenza do galego na desconexión territorial de TVE en Galicia. • Certa presenza do galego nas televisións e nas radios privadas.	• Emisión de programas da TVE en Galicia, algún destinado especialmente á emigración galega, en lingua castelá. • Descoido no uso da toponimia galega por parte da TVE • Calidade lingüística ás veces moi deficiente nas radios e televisións privadas.
• Existencia dun xornal diario en galego e de varias publicacións periódicas (*A Peneira*, *A Nosa Terra*...). • Certa presenza do galego na maioría dos diarios editados en Galicia. • Alta porcentaxe de persoas que poden ler en galego. • Existencia de capital galego financiador de empresas de comunicación	• Insuficiente presenza cuantitativa do galego na prensa de maior tirada de Galicia. • A utilización do galego na maioría dos xornais de Galicia adoita estar limitada a certos tipos de temas (culturais, sucesos), pero raramente chega a outros (como as noticias internacionais). • Desaproveitamento da formación recibida en galego, xa que moitos xornalistas, mesmo militantes da lingua, acaban facendo o seu traballo en castelán. • Excesiva dependencia da rutina, que leva a moitos xornalistas a utilizar o castelán porque o fixeron toda a vida. • Influxo que ás veces exercen os mandos intermedios das empresas xornalísticas animando a non escribir en galego.
• Boa recepción popular da publicidade en galego. A igual calidade e canle, a publicidade en galego ten a mesma aceptación que en castelán. • Existencia de empresas de publicidade asentadas en Galicia.	• Inercia das empresas publicitarias, ás que lles custa romper coa rutina de publicitar en castelán. • Escasa presenza do galego na publicidade máis imaxinativa.

Área 2. Industrias culturais

Puntos fortes	Puntos débiles
• Existencia dunha industria audiovisual galega. • Existencia en Galicia de escolas de imaxe e son.	• Débil presenza de filmes dobrados ao galego nas salas comerciais.

	• O público non ten hábito de asistir a proxeccións de filmes comerciais en lingua galega. • Práctica inexistencia de dobraxe ao galego das obras cinematográficas en vídeo e DVD.
• Produción importante en música folk galega. • Existencia dun número considerable de grupos musicais en Galicia.	• Promoción insuficiente da música popular. • Presenza moi débil do galego nalgúns xéneros (pop, rock, etc.).
• Incremento practicamente constante da produción de libro en galego. • Presenza do galego en libros de todos os xéneros e temas.	• A produción en lingua galega é aínda insuficiente. • Calidade dubidosa dunha parte significativa da produción en galego. Ás veces, a opción lingüística trata de xustificar a baixa calidade da obra.
• A maioría da produción teatral, tanto institucional coma de iniciativa privada, faise en galego.	• Unha parte importante das representacións teatrais están dirixidas a minorías ou, polo menos, son percibidas desta maneira. • Pouca cultura do teatro na poboación. • Pouca promoción do teatro popular.
• Capacidade de Internet para conectar coa mocidade. • Carácter universal, cosmopolita, aberto e interactivo de Internet que a converten nun medio de expresión axeitado para a extensión do galego e para a explotación de todas as súas posibilidades expresivas e comunicativas.	• Escasa presenza aínda do galego en Internet. • O carácter universal e aberto de Internet, que pode favorecer o galego, tamén o pode danar se se utiliza na súa contra.
• Extensión imparable da telefonía móbil, tanto en número de usuarios coma en servizos. • Notable mellora das infraestruturas dos museos nos últimos anos. • Incremento do número de visitantes.	• Uso baixo do galego nas mensaxes breves a través de móbil. • Déficit de guías ben formados que se expresen en galego con naturalidade.

Obxectivos de sector

- Aumentar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación de masas, nas industrias culturais (editoriais, audiovisuais, cinematográficas, etc.) e na publicidade, de tal xeito que se garanta unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego.
- Asegurar neste sector un galego de calidade, no que se conxuguen autenticidade, estandarización e funcionalidade.
- Promover que os medios públicos ofrezan unha programación prestixiadora da lingua.

Áreas do sector

Área 1. Medios de comunicación

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Iniciar un proceso de incremento anual e constante do uso do galego nos medios de comunicación públicos e privados que supere a actual situación de marxinación e de confinamento no eido cultural.
- Lograr unha ampla oferta informativa lúdica e cultural en galego, tematicamente variada e de calidade.
- Pór ao alcance dos profesionais do sector os medios formativos, didácticos e técnicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego no seu traballo profesional.
- Incrementar a presenza do galego na publicidade comercial, especialmente na destinada ao consumidor infantil e xuvenil.
- Concienciar os comerciantes, empresarios e, especialmente, os publicistas de que o galego axuda a vender.

Grupo de medidas 3.1.A

Puntos fortes

- Existencia dunha radio e dunha televisión de Galicia que empregan habitualmente a lingua galega nas súas emisións, que emiten durante as 24 horas do día e que chegan a todo o territorio de Galicia e mesmo a zonas de fóra da comunidade autónoma.
- A existencia da CRTVG desempeña un papel importante na trama empresarial de Galicia no sector relacionado coa comunicación (produtoras, empresas de dobraxe...).
- Proxección dunha imaxe que liga a CRTVG co idioma de Galicia e coa idiosincrasia galega.

Directriz estratéxica

- Aproveitar as potencialidades difusora, industrial e simbólica da TVG e da Radio Galega.

Puntos débiles

- Certas carencias da programación da TVG, que non presta a atención suficiente ás vangardas culturais e que non conecta suficientemente coa mocidade.
- O modelo lingüístico que transmite non sempre é da calidade que se lle debe esixir ao medio público por excelencia de Galicia.

Obxectivos específicos

- Lograr que a CRTVG sexa un medio de introdución do galego nos fogares castelanfalantes.
- Conseguir que a CRTVG, proxectando unha imaxe de maior modernidade, contribúa a unha maior identificación do galego co mundo moderno.
- Acadar un modelo lingüístico que, mantendo os trazos patrimoniais do galego, proxecte unha imaxe da lingua acaída ás necesidades da vida moderna.

Medidas

– **3.1.1.** Imprimirlle á programación da CRTVG un carácter de maior modernidade.

– **3.1.2.** Incrementar os medios para a formación en galego dos traballadores das radios e televisións, tanto públicas coma privadas, esixindo nas de titularidade pública para as novas contratacións un nivel lingüístico de calidade.
– **3.1.3.** Facer un seguimento da calidade lingüística, especialmente a oral, dos medios de comunicación en Galicia.
– **3.1.4.** Establecer normas para que os entrevistadores na Radio e Televisión de Galicia utilicen sempre o galego, a non ser en casos en que a condición do entrevistado recomende utilizar outra lingua.
– **3.1.5.** Emitir programas na TVG sobre a lingua, que teñan rigor, amenidade e que xeren interese ao redor da lingua.
– **3.1.6.** Elaboración na CRTVG dunha axenda de especialistas nos máis diversos temas, cunha opinión autorizada e con dominio da lingua galega, aos que poder acudir cando a actualidade informativa esixa o comentario ou a valoración do especialista.
– **3.1.7.** Dar maior presenza ás culturas de fala portuguesa en programas da TVG. Establecer algún acordo con canles de televisión do Brasil.

Grupo de medidas 3.1.B

Punto forte

• Presenza do galego na desconexión territorial de TVE en Galicia.

Directriz estratéxica

• Aproveitar a rede de medios de comunicación privados.

Puntos débiles

• Insuficiente tempo de emisión en lingua galega de TVE en Galicia.
• Emisión dalgún programa da TVE en Galicia, destinado especialmente á emigración galega en lingua castelá e sen ningunha referencia á lingua galega.
• Descoido no uso da toponimia galega por parte da TVE.

Obxectivo específico

- Lograr un incremento notable do tempo de emisión en lingua galega na desconexión territorial da TVE.

Medidas

- **3.1.8.** Negociación coa TVE para que aumente o tempo de emisión en lingua galega na desconexión territorial, nunha proporción que sexa respectuosa coa maioría de galegofalantes habituais.
- **3.1.9.** Recuperar Radio4 como emisora de RNE que emita integramente en galego.
- **3.1.10.** As emisións de TVE dirixidas a emigrantes galegos faranse en galego, con subtítulos en castelán, de se considerar necesario.

Grupo de medidas 3.1.C

Punto forte

- Certa presenza do galego nas televisións e nas radios privadas.

Directriz estratéxica

- Aproveitar os tempos de desconexión territorial e os programas destinados, basicamente, aos emigrantes galegos para estender a lingua galega.

Punto débil

- Calidade lingüística ás veces moi deficiente nas radios e televisións privadas.

Obxectivos específicos

- Lograr un aumento do uso do galego nas programacións das radios e televisións privadas.
- Conseguir que nas cadeas privadas de ámbito estatal, as desconexións territoriais en Galicia se emitan en galego.

Medidas

- **3.1.11.** Acordar coas radios e TV locais un aumento progresivo do emprego do galego.
- **3.1.12.** Negociación coas TV locais e coas cadeas privadas con presenza en Galicia para a emisión de películas dobradas ao galego.
- **3.1.13.** As concesións de licenzas para novas emisoras de radio e TV irán acompañadas do compromiso dun aumento progresivo do uso do galego.
- **3.1.14.** Promover un congreso ou encontro de TV locais, encamiñado a discutir as estratexias para aumentar o uso do galego nas súas emisións.

Grupo de medidas 3.1.D

Puntos fortes

- Existencia dun xornal diario en galego e de varias publicacións periódicas (*A Peneira*, *A Nosa Terra*...).
- Certa presenza do galego na maioría dos diarios editados en Galicia.
- Alta porcentaxe de persoas que poden ler en galego.
- Existencia de capital galego financiador de empresas de comunicación.

Puntos débiles

- Insuficiente presenza cuantitativa do galego na prensa de maior tirada de Galicia.
- A utilización do galego na maioría dos xornais de Galicia adoita estar limitada a certos tipos de temas (culturais, sucesos), pero raramente chega a outros (como as noticias internacionais).
- Desaproveitamento da formación recibida en galego, xa que moitos xornalistas, mesmo militantes da lingua, acaban facendo o seu traballo en castelán.
- Excesiva dependencia da rutina, que leva a moitos xornalistas a utilizar o castelán porque o fixeron toda a vida.
- Influxo que, ás veces, exercen os mandos intermedios das empresas xornalísticas animando a non escribir en galego.

Obxectivos específicos

- Concienciar os profesionais do papel importantísimo que desempeñan para a normalización da lingua galega.
- Estender a utilización do galego a todas as seccións dos periódicos, máis aló do ámbito da cultura.
- Aumentar a presenza do galego nas páxinas deportivas e na prensa deportiva especializada.
- Ligar o galego á produción xornalística de maior calidade.

Medidas

- **3.1.15.** Alentar a formación de pequenos grupos comprometidos coa plena normalización da lingua galega.
- **3.1.16.** Acordar cos principais xornais de Galicia para que publiquen en galego as entrevistas feitas nesta lingua.
- **3.1.17.** Acordos cos diarios de maior tirada, para ir aumentando a presenza do galego, ata chegar en 10 anos a un mínimo dun 30%.
- **3.1.18.** Subvencións á produción en galego a cambio dunha porcentaxe, e non a priori.
- **3.1.19.** Promover un xornal deportivo en lingua galega.
- **3.1.20.** Promover máis axudas a xornais locais e comarcais que se redactan en lingua galega.

Grupo de medidas 3.1.E

Puntos fortes

- Boa recepción popular da publicidade en galego. A igual calidade, e canle, a publicidade en galego ten a mesma aceptación que en castelán.
- Existencia de empresas de publicidade asentadas en Galicia.

Directriz estratéxica

- Aproveitar as posibilidaes de difusión que ofrece a publicidade e mais as experiencias positivas de publicitar en galego.

Punto débil

- Inercia das empresas publicitarias, ás que lles custa romper coa rutina de publicitar en castelán.

Obxectivo específico

- Incrementar a publicidade en galego, sobre todo a que vaia ligada ao produto de calidade.

Medidas

- **3.1.21.** A Administración galega realizará a súa publicidade en Galicia en galego.
- **3.1.22.** Acordos coas empresas de publicidade e rotulación para que lle ofrezan sempre ao cliente a posibilidade de realizalas en lingua galega.
- **3.1.23.** Negociación cos xornais e cos demais medios de comunicación para que sistematicamente lle recorden ao cliente a posibilidade de facer os anuncios e a publicidade en galego.
- **3.1.24.** Facilitarlles ás axencias de publicidade un argumentario a prol da publicidade en galego.
- **3.1.25.** Animar os centros de ensino encargados de formar os publicistas para que o seu alumnado practique publicidade en galego.
- **3.1.26.** Distribución dunha lista completa de topónimos na súa forma oficial ás axencias de publicidade e empresas de rotulación.

Área 2. Industrias culturais

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir que os produtos de máxima difusión e demanda poidan chegar en galego á sociedade galega.
- Lograr un incremento notable da oferta de produtos culturais en galego, tanto de produción autóctona coma foránea, incidindo especialmente naqueles sectores e xéneros máis deficitarios ou desatendidos.

Grupo de medidas 3.2.A

Puntos fortes

- Existencia dunha industria audiovisual galega.
- Existencia en Galicia de escolas de Imaxe e Son.

Directriz estratéxica

- Partir da experiencia existente na industria audiovisual de Galicia.

Puntos débiles

- Débil presenza de filmes dobrados ao galego nas salas comerciais.
- O público non ten hábito de asistir a proxeccións de filmes comerciais en lingua galega.
- Práctica inexistencia de dobraxe ao galego das obras cinematográficas en vídeo e DVD.

Obxectivos específicos

- Aumentar a presenza do galego nas salas comerciais de cine en Galicia.
- Lograr unha presenza significativa de filmes en vídeo e DVD con dobraxe ao galego.

Medidas

– **3.2.1.** Promover a dobraxe ao galego de polo menos 10 filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais.
– **3.2.2.** Fomentar a publicidade e as campañas para consumir cinema en galego.
– **3.2.3.** Promover cinefórums en galego nos centros educativos, sobre todo nos non universitarios.
– **3.2.4.** Fomentarase que as producións nas que participen a Administración galega ou a CRTVG sexan distribuídas preferentemente en galego.
– **3.2.5.** Proxeccións de cine abertas en galego ao aire libre.
– **3.2.6.** A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e mais a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo distribuirán ás bibliotecas da rede pública, aos centros de ensino e ás asociacións e centros culturais produtos audiovisuais e cine-

matográficos en galego, atendendo ao seu interese documental, didáctico, científico ou artístico.

– **3.2.7.** Sinatura de convenios coas principais distribuidoras para que inclúan a versión en galego nos filmes en soporte DVD.
– **3.2.8.** Elaboración dun catálogo de vídeos e DVD que se poden mercar en galego, que será actualizado periodicamente e difundido pola Internet.

Grupo de medidas 3.2.B

Puntos fortes

- Produción importante en música folk galega.
- Existencia dun número considerable de grupos musicais en Galicia.

Directriz estratéxica

- Contar coa experiencia neste sector.

Puntos débiles

- Promoción insuficiente da música popular.
- Presenza moi débil do galego nalgúns xéneros (pop, rock, etc.).

Obxectivo específico

- Conseguir unha oferta ampla e variada en galego de todos os xéneros musicais.

Medidas

– **3.2.9.** Campaña para que as orquestras realicen o seu labor de animación en galego.
– **3.2.10.** Acordar coas orquestras que, polo menos, a metade do seu repertorio estea en galego.
– **3.2.11.** Promoción na CRTVG dos principais solistas e grupos que usen o galego.
– **3.2.12.** Solicitar ás principais distribuidoras musicais que os CD e outros materiais

promocionais de solistas galegos estean, cando menos, en galego.
- **3.2.13.** Campaña nas tendas de discos para a promoción e venda da música en galego.
- **3.2.14.** Potenciación da canción en galego mediante festivais.

Grupo de medidas 3.2.C

Puntos fortes

- Incremento practicamente constante da produción de libro en galego.
- Presenza do galego en libros de todos os xéneros e temas.

Puntos débiles

- A produción en lingua galega é aínda insuficiente.
- Calidade dubidosa dunha parte significativa da produción en galego. Ás veces, a opción lingüística trata de xustificar a baixa calidade da obra.

Obxectivo específico

- Potenciar máis a lectura e a creatividade en galego desde a escola.

Medidas

- **3.2.15.** Elaboración de produtos dirixidos á infancia e a mocidade (cómics...) en galego.
- **3.2.16.** Incrementar a política de tradución ao galego das mellores obras da literatura universal.
- **3.2.17.** Promover colección de distintos xéneros, orientadas á dimensión práctica: libros de xardinería, cultivos, bricolaxe, etc.
- **3.2.18.** Promover un proceso de reflexión entre o profesorado sobre a necesidade de fomentar no alumnado a lectura de libros en todas as materias de estudo.
- **3.2.19.** Formar o profesorado de lingua e literatura galegas en novas técnicas de ensino e aprendizaxe da literatura.
- **3.2.20.** Asumir neste plan as medidas que recolla o Pacto polo Libro.

Grupo de medidas 3.2.D

Punto forte

- A maioría da produción teatral, tanto institucional coma de iniciativa privada, faise en galego.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o alto grao de actividade teatral en galego.

Puntos débiles

- Unha parte importante das representacións teatrais están dirixidas a minorías ou, polo menos, son percibidas desta maneira.
- Pouca cultura do teatro na poboación.
- Pouca promoción do teatro popular.

Obxectivo específico

- Lograr que a mocidade se afaga a asistir ao teatro en galego.

Medidas

– **3.2.21.** Incrementar o apoio ao teatro que se fai nos centros escolares.
– **3.2.22.** Facilitar a asistencia da mocidade ás representacións teatrais en galego, mediante campañas de propaganda e a negociación de prezos accesibles para este sector.

Grupo de medidas 3.2.E

Puntos fortes

- Capacidade de Internet para conectar coa mocidade.
- Carácter universal, cosmopolita, aberto e interactivo de Internet que a converten nun medio de expresión axeitado para a extensión do galego e para a explotación de todas as súas posibilidades expresivas e comunicativas.

Directriz estratéxica

- Valerse da facilidade que ofrece a Rede para introducir o galego.

Puntos débiles

- Escasa presenza aínda do galego en Internet.
- O carácter universal e aberto de Internet, que pode favorecer o galego, tamén o pode danar se se utiliza na súa contra.

Obxectivo específico

- Incrementar a presenza do galego na Rede.

Medidas

- **3.2.23.** Todas as web dependentes ou cofinanciadas pola Administración galega deben estar en galego.
- **3.2.24.** Campaña no mundo empresarial para que as empresas utilicen o galego nas súas web.

Grupo de medidas 3.2.F

Punto forte

- Extensión imparable da telefonía móbil, tanto en número de usuarios coma en servizos.

Punto débil

- Uso baixo do galego nas mensaxes breves a través de móbil.

Obxectivo específico

- Lograr a plena incorporación do galego a todos os servizos e posibilidades que ofrece a telefonía móbil.

Medidas

– **3.2.25.** Acordos coas empresas de telefonía para que inclúan o galego no seu menú de idiomas, se é que aínda non o teñen.
– **3.2.26.** Levar a cabo as negociacións coas empresas que cumpra para que os avisos de "apagado/fóra de cobertura" sexan cando menos bilingües para as chamadas desde Galicia, ou para quen o solicite.
– **3.2.27.** Crear un dicionario de abreviaturas para mensaxes SMS.

Grupo de medidas 3.2.G

Puntos fortes

- Notable mellora das infraestruturas dos museos nos últimos anos.
- Incremento do número de visitantes.

Punto débil

- Déficit de guías ben formados que se expresen en galego con naturalidade.

Obxectivos específicos

- Lograr a plena galeguización da sinalética dos museos de Galicia.
- Que se transmita a imaxe aos visitantes de que a lingua de funcionamento dos museos é o galego.

Medidas

– **3.2.28.** Sinatura de convenios cos principais museos de Galicia para que inclúan o galego na publicidade das exposicións, paneis, folletos e na sinalética.
– **3.2.29.** Facilitarlle a formación en lingua galega ao persoal que traballa nos museos, especialmente aos guías e persoas que traballan cara ao público, para que todos teñan capacidade de expresarse en galego.
– **3.2.30.** Velar por que os cursos de formación específicos aos guías de museos se impartan en galego.

Sector 4. Economía

Introdución **141**
Diagnóstico do sector **143**
Obxectivos de sector **146**
Áreas do sector **147**
Área 1. Industria **147**
Obxectivos de área **147**
Grupo de medidas 4.1.A **147**
Grupo de medidas 4.1.B **148**
Grupo de medidas 4.1.C **150**
Área 2. Comercio **151**
Obxectivos de área **151**
Grupo de medidas 4.2.A **151**
Grupo de medidas 4.2.B **152**
Grupo de medidas 4.2.C **154**
Grupo de medidas 4.2.D **155**
Grupo de medidas 4.2.E **155**
Grupo de medidas 4.2.F **157**
Grupo de medidas 4.2.G **158**
Grupo de medidas 4.2.H **159**
Área 3. Cooperativismo **159**
Obxectivos de área **159**
Grupo de medidas 4.3.A **160**
Área 4. Banca **160**
Obxectivos de área **160**
Grupo de medidas 4.4.A **161**
Área 5. Traballo **162**
Obxectivos de área **162**
Grupo de medidas 4.5.A **162**

Introdución

É de destacar que neste sector advírtense dificultades que atinxen tanto á diagnose como á intervención, entre as que podemos indicar as que seguen:

- Invisibilidade da lingua. A proximidade estrutural do galego e do castelán e a extensión do coñecemento das dúas linguas creou en Galicia o hábito das conversas bilingües, ata o punto de que, nalgúns casos, os interlocutores nin se decatan de que un está a falar nunha lingua e o outro noutra. No sector económico esta invisibilidade é máis intensa: a tendencia a mirar para as grandes empresas e as grandes operacións escurece a presenza do galego nunha parte importante do proceso económico de produción e venda; parece ausente da economía do país e, a pesar de todo, está aí: existe pero non se percibe.
- Diversidade de empresas e actividades tanto desde o punto de vista sectorial coma xeográfico, polo que resulta difícil o establecemento dunha diagnose e dunha política de actuación.
- Necesidade de distinguir empresas (mesmo non galegas) con mercado en Galicia e empresas con mercado só exterior.
- Diversidade de tamaño empresarial: as empresas que teñen a súa clientela maioritaria fóra de Galicia tenden a considerar o galego como algo que nada ten que ver con eles, mesmo se esa é a lingua que falan a maioría dos seus traballadores no proceso de produción. Súmase o feito de que moitas empresas galegas están descubrindo por primeira vez o mercado estranxeiro e fai que só teñan ollos para a globalización. ¿É Galicia mercado suficiente para as empresas que nos interesan? ¿Interesan as empresas grandes polo posible efecto mimético ou interesan as empresas medianas e pequenas polo espallamento social? A elevada porcentaxe de pequenas e medianas empresas en Galicia dificultará calquera actuación nesta materia.
- Diversidade de relación empresarial: é moi distinto que a empresa teña moita relación directa co cliente individual (grandes almacéns, banca, supermercados, etc.) a que os seus clientes sexan outras empresas (auxiliares da automoción ou construción naval): naquelas o impacto lingüístico é socialmente importante; nestas é case irrelevante.
- Actividade empresarial en relación constante con outras entidades (empresas, provedores,

clientes) que non teñen por que coñecer o idioma galego, co que a "cadea de transmisión" se fractura en moitos momentos ao longo da xornada laboral.

– Concentración da actividade empresarial e comercial en núcleos urbanos, onde é menor o índice de falantes en galego.
– Atomización empresarial: preto de 85.000 empresas das que a maioría teñen un ou dous traballadores. Isto fai moi difícil a intervención.

Dadas as peculiaridades deste sector, resulta necesario termos en conta algunhas pautas que axudarán a un máis exitoso proceso de implementación das medidas deseñadas:

– Discurso: Coidamos que hai que insistir en que o galego é a lingua propia, maioritaria e emerxente que, cun novo proceso social, pode representar un factor positivo de mercado. Coidamos que ao discurso de que o galego é lingua en perigo e que con ela perderiamos unha parte da nosa identidade só poden ser sensibles empresas do mundo editorial galego. Para o resto do mundo empresarial este discurso sería disuasorio:
– Priorizar empresas con importante relación directa co cliente galego individual ou con importante presenza publicitaria.
– Priorizar empresas (mesmo non galegas) con mercado en Galicia do sector servizos (hostalería, téxtil, coiro, alimentación, automoción, información, sanidade). Non se debe prescindir do sector industrial nin das empresas con mercado só exterior, pero son secundarias para os efectos de recuperación da lingua; mesmo así, cómpre ter en conta que unha mesma empresa pode ter os dous sectores.
– Distinguir empresas galegas con mercado en Galicia e empresas con mercado só exterior. Nos casos de empresas de clientela non galega, o único aspecto que cómpre considerar é o respecto aos dereitos lingüísticos dos traballadores.

A Real Academia Galega advertía no ano 2002 que o futuro da lingua galega non se está xogando exclusivamente no eido cultural. Con moita frecuencia publicítase, véndese e factúrase en castelán o que se produciu ou elaborou en galego. Con moita frecuencia no mundo da empresa a lingua marca as diferenzas de categoría e nómina con máis nitidez cós uniformes de traballo. Ademais, o feito de que o voluminoso investimento publicitario deste sector se faga case só en castelán condiciona a lingua de boa parte dos procesos empresariais anteriores; e, cando promociona o produto que anuncia, tamén privilexia indirectamente (ou subliminalmente) a

lingua que vehicula a programación, a publicidade, a transacción e a factura. En cada unha destas operacións empresariais a lingua galega sae silenciosamente derrotada. Non obstante, isto non é así necesariamente: os estudos de mercado publicados polo Consello da Cultura Galega evidencian que en Galicia a exclusividade do castelán non só non é indispensable dende unha perspectiva estritamente comercial senón que, pola contra, o galego en Galicia axuda a vender.

Diagnóstico do sector

Puntos fortes	Puntos débiles
• Importante presenza do galego na base e mais no final do proceso económico (produción e mercado). • O galego é a lingua máis utilizada entre os empregados de moitas empresas nas súas relacións laborais. • Forte presenza da lingua no sector primario, maiormente no nivel artesanal, onde é case exclusiva.	• Feble presenza do galego no proceso empresarial intermedio de alto valor simbólico (creación, programación, xestión, dirección da produción, publicidade, vendas e contabilidade), maiormente das empresas medias e grandes. • Fractura da cadea lingüística nos cadros técnicos tanto por se teren que relacionar con empresas, provedores e clientes que non teñen por que coñecer o galego, como pola case total inexistencia de documentación técnica en galego que os fai sentir inseguros nesta lingua. • Esta peculiaridade dos que traballan en despachos acaba convertendo a lingua en mecanismo de distinción fronte á clase traballadora. O uso está confinado na oralidade e nos postos de baixa cualificación
• Presenza da lingua galega en todo o territorio galego e, con maior ou menor intensidade, en todos os sectores e idades, o que a converte nunha lingua axeitada para a relación laboral e comercial. • O feito de ser lingua maioritaria en Galicia convértea en vehículo de comunicación dun potencial mercado maioritario, aínda que só para unha minoría é factor de compra.	• Atomización (85.000 empresas) e escasa integración do sector primario no produto final, que impide que esas materias ou produtos básicos cheguen ao consumidor coa lingua inicial. O filtro do sector secundario anula o efecto dinamizador que no uso do galego podería ter aquel sector. • Percepción por unha parte do empresariado de que o galego é unha lingua non necesaria para as súas actividades ou que está marcada como lingua dun sector minoritario (cultura e política) ou de menor poder adquisitivo.

• Baixos índices de rexeitamento na poboación ao uso empresarial do galego (facturación, caixeiros automáticos).	• Conflitos normativos que transmitiron, ata hai moi pouco, inseguridade ao mundo económico e empresarial. A empresa tende a fuxir dos puntos de potencial discrepancia social e política, e a lingua galega aínda pode selo. • Algunhas dificultades para escribir en galego nas persoas non alfabetizadas ou insuficientemente alfabetizadas nesta lingua.
• Existencia dun grupo de empresas relevantes pertencentes a distintos sectores a que veñen dende hai tempo ofrecendo un exemplo de compromiso coa lingua galega sen repercusión comercial negativa. • Aumento da rotulación en galego, con axuda institucional, que contribúe a facer máis visible a lingua no sector	• Inercia maioritaria de non cuestionar a exclusividade do castelán como lingua empresarial. • Os poderes económicos e empresariais non se senten estimulados para o uso do galego. • (Pequeno) custo adicional da duplicidade de etiquetaxe para o mercado galego e español.
• Existencia de axudas públicas para a promoción do galego no mundo da empresa. • Existencia de recursos lingüísticos: programas de tradución e corrección ortográfica en galego, así como, cada vez máis, estudos sobre terminoloxías concretas.	• Ausencia de avaliación da produtividade destas axudas. • Aproveitamento “non sincero” destas axudas. • Insuficiencia dos medios informáticos e de xestión en galego. • Escasa utilización do galego en documentos técnicos, por non asociarse este idioma a este tipo de actividades. • Escaso interese empresarial polos correctores. • Insuficiencia dos servizos de tradución e terminoloxía. • Desconexión entre os procesos de formación en galego e de implantación desta lingua na empresa.
• Crecente compromiso das empresas cos valores ecolóxicos e culturais, entre os que a lingua propia ocupa un lugar importante.	• As clases medias altas e dirixentes do mundo económico e financeiro, que son as “locomotoras” do país, seguen a usar maioritariamente o castelán. • Inercia histórica no mundo da empresa, allea aos compromisos lingüísticos e culturais.

	• Crecente apertura da empresa galega ao exterior, para o que se busca unha lingua polivalente. Moitas empresas galegas están descubrindo por primeira vez o mercado estranxeiro.
• A lingua é un factor de identificación tanto das empresas galegas como das empresas foráneas que distribúen os seus produtos e servizos en Galicia. • Existencia de consumidores que prefiren os produtos e os servizos que se lle ofrezan en galego.	• Medo na clase empresarial a posicionarse respecto do galego, pola posibilidade de causar rexeitamento en sectores de clientes. • Dúbida empresarial de que na relación custo/beneficio a opción polo galego sexa rendible para unha empresa. • Indiferenza da maioría dos consumidores ante a ausencia do galego na etiqueta dos produtos.
• Lexitimidade do emprego do galego nos documentos oficiais da empresa. • Lei 125/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuarios. • Decreto 101/1985, do 23 de maio, sobre a utilización do idioma galego na etiquetaxe e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia. • Existencia de disposicións legais para fomentar o uso da lingua na etiquetaxe.	• Actitude negativa dalgunhas institucións (maiormente rexistros mercantís) a recibiren escritos en galego e a mandaren as súas comunicacións neste idioma. • Escasa utilización do galego en moitos organismos públicos (Facenda, cámaras de comercio, rexistros mercantís...). • Ambigüidade do Estatuto galego de consumidores e usuarios (“Para estes efectos, e no ámbito da Comunidade Autónoma galega, propiciarase o emprego do galego”) e do Decreto 101/1985 que deixa ao libre albedrío a utilización do galego, “amais do castelán”.
• Clima favorable para a publicidade en lingua galega debido á acción dos medios de comunicación en galego que a foron facendo cousa normal. • Actitude favorable de importantes empresas non galegas a se anunciaren en galego. • Sensación de incoherencia cando a publicidade se fai en castelán en medios monolingües galegos.	• Inercia ou actitudes negativas de empresas de publicidade. En xeral, pouco uso do galego nos medios de comunicación. • Actitude contraria dalgunhas empresas galegas a se anunciaren en galego.

• Receptividade da base sindical a iniciativas de promoción do galego no sector económico. • Identificación dalgúns produtos galegos como produtos de calidade. • Nun mundo globalizado valórase tamén máis o local (glocalización), que implica resaltar o propio e consideralo máis auténtico.	• Lixeiro decaemento da reivindicación da lingua na actividade sindical. • Limitacións nas normativas de etiquetaxe. • Debido á globalización, as empresas galegas ou de capital galego [¿e as/a multinacionais?] venden noutras linguas e abandonan o galego.
• Crecente peso da Internet e mais das novas tecnoloxías que abaratan o custo dos usos plurilingües. • Capacidade das novas tecnoloxías para instaurar novas regras de xogo, coas que o mundo virtual se converte nun campo alternativo e experimental.	• Baixo nivel de acceso das empresas galegas ás TIC (sensiblemente inferior á media española). • Os cadros medios, que son os que máis usan as novas tecnoloxías, normalmente non favorecen o uso do galego. • Aínda que Internet recoñece o uso de todas as linguas, é claro que as gañadoras son as linguas de maior número de falantes.
• A proximidade lingüística do galego co portugués e mais co castelán favorece a intelixibilidade da lingua galega na relación comercial cos países veciños.	• Infravaloración recíproca do portugués e do galego. • Situación sociopolítica adversa á hora de que no resto de España se valore positivamente ou non se rexeiten as singularidades culturais.

Obxectivos de sector

- Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias.
- Estender o uso da lingua galega nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
- Fomentar nos consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.

Áreas do sector

Área 1. Industria

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover a incorporación do uso do galego, especialmente nas empresas punteiras da economía galega.
- Incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as empresas.
- Garantir o uso do galego no sector industrial público dependente das distintas administracións que desenvolven actividade en Galicia.

Grupo de medidas 4.1.A

Punto forte

- Importante presenza do galego na base e mais no final do proceso económico (produción e mercado). O galego é a lingua máis utilizada entre os empregados de moitas empresas nas súas relacións laborais.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar o potencial económico que ofrece a presenza do galego en todos os sectores da sociedade.
- Incentivo e soporte aos axentes económicos.

Puntos débiles

- Feble presenza do galego no proceso empresarial intermedio de alto valor simbólico (creación, programación, xestión, dirección da produción, publicidade, vendas e contabilidade), maiormente das empresas medias e grandes.
- Fractura da cadea lingüística nos cadros técnicos tanto por se teren que relacionar con empresas, provedores e clientes que non teñen por que coñecer o galego, como pola case

total inexistencia de documentación técnica en galego que os fai sentir inseguros nesta lingua.

- Esta peculiaridade dos que traballan en despachos acaba convertendo a lingua en mecanismo de distinción fronte á clase traballadora. O uso está confinado na oralidade e nos postos de baixa cualificación.

Obxectivo estratéxico

- Asegurar a presenza do galego en toda a cadea económica.

Medidas

- **4.1.1.** Campaña para facer ver que moitas das relacións técnicas se realizan de feito entre persoas que coñecen e usan o galego.
- **4.1.2.** Elaborar e facilitarlle a cada sector económico (maiormente no sector servizos) a documentación e asesoramento lingüístico necesario para que os cadros técnicos poidan desenvolver en galego a súa actividade e sexa posible así conservar a lingua en todo o proceso produtivo.
- **4.1.3.** Programar actividades formativas (lingüísticas, sociolingüísticas e psicolingüísticas) que lles permitan aos cadros técnicos desenvolver en galego a súa actividade.
- **4.1.4.** Realizar en galego os cursos de formación en TIC (Office, web e similares).
- **4.1.5.** Fixar unha porcentaxe das axudas de formación continua para a formación de empregados no uso do galego ou desenvolvemento de iniciativas internas do uso do galego.
- **4.1.6.** Asinar convenios cos colexios e asociacións profesionais para facilitarlles ás empresas a súa actividade en galego.

Grupo de medidas 4.1.B

Puntos fortes

- Existencia de axudas públicas para a promoción do galego no mundo da empresa.
- Existencia de recursos lingüísticos: programas de tradución e corrección ortográfica en galego, así como, cada vez máis, estudos sobre terminoloxías concretas.

Directriz estratéxica

- Aproveitar os resultados positivos das axudas á promoción do galego na empresa.

Puntos débiles

- Ausencia de avaliación da produtividade destas axudas.
- Aproveitamento "non sincero" destas axudas.
- Insuficiencia dos medios informáticos e de xestión en galego.
- Escasa utilización do galego en documentos técnicos, por non asociarse este idioma a este tipo de actividades.
- Escaso interese empresarial polos correctores.
- Insuficiencia dos servizos de tradución e terminoloxía.
- Desconexión entre os procesos de formación en galego e de implantación desta lingua na empresa.

Obxectivo específico

- Incrementar os recursos lingüísticos e ofrecer as ferramentas tecnolóxicas que permitan que a empresa desenvolva a súa actividade en galego.

Medidas

– **4.1.7.** Continuidade das axudas públicas existentes para a galeguización de empresas, outorgándolles prioridade ás accións con carácter perdurable e global.
– **4.1.8.** Avaliación anual da produtividade das axudas e da súa correcta utilización.
– **4.1.9.** Promover a coordinación de todos os organismos públicos para que haxa un impulso común polo galego.
– **4.1.10.** Impulsar a acción do TERMIGAL dotándoo de maiores recursos técnicos e humanos.
– **4.1.11.** Impulsar con firmeza a elaboración das novas tecnoloxías da fala aplicables ao mundo económico (programas de contabilidade, facturación, nóminas etc.).

Grupo de medidas 4.1.C

Punto forte

- Crecente compromiso das empresas cos valores ecolóxicos e culturais, entre os que a lingua propia ocupa un lugar importante.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar a mentalidade moderna de reencontro ecoloxista co local e co diferente.
- Aproveitar a infraestrutura de TurGalicia para vincular patrimonio turístico e cultural coa lingua.

Puntos débiles

- As clases medias altas e dirixentes do mundo económico e financeiro, que son as "locomotoras" do país, seguen a usar o castelán.
- Inercia histórica no mundo da empresa, allea aos compromisos lingüísticos e culturais.
- Crecente apertura da empresa galega ao exterior, para o que se busca unha lingua polivalente. Moitas empresas galegas están descubrindo por primeira vez o mercado estranxeiro.

Obxectivo específico

- Vincular galego a ecoloxía, cultura e desenvolvemento sostible.

Medidas

– **4.1.12.** Campaña publicitaria vinculando os *produtos estrela* de Galicia co patrimonio lingüístico.

– **4.1.13.** Campaña publicitaria vinculando a natureza, o turismo rural, a cadea ecolóxica cos nomes das cousas e dos lugares e coa lingua que neles se creou e pervive.

– **4.1.14.** Reorientar a promoción turística de Galicia de xeito que o turista, que vén buscando a diferenza e que a leva consigo como un trofeo, perciba tamén a vitalidade da lingua galega e poida levar tamén algo dela.

– **4.1.15.** Editar uns folletos cuns mínimos rudimentos da lingua galega (conversación) e da súa historia. E incorporalos á cadea de promoción turística.

Área 2. Comercio

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Alentar as empresas a valorar os beneficios derivados da incorporación da lingua galega ás actividades comerciais.
- Promover o establecemento da oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica comercial habitual.

Grupo de medidas 4.2.A

Puntos fortes

- Presenza da lingua galega en todo o territorio galego e, con maior ou menor intensidade, en todos os sectores e idades, o que a converte nunha lingua axeitada para a relación laboral e comercial.
- O feito de ser lingua maioritaria en Galicia convértea en vehículo de comunicación dun potencial mercado maioritario, aínda que só para unha minoría é factor de compra.
- Baixos índices de rexeitamento na poboación ao uso empresarial do galego (facturación, caixeiros automáticos).

Directriz estratéxica

- Aproveitar que a maioría da sociedade utiliza o galego en gran parte das súas relacións.

Puntos débiles

- Percepción por unha parte do empresariado de que o galego é unha lingua non necesaria para as súas actividades ou que está marcada como lingua dun sector minoritario (cultura e política) ou de menor poder adquisitivo.

- Conflitos normativos que transmitiron ata hai moi pouco inseguridade ao mundo económico e empresarial. A empresa tende a fuxir dos puntos de potencial discrepancia social e política, e a lingua galega aínda pode selo.
- Algunhas dificultades para escribir en galego nas persoas non alfabetizadas ou insuficientemente alfabetizadas nesta lingua.

Obxectivo específico

- Implantar a idea de que o galego é lingua de todos os sectores sociais independentemente das diferenzas ideolóxicas e culturais.

Medidas

- **4.2.1.** Campaña nos medios de comunicación que dea do galego unha imaxe de lingua maioritaria, propia e emerxente e que a asocie a progreso social e económico e que faga ver que a lingua ten valor económico (e da que hoxe dependen moitos postos de traballo e empresas enteiras).
- **4.2.2.** Pacto pola fala de entidades empresariais, políticas, sindicais e académicas para lle quitar á lingua marcas de partido ou de inestabilidade, explicitando compromisos e iniciativas.
- **4.2.3.** Comunicación oficial da Xunta de Galicia ás empresas recomendando actitude favorable á lingua.
- **4.2.4.** Establecemento da Oferta positiva nun número significativo de empresas e creación dun distintivo oficial, apoiado nunha campaña de TV.
- **4.2.5.** Promoción da facturación por defecto en galego.

Grupo de medidas 4.2.B

Puntos fortes

- Existencia dun grupo de empresas relevantes pertencentes a distintos sectores que veñen dende hai tempo ofrecendo un exemplo de compromiso coa lingua galega sen repercusión comercial negativa.

- Aumento da rotulación en galego, con axuda institucional, que contribúe a facer máis visible a lingua no sector.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar a experiencia do éxito económico das empresas que deron o paso de traballar en galego.
- Aproveitar a existencia de organismos públicos con incidencia no sector económico.
- Utilizar a exención fiscal prevista na Lei de normalización lingüística.

Puntos débiles

- Inercia maioritaria de non cuestionar a exclusividade do castelán como lingua empresarial.
- Os poderes económicos e empresariais non se senten estimulados para o uso do galego.
- (Pequeno) custo adicional da duplicidade de etiquetaxes para o mercado galego e español.

Obxectivo específico

- Conseguir nun período curto de tempo a incorporación ao uso do galego dun grupo estratéxico de empresas.

Medidas

– **4.2.6.** Invitación a un grupo de dez empresas estratéxicas cada ano a que incorporen o galego á súa actividade. Cinco persoas relevantes de Galicia presentaranlle un proxecto previamente deseñado para esa empresa, que mellore a imaxe social dela e lle garanta certa publicidade.

– **4.2.7.** Facilitar o material técnico e as axudas precisas para que as empresas non renuncien a usar ou seguir usando o galego nas súas actividades.

– **4.2.8.** Incremento das axudas ás empresas polo uso do galego e bonificación no tratamento fiscal dos custos nos que incorren as empresas (doazón para un ben cultural).

– **4.2.9.** Incorporar como criterio das concesións de axudas públicas ou contratos coa

Administración pública a implicación da empresa no uso do galego, introducindo en todas as axudas unha cláusula de promoción do galego.

– **4.2.10.** Campaña de recuperación da memoria empresarial con conciencia de país (Peinador, A. Bóveda, Fernández, Ánxel Casal, Sargadelos...) e premio anual a empresas galeguizadas.

Grupo de medidas 4.2.C

Punto forte

- A lingua é un factor de identificación tanto das empresas galegas como das empresas foráneas que distribúen os seus produtos e servizos en Galicia.

Directriz estratéxica

- Aproveitar os datos favorables do MSG e do estudo de mercado do CCG para mobilizar o sector cara ao galego.

Punto débil

- Medo na clase empresarial a posicionarse respecto do galego, pola posibilidade de causar rexeitamento en sectores de clientes.

Obxectivo específico

- Crear rendibilidade do galego facendo visible a lingua.

Medidas

– **4.2.11.** Facer un novo estudo de mercado que mida non tanto opinións (xa coñecidas) canto comportamentos lingüísticos reais neste eido.

– **4.2.12.** Difundir os datos resultantes.

Grupo de medidas 4.2.D

Punto forte

- Existencia de consumidores que prefiren os produtos e os servizos que se lles ofrezan en galego.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o valor de mercado que representa a masa social que considera que o galego é un valor engadido de certas mercadorías.

Puntos débiles

- Dúbida empresarial de que na relación custo/beneficio a opción polo galego sexa rendible para unha empresa.
- Indiferenza da maioría dos consumidores ante a ausencia do galego na etiqueta dos produtos.

Obxectivo específico

- Crear rendibilidade do galego facendo visible a aceptación comercial desta lingua.

Medida

– **4.2.13.** Campañas para facer visible e estimular ese tanto por cen de clientes que di preferir un produto se está etiquetado en galego.

Grupo de medidas 4.2.E

Puntos fortes

- Lexitimidade do emprego do galego nos documentos oficiais da empresa. Lei 125/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuarios.
- Existencia de disposicións legais para fomentar o uso da lingua na etiquetaxe. Decreto 101/1985, do 23 de maio, sobre a utilización do idioma galego na etiquetaxe e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia.

Directriz específica

- Aproveitamento da lexislación existente (nomeadamente a Lei de normalización lingüística).

Puntos débiles

- Actitude negativa dalgunhas institucións (maiormente rexistros mercantís) a recibiren escritos en galego e a mandaren as súas comunicacións neste idioma.
- Escasa utilización do galego en moitos organismos públicos (Facenda, cámaras de comercio, rexistros mercantís...).
- Ambigüidade do Estatuto galego de consumidores e usuarios ("Para estes efectos, e no ámbito da Comunidade Autónoma galega, propiciarase o emprego do galego") e do Decreto 101/1985 que deixa ao libre albedrío a utilización do galego, "amais do castelán".

Obxectivos específicos

- Crear rendibilidade difundindo os dereitos lingüísticos dos cidadáns e dos consumidores.
- Impulsar o exercicio deses dereitos.

Medidas

– **4.2.14.** Resolver os problemas xurídicos que puidese haber e que dificultan ou impiden o uso do galego no sector económico.
– **4.2.15.** Instalar en todos os organismos públicos e en lugar visible un cartel que informe do dereito do cidadán ou consumidor a expresarse oralmente ou documentalmente en galego.
– **4.2.16.** Promover xunto co Consello Galego de Consumidores, unha iniciativa lexislativa que recoñeza mellor os dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios.

Grupo de medidas 4.2.F

Puntos fortes

- Clima favorable para a publicidade en lingua galega debido á acción dos medios de comunicación en galego que a foron facendo cousa normal.
- Actitude favorable de importantes empresas non galegas a se anunciaren en galego.
- Sensación de incoherencia cando a publicidade se fai en castelán en medios monolingües galegos.

Puntos débiles

- Inercia ou actitudes negativas de empresas de publicidade. En xeral, pouco uso do galego nos medios de comunicación.
- Actitude contraria dalgunhas empresas galegas a se anunciaren en galego.

Obxectivo específico

- Potenciar a publicidade en galego

Medidas

- **4.2.17.** Establecer unha colaboración institucional coas universidades (nomeadamente coas facultades que crean cadros técnicos para o mundo empresarial) para que permanentemente elaboren traballos e desenvolvan programas que clarifiquen e estimulen o feito publicitario en galego e para que aumente a porcentaxe de materias explicadas en galego nas que se formen os futuros publicistas e técnicos.
- **4.2.18.** Promover unhas xornadas anuais para estudar e estimular a publicidade en galego.
- **4.2.19.** Creación dun premio anual á mellor campaña publicitaria en galego.
- **4.2.20.** Subvencionar e animar a publicidade en galego, centrando o esforzo nas empresas de publicidade.

Grupo de medidas 4.2.G

Puntos fortes

- Identificación dalgúns produtos galegos como produtos de calidade.
- Nun mundo globalizado valórase tamén máis o local (glocalización), que implica resaltar o propio e consideralo máis auténtico.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a alta implantación do galego nos sectores produtivos.

Puntos débiles

- Limitacións nas normativas de etiquetaxe.
- Debido á globalización, as empresas galegas ou de capital galego venden noutras linguas, e abandonan o galego.

Obxectivo específico

- Dar os pasos necesarios para ampliar a base legal do uso comercial do galego.

Medidas

– **4.2.21.** Promover que nas etiquetas multilingües e nas instrucións de uso e de consumo dos produtos que se vendan en Galicia teña cabida tamén a lingua galega.
– **4.2.22.** Resolver as trabas legais para a etiquetaxe e normalizar en galego as marcas de calidade e as denominacións de orixe.
– **4.2.23.** Promover nos produtos galegos etiqueta tripla (galego, castelán, inglés) ou cuádrupla (galego, portugués, castelán, francés).

Grupo de medidas 4.2.H

Punto forte

- A proximidade lingüística do galego co portugués e mais co castelán favorece a intelixibilidade da lingua galega na relación comercial cos países veciños.

Directriz estratéxica

- Atención ao mercado portugués.

Puntos débiles

- Infravaloración recíproca do portugués e do galego.
- Situación sociopolítica adversa á hora de que no resto de España se valore positivamente ou non se rexeiten as singularidades culturais.

Obxectivo específico

- Aproveitamento do potencial mercado lusofalante.

Medidas

- **4.2.24.** Ampliar institucionalmente e comercialmente o acordo do Eixo Atlántico da libre circulación das linguas galega e portuguesa nas relacións comerciais dentro da rexión Galicia-Norte de Portugal.
- **4.2.25.** Maior desenvolvemento das institucións de relación que xa existen (Eixo Atlántico) e contemplar a ampliación a outros países lusofalantes.

Área 3. Cooperativismo

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover nas cooperativas de Galicia o uso da lingua galega como lingua de relación interna entre os seus asociados e de uso administrativo na documentación que a súa actividade xere.

- Potenciar que as cooperativas galegas empreguen a lingua galega nas relacións comerciais cos seus clientes e como indicativo identitario dos seus produtos.

Grupo de medidas 4.3.A

Punto forte

- Existencia dun certo número de cooperativas que abranguen amplos sectores económicos que utilizan o galego como lingua comercial.

Punto débil

- Falta de uso da lingua galega nas cooperativas máis sobranceiras.

Obxectivo específico

- Lograr a galeguización das principias cooperativas galegas.

Medida

– **4.3.1.** Convocar os representantes das máis importantes cooperativas dos distintos sectores co obxecto de acordar as medidas conducentes á galeguización da súa actividade.

Área 4. Banca

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Estender a práctica entre as entidades bancarias e caixas de aforro de utilizar a lingua galega na documentación informativa e contractual, nos servizos en liña e na atención ao público.
- Promover o establecemento da Oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica habitual na banca.

Grupo de medidas 4.4.A

Puntos fortes

- Crecente peso da Internet e mais das novas tecnoloxías que abaratan o custo dos usos plurilingües.
- Capacidade das novas tecnoloxías para instaurar novas regras de xogo, coas que o mundo virtual se converte nun campo alternativo e experimental.

Puntos débiles

- Baixo nivel de acceso das empresas galegas ás TIC (sensiblemente inferior á media española).
- Os cadros medios, que son os que máis usan as novas tecnoloxías, normalmente non favorecen o uso do galego.
- Aínda que Internet recoñece o uso de todas as linguas, é claro que as gañadoras son as linguas de maior número de falantes.

Obxectivo específico

- Facilitar acceso a programación e aplicacións en galego e asesoramento en lingua galega.

Medidas

– **4.4.1.** Acordos institucionais da Xunta de Galicia coas universidades e mais as empresas de TIC para produción de programas e soporte técnico en galego. Utilizaríase a Rede para a difusión destas ferramentas.

– **4.4.2.** Establecer un plan de axudas para o acceso ás TIC e para a presenza comercial na Rede supeditado ao uso que se faga da lingua galega.

– **4.4.3.** Establecer acordos para que na selección de persoal, especialmente daquel destinado á atención directa ao público, se garanta a competencia lingüística en galego que permita poñer en práctica a Oferta positiva.

– **4.4.4.** Establecer acordos entre a Administración e a banca para que aquela lle forneza unha actualización terminolóxica continuada que dea resposta ás necesidades neste ámbito.

Área 5. Traballo

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Xeneralizar o uso do galego como lingua de traballo e das relacións laborais.
- Asegurar unha maior presenza do galego nas carreiras técnicas, na formación profesional e no ensino non regrado.
- Comprometer os sindicatos e outras organizacións de traballadores no proceso normalizador da lingua galega.
- Garantir o dereito dos traballadores a utilizar a lingua galega nas súas relacións laborais.

Grupo de medidas 4.5.A

Punto forte

- Receptividade da base sindical a iniciativas de promoción do galego no sector económico.

Punto débil

- Lixeiro decaemento da reivindicación da lingua na actividade sindical.

Obxectivo específico

- Darlle un novo impulso á colaboración sindical no proceso normalizador.

Medida

– **4.5.1.** Programar cos sindicatos, comités de empresa e Consello Galego de Relacións Laborais a introdución dos dereitos lingüísticos dos traballadores como cláusula de oficio en todos os convenios colectivos.

Sector 5. Sanidade

Introdución **165**
Diagnóstico do sector **167**
Obxectivos de sector **171**
Áreas do sector **171**
Área 1: Sanidade pública e privada **171**
Obxectivos de área **171**
Grupo de medidas 5.1.A **172**
Grupo de medidas 5.1.B **173**
Grupo de medidas 5.1.C **174**
Grupo de medidas 5.1.D **175**
Grupo de medidas 5.1.E **175**
Grupo de medidas 5.1.F **176**
Grupo de medidas 5.1.G **177**
Área 2. Farmacia **179**
Obxectivos de área **179**
Grupo de medidas 5.2.A **179**
Grupo de medidas 5.2.B **180**
Grupo de medidas 5.2.C **181**
Área 3. Veterinaria **182**
Obxectivos de área **182**
Grupo de medidas 5.3.A **182**
Grupo de medidas 5.3.B **183**
Grupo de medidas 5.3.C **184**
Grupo de medidas 5.3.D **184**
Grupo de medidas 5.3.E **185**
Área 4. Colexios oficiais **186**
Obxectivos de área **186**
Grupo de medidas 5.4.A **186**

Introdución

O usuario dos servizos sanitarios é un cidadán que, nunha situación de precariedade, transitoria ou definitiva, demanda un servizo esencial para a súa supervivencia ou para a calidade da súa vida. Calquera manual deontolóxico dirá que o primeiro que precisa un enfermo é sentirse acollido de maneira personalizada: isto implica, nos casos nos que interveña a comunicación oral, sentirse acollido na súa propia lingua, ese código lingüístico que leva directamente á afectividade da persoa que se quere auxiliar. É certo que importantes atencións médicas, maiormente as cirúrxicas, poden poñerse en práctica sen comunicación co paciente e mesmo con anestesia total deste, pero en todos os outros casos nos que a palabra forma parte do proceso terapéutico, parece que nada pode ser máis eficaz cá lingua do paciente.

O paciente só explica con precisión os seus síntomas falando a lingua materna, con todos os matices da linguaxe e mesmo coas súas representacións mentais que el coñece perfectamente: só o médico que se comunique nesa mesma lingua pode facer un verdadeiro diagnóstico, máis profundo e máis exacto. En psiquiatría ou en xerontoloxía isto chega a ser decisivo porque o córtex cerebral, onde se almacenan as linguas aprendidas, é o primeiro en padecer lesións, mentres que a lingua materna queda fixada na parte máis interior.

García Sabell contaba das súas prácticas en Madrid con Gregorio Marañón o caso dun galego cun problema psicosomático que só desbloqueou a súa mente e puxo en marcha o propio proceso terapéutico cando lle empezaron a falar na lingua da súa infancia.

Finlandia foi o primeiro país que lexislou (Lei 785/1992) verbo dos dereitos dos pacientes e entre estes estaba a toma en consideración da lingua materna do paciente e o Parlamento aprobou (19.2.2000) que, non habendo no centro médico máis próximo persoal sanitario que falase a lingua do paciente, se fixese o traslado do enfermo a outro hospital onde lle falen a súa lingua. A decisión tivo axiña eco no Canadá e nos Estados Unidos. Bélxica modificou no ano 2001 a súa lexislación para introducir os dereitos dos pacientes, entre os que están os dereitos lingüísticos. Na medida do posible utilizarase a lingua materna do paciente ou, no caso dos inmigrantes, unha lingua comprensible para el.

E cómpre prestar atención ao feito de que, en situación de debilidade psicolóxica

o usuario do servizo médico pode tender a ocultar a súa lingua galega, maiormente se algunha vez lle imbuíron a idea de que falar o galego era falar mal e falar o castelán era falar ben, cousa por outra banda moi frecuente entre os maiores de trinta anos: esta **ocultación da lingua propia** pode ser paradoxalmente un indicio da vontade do usuario de saír do pozo en que está metido e de achegarse a un ser superior que o pode curar. O paciente galegofalante pode empezar falando o castelán, a lingua que supón que é a lingua do médico, como unha maneira de atraelo, de facelo propicio, de conquistar a súa axuda técnica, de facilitarlle as cousas facendo que o médico se sinta cómodo no seu territorio lingüístico. Pero a intelixencia dos traballadores do servizo de saúde debe permitirlles detectar esta ocultación e percibir un galegofalante oculto baixo a máscara dun castelanfalante aparente. O cariño con que deben tratalo fará o resto, sen que aquí haxa que especificar máis, porque, se nunha democracia o cidadán é o soberano e o administrador é un servidor, na área sanitaria, a persoa do usuario é moito máis ca prioritaria.

Coherente con isto, **a doutrina deste PNL, como xa se dixo, non é que haxa que tratar en galego a quen non fala galego**, pero que, si, hai que tratar en galego a maioría da poboación que, segundo todas as estatísticas permanentemente actualizadas, é galegofalante permanente ou ocasional ata cifras que superan o 80%. Isto, e mais a realidade histórica, é o que fai que o galego sexa constitucionalmente *lingua propia de Galicia*. Pero **non é a lingua o suxeito de dereitos na medicina, senón o usuario**. A idea básica é que o emprego do galego (e do castelán, cando corresponda) mellorará a relación do médico co paciente e a eficacia do traballo sanitario. É certo que os coñecementos técnicos do médico marcan, en por eles, unha distancia co paciente e que esa distancia explica a confianza que o paciente deposita no médico, pero son os coñecementos técnicos do médico e non a lingua que usa a que realmente sustenta esa confianza. En definitiva, **o castelán non é unha lingua áulica que garanta por distanciamento un placebo de eficacia terapéutica**. Carece de base científica a crenza de que o galego sexa incapaz de vehicular plenamente esta actividade técnica, por máis que, conxunturalmente, poidamos ter carencias terminolóxicas ou sanitarios con algunhas deficiencias no uso da lingua galega. Sendo isto así, é moi importante que o persoal sanitario tome a iniciativa de non finxir que o uso do castelán é indispensable para un correcto funcionamento da sanidade ou para a

curación do paciente; é importante, ademais, que non se perciba que o fai como un acto de condescendencia paternalista senón como recoñecemento dun dereito que ten o usuario que demanda os seus servizos. A posición de superioridade técnica fai que sexa el e non o paciente quen ten que dar o paso de abrir o diálogo en galego e, eventualmente, se o paciente non é galegofalante, pasar despois ao castelán: isto é a Oferta positiva, espírito deste PNL. É o persoal sanitario, de calquera nivel, quen ten que facer o camiño de aproximación lingüística ao paciente, non ao revés. É importante sinalar que, precisamente no eido da medicina hai moitos profesionais que, sen darlle este nome, veñen dende sempre practicando esta Oferta positiva e que o seu efecto na relación paciente–médico é moi beneficiosa.

A utilización da lingua galega na área médica contribúer a desbloquear o galego e a impulsar o seu uso mesmo noutras áreas porque:

- A elevada consideración social que teñen os servizos sanitarios favorece que as medidas de normalización do galego que neles se poñan en práctica resulten exemplares e teñan un impacto positivo na poboación;
- O gran número de contactos que os cidadáns teñen co sistema sanitario multiplica o rendemento das actividades de promoción do idioma que se efectúen no dito sector.

A sanidade é clave para o mantemento e recuperación do idioma galego. Pero a sanidade non se limita á relación médico-paciente: o sector da sanidade ten, polo menos, seis áreas definidas e en todas elas cómpre intervir.

Feita unha diagnose da situación e delimitados os puntos fortes e débiles do idioma galego no sector sanitario, propóñense os seguintes obxectivos e medidas para procurar a recuperación e potenciación do galego na sanidade.

Diagnóstico do sector

Puntos fortes	Puntos débiles
• Uso maioritario do galego por parte de dous terzos da poboación (e uso oculto de case outro vinte por cen). • Existencia dun marco legal que permite o uso e promoción do galego.	• Insuficiente correspondencia entre lingua do paciente e lingua do persoal sanitario: parte do persoal sanitario non parece ter opinión sobre a conveniencia terapéutica de utilizar a lingua do paciente.

	• Normativa insuficiente na protección do galego do usuario. O Decreto 316/90, do 8 de xuño, e a Orde do 26 de xuño de 1995 non inclúen ningunha referencia ao respecto. • Ausencia dunha planificación normalizadora específica para o sector. Insuficiente número de campañas de promoción e concienciación. As asociacións profesionais e os directivos non se involucran na política normalizadora.
• A documentación normativa, a sinalética dos centros públicos, as publicacións oficiais, así como as aplicacións informáticas provenientes da Consellería de Sanidade e do Sergas están en galego.	• Non se emprega maioritariamente o galego para os rexistros de datos das historias médicas. • Os programas informáticos utilizados polo persoal sanitario nas áreas periféricas está maioritariamente en castelán. • Frecuentemente a renovación das sinalizacións e dos formularios usados nos centros sanitarios faise en castelán.
• *Diccionario galego de termos médicos* e vocabulario en fase de elaboración.	• Escasas publicacións formativas e divulgativas en galego. • Situación menos aberta aínda en boa parte das entidades médicas privadas.
• Existencia dunha Comisión de Normalización na Facultade de Medicina e incremento de alumnado portugués nesta facultade.	• Insuficientes recursos lingüísticos e terminolóxicos.
• Medrou a proporción de profesionais capaces de escribiren en galego (cursos de galego). • Gran parte do persoal sanitario ten competencia lingüística oral suficiente para desenvolver o seu labor profesional en lingua galega. • Constátase un notable incremento no uso do galego coloquial no trato co paciente, mesmo en persoas que non o falan habitualmente.	• Escaso uso do galego no ensino da medicina e na comunicación científica.

• Melloraron as actitudes de profesionais e poboación en xeral cara ao uso da lingua galega. • Uso protocolario do galego por parte dos responsables do sector sanitario público.	
• Escritos da Consellería de Sanidade e receitas do Sergas (impresas) en galego.	• Perversión do sistema de puntuación por cursos de galego que non inflúe suficientemente no uso profesional do galego. • A utilización do galego falado é case inexistente entre os directivos do sistema sanitario. O seu uso é menor canto maior é a cualificación profesional. • Mobilidade dos profesionais sanitarios, chegada cada vez maior de profesionais de fóra, sobre todo especialistas, que dificulta o crecemento da porcentaxe de uso da nosa lingua no sector. • Constátase unha gran dificultade para a normalización do galego na sanidade privada.
• Existencia dun importante número de boticas no rural nas que se constata o uso habitual do galego na poboación e na relación directa cotiá do farmacéutico cos usuarios.	• Escaso uso do galego nos escritos dos colexios farmacéuticos. • As receitas do Sergas veñen maioritariamente cubertas en castelán. • Os prospectos e cartonaxes dos medicamentos están en distintos idiomas, pero xamais en galego. • Sistemas informáticos en castelán. • Poucos farmacéuticos teñen o galego por lingua habitual.
• Mellora da aceptación e reputación do galego nos últimos anos.	• Escaseza de vocabulario técnico en lingua galega e descoñecemento do vocabulario popular relacionado coa profesión. • Baixa implantación da lingua galega na facultade. • Baixa valoración da importancia do uso da lingua galega.

• Uso case exclusivo do galego por parte dos gandeiros galegos. • Uso habitual do galego na documentación e na Internet que depende da Xunta de Galicia. • Rotulación en galego dos centros de saúde. • Existencia de correctores ortográficos gratuítos e de fácil acceso.	• Uso menor do galego por parte dos donos urbanos de animais domésticos.
• Uso habitual do galego na clínica veterinaria (maioritariamente rural).	• Os protocolos de inspección están en lingua galega, pero as guías para cubrir están en castelán. • Uso habitual do castelán nas actas e informes dos inspectores. • Logotipo, circulares e escritos do Colexio de Veterinarios en castelán. • Consello Galego de Colexios Veterinarios emite os escritos en castelán. • Houbo cursos de formación nos que colaborou a Xunta que se desenvolveron en castelán. • Ausencia de vocabulario técnico específico nos correctores ortográficos. • Inexistencia case absoluta de literatura científica profesional en galego. • Uso habitual do castelán entre profesionais veterinarios e nas clínicas de pequenos animais (e na publicidade destes establecementos).
• Etiquetaxe en galego dos produtos tradicionais.	• Etiquetaxe en castelán dos produtos industriais. • Lexislación sobre o tema que obriga a utilizar o castelán.
• Boa parte dos colexiados usan ou, polo menos, coñecen a lingua galega.	• Empresas agroalimentarias tipicamente galegas utilizan habitualmente o castelán. • Os laboratorios de análises de alimentos, as empresas de formación de manipuladores ou servizos DDD emiten toda a súa documentación en castelán. • A maior parte das actividades colexiais realízanse en castelán ou noutras linguas pero non en galego.

• Coñecemento do galego por parte da case totalidade de alumnos das facultades de Medicina e Farmacia. • Coñecemento do galego, cando menos, por unha parte do profesorado.	• Ausencia case total da lingua galega nas aulas de Medicina e Farmacia.

Obxectivos de sector

- Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.
- Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.
- Potenciar o emprego da lingua galega na área sanitaria.

Áreas do sector

Área 1. Sanidade pública e privada

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover a normalización do uso da lingua galega nos centros de atención primaria, nos puntos de atención continuada e nos centros hospitalarios dependentes da Consellería de Sanidade.
- Lograr que todos os dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais teñan coñecemento de galego abondo para poderen practicar a Oferta positiva nesta lingua.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.
- Promover a normalización do uso da lingua galega nas empresas privadas dispensadoras de servizos sanitarios e asistenciais.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Grupo de medidas 5.1.A

Punto forte

- Existencia dun marco legal que permite o uso e promoción do galego.

Directriz estratéxica

- Cumprir a Circular nº 5/97 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, que recolle a seguinte instrución: "**Deberá empregarse o idioma galego** en toda comunicación escrita, orixinal ou normalizada, que cause efectos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia".

Punto débil

- Normativa insuficiente na protección do galego do usuario. O Decreto 316/90, do 8 de xuño e a Orde do 26 de xuño de 1995 non inclúen ningunha referencia ao respecto.

Obxectivos específicos

- Garantir o dereito dos cidadáns galegos a que a atención e prestación de servizos sanitarios e asistenciais sexan na lingua propia do país.
- Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.

Medidas

- **5.1.1.** Establecer con claridade os dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos de sanidade e as correspondentes obrigas do persoal sanitario.
- **5.1.2.** Elaborar un *Manual dos Servizos de Recepción* para o uso cotián na asistencia sanitaria.
- **5.1.3.** Campaña de información entre os usuarios da sanidade para que coñezan o seu dereito a que os atendan en galego.

Grupo de medidas 5.1.B

Punto forte

- Uso maioritario do galego por parte de dous terzos da poboación (e uso oculto de case outro vinte por cen).

Puntos débiles

- Insuficiente correspondencia entre lingua do paciente e lingua do persoal sanitario: parte do persoal sanitario non parece ter opinión sobre a conveniencia terapéutica de utilizar a lingua do paciente.
- Ausencia dunha planificación normalizadora específica para o sector. Insuficiente número de campañas de promoción e concienciación. As asociacións profesionais e os directivos non se involucran na política normalizadora.

Obxectivo específico

- Promover o compromiso activo da Administración sanitaria pública nas actividades de normalización da lingua galega.

Medidas

– **5.1.4.** Campaña de información entre os profesionais da medicina pública e privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do paciente, os dereitos do usuario a que o atendan en galego e invitándoos a practicar a Oferta positiva cos seus pacientes.
– **5.1.5.** Crear un premio anual de recoñecemento a aqueles establecementos sanitarios que máis se destaquen na tarefa da normalización lingüística.
– **5.1.6.** Establecer cláusulas a prol da normalización lingüística nas distintas modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o Servizo Galego de Saúde con entidades privadas.

Grupo de medidas 5.1.C

Punto forte

- A documentación normativa, a sinalética dos centros públicos, as publicacións oficiais, así como as aplicacións informáticas provenientes da Consellería de Sanidade e do Sergas están en galego.

Directriz estratéxica

- Aproveitar as experiencias de boas prácticas normalizadoras para estender novos usos en ámbitos aínda inéditos.

Puntos débiles

- Non se emprega maioritariamente o galego para os rexistros de datos das historias médicas.
- Os programas informáticos utilizados polo persoal sanitario nas áreas periféricas están maioritariamente en castelán.
- Escasas publicacións formativas e divulgativas en galego.
- Situación menos aberta aínda en boa parte das entidades médicas privadas.

Obxectivos específicos

- Conseguir que a lingua galega sexa o idioma de uso habitual en todos os servizos de recepción e de atención aos usuarios de toda a rede pública asistencial.
- Conseguir que o galego sexa o idioma no que se redacten todos os carteis e rotulación dos centros da rede pública asistencial.
- Promover que a lingua galega sexa a habitualmente utilizada na redacción dos informes, incluídos os informes médicos, de todos os centros da rede pública asistencial.

Medidas

– **5.1.7.** Elaborar material divulgativo e de educación sanitaria escrito en galego (dietas, exercicios, recomendacións de estilos de vida, instrucións sobre os tratamentos, etc.) para entregarlles aos usuarios dos servizos sanitarios.

– **5.1.8.** Editar en galego todos os programas e manuais de uso dos equipos informáticos e de comunicación que sexan subministrados ou utilizados pola Administración sanitaria para o mundo da medicina.
– **5.1.9.** Establecer unha liña de axudas públicas destinadas a potenciar a presenza do galego nas publicacións científicas e de divulgación editadas en Galicia.

Grupo de medidas 5.1.D

Punto forte

• *Diccionario galego de termos médicos* e vocabulario en fase de elaboración.

Punto débil

• Insuficientes recursos lingüísticos e terminolóxicos.

Obxectivo específico

• Crear recursos terminolóxicos médicos.

Medida

– **5.1.10.** Elaborar e distribuír un vocabulario técnico-profesional que axude ao correcto uso do idioma galego a todos os profesionais da saúde.

Grupo de medidas 5.1.E

Punto forte

• Existencia dunha Comisión de Normalización na Facultade de Medicina e incremento de alumnado portugués nesta facultade.

Punto débil

• Escaso uso do galego no ensino da medicina e na comunicación científica.

Obxectivo específico

- Potenciar, con carácter prioritario, a presenza do galego nas aulas da Facultade de Medicina.

Medida

– **5.1.11.** Programar, en colaboración coa Comisión de Normalización da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, accións que potencien a presenza do galego nas aulas.

Grupo de medidas 5.1.F

Punto forte

- Gran parte do persoal sanitario ten competencia lingüística oral e escrita suficiente para desenvolver o seu labor profesional en lingua galega.

Directriz estratéxica

- Aproveitar que bo número de dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais teñen coñecemento de galego abondo para poderen practicar a oferta positiva nesta lingua.

Punto débil

- Constátase, a pesar dos cursos de lingua galega, unha deficiente capacidade do persoal sanitario para usar o galego como lingua escrita.

Obxectivo específico

- Lograr que a case totalidade dos dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais teñan competencias lingüísticas abondas como para practicar a oferta positiva en galego.

Medidas

– **5.1.12.** Organizar novos cursos de galego (amais dos de iniciación e perfeccionamento), que garantan, con nova programación, unha actualización terminolóxica, unha

competencia lingüística en galego e, sobre todo, que fornecendo información sociolingüística e psicolingüística, permitan crear actitudes máis abertas e ampliar a práctica da Oferta positiva.

– **5.1.13.** Organizar probas de competencia lingüística en galego, anuais e voluntarias, que, no caso de seren superadas, achegarán puntos adicionais aos baremos de contratacións, oposicións, traslados, etc.

Grupo de medidas 5.1.G

Puntos fortes

- Coñecemento do galego por parte da case totalidade de alumnos das facultades de Medicina, Farmacia e Veterinaria.
- Coñecemento do galego, cando menos, por unha parte do profesorado destas facultades.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a presenza oculta da lingua nestas facultades para facela emerxer.

Punto débil

- Ausencia case total da lingua galega nas aulas de Medicina e Farmacia.

Obxectivos específicos

- Impulsar que os estudos de Ciencias da Saúde se impartan habitualmente en galego.
- Promover a utilización do galego como lingua de uso habitual en todas as actividades de formación do persoal sanitario.
- Establecer un sistema de axudas para os estudantes e profesionais de Ciencias da Saúde que realicen estudos, publicacións ou traballos da súa especialidade en lingua galega.
- Establecer sistemas de colaboración para editar en galego manuais universitarios, revistas e outras publicacións que teñan relevancia especial para a normalización lingüística no ámbito sanitario.

- Contribuír á creación e/ou difusión de terminoloxía médico-sanitaria especializada co fin de poñer ao alcance dos profesionais sanitarios as ferramentas axeitadas para normalizar este léxico científico.

Medidas

– **5.1.14.** Realizar convocatoria pública de axudas para traballos relacionados coas Ciencias da Saúde redactados en galego.
– **5.1.15.** Favorecer o uso do galego na docencia universitaria de 1º e 2º ciclo mediante:
  - Convenios entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades nos que se recoñeza que, nas circunstancias actuais, o uso do galego na docencia universitaria é un traballo engadido que ha ser compensado con redución de horas no plan de organización docente.
  - A consideración do uso do galego para efectos da avaliación docente do profesorado.
  - Establecemento de axudas para a produción de material docente en galego.
– **5.1.16.** Favorecer o uso do galego na docencia de terceiro ciclo e formación continuada de universitarios mediante o recoñecemento de horas no plan de organización docente e axudas para a produción de material docente.
– **5.1.17.** Favorecer o uso do galego na formación continuada non universitaria mediante axudas á produción de material docente e un incremento na asignación de asistencias.
– **5.1.18.** Favorecer o uso do galego nas actividades científico-docentes sanitarias (sesións clínicas, presentacións de casos, sesións bibliográficas, etc.), mediante recoñecemento para efectos de complemento de produtividade variable.
– **5.1.19.** Establecer relacións con editoriais da comunidade autónoma para publicar en galego textos especializados en Ciencias da Saúde.
– **5.1.20.** Elaborar materiais terminolóxicos por medio de convenios de colaboración con servizos ou organismos especializados e establecemento de circuítos para difundilos.

Área 2. Farmacia

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover entre os farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia a idea de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e mais a comunicación entre eles e os usuarios destes establecementos.
- Concienciar a industria farmacéutica de que co emprego da lingua galega incrementará a eficacia da información contida nos textos que dirixen aos usuarios dos seus produtos.

Grupo de medidas 5.2.A

Punto forte

- Os escritos que emite a Consellería de Sanidade e o texto impreso das receitas do Sergas están en galego.

Puntos débiles

- Escaso uso do galego nos escritos dos colexios farmacéuticos.
- As receitas do Sergas veñen maioritariamente cubertas en castelán.
- Os sistemas informáticos están en castelán.
- Os prospectos e cartonaxes dos medicamentos están en distintos idiomas, pero xamais en galego.

Obxectivo específico

- Concienciar a industria farmacéutica de que co emprego da lingua galega incrementará a eficacia da información contida nos textos que dirixen aos usuarios dos seus produtos.

Medidas

– **5.2.1.** Establecer programas coa industria farmacéutica, comezando pola establecida en Galicia, para que nunca falte a versión galega nos prospectos dos medicamentos vendidos en Galicia.

– **5.2.2.** Elaborar material divulgativo e de educación sanitaria en galego (estilos de vida saudables, instrucións sobre tratamentos, campañas sanitarias).
– **5.2.3.** Establecer convenios de colaboración cos colexios farmacéuticos para que asuman os obxectivos recollidos no plan.
– **5.2.4.** Crear unha comisión de representantes destacados do ámbito farmacéutico que asesore, oriente e dinamice o proceso de normalización lingüística neste campo.
– **5.2.5.** Desenvolver, en colaboración cos colexios oficiais, campañas de información entre os usuarios das oficinas de farmacia, para que coñezan o seu dereito a seren atendidos en galego.
– **5.2.6.** Establecer programas coa industria farmacéutica e coas axencias organizadoras de congresos e reunións profesionais, para impulsar o galego nos ditos eventos.
– **5.2.7.** Realizar campañas de sensibilización dirixidas a conseguir o uso do galego na publicidade dos escaparates das boticas e nos folletos publicitarios ou informativos.

Grupo de medidas 5.2.B

Punto forte

• Existencia dun importante número de boticas no rural nas que se constata o uso habitual do galego na poboación e na relación directa cotiá do farmacéutico cos usuarios.

Directriz estratéxica

• Facer valer a forte implantación do galego no ámbito rural como medida de presión, como vía para a súa introdución na ampla rede de boticas rurais.

Puntos débiles

• Poucos farmacéuticos teñen o galego por lingua habitual.
• Escaseza de vocabulario técnico en lingua galega e descoñecemento do vocabulario popular relacionado coa profesión.
• Baixa implantación da lingua galega na Facultade de Farmacia.

Obxectivos específicos

- Conseguir que as oficinas de farmacia e o sector farmacéutico en xeral se impliquen directamente no proceso de normalización lingüística.
- Conseguir que a lingua galega sexa o idioma de uso habitual en todas as oficinas de farmacia da comunidade autónoma, prestando especial atención á recuperación do idioma no ámbito urbano.

Medidas

– **5.2.8.** Elaborar e distribuír materiais terminolóxicos (vocabulario técnico-profesional, vocabulario de uso popular) que lles axuden ao correcto uso do idioma galego e á comprensión de expresións populares sobre síntomas, enfermidades, anatomía... a todos os profesionais das oficinas de farmacia, por medio de convenios de colaboración con servizos ou organismos especializados e establecemento de circuítos para difundilos.

– **5.2.9.** Creación dun gabinete de normalización lingüística na Facultade de Farmacia.

Grupo de medidas 5.2.C

Punto forte

- Mellora da aceptación e reputación do galego nos últimos anos.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a mellora das actitudes cara ao galego experimentada pola sociedade galega para incorporar a lingua galega nas boticas do ámbito urbano.

Punto débil

- Baixa valoración da importancia do uso da lingua galega.

Obxectivo específico

- Promover entre os farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia a idea

de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e a comunicación entre eles e os usuarios destes establecementos.

Medida

– **5.2.10.** Elaborar, en colaboración cos colexios oficiais, campañas de sensibilización dirixidas aos farmacéuticos e persoas que traballan nas oficinas de farmacia para que calle a idea de que o uso da lingua galega incrementa a eficacia da información dispensada e a comunicación entre eles e os usuarios destes establecementos.

Área 3. Veterinaria

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Promover que as comunicacións, tanto orais como escritas, que os veterinarios produzan durante o exercicio da súa profesión se realicen en galego.
- Concienciar os profesionais do sector da veterinaria privada de que o uso da lingua galega facilitará e mellorará as comunicacións cos seus clientes.
- Concienciar a industria farmacéutica veterinaria de que co emprego da lingua galega se verá incrementada a eficacia da información contida nos seus produtos.

Grupo de medidas 5.3.A

Punto forte

- Uso habitual do galego na documentación e nas páxinas de Internet que dependen da Xunta de Galicia.

Puntos débiles

- Os protocolos de inspección están en lingua galega, pero as guías para cubrilos están en castelán.
- Uso habitual do castelán nas actas e informes dos inspectores.
- Logotipo, circulares e escritos do Colexio de Veterinarios en castelán.

- O Consello Galego de Colexios Veterinarios emite os escritos en castelán.
- Houbo cursos de formación nos que colaborou a Xunta de Galicia que se desenvolveron en castelán.

Obxectivo específico

- Conseguir o uso da lingua galega na documentación xerada e nas actividades organizadas pola Administración ou nas que esta participa.

Medidas

– **5.3.1.** Redactar en galego toda a documentación xerada pola Administración en calquera soporte e para calquera tipo de actividade (cursos), e revisar a existente.
– **5.3.2.** Editar en galego todos os programas e manuais de uso dos equipos informáticos e de comunicación que sexan subministrados ou utilizados pola Administración sanitaria.
– **5.3.3.** Establecer unha liña de axudas públicas destinadas a potenciar a presenza do galego nas publicacións científicas e de divulgación editadas en Galicia.

Grupo de medidas 5.3.B

Punto forte

- Uso case exclusivo do galego por parte dos gandeiros galegos.

Punto débil

- Uso menor do galego por parte dos donos urbanos de animais domésticos.

Obxectivo específico

- Promover que as comunicacións, tanto orais como escritas, que os veterinarios produzan durante o exercicio da súa profesión se realicen en galego.

Medida

– **5.3.4.** Redactar en galego folletos divulgativos que traten sobre os coidados e atencións que requiren os animais domésticos.

Grupo de medidas 5.3.C

Punto forte

- Existencia de correctores ortográficos gratuítos e de fácil acceso.

Puntos débiles

- Ausencia de vocabulario técnico específico nos correctores ortográficos.
- Inexistencia case absoluta de literatura científica profesional en galego.

Obxectivo específico

- Promover que as comunicacións, tanto orais como escritas, que os veterinarios produzan durante o exercicio da súa profesión se realicen en galego.

Medida

– **5.3.5.** Elaborar materiais terminolóxicos por medio de convenios de colaboración con servizos ou organismos especializados e establecemento de circuítos para difundilos.

Grupo de medidas 5.3.D

Punto forte

- Uso habitual do galego na clínica veterinaria (maioritariamente rural).

Punto débil

- Uso habitual do castelán entre profesionais veterinarios e nas clínicas de pequenos animais (e na publicidade destes establecementos).

Obxectivo específico

- Concienciar os profesionais do sector da veterinaria privada de que o uso da lingua galega facilitará e mellorará as comunicacións cos seus clientes.

Medidas

- **5.3.6.** Realizar campañas de sensibilización dirixidas a conseguir que o galego estea presente nas clínicas de veterinaria.
- **5.3.7.** Creación dun gabinete de normalización lingüística na Facultade de Veterinaria.

Grupo de medidas 5.3.E

Punto forte

- Etiquetaxe en galego dos produtos tradicionais.

Puntos débiles

- Etiquetaxe en castelán dos produtos industriais.
- Lexislación sobre o tema que obriga a utilizar o castelán.
- Empresas agroalimentarias tipicamente galegas utilizan habitualmente o castelán.
- Os laboratorios de análises de alimentos, as empresas de formación de manipuladores ou servizos DDD emiten toda a súa documentación en castelán.

Obxectivos específicos

- Concienciar a industria farmacéutica veterinaria e a industria alimentaria de que co emprego da lingua galega se verá incrementada a eficacia da información contida nos seus produtos.
- Estimular a industria alimentaria para que traballe en galego.

Medida

- **5.3.8.** Realizar promocións, axudas, subvencións, campañas de sensibilización para que a lingua galega estea presente na industria alimentaria.

Área 4. Colexios oficiais

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Lograr que os colexios oficiais actúen como axentes de promoción da lingua nos seus respectivos ámbitos profesionais.
- Propoñer a Oferta positiva de atención en galego a todos os profesionais adscritos ás asociacións e aos colexios oficiais do sector (médicos, farmacéuticos, veterinarios, enfermeiros, logopedas, etc.).

Grupo de medidas 5.4.A

Punto forte

- Boa parte dos colexiados usan ou, polo menos, coñecen a lingua galega.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o coñecemento pasivo da lingua para potenciar a inserción lingüística das actividades colexiais.

Punto débil

- A maior parte das actividades colexiais realízanse en castelán ou noutras linguas, pero non en galego.

Obxectivos específicos

- Lograr que os colexios oficiais actúen como axentes de promoción da lingua nos seus respectivos ámbitos profesionais.
- Conseguir que a atención aos profesionais colexiados e ao público en xeral se realice en galego.
- Conseguir que toda información escrita (cartas, circulares, publicacións colexiais, correos electrónicos, etc.) xerada polos colexios profesionais estea redactada en galego ou, como mínimo, bilingüe.

- Conseguir que a maior parte das actividades colexiais (reunións, celebracións, formación continuada, etc.) se desenvolvan en galego.

Medidas

- **5.4.1.** Dirixirse aos colexios profesionais para solicitar a súa colaboración no proceso de normalización lingüística.
- **5.4.2.** Realizar cursos de galego dirixidos aos directivos e empregados dos colexios profesionais, para promover a utilización do galego como lingua de uso habitual na práctica cotiá.
- **5.4.3.** Facilitar servizos de tradución para favorecer o uso cotián do idioma galego nos escritos colexiais.
- **5.4.4.** Crear un premio anual de recoñecemento a aqueles colexios profesionais que máis se destaquen na tarefa da normalización lingüística.
- **5.4.5.** Realizar campañas de sensibilización específicas entre os profesionais colexiados indicándolles o seu dereito a seren atendidos en galego.
- **5.4.6.** Establecer o uso do galego nos colexios oficiais, cando menos naquelas competencias delegadas da Administración.
- **5.4.7.** Propoñer a Oferta positiva de atención en galego a todos os profesionais adscritos ás asociacións e aos colexios oficiais do sector (médicos, farmacéuticos, veterinarios, enfermeiros, logopedas, etc.).

Sector 6. Sociedade

Introdución **191**
Diagnóstico do sector **203**
Obxectivos de sector **211**
Áreas do sector **212**
Área 1. Crenzas relixiosas **212**
Obxectivos de área **212**
Grupo de medidas 6.1.A **212**
Grupo de medidas 6.1.B **214**
Grupo de medidas 6.1.C **215**
Grupo de medidas 6.1.D **216**
Grupo de medidas 6.1.E **217**
Grupo de medidas 6.1.F **218**
Grupo de medidas 6.1.G **219**
Grupo de medidas 6.1.H **220**
Grupo de medidas 6.1.I **221**
Grupo de medidas 6.1.L **222**
Grupo de medidas 6.1.LL **223**
Grupo de medidas 6.1.M **224**
Área 2. Servizos sociais **225**
Obxectivos de área **225**
Grupo de medidas 6.2.A **225**
Grupo de medidas 6.2.B **226**
Grupo de medidas 6.2.C **227**
Grupo de medidas 6.2.D **228**
Grupo de medidas 6.2.E **229**
Área 3. Inmigración **230**
Obxectivos de área **230**
Grupo de medidas 6.3.A **231**
Grupo de medidas 6.3.B **232**
Grupo de medidas 6.3.C **233**
Grupo de medidas 6.3.D **234**
Área 4. Asociacionismo **235**
Obxectivos de área **235**
Grupo de medidas 6.4.A **236**
Grupo de medidas 6.4.B **237**
Grupo de medidas 6.4.C **238**
Área 5. Deporte **238**
Obxectivo de área **238**
Grupo de medidas 6.5.A **239**
Grupo de medidas 6.5.B **240**
Grupo de medidas 6.5.C **241**
Grupo de medidas 6.5.D **242**
Grupo de medidas 6.5.E **243**
Área 6. Lecer e tempo libre **244**
Obxectivo de área **244**
Grupo de medidas 6.6.A **244**
Grupo de medidas 6.6.B **246**
Grupo de medidas 6.6.C **248**
Área 7. Turismo **249**
Obxectivos de área **249**
Grupo de medidas 6.7.A **249**
Grupo de medidas 6.7.B **251**
Grupo de medidas 6.7.C **252**

Introdución

Área 1. Crenzas relixiosas

Esta área é moi peculiar por dúas razóns. A primeira, que a relixión é un ámbito cun ordenamento xurídico propio que non dimana da Constitución, aínda que é coherente con ela. Por esa razón debe advertirse que quen fixo a diagnose de puntos fortes e débiles, os obxectivos e quen propuxo as medidas correctoras deste plan para a área relixiosa foi unha comisión na que figuraban sacerdotes e pastores designados, nalgúns casos, polas respectivas xerarquías eclesiásticas.

A segunda razón é que foi no ámbito relixioso onde precisamente xurdiu por primeira vez e de forma contundente, a reivindicación das linguas vivas, mesmo as linguas sen estado. Para os luteranos e calvinistas, foi a supresión do latín da liturxia e a lectura directa de *A Biblia* no século XVI, o que provocou a estandarización de linguas como o alemán e o romanés ou que os corais relixiosos de Bach teñan o texto en alemán. Para os católicos foi o Concilio de Trento, que ordenou en 1530, que a lingua vernácula fose a lingua da catequese, feito que deu vida formal a linguas coma o vasco[1], o bretón e o sardo.

É certo que nada disto sucedeu en Galicia e houbo que esperar á segunda metade do século XVIII para que o beneditino Fr. Martín Sarmiento reivindicase o galego non só como fenómeno cultural (que el estudou con rigor e extensión), senón tamén como condición indispensable de desenvolvemento natural da persoa e mesmo como compromiso de acción pastoral. Sarmiento chegou mesmo a pedir a prohibición de que tivesen cura de almas en Galicia os sacerdotes que non soubesen o galego polas situacións ridículas a que expón o sacramento da confesión; e pediu tamén un concilio galego que regulase con claridade este asunto. Tampouco Sarmiento tivo éxito pero o galeguismo débelles cousas importantes a diversos eclesiásticos: dende os primeiros labores lexicográficos no ronsel de Sarmiento (P. Sobreira ou o lexicógrafo Francisco J. Rodríguez), a primeira gramática galega digna de tal nome (Saco y Arce), o impulso á creación da Real Academia Galega (Amor Ruibal) ou a reflexión teolóxica (Torres Queiruga) e bíblica (Chao Rego) en galego. Pero, ademais, o movemento galeguista foi maioritariamente católico (Rosalía, Curros, Bóveda, Castelao,

1 No *Plan general de promoción del euskera* (Eusko Jaurlaritza-Gobierno Vasco. Departamento de Cultura. Viceconsejería de Política Lingüística. Vitoria-Gasteiz 1999; 62) constátase o seguinte: *Durante siglos, practicamente los únicos medios para aprender a leer en euskera han sido la catequesis y los rezos y cantos litúrgicos […] el hecho de arraigar la lengua en un sentimiento tan vivo como el religioso, le confiere una enorme firmeza*.

Risco, Otero Pedrayo, Filgueira), por máis que case todos eles fosen cristiáns críticos: houbo poucas excepcións ata a segunda metade do século XX na que moitos dos líderes xa se moven fóra do eido relixioso.

Aínda que o galeguismo non estivo tan impulsado polo clero como estiveron o vasquismo e o catalanismo, cómpre recoñecer que o primeiro ámbito no que a lingua galega conquistou un nivel formal foi o relixioso (a misa de Rosalía en Bonaval o 25 de xullo ten a homilía en galego dende o segundo terzo do século XX) e, aínda durante o réxime de Franco, a Igrexa ranqueoulle a porta da liturxia á lingua galega (1969), seis anos antes de que un decreto do xefe de Estado en funcións, o príncipe Juan Carlos, aprobase, en novembro de 1975, un Real Decreto de Lenguas Regionales que pasaría en 1978, case intacto á Constitución. Pero antes dela, en 1976, o Concilio Pastoral de Galicia ordenou que os domingos e días santos en todas as igrexas de Galicia houbese unha misa en galego e que alí onde o galego é a lingua habitual da xente a liturxia pasase a ser integramente en galego. Isto significa que a Igrexa Católica, nun proceso endóxeno que vén dos Concilio de Trento (1530) e do Concilio Vaticano II (1961-1965) e que, polo tanto, é anterior e independente do proceso político español, elabora unha lexislación pastoral interna moito máis favorable á lingua galega do que será a Constitución española de 1978. Mesmo así, semellante cambio na lexislación eclesiástica non tivo tradución na conduta maioritaria dos eclesiásticos galegos. No ano 2004, 28 anos despois, o uso da lingua galega nas igrexas católicas é minoritario, a pesar de que o clero é o sector social con estudos superiores incomparablemente máis instalado na lingua galega.

Nas outras igrexas cristiás de Galicia, houbo tradicionalmente unha maior apertura á lingua dos fieis, non só pola renuncia ao latín senón, sobre todo, pola importancia da lectura directa de *A Biblia* e por ter unha liturxia moito máis espontánea e participativa cá católica. Pero en Galicia estas comunidades evanxélicas son máis recentes (nacen, en boa parte, tras a visita do inglés propagador de *A Biblia*, George Borrow, que non manifesta especial atención á lingua galega) e nacen xa en ambiente urbano ou semiurbano, afectadas, polo tanto, pola crise de identidade lingüística que neses ambientes vive a sociedade galega. Por iso a presenza do galego nestas comunidades evanxélicas galegas parece depender e ir progresando ao ritmo do movemento de normalización na sociedade civil; a audiencia dos respectivos programas na TVG confirma este carácter urbano das comunidades evanxélicas.

A recente presenza de comunidades islámicas representa unha excepción, por canto esa relixión ten o árabe como lingua relixiosa en todo o mundo.

Non é este o lugar de facer valoracións. O Plan de normalización lingüística da lingua galega é un proceso da sociedade civil no que, para este ámbito, participan crentes e mesmo pastores de diferentes confesións relixiosas. Este PNL vai na mesma dirección que a doutrina relixiosa e por iso aspira a crear sinerxías benéficas entre o proceso civil de normalización da lingua e o proceso de autenticidade lingüística que viven as comunidades relixiosas galegas. Por iso, observando o carácter xerárquico das respectivas liturxias, aspira a colaborar maiormente na formación dos sacerdotes, pastores e demais axentes de pastoral e na existencia dos medios para desenvolver en galego esa actividade.

Área 2. Servizos sociais

O usuario dos servizos sociais adoita ser unha persoa en situación de precariedade, transitoria ou definitiva, que acode na procura dun servizo que o axude a mellorar a súa situación e a continuar vivindo con esperanza. Esa persoa case sempre arrastra a humillación dunha caída económica, afectiva ou sanitaria. O primeiro que precisan estas persoas é a protección e o cariño de alguén que as escoite sen condenalas; precisan sentírense acollidas na súa propia lingua. Moitas veces a sinceridade destas persoas e, polo tanto, a eficacia da axuda dependerá da utilización por parte do servizo dese código lingüístico que leva directamente á afectividade da persoa que se quere auxiliar. Cóntanse experiencias médicas nas que un enfermo que, nun territorio ou ambiente de lingua distinta á súa, padece un problema psicosomático, só desbloqueou a súa mente e puxo en marcha o proceso terapéutico cando os seus curadores lle empezaron a falar na lingua da súa infancia. E cómpre prestar atención ao feito de que en situación de debilidade psicolóxica o usuario do servizo social correspondente pode tender a ocultar a súa lingua galega, maiormente se algunha vez lle imbuíron a idea de que falar o galego era falar mal e falar o castelán era falar ben, cousa por outra banda moi frecuente entre os maiores de trinta anos: esta ocultación da lingua propia pode ser paradoxalmente un indicio da vontade do usuario de saír do pozo en que está metido. Pero a intelixencia dos traballadores do servizo debe permitirlles detectar esta

ocultación e non confundir un castelanfalante aparente cun galegofalante oculto. O cariño con que deben tratalo fará o resto, sen que aquí haxa que especificar máis, porque, se nunha democracia o cidadán é o soberano e o administrador é un servidor, na área dos servizos sociais a persoa do usuario é moito máis ca prioritaria.

A pauta lingüística en semellante situación non pode ser outra que utilizar a lingua de quen pide axuda, se o servizo está en condicións de ofrecelo, cousa doada en Galicia, quitado o caso de certos inmigrantes, que se tratan noutra área deste mesmo sector. A lingua do usuario é a ferramenta máis fiable e a base máis sólida para lle ofrecer un servizo de calidade. Respectar esa lingua forma parte da *boa práctica laboral*.

Ora ben, do mesmo xeito que no ámbito económico se constata que a lingua galega ten certas dificultades para se facer presente nas áreas de xestión e dirección empresarial, pero está moi presente no sector primario e no nivel laboral, tamén se constata na área dos servizos sociais que boa parte dos usuarios teñen como lingua da afectividade o galego, aínda que esta maioría sexa algo menor no caso de mulleres maltratadas e de persoas drogodependentes. Non se debe instrumentalizar a necesidade dos usuarios destes servizos para lles impoñer unha lingua que non é a deles nin para imbuírlles a idea de que a súa recuperación pasa por se someteren a un filtro lingüístico máis ou menos suave. En ningún caso se pode permitir que, do comportamento lingüístico do servizo ou dos seus cadros directivos, o usuario poida chegar a deducir que a súa situación de inferioridade ten algunha relación co feito de que el fale habitualmente o galego ou que, deixando de falalo, entre nun nivel de maior honestidade, saúde ou honorabilidade. O castelán é lingua cooficial en Galicia á que ningún galego renuncia, pero non representa un maior nivel moral ou ético. En ningún caso o desclasamento lingüístico garante ou equivale a unha verdadeira reinserción social.

O obxectivo do plan nesta área non será, polo tanto, atender en galego unha persoa que fala castelán, pero si o de garantir que ningunha persoa que teña o galego como lingua propia, aínda que o oculte, sexa atendido noutra lingua ou se vexa forzado a expresarse noutra lingua. Nunha palabra, desbloquear o galego en moitos destes casos é a condición *sine qua non* dun servizo social de calidade.

Área 3. Inmigración

Galicia está vivindo nos últimos decenios unha transformación demográfica moi radical: está perdendo poboación, ela, que durante séculos foi o viveiro demográfico que alimentou sucesivas repoboacións de España, de Portugal e de diversos países de América (nomeadamente Arxentina, Cuba e Uruguai); ela, que foi a comunidade hispánica máis homoxénea etnicamente, xa que só recibiu limitadas incorporacións de maragatos, cataláns e vascos e funcionarios de diversa orixe. A actual reestruturación económica, derivada da nosa incorporación á Unión Europea, fixo entrar en crise todo o sector primario da economía galega e a consecuente migración interna aos núcleos urbanos está encontrando neles o sector industrial envolto nunha crise parella. A mocidade actual, por razóns que non corresponde aquí analizar, atrasa o casamento e o número de nacementos está sendo inferior ao de defuncións.

Simultaneamente e, a pesar desta crise, hai no mundo países nos que a situación é moito peor e os seus cidadáns máis arriscados veñen onda nós na procura de traballos que, por humildes e mal pagados que sexan, representan para eles unha mellora persoal. Non son só os fillos e netos dos galegos emigrados a países americanos, hoxe empobrecidos, que queren repetir en dirección contraria a mesma viaxe de busca da esperanza na terra dos seus avós. Son tamén persoas da negritude ou do mundo árabe, que foxen da fame ou de réximes políticos nos que o ser humano conta moi pouco; son tamén cidadáns do xigantesco bloque socialista que hai poucos anos se esfarelou coma un castelo de naipes. Un 25% dos inmigrantes en Galicia (53.800) vén de Portugal e un 16% de Colombia. Hoxe nas aulas do noso sistema escolar hai fillos de inmigrantes de 83 nacionalidades distintas da española. Só un dos 315 concellos galegos (Ribeira de Piquín) non rexistra inmigrantes. Nunca na historia, Galicia estivo habitada por unha tal variedade de persoas, de relixións, de linguas.

Todo isto ten a súa transcendencia na planificación lingüística. Primeiro, porque moitos inmigrantes chegan aquí sen teren conciencia de que nesta parte de España existe unha lingua propia que está omnipresente. Segundo, porque a actitude dos inmigrantes varía segundo as procedencias: así os sudamericanos, que axiña captan a desigualdade de status legal do castelán e do galego e o hábito social das conversas bilingües, instálanse no castelán

como nunha base segura e cómoda, de xeito que tarde ou nunca aprenden o galego; mentres que os procedentes de África e do leste europeo, sexa porque a distancia interlingüística é para eles maior, sexa porque, maiormente os últimos, adoitan ser políglotas, manifestan unha actitude positiva ante a nosa lingua e axiña se incorporan ao seu uso.

A inmigración é, coas deportacións masivas e o xenocidio, un dos factores que alteran a composición demográfica dunha sociedade e que, en consecuencia, a curto prazo supoñen para unha lingua un perigo real de desaparición. Cando a inmigración é porcentualmente importante e etnicamente homoxénea altera o mapa sociolingüístico dun país. Isto fai que algúns cidadáns instintivamente vexan os inmigrantes como persoas que traen lingua, valores e comportamentos diferentes e sorprendentes e que os consideren un corpo estraño contra o que hai que xerar anticorpos. É o substrato do racismo, de xeito que o enfoque da inmigración nun plan de normalización lingüística é a clave que permite ver se unha política lingüística é ou non é democrática e solidaria.

Obviamente, Galicia no seu territorio ten o dereito de preservar e protexer a súa identidade nesta osmose social, pero a experiencia doutros países europeos que xa pasaron por esta situación (con políticas cambiantes), e a propia experiencia dos emigrantes galegos, maiormente en Cuba e Arxentina, cos seus poderosos centros galegos, indican que existe un camiño de integración dos inmigrantes na cultura local que é compatible coa conservación da cultura propia que eles traen consigo e que é beneficioso para o inmigrante e para a sociedade que o recibe. Os galegos en América aprenderon a lingua do país e participaron activamente nos seus procesos sociais e algúns deles mesmo lideraron eses procesos, pero, ao mesmo tempo, mantiveron viva a cultura galega, non só coas publicacións que aínda hoxe seguimos exhumando, senón que crearon en Galicia moitas escolas, fontes, lavadoiros, camiños, igrexas e mesmo financiaron importantes proxectos culturais en lingua galega.

Coherentemente cos principios deste PNL, que se fundamenta tanto nos dereitos dos cidadáns galegos para o libre desenvolvemento da súa cultura autóctona coma nos do resto dos seres humanos que aquí conviven, non parece que a mellor política sexa a dunha asimilación lingüística forzosa dos inmigrantes que recibimos.

A inmigración en Galicia é significativa porque nos colle nun momento de crise demográfica, pero non é homoxénea: xa queda dito que existen entre nós persoas de, polo

menos, 83 nacionalidades diferentes e isto implica que non forman un bloque lingüístico homoxéneo; é dicir, non teñen a cohesión que lles daría unha forza maior.

Nunha sociedade democrática e instalada xa nun mundo globalizado a sociedade pode e debe ter unha visión moito máis positiva da inmigración. O emigrante é unha sangría para o país de orixe, porque sempre marchan as persoas máis dinámicas e con más enerxía, pero, para o país receptor, o inmigrante é unha transfusión de sangue novo. E isto vai moito máis aló do feito de que o inmigrante xa estea compensando a nosa crise demográfica. Galicia debe, abofé, controlar a inmigración que recibe, e esixir garantías de que o inmigrante é unha persoa de vida honesta, pero non o debe ver como un problema senón como unha oportunidade. Tamén os galegos deben aprender dos inmigrantes algúns valores. O que se propón neste PNL é que a previsible organización de entidades que agrupen e cohesionen os inmigrantes por nacionalidades de orixe (necesaria mesmo por razóns de seguridade e de interlocución) sexa o ámbito no que a Xunta de Galicia localice simultaneamente a específica oferta lingüística e cultural galega. O obxectivo é que o galego apareza ligado directamente á cultura propia dos inmigrantes e que no seu natural afán de conservación da súa identidade poidan entender o dos galegos a conservarmos a nosa.

A galeguidade debe moito a persoas ilustres que algún día chegaron a Galicia e se integraron cos seus fillos plenamente no proceso galego de autoidentificación. O inmigrante que hoxe chega a Galicia pode ser un cidadán do que algún día nos sintamos orgullosos. O obxectivo deste PNL é facilitar as condicións para que o futuro empece a ser posible.

Área 4. Asociacionismo

Na área das asociacións e dende un punto de vista lingüístico cómpre distinguir dous tipos: primeiro, as que atenden necesidades infraestruturais dos cidadáns (comunidades de propietarios, asociacións de veciños, círculos recreativos, casinos e similares), cunha actividade basicamente técnica e, segundo, as creadas precisamente para impulsar a actividade cultural (asociacións culturais). Nas primeiras o galego está bastante oculto, mentres que nas segundas o galego é a cerna e o vehículo da súa actividade. Nas primeiras constátase que o galego, aínda estando presente no nivel oral, se esfuma en canto se utilizan documentos e sobe o

nivel de formalidade e, como isto acontece nunha proporción elevada, impregna a actividade toda, de xeito que se reproduce o fenómeno de ocultación lingüística que xa vimos noutras áreas. A rutina fai que en moitas comunidades de propietarios as actas e recibos se redacten en castelán e, como o máis importante na vida da comunidade son estes documentos, acaba provocando que mesmo as xuntanzas se realicen en castelán, aínda que case todos os implicados sexan galegofalantes.

Área 5. Deporte

A mellor publicidade é a que non se ve, a que non parece ser publicidade. A mellor promoción da lingua é tamén aquela que modifica o status da lingua sen que se perciba que aí hai unha intervención. O uso natural do catalán nas Olimpíadas de Barcelona pareceu unha promoción eficaz por ser indirecta e *de facto.* Neste sentido, a área deportiva é moi importante porque, aínda sendo moi diferentes o deporte de ocio e o deporte profesional e empresarial, os ximnasios e os grandes estadios, socialmente o deporte é un ámbito simbólico no que brillan persoas ás que a emoción colectiva converte en representantes sociais e mesmo en ídolos persoais. A utilización do galego por parte deste sector axuda a presentar a lingua como algo neutro, non dependente da ideoloxía, como símbolo natural e aséptico do país. Na medida en que un dos obxectivos do PNL é precisamente quitarlle ao uso da lingua carga ideolóxica, a intervención nesta área é decisiva.

O galego é a lingua espontánea da maioría dos galegos e é doado contemplar nun bar ou nunha cafetería que as reaccións espontáneas dos seareiros que seguen xuntos un partido transmitido por TV en castelán se producen en galego. O mesmo acontece cos comentarios á lectura da crónica deportiva dun xornal ou revista. Pero é igualmente frecuente que a megafonía dos estadios e pavillóns deportivos utilice só o castelán, mesmo se os que falan se expresan en galego cando non teñen micrófono.

Os problemas do galego no ámbito deportivo teñen unha raíz en parte terminolóxica (os deportes hoxe populares non son os tradicionais galegos senón case todos procedentes dunha regulamentación feita hai uns cen anos en inglés), en parte xurídica (as competicións de nivel estatal realízanse en castelán) e en parte de rutina mediática (existe unha tradición

de informar en castelán de todo o deportivo, filtrando mesmo as declaracións que lles chegan en galego, rutina que rompeu sen problemas e de maneira eficaz a CRTVG).

Cómpre, mesmo así, recoñecer que é habitual a presenza da lingua galega nos usos escritos da Administración deportiva e na súa relación co mundo deportivo (clubs, entidades, colexios, federacións...) a través de convocatorias, programas, publicidade, divulgación; nas modalidades deportivas máis tradicionais: birlos, fútbol...; nos programas informáticos e no proceso de tramitación e no material deportivo (medallas, trofeos, vestiario, bandas de publicidade...).

Área 6. Lecer e tempo libre

O tempo libre, no que incluímos actividades de ocio, as festas populares e os espectáculos, é un ámbito idóneo e unha boa oportunidade para promover a normalización lingüística, por ser o espazo por antonomasia da diversión, da comunicación interpersoal e non formalizada, o momento de vivencias e descubrimento de experiencias e, polo tanto, de socialización da xente nova. Os momentos de lecer son educativamente relevantes ata o punto de que, de todo o proceso escolar, o que se aprende nunha excursión, nun campamento ou en calquera outra actividade de lecer acaba sendo o coñecemento que máis tenazmente queda gravado na memoria. Para os galegofalantes o tempo libre pode xogar como reforzo da utilización do galego, e os que non o son poden atopar no xogo un momento perfecto para utilizalo.

Todo isto resalta o papel do tempo de lecer no proceso de normalización, porque a xente nova é un colectivo estratéxico para a normalización lingüística, tanto por ser un sector de poboación fortemente desgaleguizado, como por ser un momento da vida no que se define boa parte da identidade do individuo. Neste espazo debería resultar sinxela a promoción da lingua galega, se se saben aproveitar as fórmulas atraentes e imaxinativas que utilizan os profesionais. O PNL non dá por perdida nin a mocidade nin a xente nova de hoxe.

O tempo de lecer cobra crecente relevancia na calidade de vida das persoas, porque pode contribuír ao desenvolvemento integral dos máis novos, encher de actividade as horas non laborais de persoas traballadoras ou xubiladas e promover a participación activa e implicación nos asuntos de interese colectivo e vencellados á cultura galega. É un sector emerxente, en constante actualización.

Unha formación básica dos monitores de tempo libre en materia sociolingüística facilitaría a xestión de situacións de potencial conflito, a promoción da riqueza multilingüe, a valoración da lingua propia e mais a autoestima dos falantes cara a este idioma.

O mundo das festas populares ten unha importancia peculiar en Galicia, non só porque é unha actividade que move moitos millóns de euros cada ano senón porque ese diñeiro, en moitos casos, representa o máis grande (e ás veces o único) investimento voluntario que fan moitas colectividades ao longo do ano. E, en xeral, todo ese capital paga unha actividade que en boa parte se realiza en castelán.

Naturalmente este PNL esixe a actualización profunda dos coñecementos e actitudes dos profesionais do tempo libre.

Área 7. Turismo

O turismo pode ser un elemento máis de ocultación ou de proxección da lingua. Actualmente non forma parte do concepto de patrimonio que se pon en coñecemento do turista, pero, se ben se mira, o turista sempre leva como un trofeo as diferenzas que detectou no país visitado, non o que é igual ao que ten no seu país.

Unha das actividades que máis modificaron o ritmo de vida de Occidente nos últimos decenios é a práctica masiva do turismo. Esta actividade, lúdica, reparadora e exploradora, é hoxe unha verdadeira industria e converteuse na primeira de estados como España, Francia, Italia ou o Reino Unido. Tamén no caso particular de Galicia é así. O turista busca o distinto, o exótico e por iso quere estar e tocar os lugares cargados de historia. Deste xeito paisaxes, construcións, gastronomía e cultura convértense en *recursos turísticos*, é dicir, económicos.

Non é misión deste PNL analizar nin valorar o enorme esforzo público por converter Galicia nun destino turístico internacional. É obvio que é un esforzo coroado polo éxito xa que nos visitan anualmente varios millóns de persoas. Pero si é o lugar de lembrar que a actividade turística ten, en todos os lugares nos que é masivo, efectos colaterais que deben ser controlados. O turismo, cando é masivo, introduce cambios na sociedade receptora. Pode, por un lado, comercializar a tradición, caricaturizando o orixinal para que lle impacte máis ao turista, e, polo outro, pode producir unha ocultación da diferenza para que o turista se

sinta coma na súa casa. Nas sociedades con contacto desigual de linguas este é o efecto máis frecuente: ocultar a lingua propia do país. O que nos visita na actualidade pode marchar de Galicia sen percibir que a lingua maioritaria desta terra é o galego, do mesmo xeito que pode contemplar no Escorial o espectacular manuscrito das *Cantigas de Santa María* sen que ninguén lle diga que están escritas en galego e en Toledo polo rei Afonso X. Este tipo de turismo, que contribúe a ocultar unha realidade e a que o visitado oculte a súa lingua si que é obxecto do PNL.

É xa un aforismo no sector que o turismo masivo produce sempre unha degradación; de xeito que unha boa política turística debe facer viables tanto a existencia do turismo coma a conservación do patrimonio que recibimos e que debemos transmitirlles ás futuras xeracións. O turismo pode ter efectos positivos non só na identidade lingüística senón tamén na proxección internacional da nosa lingua galega. O turista que regresa sabendo que o atenderon na lingua del, pero que aquí o galego é a lingua maioritaria, percibirá que lle fixeron unha cortesía. Se tal sucede, todos gañamos. Turismo e lingua galega son compatibles e forman un binomio rendible a condición de que vexamos a lingua e a cultura que esa lingua vehicula como un recurso turístico máis.

Moitos galegos observan que cada ano se desprazan ata Galicia millóns de persoas non galegas pero aparentemente eses mesmos galegos non se preguntan por que. ¿Que ten esta terra que non teñan outras para atraer tanta xente? Moitos outros países teñen tamén fermosas paisaxes, peculiar gastronomía e monumentos importantes. Pero non hai en Europa outro lugar ao que cada día cheguen persoas que veñen a pé dende unha distancia superior aos mil e, por veces, os dous mil quilómetros. O feito xacobeo, o misterio de Fisterra, a busca da identidade no camiño revelan que Galicia non é un destino turístico do tipo de Eurodisney ou Marbella. Da mesma maneira que os turistas volven de París cun paraugas con palabras en francés ou de Roma cun xersei con texto en italiano, o turista marcha de Galicia coas palabras *xacobeo* e, se cadra, *graciñas* e *Sanxenxo* que pode unir a outras que o galego xa deu ao castelán hai anos (*zamburiña, vieira, nécora*). É un erro pensar que o turista non quere levar consigo a proba da nosa lingua, como leva a do noso viño ou da tarta de Santiago.

A lingua galega non está sendo considerada parte nuclear do patrimonio cultural galego senón como algo sobrante ou impertinente e, nalgunhas entidades deste sector,

mesmo como un obstáculo. A pesar de todo, todos os veráns veñen a Galicia dende os cinco continentes algúns centos de persoas co exclusivo obxectivo de aprenderen ou perfeccionaren esta lingua. Os nosos literatos crearon mundos que dan para rutas literarias que practicamente están inexploradas comercialmente. Hai episodios históricos relevantes que non teñen presenza nas rutas existentes e que nin sequera están sinalizados nos lugares nos que se produciron. Todo isto pode e debe ser revisado porque a ninguén beneficia e porque nos prexudica a todos.

Pero hai ademais o ámbito do turismo interior. Aquí é onde o turismo se converte nunha inmensa oportunidade. *Non se ama o que non se coñece (Nil volitum qui praecognitium)*. O vello aforismo medieval é de moita aplicación á cuestión lingüística. O P. Sarmiento percorrendo a pé os camiños todos de Galicia volveu á súa cela monástica ateigado de noticias biolóxicas, artísticas, históricas e, sobre todo, lingüísticas e este tesouro fixolle amar esta terra e esta lingua. Cando no inicio do século XX se programa a creación dunha academia que recuperase e dignificase a lingua galega, creouse un apartado para as excursións. As excursións permiten descubrir e palpar paisaxes impresionantes (que están cheas de información para un xeógrafo), monumentos sorprendentes (que están cargados de datos artísticos e históricos para un historiador), lendas e tradicións (das que un etnógrafo sabe as razóns e as funcións) e, sobre todo, palabras e frases (que redondean a orixinalidade irrepetible dunha terra e da súa peculiar cultura). Dalgunha daquelas excursións realizadas por persoas entendidas en especialidades diferentes saíron grandiosas monografías como *Terra de Melide* ou *Parroquia de Velle.* Pero non todo está esgotado.

Tamén en Cataluña se produciu un mesmo movemento excursionista. Pero, mentres alí tivo vixencia e constancia ata hoxe, e axudou a estimular e fundamentar o orgullo de ser catalán, en Galicia o turismo interior foi e é escaso. Si, é certo que o turismo dos galegos hoxe tamén é masivo pero non encontra outro obxectivo que as praias, as festas gastronómicas ou xa directamente o exterior de Galicia. Galicia é a gran descoñecida dos galegos e todo isto, indiscutiblemente, axuda a debilitar esa identificación coa terra, que é o que mantén unha lingua cando hai dificultades. O turismo interior está pouco desenvolvido e é moi importante no proceso de autoidentificación dos galegos, tan necesaria mesmo para elevar o noso nivel económico.

Deberá abrirse, polo tanto, unha nova liña de traballo: incorporación da lingua e da cultura en lingua galega ao concepto de patrimonio que se lle ofrece tanto ao turista exterior coma ao turista interior.

Unha vez máis, a promoción do galego que este PNL persegue está moi lonxe de pretender arrombar o castelán senón simplemente facer que aflore, emerxa e xurda o galego que, na situación actual, padece tamén aquí unha ocultación que a nada conduce. Cando o turista percibe que o respecto á lingua do visitante convive co orgullo da propia lingua e da propia tradición, marcha sempre cunha boa impresión, coa sensación de que visitou un país serio, e convértese no mellor propagandista.

Diagnóstico do sector

Área 1. Crenzas relixiosas

Puntos fortes	Puntos débiles
• Base social de falantes con presenza maioritaria en todo o territorio galego, maila ser máis ampla no rural que no urbano. • Uso da lingua galega nos actos relixiosos nos que a persoa é activa e espontánea (confesión, rezos íntimos, oracións sen carácter litúrxico nin paralitúrxico). • Importante cantidade de oracións e fórmulas relixiosas que a xente utiliza en lingua galega e que demostran que moitos galegos viven a súa intimidade relixiosa en galego.	• Tradición plurisecular que liga ao castelán todo o que na liturxia católica oficial non é en latín. • Escasa transcendencia na liturxia católica da espontaneidade persoal e, polo tanto, da lingua na que pensa e fala habitualmente o crente.
• Existencia dunha base significativa de comunidades de fieis e pastores que usan o galego na liturxia. Nos dous sectores hai mesmo persoas comprometidas coa lingua no labor pastoral.	• Baixa porcentaxe de parroquias nas que a liturxia se fai en galego. • Insuficiente difusión da existencia da liturxia en galego. • Sensación de misa enlatada que ofrece a que se transmite os domingos pola TVG por estar feita nun lugar sempre igual e case sen xente.

	• Descoñecemento das oracións básicas, dos cantos e respostas litúrxicas cando unha persoa vai a outra parroquia na que a liturxia se fai en galego.
• Aceptación pacífica e, por veces entusiasta, da liturxia en galego alí onde se iniciou.	• Aceptación tamén pacífica do regreso á liturxia en castelán, cando falta a persoa ou grupo de persoas que introduciran o galego nela.
• Existencia de comunidades de base que encarnan na galeguidade a súa fe e practican unha liturxia aberta e innovadora, nas que toda a liturxia se fai sempre en galego.	• Dificultades de influencia social deste grupo. • Existencia doutros grupos eclesiais, tamén dinámicos, que nunca utilizan o galego.
• Existencia de directrices conciliares que prescriben o uso da lingua galega na liturxia católica en Galicia. • Boa disposición dos bispos, manifestada en pastorais e, con máis ou menos continuidade, manifestada tamén na práctica. Prexuízo moi estendido de que o galego na liturxia é unha innovación (que ten que xustificarse) e que vai contra a tradición. • Existencia na liturxia católica dos libros litúrxicos indispensables en galego (Biblia, misal, rituais, oracional, cantigueiro; mesmo de materiais catequéticos) e a baixo prezo polo patrocinio do Goberno galego. • Existencia dalgúns materiais audiovisuais en galego, elaborados ou traducidos por católicos ou evanxelistas.	• Prexuízo moi estendido de que o galego na liturxia é unha innovación que ten máis raíz política ca teolóxica. • Capacidade disuasoria dunha simple persoa que se opoña á liturxia en galego, mesmo se as motivacións fosen de orde non teolóxica. • Mingua da credibilidade, nunha estrutura xerarquizada, pola inconsecuencia de parte do alto clero diocesano. • Aprendizaxe en castelán das oracións básicas aos netos por parte das avoas, mesmo se son galegofalantes. • Obsolescencia normativa de todos os libros litúrxicos actualmente impresos tras a última revisión normativa en palabras de moito uso (graza, presenza). • Insuficiente incorporación dos medios audiovisuais no eido relixioso.
• Clero galego moi instalado na lingua galega (fóra de casos minoritarios e zona ourensá dependente de Astorga). • Experiencia de moitos sacerdotes adquirida en varios decenios de uso litúrxico do galego. • Existencia de rapaces e mozos con hábito de ler, mesmo en público, textos en galego.	• Hábito no clero católico de falar e ler sempre en castelán todo o tocante aos asuntos bíblicos, litúrxicos e catequéticos. • Sensación en boa parte do clero de non dominar a norma da lingua galega para facer un intervención pública coa debida corrección e solemnidade, habendo entre os fieis moitas persoas que o estudaron.

• Facilidade de aprendizaxe e de transferencia castelán – galego • Actitude positiva da curia foránea cara á aprendizaxe.	• Existencia dunha norma cada vez máis definida fronte ao galego espontáneo e local (Deus, graza, presenza...), que crea inseguridade e induce o abandono do galego. • Atrancos para novas aprendizaxes (sobre todo da escrita) por comodidade, dispoñibilidade, etc. no clero de maior idade e nos crentes máis maduros.
• Menor rexeitamento ao uso litúrxico que hai uns anos e maior receptividade entre a mocidade castelanfalante.	• Reticencias en moitos crentes de base galegofalante por consideraren o galego lingua válida só para o cotián. • Existencia dalgúns crentes (sacerdotes ou leigos) radicalmente opostos á liturxia en galego por consideralo vulgar ou impropio.
• Existencia de gran número de documentos e mesmo formularios en galego das curias diocesanas ou de organismos relixiosos.	• Documentación eclesiástica (sobre todo a ordinaria) en castelán. • Necesidade de axuda pública para a edición de libros litúrxicos e escolares e para o propio ensino da relixión.
• Existencia de programas relixiosos en galego tanto da Igrexa Católica (A sentinela, Santa Misa) coma das evanxélicas (Nacer de novo) na TVG e noutras emisoras e publicacións. • Lecturas bíblicas no Día das Letras Galegas entre as comunidades evanxélicas. • Existencia de diversas publicacións (impresas ou na Rede) teolóxicas, relixiosas ou simplemente eclesiásticas en galego.	• Baixa audiencia proporcional dos programas católicos. • Maioría de publicacións en castelán ou nas que o galego é marxinal.
• Crecente ruptura do tabú do uso do castelán nos asuntos funerarios, maiormente nos da mocidade e xente da cultura.	• Predominio multisecular do castelán nas notas necrolóxicas, recordatorios, cintas das coroas florais e lápidas dos camposantos.

Área 2. Servizos sociais

Puntos fortes	Puntos débiles
• Utilización ou coñecemento do galego por parte da maioría dos usuarios dos servizos sociais.	• Baixa estima da lingua galega por unha parte dos usuarios dos servizos sociais e, nalgúns casos, inseguridade nesta lingua pola sobrevaloración da norma estándar, que se senten incapaces de utilizar.
• Uso maioritario do galego por boa parte dos discapacitados de Galicia.	• Utilización sistemática do castelán como único sistema de comunicación para os discapacitados nos sistemas Braille e linguaxe de xordos.
• Uso socialmente maioritario do galego.	• Percepción dos usuarios de que o galego non goza dun status normal e de que é unha lingua con problemas.
• Coñecemento da lingua galega por parte da maioría dos traballadores dos servizos sociais. • Esixencia legal deste coñecemento para traballar no eido dos servizos sociais.	• Uso oral do galego só por parte dunha minoría dos profesionais deste eido no desenvolvemento do seu traballo profesional, maiormente nas áreas urbanas. • Este uso é mínimo no caso dos traballadores máis cualificados e nos cadros directivos, marcando así unha diferenza social co símbolo lingüístico.
• Uso do galego en todas as actuacións escritas na xestión administrativa (comunicacións, formularios, solicitudes, difusión dos programas e recursos…). • Elaboración e difusión en galego das publicacións, documentos técnicos e estudos deste eido. • Aceptación xeneralizada do uso oficial do galego nos distintos niveis dos servizos sociais (comunitarios e especializados).	• Uso do castelán para interpretar, analizar e utilizar esta documentación, co gallo de que poida chegar a máis xente. • Inexistencia de control da utilización oral do galego por parte dos traballadores. • Aceptación práctica do menor recoñecemento social do galego, aínda recoñecéndolle o rango de lingua cooficial.

Área 3. Inmigración

Puntos fortes	Puntos débiles
• Dereito constitucional da poboación galega a se expresar en galego, exercido de maneira espontánea e maioritaria pola poboación. • Uso predominante do galego na maior parte dos sectores onde participan ou traballan os inmigrantes.	• Hábito de usar o castelán por cortesía con calquera persoa que non sexa galega por favorecer a comunicación e por humanidade cos inmigrantes. • Escaso uso co servizo doméstico, alí onde a inmigración feminina ocupa un lugar de peso. • Uso predominante do castelán nas áreas onde se asentan preferentemente os inmigrantes (43% nas áreas de Vigo e A Coruña). • Uso ocasionalmente insolidario do galego para excluír o inmigrante.
• Actitude positiva dos inmigrantes, que perciben o galego como un medio de integración na comunidade.	• Dificultade suplementaria para moitos inmigrantes polo feito de ser este un país con dúas linguas cooficiais. • Prexuízo de que España é territorio monolingüe. • Percepción do galego como lingua subalterna e innecesaria.
• Apoio da escola pública á formación en galego dos inmigrantes. • Existencia de cursos e obriga de asistiren os inmigrantes en idade de escolarización obrigatoria ás clases de lingua galega.	• Exención de avaliación por tres anos. • Falta de control axeitado do funcionamento da exención de avaliación en lingua galega. • Escaso compromiso da escola privada. • Carencia de cursos de formación específica.
• Identidade do sentimento de apego á propia cultura, que alimenta o inmigrante, e do esforzo de Galicia pola recuperación e normalización da cultura galega.	• Crenza superficial de que non nos podemos falar como irmáns porque as nosas palabras son distintas.

Área 4. Asociacionismo

Puntos fortes	Puntos débiles
• Uso frecuente da lingua galega no ámbito asociativo, e receptividade na maioría do tecido social. • Base importante de axudas e de coñecemento destas no ámbito asociativo.	• Reticencias ao uso do galego nalgunhas asociacións con moito uso de documentación (asociacións de veciños, comunidades de propietarios) ou de certa relevancia social en vilas e cidades (círculos recreativos, casinos). • Insuficiente apoio ás entidades para reforzar os procesos de galeguización. • Efectividade irregular das axudas e escasa avaliación dos resultados. • Connotación negativa e certa perversión do sistema galeguización por cartos.
• Existencia dunha base de axentes de promoción social da lingua galega con predisposición colaboradora.	• Solapamentos, descoordinacións e, nalgúns casos, contradicións entre os axentes de normalización da lingua galega que lles restan efectividade ás súas accións.

Área 5. Deporte

Puntos fortes	Puntos débiles
• Boa parte dos deportistas galegos son galegofalantes ou están en condicións de falalo. • Galego, lingua espontánea de moitos afeccionados visible non só nos estadios senón mesmo cando se comenta en galego un partido transmitido ou descrito en castelán. • Actitude favorable ao galego en parte das entidades deportivas.	• Inexistencia en Galicia dunha entidade deportiva importante que non se contente con ser o símbolo dunha cidade, que queira ser algo máis ca un club, que queira ser símbolo dun país asumindo o sinal de identidade de todo o país que é a lingua galega. • Carácter minoritario do galego na práctica deportiva das categorías superiores e cando se participa en competicións de carácter estatal. Ocultación case total da lingua galega nos deportes asociados ao alto nivel económico (tenis, golf, vela) e nas declaracións á prensa de certos deportistas.

• As administracións, que, coa súa axuda, fan posible a práctica deportiva e mesmo a existencia dalgunhas entidades privadas, emiten a súa documentación en galego. • Moitas entidades deportivas dependen da publicidade que lles supón a información en galego da CRTVG.	• Escasa utilización da lingua galega nos escritos, acordos, comunicados etc. das entidades deportivas, federacións, delegacións e árbitros. Boa parte dos traballadores e directivos dos clubs ou entidades deportivas, mesmo se son galegofalantes habituais, utilizan preferentemente o castelán no desempeño das súas funcións e declaracións. • Presenza minoritaria do galego na rotulación de estadios e pavillóns deportivos, na megafonía dos encontros deportivos, na información da actividade.
• Cooficialidade da lingua galega en Galicia e nas relacións coa Administración. • Prestixio (e mesmo dependencia de moitas entidades deportivas) da información deportiva en galego da RG, da TVG e de Radio Nacional de España en Galicia sobre o deporte en Galicia.	• Ausencia case total na documentación deportiva (arbitral ou non), esquivando a cooficialidade que á lingua galega lle corresponde mesmo no ámbito deportivo. • Presenza minoritaria da lingua galega na comunicación dos espazos deportivos de radio e TV.
• Presenza do galego nos adestramentos, competicións e nalgúns casos na comunicación escrita das categorías inferiores vencelladas ao mundo rural.	• Ausencia case total da información escrita. Tradución ao castelán mesmo da información que aos medios se lles facilita en galego. • Uso moi minoritario do galego no mundo deportivo das categorías superiores e urbanas.
• Capacidade da lingua para vehicular a actividade, documentación e información deportiva.	• Escasa presenza do galego na formación de deportistas galegos. • Ausencia ou descoñecemento de materiais de apoio en galego para os clubs ou entidades deportivas (fichas, formularios, contratos, vocabularios, etc.). Uso preferente da terminoloxía dos aspectos máis técnicos do deporte específica (xavelina, martelo, técnicas deportivas, partes do corpo etc.) en castelán ou mesmo en inglés. • Escasa presenza do galego nas novas tecnoloxías, tanto na Rede coma nos programas informáticos referidos ao deporte.

Área 6. Lecer e tempo libre

Puntos fortes	Puntos débiles
• Boa acollida dos produtos de lecer con calidade existentes en lingua galega. • Importante utilización da lingua galega en ámbitos relevantes de expresión artística e de lecer.	• Escasa oferta e utilización de xogos e outros produtos de lecer en galego. O galego está case inédito nas ofertas lúdicas en TIC. • Escaso material e recursos para desenvolver o traballo socioeducativo en galego. • Falta de formación lingüística e sociolingüística específica para os profesionais do tempo libre.
• Presenza da lingua galega nas actividades de tempo libre (maiormente na música folk ou tradicional, recitais poéticos, contacontos, teatro independente, pubs enxebres, series da TVG coma Xabarín Club, Sin-Chan, Nani, Songoku, librerías, festas gastronómicas e en menor medida, no rock (bravú) e no cómic). • Actitude favorable de parte dos profesionais do sector.	• Presenza maioritaria do castelán no ámbito do tempo libre xuvenil en Galicia. • Limitación do galego a actividades concretas e ausencia case total na maioría dos xéneros (ambiente nocturno, discotecas, pubs in; xogos de mesa; ximnasios; música hip hop e similares). • Dificultade para encontrar actividades de ocio en galego en cidades que non sexan Santiago de Compostela ou que non procedan da CRTVG.
• Utilización maioritaria da lingua galega por parte dos cidadáns nas festas populares do mundo vilego e rural. • Avances na presenza da lingua galega nas festas: carteis, actuacións, etc. • Facilidade para a intervención dada a concentración dos axentes artísticos que dispoñen dunha importante ascendencia no ámbito das festas.	• Insuficiente presenza do galego nos espectáculos das festas populares. • Escasa produción cultural con presenza relevante na sociedade galega. • Escasa difusión da produción cultural en lingua galega.

Área 7. Turismo

Puntos fortes	Puntos débiles
• Fortaleza sociolóxica da lingua galega, máximo ben patrimonial galego.	• Escasa utilización do galego no sector turístico.
	• Pouca presenza da lingua galega entre as organizacións profesionais que estruturan o sector. A súa proxección cara aos asociados non promove o seu uso. • Escasa presenza no ámbito empresarial pola crenza da falta de rendibilidade como idioma de expresión neste ámbito. • Escasa presenza da lingua galega nas cartas dos restaurantes e na rotulación e facturación dos hoteis.
• A lingua galega e a cultura en lingua galega é un ben cultural.	• Tendencia a ocultar a lingua galega coma se fose un obstáculo ou algo impertinente na relación co turista. • Atrofia do turismo cultural interior. • Os materiais de promoción turística adoitan estar só en castelán, por seren os máis demandados.
• Forte presenza da lingua galega nos niveis básicos da actividade turística.	• Escasa formación técnica en lingua galega nos niveis de xestión e dirección turística.

Obxectivos de sector

- Estimular a galeguización do mundo do deporte e do ocio, así como da súa proxección mediática e publicitaria.
- Promover unha oferta ampla e diversificada de produtos lúdicos en galego que combinen a diversión coa promoción dos valores humanísticos.
- Incorporar a poboación inmigrante á lingua propia de Galicia, garantíndolle, para este fin,

unha oferta formativa accesible, atractiva, gratuíta e de calidade.
- Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego no desenvolvemento da súa vida relixiosa, de xeito que se respecten os seus dereitos lingüísticos e culturais.
- Potenciar o emprego da lingua galega nas áreas relixiosa e de acción social.

Áreas do sector

Área 1. Crenzas relixiosas

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Impulsar entre o clero e nos seminarios católicos, en colaboración coa xerarquía eclesiástica, un proceso de reflexión bíblica, patrística e canónica sobre a cuestión da lingua galega no traballo pastoral, que permita aumentar o uso do galego nesta área.
- Reflexionar sobre o uso da lingua galega como lingua de relación, culto e formación das outras confesións relixiosas.

Grupo de medidas 6.1.A

Puntos fortes

- Base social de falantes con presenza maioritaria en todo o territorio galego, maila ser, máis ampla no rural que no urbano.
- Uso da lingua galega nos actos relixiosos nos que a persoa é activa e espontánea (confesión, rezos íntimos, oracións sen carácter litúrxico nin paralitúrxico).
- Importante cantidade de oracións e fórmulas relixiosas que a xente utiliza en lingua galega e que demostran que moitos galegos viven a súa intimidade relixiosa en galego.

Directriz estratéxica

- Aproveitar que unha ampla maioría demográfica utiliza a lingua galega para vivir e expresar a súa fe relixiosa na intimidade.

Puntos débiles

- Tradición plurisecular que liga ao castelán todo o que na liturxia católica oficial non é en latín.
- Escasa transcendencia na liturxia católica da espontaneidade persoal e, polo tanto, da lingua na que pensa e fala habitualmente o crente.

Obxectivos específicos

- Facer visible a extensión da lingua galega e estender o respecto da liturxia a esta realidade.
- Conseguir que a xerarquía e os pastores relixiosos acepten compasar o seu labor pastoral e litúrxico co Plan xeral de normalización lingüística da lingua galega que a sociedade galega civil pon en marcha para facer máis humana a convivencia.
- Estimular a aparición dun movemento interno nas organizacións relixiosas que sexa sinérxico con este plan civil.

Medidas

- **6.1.1.** Encontro dos poderes públicos coas diferentes xerarquías relixiosas (cristiás ou doutras crenzas) para crear unha canle de diálogo permanente verbo dos asuntos lingüísticos na actividade relixiosa e para impulsar un incremento dun 10% anual de uso do galego na liturxia e na proxección pública de cada diocese ou sección.
- **6.1.2.** Creación dun organismo para cada confesión relixiosa que impulse, asesore, coordine e siga o proceso de normalización.
- **6.1.3.** Dirixirse aos sacerdotes responsables das grandes romarías galegas, nas que se axunta xente de toda Galicia, para que, se o galego non fose xa a lingua da liturxia, estea presente, polo menos, nos momentos máis importantes e comunicativos dos ritos.
- **6.1.4.** Elaboración dun folleto coas oracións básicas en galego, que inclúa tamén as expresións populares galegas de maior uso e valor teolóxico e difusión a través das comunidades parroquiais.
- **6.1.5.** Difusión dese folleto entre responsables e colaboradores de comunidades e crentes para modificar aquelas actitudes que manteñen oculta a lingua galega.

Grupo de medidas 6.1.B

Punto forte

- Existencia dunha base significativa de comunidades de fieis e pastores que usan o galego na liturxia. Nos dous sectores hai mesmo persoas comprometidas coa lingua no labor pastoral.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a existencia exitosa da liturxia en galego en todo tipo de comunidades rurais, vilegas ou urbanas para convencer da aptitude litúrxica da lingua.

Puntos débiles

- Baixa porcentaxe de parroquias nas que a liturxia se fai en galego.
- Insuficiente difusión da existencia da liturxia en galego.
- Sensación de *misa enlatada* que ofrece a que se transmite os domingos pola TVG por estar feita nun lugar sempre igual e case sen xente.
- Descoñecemento das oracións básicas, dos cantos e respostas litúrxicas cando unha persoa vai a outra parroquia na que a liturxia se fai en galego.

Obxectivos específicos

- Facer visible a extensión da liturxia en galego para provocar, por medio da TV, noutras parroquias a emulación que outros programas produciron, por exemplo, no campo do folclore ou da gastronomía.
- Facilitar a incorporación á liturxia en galego das persoas que non teñen o hábito de participar nela.

Medidas

– **6.1.6.** Transmitir a misa en galego dos domingos da TVG dende unha parroquia distinta, para que se vexan diferentes comunidades vivindo a fe en galego e se produza a emulación.

– **6.1.7.** Campaña nos medios de comunicación animando os galegos a utilizar o galego neste ámbito, tal como se fai con naturalidade en moitos lugares.
– **6.1.8.** Colocar en todas as igrexas de Galicia un número de libros proporcional á asistencia media de fieis e que conteña os textos e cantos da liturxia tamén en galego.

Grupo de medidas 6.1.C

Punto forte

• Aceptación pacífica e, por veces entusiasta, da liturxia en galego alí onde se iniciou.

Directriz estratéxica

• Axudarse do exemplo que dá quen usa o galego na liturxia e do seu compromiso con el.

Punto débil

• Aceptación tamén pacífica do regreso á liturxia en castelán, cando falta a persoa ou grupo de persoas que introduciran o galego nela.

Obxectivo específico

• Potenciar o labor de quen usa o galego e se manifesta comprometido coa súa extensión.

Medidas

– **6.1.9.** Acordar co Episcopado e cabidos de Galicia un aumento da presenza do galego nos actos litúrxicos de maior asistencia das nosas catedrais.
– **6.1.10.** Promover reportaxes na prensa sobre a naturalidade e a aceptación da liturxia en galego.
– **6.1.11.** Organizar encontros por zonas para axentes pastorais nos que se debatan as razóns de boa técnica profesional, de fidelidade á cultura dun pobo con lingua propia e de diálogo da fe con esta cultura concreta.

Grupo de medidas 6.1.D

Punto forte

- Existencia de comunidades de base que encarnan na galeguidade a súa fe e practican unha liturxia aberta e innovadora, nas que toda a liturxia se fai sempre en galego.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a formación teolóxica destes grupos para a elaboración de materiais de captación.

Puntos débiles

- Dificultades de influencia social deste grupo.
- Existencia doutros grupos eclesiais, tamén dinámicos, que nunca utilizan o galego.

Obxectivos específicos

- Superar toda idea da adscrición do galego a un grupo social, non só polo risco de caer en estereotipos, senón porque o idioma é de toda a cidadanía.
- Mentalización de responsables de comunidades e axentes de pastoral.

Medidas

– **6.1.12.** Elaboración (de acordo coa xerarquía) e difusión dun libro no que se recollan razóns de orde teolóxica, canónica, pastoral e cultural do deber de utilizar con normalidade a lingua galega na liturxia e de como a pluralidade lingüística é signo distintivo da verdadeira tradición cristiá, a diferenza doutras relixións coma o xudaísmo ou o Islam.

– **6.1.13.** Facilitar, de acordo coas xerarquías correspondentes, un encontro interconfesional que analice con lóxica endóxena as posibilidades e motivos do uso da lingua galega nas súas áreas.

Grupo de medidas 6.1.E

Puntos fortes

- Existencia de directrices conciliares que prescriben o uso da lingua galega na liturxia católica en Galicia.
- Boa disposición dos bispos, manifestada en pastorais e, con máis ou menos continuidade, manifestada tamén na práctica.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a lexislación eclesiástica para impulsar a presenza do galego na liturxia.

Puntos débiles

- Prexuízo moi estendido de que o galego na liturxia é unha innovación (que ten que xustificarse) e que vai contra a tradición.
- Prexuízo moi estendido de que o galego na liturxia é unha innovación que ten máis raíz política ca teolóxica.
- Capacidade disuasoria dunha simple persoa que se opoña á liturxia en galego, mesmo se as motivacións fosen de orde non teolóxica.
- Mingua da credibilidade, nunha estrutura xerarquizada, pola inconsecuencia de parte do alto clero diocesano.

Obxectivos específicos

- Conseguir o cumprimento das normas do Concilio Pastoral de Galicia de 1976.
- Aumentar a porcentaxe dos pastores que entendan as razóns da liturxia en galego.
- Liberar de prexuízos lingüísticos a acción pastoral e catequética na liña que marcou Pentecoste.

Medidas

– **6.1.14.** Simposio internacional sobre linguas minoritarias e relixión, no que emerxa a importante contribución do cristianismo á estandarización e promoción das linguas.

Difusión das actas como material de debate.

– **6.1.15.** Difusión masiva, de acordo coa xerarquía, dun folleto no que se recollan en forma breve e cordial os fundamentos teolóxicos, patrísticos e canónicos do uso da lingua dos fieis e de como isto é signo distintivo da verdadeira tradición cristiá, a diferenza doutras relixións como o xudaísmo ou o Islam.

Grupo de medidas 6.1.F

Puntos fortes

- Existencia na liturxia católica dos libros litúrxicos indispensables en galego (*Biblia*, misal, rituais, oracional, cantigueiro; mesmo de materiais catequéticos) e a baixo prezo polo patrocinio do Goberno galego.
- Existencia dalgúns materiais audiovisuais en galego, elaborados ou traducidos por católicos ou evanxelistas.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar a existencia do material impreso para difundilo.
- Axudarse das técnicas actuais na difusión da lingua no ámbito relixioso.

Puntos débiles

- Aprendizaxe en castelán das oracións básicas aos netos por parte das avoas, mesmo se son galegofalantes.
- Obsolescencia normativa de todos os libros litúrxicos actualmente impresos tras a última revisión normativa en palabras de moito uso (*graza*, *presenza*).
- Insuficiente incorporación dos medios audiovisuais no eido relixioso.

Obxectivo específico

- Conseguir que o uso do galego no eido relixioso sexa tan normal en Galicia como é o do castelán en Castela.

Medidas

- **6.1.16.** Editar en galego e a baixo prezo os materiais para a catequese en galego negociando coa xerarquía a súa utilización preferente.
- **6.1.17.** Reeditar os libros litúrxicos (maiormente a Biblia) axeitándoos á nova norma do galego e primando as edicións de tamaño medio.
- **6.1.18.** Dobraxe ao galego e difusión dalgúns vídeos especialmente significativos para a educación na fe tanto na catequese coma no ensino relixioso.

Grupo de medidas 6.1.G

Puntos fortes

- Clero galego moi instalado na lingua galega (fóra de casos minoritarios e zona ourensá dependente de Astorga).
- Experiencia de moitos sacerdotes adquirida en varios decenios de uso litúrxico do galego.
- Existencia de rapaces e mozos con hábito de ler, mesmo en público, textos en galego.
- Facilidade de aprendizaxe e de transferencia castelán – galego.
- Actitude positiva da curia foránea cara á aprendizaxe.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar a plena instalación do clero no galego, moito maior cá de calquera outro gremio con estudos superiores.
- Aproveitar a existencia dos recursos humanos e materiais para a acción pastoral en galego.

Puntos débiles

- Hábito no clero católico de falar e ler sempre en castelán todo o tocante aos asuntos bíblicos, litúrxicos e catequéticos.
- Sensación en boa parte do clero de non dominar a norma da lingua galega para facer unha intervención pública coa debida corrección e solemnidade, habendo entre os fieis

moitas persoas que o estudaron.

- Existencia dunha norma cada vez máis definida fronte ao galego espontáneo e local (*Deus*, *graza*, *presenza*...), que crea inseguridade e induce o abandono do galego.
- Atrancos para novas aprendizaxes (sobre todo da escrita) por comodidade, dispoñibilidade, etc. no clero de maior idade e nos crentes máis maduros.

Obxectivos específicos

- Obter unha mellora da competencia, con especial atención á lectura pública, de xeito que repercuta nunha maior seguridade no uso.
- Difundir a tradición patrística que hai moitos séculos xa resolveu o problema da corrección lingüística someténdoa na liturxia á máis doada e natural comunicación cos fieis.
- Mentalización de responsables de comunidades e axentes de pastoral.

Medidas

– **6.1.19.** Solicitar do bispo de Astorga a incorporación da lingua galega na parte galegofalante da súa diocese e a preparación dos seminaristas nesta lingua.

– **6.1.20.** Solicitar das xerarquías relixiosas un incremento significativo da utilización do galego na formación teolóxica e bíblica dos futuros sacerdotes e pastores e un maior coñecemento da nosa identidade cultural que permita unha mellor inculturación da fe.

– **6.1.21.** Realización de cursiños para axentes pastorais e crentes orientados non só á formación lingüística práctica senón tamén, e sobre todo, a desinhibir o uso do galego nas súas actividades pastorais e a sentar criterios de cal é o papel da norma na acción litúrxica.

– **6.1.22.** Facilitar axuda institucional para a tradución ao galego dos libros litúrxicos básicos das outras confesións relixiosas.

Grupo de medidas 6.1.H

Punto forte

- Menor rexeitamento ao uso litúrxico que hai uns anos e maior receptividade entre a mocidade castelanfalante.

Directriz estratéxica

- Axudarse da maior receptividade cara ao galego neste momento.

Puntos débiles

- Reticencias en moitos crentes de base galegofalante por consideraren o galego lingua válida só para o cotián.
- Existencia dalgúns crentes (sacerdotes ou leigos) radicalmente opostos á liturxia en galego por consideralo vulgar ou impropio.

Obxectivo específico

- Lograr que sedimente a idea ecolóxica de que toda lingua é axeitada para a expresión de calquera necesidade comunicativa.

Medidas

- **6.1.23.** Campaña co slogan: "Deus, que nos deu a palabra, enténdeas todas (tamén o galego)".
- **6.1.24.** Acordo coas xerarquías das diferentes confesións relixiosas existentes en Galicia de remover prexuízos contrarios á utilización da lingua galega no seu ámbito específico.

Grupo de medidas 6.1.I

Punto forte

- Existencia de gran número de documentos e mesmo formularios en galego das curias diocesanas ou de organismos relixiosos.

Directriz estratéxica

- Explotar as posibilidades das fontes existentes.

Puntos débiles

- Documentación eclesiástica (sobre todo a ordinaria) en castelán.

- Necesidade de axuda pública para a edición de libros litúrxicos e escolares e para o propio ensino da relixión.

Obxectivos específicos

- Facilitar que estea en galego a documentación eclesiástica ordinaria (impresos, formularios, etc.).
- Vincular as axudas públicas a un aumento efectivo da presenza do galego.

Medidas

– **6.1.25.** Aumentar a presenza do galego nos textos e no ensino da relixión nos niveis básico e medio.
– **6.1.26.** Apoio económico á edición de formularios e impresos en galego, obtendo o compromiso do aumento efectivo do uso do galego.
– **6.1.27.** Impulsar a publicación e difusión de materiais en galego para uso das confesións relixiosas, obtendo o compromiso do aumento efectivo do uso do galego.

Grupo de medidas 6.1.L

Puntos fortes

- Existencia de programas relixiosos en galego tanto da Igrexa Católica (*A sentinela*, *Santa Misa*) coma das evanxélicas (*Nacer de novo*) na TVG e noutras emisoras e publicacións.
- Lecturas bíblicas no Día das Letras Galegas entre as comunidades evanxélicas.

Directriz estratéxica

- Aproveitar os programas de radio e TV para fundamentar e estimular o uso do galego nesta área.

Punto débil

- Baixa audiencia proporcional dos programas católicos.

Obxectivos específicos

- Obter unha maior rendibilidade dos espazos que ofrece a CRTVG e un mellor aproveitamento nos medios escritos tratando os temas relixiosos de forma atractiva e axeitada ao mundo de hoxe.
- Mentalización de responsables de comunidades e axentes de pastoral.

Medidas

- **6.1.28.** Establecer un acordo coas igrexas Católica e Evanxélica para, no uso dos medios públicos de comunicación, explicar e fundamentar a validez do galego para a actividade relixiosa.
- **6.1.29.** Promover debates ecuménicos verbo do galego neste sector; darlles protagonismo a persoas que viñeron de fóra e fixeron o esforzo de apostar polo uso pastoral e normal do galego.
- **6.1.30.** Publicación de artigos de prensa polas distintas confesións nos seus medios propios.
- **6.1.31.** Colaboración na creación de web relixiosas en galego e introdución do galego nas existentes.

Grupo de medidas 6.1.LL

Punto forte

- Existencia de diversas publicacións (impresas ou na Rede) teolóxicas, relixiosas ou simplemente eclesiásticas en galego.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a competencia lingüística da sociedade galega.

Punto débil

- Maioría de publicacións en castelán ou nas que o galego é marxinal.

Obxectivo específico

- Incrementar a presenza do galego nas publicacións relixiosas.

Medidas

– **6.1.32.** Incrementar a presenza do galego nos medios de comunicación de titularidade relixiosa.

– **6.1.33.** Acordo institucional cos responsables dos **medios de comunicación de titularidade relixiosa** para incrementar o uso do galego nos espazos dirixidos ao territorio galego.

Grupo de medidas 6.1.M

Punto forte

- Crecente ruptura do tabú do uso do castelán nos asuntos funerarios, maiormente nos da mocidade e xente da cultura.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a aparición do galego neste ámbito.

Punto débil

- Predominio multisecular do castelán nas notas necrolóxicas, recordatorios, cintas das coroas florais e lápidas dos camposantos.

Obxectivo específico

- Incorporar as empresas dos servizos fúnebres ao proceso de normalización do galego.

Medidas

– **6.1.34.** Encontro coas empresas fúnebres de Galicia para que, utilizando os materiais existentes en galego (mesmo en formato electrónico), practiquen cos seus clientes a Oferta positiva de ofrecérenlles de entrada en galego os seus servizos (notas necrolóxi-

cas, coroas, recordatorios e lápidas), maiormente ás persoas que sempre o falaron.

– **6.1.35.** Acordar coas autoridades relixiosas unha directriz recomendando a liturxia en galego, como mínimo, no caso das persoas que tiveron o galego como lingua habitual.

Área 2. Servizos sociais

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Potenciar o uso da lingua galega como elemento optimizador do desenvolvemento laboral e de eficacia na prestación de servizos sociais tanto públicos como dende o sector privado.
- Garantir que os servizos sociais dependentes das administracións públicas desenvolvan a súa actividade social dende a práctica da Oferta positiva, respectando os dereitos lingüísticos dos usuarios destes servizos.
- Incluír nos plans de formación dos traballadores dos servizos sociais unha área de formación de lingua galega que garanta a competencia lingüística oral e escrita destes traballadores.
- Impulsar o uso da lingua galega nas institucións e organismos asistenciais e de servizos sociais tanto dependentes da Administración como desenvolvidas por empresas privadas e organizacións sen fins de lucro.

Grupo de medidas 6.2.A

Punto forte

- Utilización ou coñecemento do galego por parte da maioría dos usuarios dos servizos sociais.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o coñecemento e uso do galego que, en moitos usuarios, é de moi alto nivel aínda que non estea filtrado pola norma.

Punto débil

- Baixa estima da lingua galega por unha parte dos usuarios dos servizos sociais e, nalgúns casos, inseguridade nesta lingua pola sobrevaloración da norma estándar, que se senten incapaces de utilizar.

Obxectivos específicos

- Aumentar a autoestima dos usuarios facéndoos partícipes dunha obra colectiva construída cos saberes que eles teñen e para conseguir unha asistencia de maior calidade e eficacia.
- Relativizar a importancia da norma dándolle preferencia á comunicación espontánea.

Medidas

– **6.2.1.** Establecer unha norma legal que obrigue a atender en galego os usuarios galegofalantes de todo tipo de servizos sociais.
– **6.2.2.** Deseñar programas de actividades que incorporen o galego como lingua de traballo ou como obxecto de talleres ou conferencias.
– **6.2.3.** Recoller e publicar a memoria léxica, etnolingüística e etnográfica que atesouran os usuarios (por exemplo, as persoas que se reúnen nas residencias da terceira idade), cun premio anual que distinga a máis valiosa desas memorias.
– **6.2.4.** Estimular a participación dos usuarios do servizo social na recolleita da microtoponimia de Galicia en colaboración co SITGA.

Grupo de medidas 6.2.B

Punto forte

- Uso maioritario do galego por parte de boa parte dos discapacitados de Galicia.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a versatilidade dos sistemas de comunicación de discapacitados.

Punto débil

- Utilización sistemática do castelán como único sistema de comunicación para os discapacitados nos sistemas Braille e linguaxe de xordos.

Obxectivo específico

- Eliminar as barreiras lingüísticas que sofren os discapacitados galegofalantes.

Medida

– **6.2.5.** Iniciar a adaptación, difusión e práctica dos sistemas Braille e linguaxe de xordos en galego en colaboración coas correspondentes organizacións de atención a estas persoas.

Grupo de medidas 6.2.C

Punto forte

- Uso socialmente maioritario do galego.

Directrices estratéxicas

- Potenciar os valores da lingua galega maioritaria, pero menos visible nunha sociedade que valora o éxito social.
- Facer visible que a lingua é compañeira da realidade que viven os usuarios dos servizos sociais.

Punto débil

- Percepción dos usuarios de que o galego non goza dun status normal e de que é unha lingua con problemas.

Obxectivos específicos

- Presentar o uso do galego como un acto de ecoloxía social e cultural, por canto é a lingua propia e distintiva deste territorio.

- Estimular a aparición do concepto e categoría de *boa práctica laboral* que inclúa o respecto aos dereitos lingüísticos dos usuarios do servizo.

Medidas

- **6.2.6.** Campaña para facer ver que a dignidade dunha lingua non ten nada que ver co número de falantes e que todas as linguas son capaces e merecen un futuro digno.
- **6.2.7.** Elaborar un folleto para a súa difusión entre os traballadores no que se especifiquen as normas que constitúen o concepto de *boa práctica laboral*, con especial atención a canto axude a remover reticencias verbo do uso profesional da lingua galega, porque redunda na eficacia do servizo, e que a sitúe dentro do contexto de reinserción social.
- **6.2.8.** Crear un premio anual que distinga o centro de servizo social que mellor cumpra os requisitos de *boa práctica laboral*.

Grupo de medidas 6.2.D

Puntos fortes

- Coñecemento da lingua galega por parte da maioría dos traballadores dos servizos sociais.
- Esixencia legal deste coñecemento para desenvolverse no eido dos servizos sociais.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o coñecemento e uso do galego que teñen ou que se lles pode esixir aos traballadores dos servizos sociais.

Puntos débiles

- Uso oral do galego só por parte dunha minoría dos profesionais deste eido no desenvolvemento do seu traballo profesional, maiormente nas áreas urbanas.
- Este uso é mínimo no caso dos traballadores máis cualificados e nos cadros directivos, marcando así unha diferenza social co símbolo lingüístico.

Obxectivos específicos

- Garantir que o galego é a lingua na que son atendidos todos os usuarios galegofalantes dos servizos sociais.
- Impedir que o uso alternativo do galego e do castelán poida dar imaxe de diferente categoría das linguas, para que os usuarios galegofalantes non se sintan inferiores.
- Impulsar o uso cotián do galego, considerándoo como *boa práctica laboral*.

Medidas

– **6.2.9.** Establecer a obrigatoriedade do uso do galego cos usuarios galegofalantes por parte do persoal técnico, asistencial e administrativo con expresa extensión aos traballadores máis cualificados e cadros directivos, tanto nos centros de titularidade pública coma nos privados que, dalgún xeito, estean apoiados economicamente polos recursos públicos ou que estean sometidos á lexislación pública.

– **6.2.10.** Reorientar a formación dos traballadores dos servizos sociais, garantindo unha competencia plena en galego, oral e escrita, criterio razoable verbo do papel da norma, e actitude positiva en relación co seu uso profesional, con especial atención ao novo concepto de boa práctica laboral.

– **6.2.11.** Realizar anualmente un labor de avaliación do uso do galego cos usuarios galegofalantes, ao mesmo tempo que se fai a da satisfacción deste co servizo.

Grupo de medidas 6.2.E

Puntos fortes

- Uso do galego en todas as actuacións escritas na xestión administrativa (comunicacións, formularios, solicitudes, difusión dos programas e recursos…).
- Elaboración e difusión en galego das publicacións, documentos técnicos e estudos deste eido.
- Aceptación xeneralizada do uso oficial do galego nos distintos niveis dos servizos sociais (comunitarios e especializados).

Directriz estratéxica

- Potenciar a presenza do galego escrito para desbloquear posibles situacións de ocultación lingüístico que sempre revelan a existencia doutros traumas.

Puntos débiles

- Uso do castelán para interpretar, analizar e utilizar esta documentación.
- Inexistencia de control da utilización oral do galego por parte dos traballadores.
- Aceptación práctica do menor recoñecemento social do galego, aínda recoñecéndolle o rango de lingua cooficial.

Obxectivo específico

- Procurar que os traballadores máis cualificados e cadros directivos dos servizos sociais fagan uso habitual do galego, e sempre cos usuarios galegofalantes, mesmo galegofalantes ocultos.

Medidas

- **6.2.12.** Tradución ao galego da documentación técnica máis prestixiosa.
- **6.2.13.** Impartir sempre en galego os cursos de actualización profesional que organicen as administracións, facilitándolles a asistencia aos traballadores en horas laborais.
- **6.2.14.** Regulamentar e facer o seguimento oportuno para que todas as reunións de dirección ou comisións técnicas así como as súas intervencións públicas nos medios de comunicación se fagan en galego.
- **6.2.15.** Garantir que toda a publicidade e divulgación destes servizos se faga, polo menos, en galego.

Área 3. Inmigración

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Concienciar os axentes sociais da conveniencia de incorporar a poboación inmigrante á lingua e cultura galegas.

- Introducir a lingua galega nos programas de formación e inserción dos traballadores inmigrantes.

Grupo de medidas 6.3.A

Puntos fortes

- Dereito constitucional da poboación galega a se expresar en galego, exercido de maneira espontánea e maioritaria pola poboación.
- Uso predominante do galego na maior parte dos sectores onde participan ou traballan os inmigrantes.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o amplo e espontáneo uso do galego nos distintos sectores laborais onde participan os inmigrantes.

Puntos débiles

- Hábito de usar o castelán por cortesía con calquera persoa que non sexa galega por favorecer a comunicación e por humanidade cos inmigrantes.
- Escaso uso co servizo doméstico, alí onde a inmigración feminina ocupa un lugar de peso.
- Uso predominante do castelán nas áreas onde se asentan preferentemente os inmigrantes (43% nas áreas de Vigo e A Coruña).
- Uso ocasionalmente insolidario do galego para excluír o inmigrante.

Obxectivos específicos

- Orientar os inmigrantes sobre as características do país ao que acaban de chegar ao mesmo tempo que se lles facilitan algúns coñecementos técnicos necesarios.
- Garantir o uso do galego como un dereito da poboación galega.

Medidas

- **6.3.1.** Ofrecerlles aos inmigrantes cursos gratuítos, elementais e en galego de formación básica.
- **6.3.2.** Realizar cursos de lingua galega para inmigrantes para que se poidan comunicar e integrar nunha sociedade na que o uso do galego é un dereito constitucional maioritariamente exercido pola poboación.
- **6.3.3.** Campaña para ver o inmigrante como un ser humano que cobre carencias e enriquece a nosa sociedade.
- **6.3.4.** Campaña dirixida aos inmigrantes motivándoos a aprender o galego no prazo de tres anos e crear un documento que acredite ese coñecemento e que puntúe á hora de optar a un traballo.

Grupo de medidas 6.3.B

Punto forte

- Actitude positiva dos inmigrantes, que perciben o galego como un medio de integración na comunidade.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar a actitude favorable dos inmigrantes e a facilidade que algunhas etnias teñen para os idiomas (dos 50.000 inmigrantes, o 25% son portugueses).
- Aproveitar que moitos inmigrantes se dirixen con preferencia aos servizos sociais (Caritas e similares) cando non teñen os seus papeis en regra.

Puntos débiles

- Dificultade suplementaria para moitos inmigrantes polo feito de ser este un país con dúas linguas cooficiais.
- Prexuízo de que España é territorio monolingüe.
- Percepción do galego como lingua subalterna e innecesaria.

Obxectivos específicos

- Conseguir que os inmigrantes perciban o galego como lingua propia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ofrecerlles a lingua galega como quen lles entrega a chave da casa: de feito, todo estranxeiro que a fala recibe en Galicia unha consideración afectuosa.

Medidas

- **6.3.5.** Campañas de información (canda as de formación) e sobre o estatuto (histórico, xurídico, etc.) do galego.
- **6.3.6.** Creación dun premio anual á integración lingüística, que distinga o inmigrante que acade maior nivel no dominio da lingua ou que máis destaque no seu uso.
- **6.3.7.** Excelencia técnica en galego.
- **6.3.8.** Establecer que os cursos de formación especializada para inmigrantes e que conten con axuda pública deben ser dados en lingua galega ou que, como mínimo, deben reservar un 10% das clases para facilitarlles aos alumnos toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión técnica nesa área en galego e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida senón tamén a actitude positiva ante a lingua.
- **6.3.9.** Recomendar os mesmos criterios para o resto dos cursos de iniciativa privada.
- **6.3.10.** Intensa colaboración institucional con todas as entidades que ofrecen servizos sociais aos inmigrantes para a consecución dos obxectivos deste plan.

Grupo de medidas 6.3.C

Puntos fortes

- Apoio da escola pública á formación en galego dos inmigrantes.
- Existencia de cursos e obriga de asistiren os inmigrantes en idade de escolarización obrigatoria ás clases de lingua galega.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a existencia de formación obrigatoria para facilitar a integración lingüística e social dos inmigrantes e dos seus fillos, ao mesmo tempo que se aproveita o contraste da cultura do inmigrante.

Puntos débiles

- Exención de avaliación por tres anos.
- Falta de control axeitado do funcionamento da exención de avaliación en lingua galega.
- Escaso compromiso da escola privada.
- Carencia de cursos de formación específica.

Obxectivo específico

- Conseguir ampliar e mellorar a formación en galego dos inmigrantes.

Medidas

– **6.3.11.** Realización de cursos de iniciación ao galego específicos para inmigrantes, **con especial atención ás mulleres**.

– **6.3.12.** Campaña de información e sensibilización da escola, maiormente da privada, para mellorar a oferta educativa en galego e avaliar axeitadamente o conseguido.

– **6.3.13.** Regular que a diferente cultura dos inmigrantes se utilice nas aulas como contraste do que os alumnos galegos tamén teñen que aprender para se faceren cidadáns solidarios dun mundo globalizado.

Grupo de medidas 6.3.D

Punto forte

Identidade do sentimento de apego á propia cultura, que alimenta o inmigrante, e do esforzo de Galicia pola recuperación e normalización da cultura galega.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a ansia do inmigrante de non perder as súas raíces para que comprenda que esa é precisamente a preocupación de Galicia.

Punto débil

- Crenza superficial de que non nos podemos comunicar como irmáns porque as nosas palabras son distintas.

Obxectivo específico

- Identificar afectivamente a loita normalizadora galega co sentimento de identidade que eles queren manter nun territorio estranxeiro.

Medidas

- **6.3.14.** Facilitar institucionalmente a creación de *casas de América*, de *África*, *Árabe e Eslava en Galicia*, nas que os inmigrantes poidan manter as súas raíces, establecer vínculos afectivos, celebrar as súas festas pero nas que teñan cursos de lingua e cultura galega dados en clave de identidade.
- **6.3.15.** Edición anual dun volume con textos literarios de cada unha das linguas de todos os inmigrantes de Galicia vertidos en lingua galega.
- **6.3.16.** Presentar o esforzo de normalización da lingua galega como o mesmo esforzo que eles deben manter por non perderen as súas raíces culturais.

Área 4. Asociacionismo

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas, etc.).
- Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.

Grupo de medidas 6.4.A

Punto forte

- Uso frecuente da lingua galega no ámbito asociativo, e receptividade na maioría do tecido social.

Directrices estratéxicas

- Garantir a seguridade na utilización da lingua galega por parte das entidades asociativas a través dun sistema de formación e de apoio lingüístico.
- Aproveitar o proceso de incorporación ás TIC como estratexia de introdución da lingua galega na proxección pública das asociacións (programa para a galeguización das web).

Puntos débiles

- Reticencias ao uso do galego nalgunhas asociacións con moito uso de documentación (asociación de veciños, comunidades de propietarios) ou de certa relevancia social en vilas e cidades (círculos recreativos, casinos).
- Insuficiente apoio ás entidades para reforzar os procesos de galeguización.

Obxectivo específico

- Atraer as entidades sociais ao uso do galego nas súas actividades específicas.

Medidas

– **6.4.1.** Campaña de difusión do dereito e da posibilidade técnica de realizar en galego a actividade propia das asociacións.
– **6.4.2.** Elaboración e difusión de ferramentas informáticas para a mellora do funcionamento asociativo, incorporando a lingua galega como base das comunicacións internas e externas.
– **6.4.3.** Elaborar en lingua galega todo tipo de formularios de uso máis común no funcionamento das asociacións.
– **6.4.4.** Traducir ao galego a lexislación básica de aplicación ás asociacións, comunidades

e entidades sociais e difundila entre as entidades afectadas.

– **6.4.5.** Establecer convenios coas federacións que aglutinen asociacións de menor entidade para, na medida do posible, deseñar con eles os materiais necesarios, conseguir que os distribúan coa maior eficacia e impulsen compromisos de avance no uso da lingua galega.

Grupo de medidas 6.4.B

Punto forte

- Base importante de axudas e de coñecemento destas no ámbito asociativo.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a experiencia de 20 anos de axudas para mellorar a eficacia.

Puntos débiles

- Efectividade irregular das axudas e escasa avaliación dos resultados.
- Connotación negativa e certa perversión do sistema "galeguización por cartos".

Obxectivo específico

- Mellorar a eficacia das axudas públicas priorizando os procesos duradeiros de galeguización das asociacións.

Medidas

– **6.4.6.** Revisar o sistema de axudas da administración autonómica, de xeito que garanta unha galeguización crecente e continuada das entidades receptoras e establecendo unha avaliación vinculante da rendibilidade das axudas.

– **6.4.7.** Revisar o sistema de axudas das deputacións provinciais, de xeito que garanta a presenza da lingua galega na actividade subvencionada e que, naquelas que teñan como soporte a cultura tradicional galega, a lingua galega sexa tamén a lingua vehicular da actividade e da súa presentación ao público en calquera soporte.

Grupo de medidas 6.4.C

Punto forte

- Existencia dunha base de axentes de promoción social da lingua galega con predisposición colaboradora.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a actividade das entidades promotoras da defensa e promoción da lingua galega.

Punto débil

- Solapamentos, descoordinacións e nalgúns casos, contradicións entre os axentes de normalización da lingua galega que restan efectividade ás súas accións.

Obxectivo específico

- Mellorar a coordinación da Administración cos axentes promotores da normalización da lingua galega evitando que se utilice a lingua como campo de discordia.

Medida

– **6.4.8.** Establecer sistemas de colaboración entre a Administración e os axentes privados promotores da normalización da lingua galega que produzan acción común e sinérxica, que optimicen os recursos públicos e privados existentes, que garantan a formación permanente dos axentes privados (tanto profesionais coma voluntarios), que melloren a efectividade da súa acción e que creen unha rede estable de promoción social da lingua galega.

Área 5. Deporte

OBXECTIVO DE ÁREA

- Lograr que o galego sexa a lingua de comunicación co público nos estadios, pavillóns e eventos deportivos, especialmente nos de seguimento masivo.

- Conseguir a plena galeguización nos colectivos, federacións e clubs do ámbito do deporte.
- Promover a presenza do galego nos medios de comunicación especializados en información deportiva.
- Fomentar a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte de xeito que teñan competencia e actitudes favorables para desenvolveren o seu labor en lingua galega.

Grupo de medidas 6.5.A

Puntos fortes

- Boa parte dos deportistas galegos son galegofalantes ou están en condicións de falalo.
- Galego, lingua espontánea de moitos afeccionados visible non só nos estadios senón mesmo cando se comenta en galego un partido transmitido ou descrito en castelán.
- Actitude favorable ao galego en parte das entidades deportivas.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar que os clubs precisan a identificación co país para que o país se identifique con eles.
- Aproveitar, onde exista, a actitude favorable ao galego das entidades deportivas e dos deportistas.

Puntos débiles

- Inexistencia en Galicia dunha entidade deportiva importante que non se contente con ser o símbolo dunha cidade, que queira ser *algo máis ca un club*, que queira ser símbolo dun país asumindo o sinal de identidade todo o país que é a lingua galega.
- Carácter minoritario do galego na práctica deportiva das categorías superiores e cando se participa en competicións de carácter estatal. Ocultación case total da lingua galega nos deportes asociados ao alto nivel económico (tenis, golf, vela) e nas declaracións á prensa de certos deportistas.

Obxectivo específico

- Conseguir que a comunicación das entidades deportivas se desenvolva en lingua galega.

Medidas

- **6.5.1.** Establecer un acordo conxunto cos grandes clubs deportivos co obxectivo de incorporar a lingua galega ás súas comunicacións, e que respecten a toponimia galega, de xeito que poidan ser exemplo no mundo deportivo.
- **6.5.2.** Negociación con deportistas de elite galegofalantes para que fagan sempre en galego as súas declaracións aos medios de comunicación de Galicia.
- **6.5.3.** Campaña de promoción do deporte galego como símbolo de Galicia na que deportistas galegos de elite pidan maior identificación do deporte galego coa lingua galega.
- **6.5.4.** Campaña dirixida aos ximnasios vinculando o perfeccionamento físico coa lingua galega.
- **6.5.5. E**stablecer a norma de cortesía de que un representante dun club galego debe responder en galego, polo menos, cando sexa entrevistado ou preguntado en galego.

Grupo de medidas 6.5.B

Puntos fortes

- As administracións que, coa súa axuda, fan posible a práctica deportiva e mesmo a existencia dalgunhas entidades privadas emiten a súa documentación en galego.
- Moitas entidades deportivas dependen da publicidade que lles supón a información en galego da CRTVG.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar que moitas entidades deportivas precisan axuda pública para desenvolveren a súa actividade.
- Aproveitar que a Administración autonómica de Galicia é a institución de maior ascendencia sobre o sector no ámbito galego.

Puntos débiles

- Escasa utilización da lingua galega nos escritos, acordos, comunicados, etc. das entidades deportivas, federacións, delegacións e árbitros.
- Boa parte dos traballadores e directivos dos clubs ou entidades deportivas, mesmo se son galegofalantes habituais, utilizan preferentemente o castelán no desempeño das súas funcións e declaracións.
- Presenza minoritaria do galego na rotulación de estadios e pavillóns deportivos, na megafonía dos encontros deportivos, na información da actividade.

Obxectivo específico

- Facer visible a presenza e a cooficialidade do galego nas competicións deportivas.

Medidas

– **6.5.6.** Establecer unha cláusula de uso preferente do galego na rotulación e comunicación dos estadios e centros deportivos e tamén nas declaracións á prensa dos grandes dirixentes, adestradores e xogadores daqueles equipos que queiran optar ás axudas públicas.

– **6.5.7.** Negociar que o galego non estea ausente nos eventos deportivos de carácter estatal e internacional que se celebren en Galicia.

Grupo de medidas 6.5.C

Punto forte

- Cooficialidade da lingua galega en Galicia e nas relacións coa Administración.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a base legal que protexe o uso do galego para impedir discriminacións.

Punto débil

- Ausencia case total na documentación deportiva (arbitral ou non), esquivando a cooficialidade que á lingua galega lle corresponde mesmo no ámbito deportivo.

Obxectivo específico

- Facer visible a presenza e a cooficialidade do galego nas competicións deportivas.

Medidas

- **6.5.8.** Regular a validez dos actos e documentos xurídicos das entidades deportivas e das actas arbitrais realizadas en galego.
- **6.5.9.** Establecer normas que protexan o uso do galego por parte dos xogadores e traballadores das entidades deportivas de Galicia.

Grupo de medidas 6.5.D

Puntos fortes

- Prestixio (e mesmo dependencia de moitas entidades deportivas) da información deportiva en galego da Radio Galega, da Televisión de Galicia e de RNE-G sobre o deporte en Galicia.
- Presenza do galego nos adestramentos, competicións e nalgúns casos comunicación escrita das categorías inferiores vencelladas ao mundo rural.

Directriz estratéxica

- Aproveitar os recursos dispoñibles nos medios de comunicación públicos.

Puntos débiles

- Presenza minoritaria da lingua galega na comunicación dos espazos deportivos de radio e TV.
- Ausencia case total da información escrita.
- Tradución ao castelán mesmo da información que aos medios se lles facilita en galego.
- Uso moi minoritario do galego no mundo.

Obxectivo específico

- Procurar que o galego sexa lingua normal de comunicación no ámbito deportivo.

Medidas

- **6.5.10.** Negociar cos medios de comunicación que nunca traduzan ao castelán as declaracións feitas en galego polos deportistas ou representantes dos clubs.
- **6.5.11.** Negociar cos medios de comunicación unha progresión ascendente da información deportiva en lingua galega cun obxectivo a medio prazo dun 50%.
- **6.5.12.** Organizar cursos de formación de técnicos de comunicación deportiva en galego (megafonía, comunicación escrita, Internet).

Grupo de medidas 6.5.E

Punto forte

- Capacidade da lingua para vehicular a actividade, documentación e información deportiva.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a existencia do Instituto de Educación Física e do Centro de Alto Rendemento para formar tamén a expresión en galego dos futuros deportistas galegos de elite.

Puntos débiles

- Escasa presenza do galego na formación de deportistas galegos.
- Ausencia ou descoñecemento de materiais de apoio en galego para os clubs ou entidades deportivas (fichas, formularios, contratos, vocabularios, etc.).
- Uso preferente da terminoloxía dos aspectos máis técnicos do deporte específica (*xavelina*, *martelo*, técnicas deportivas, partes do corpo, etc.) en castelán ou mesmo en inglés.
- Escasa presenza do galego nas novas tecnoloxías, tanto na Rede coma nos programas informáticos referidos ao deporte.

Obxectivo específico

- Introducir a lingua galega no proceso técnico de formación dos deportistas de elite, dos adestradores, árbitros e profesores de educación física.

Medidas

- **6.5.13.** Convenio cos institutos, centros ou escolas deportivas para que, polo menos, a metade da formación técnica se desenvolva en lingua galega de xeito que o propio proceso de formación/asesoramento facilite a utilización do galego para os profesionais do sector que teñan relevancia comunicativa.
- **6.5.14.** Elaborar e difundir todo o material terminolóxico necesario para o desenvolvemento en galego da formación e da actividade deportiva (adestradores, deportistas, árbitros e xestión empresarial e federativa).
- **6.5.15.** Traducir ao galego, mediante acordo coas respectivas federacións, o conxunto da regulamentación deportiva.
- **6.5.16.** Crear e difundir unha base de ferramentas e recursos –materiais de apoio (modelos de ficha, formularios…, correctores lingüísticos), terminoloxía deportiva– que permitan a utilización do galego na comunicación das entidades deportivas cos socios, coa federación, para a xestión interna, etc.
- **6.5.17.** Desenvolver un programa de divulgación amena (por exemplo, en formato cómic) da regulamentación dos deportes máis estendidos dirixido á xente nova.

Área 6. Lecer e tempo libre

OBXECTIVO DE ÁREA

- Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.
- Promover o uso do galego nas institucións públicas, empresas privadas, asociacións e colectivos organizadores de actividades lúdicas e de lecer.
- Promover a recuperación de xogos tradicionais galegos.

Grupo de medidas 6.6.A

Puntos fortes

- Boa acollida dos produtos de lecer con calidade existentes en lingua galega.

- Importante utilización da lingua galega en ámbitos relevantes de expresión artística e de lecer.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar os recursos existentes nas institucións públicas.
- Aproveitar os procesos de alfabetización tecnolóxica para a introdución do galego nas novas formas de ocio.

Puntos débiles

- Escasa oferta e utilización de xogos e outros produtos de lecer en galego. O galego está case inédito nas ofertas lúdicas en TIC.
- Escaso material e recursos para desenvolver o traballo socioeducativo en galego.
- Falta de formación lingüística e sociolingüística específica para os profesionais do tempo libre.

Obxectivo específico

- Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos de lecer en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.

Medidas

- **6.6.1.** Negociar a opción de galego cos fabricantes de produtos de lecer (videoxogos, telefonía móbil...) en formato de TIC de maior difusión en Galicia.
- **6.6.2.** Darlles a máxima difusión aos xogos *Arcano* e *O Preguntoiro*.
- **6.6.3.** Crear un fondo de recursos para o lecer e xogos en lingua galega, con especial (pero non exclusiva) atención á xente nova.
- **6.6.4.** Incentivar a iniciativa privada de creación e mais a eficaz difusión de todo tipo de materiais (novas versións de xogos como o *Arcano*, *O Preguntoiro*, fórmulas de contratos, carteis, partituras, programas musicais, etc.). Este fondo debe ser de acceso gratuíto na Rede.
- **6.6.5.** Reorientar a programación da CRTVG con programación musical, fílmica,

reportaxes, series e debates de interese para rapaces e mozos.

- **6.6.6.** Fomentar a aparición de *Noites do Preguntoiro* en pubs estratexicamente seleccionados das cidades galegas (a semellanza das *Quiz Night* do Reino Unido) nas que os gañadores dunha competición do *Preguntoiro* teñan gratis a consumición.
- **6.6.7.** Promover o galego en zonas de bares e copas.
- **6.6.8.** Fomentar o uso do galego nas tendas de roupa xuvenil.
- **6.6.9.** Establecer que, nas actividades de lecer con axuda pública, os monitores teñan bo coñecemento do galego e unha actitude de compromiso coa promoción da lingua nesta actividade.

Grupo de medidas 6.6.B

Puntos fortes

- Presenza da lingua galega nas actividades de tempo libre (maiormente na música folk ou tradicional, recitais poéticos, contacontos, teatro independente, pubs enxebres, series da TVG coma *Xabarín Club*, *Sin-Chan*, *Nani*, *Songoku*, librerías, festas gastronómicas e en menor medida, no rock e o cómic).
- Actitude favorable de parte dos profesionais do sector.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a comprobada versatilidade da lingua para vehicular con éxito creacións e estilos urbanos para innovar o repertorio e recuperar o contacto coas novas xeracións e os ambientes urbanos.

Puntos débiles

- Presenza maioritaria do castelán no ámbito do tempo libre xuvenil en Galicia.
- Limitación do galego a actividades concretas e ausencia case total na maioría dos xéneros (ambiente nocturno, discotecas, pubs; xogos de mesa; ximnasios; música Hip Hop e similares).

- Dificultade para encontrar actividades de ocio en galego en cidades que non sexan Santiago ou que non procedan da CRTVG.

Obxectivos específicos

- Ampliar a imaxe estética do galego, actualmente encerrada na música folk, *Luar* e as festas gastronómicas e vinculala a unha sociedade cada vez máis urbana e cosmopolita.
- Conseguir que as actividades de tempo libre funcionen como un espazo de socialización en galego da xente nova.

Medidas

- **6.6.10.** Incorporar a produción cultural galega aos espazos de lecer e impulsar a aparición en galego de manifestacións dos xéneros e estética que hoxe teñen éxito entre rapaces e mozos urbanos.
- **6.6.11.** Promocionar a versión en galego de películas e libros de gran éxito internacional (*Harry Potter*, cómics ou similares), organizando proxeccións gratuítas e edicións a baixo prezo.
- **6.6.12.** Incorporar, con formas radicalmente novas, a riqueza lingüística e o patrimonio cultural de Galicia ás actividades de lecer destinadas á xente nova ou urbana.
- **6.6.13.** Establecer que as actividades de tempo libre vencelladas ás administracións galegas (sinaladamente os campamentos de verán e as actividades de excursión) non só teñan como lingua vehicular o galego senón que, nalgunhas delas, a propia lingua sexa obxecto de aprendizaxe lúdica e vencellada á ecoloxía.
- **6.6.14.** Programa de formación e sensibilización dos profesionais do tempo libre, para incorporar o obxectivo da promoción do galego en actividades de contido urbano innovador e aprender a xestionar o potencial conflito.

Grupo de medidas 6.6.C

Puntos fortes

- Utilización maioritaria da lingua galega por parte dos cidadáns nas festas populares do mundo vilego e rural.
- Avances na presenza da lingua galega nas festas: carteis, actuacións, etc.
- Facilidade para a intervención, dada a concentración dos axentes artísticos que dispoñen dunha importante ascendencia no ámbito das festas.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar os recursos culturais dispoñibles nos fondos públicos como base de produtos en galego para utilizar nos espazos de divulgación cultural.
- Especial consideración aos axentes artísticos como actores clave na organización dos eventos festivos.

Puntos débiles

- Insuficiente presenza do galego nos espectáculos das festas populares.
- Escasa produción cultural con presenza relevante na sociedade galega.
- Escasa difusión da produción cultural en lingua galega.

Obxectivos específicos

- Procurar que as festas populares sexan un espazo de socialización na nosa lingua.
- Incentivar a produción cultural galega e promover o consumo cultural en lingua galega.
- Contemplar os espazos festivos como ámbito de difusión da produción cultural galega, promovendo a incorporación de ofertas culturais diversas, alén das orquestras e as bandas.

Medidas

– **6.6.15.** Promover a produción cultural en lingua galega, fomentando a súa calidade e diversificación e traducindo os principais éxitos musicais de cada ano co obxectivo de incorporalos no repertorio das festas. Organizar anualmente unha *feira das festas galegas*,

previa ao inicio da tempada de verán, que inclúa: un festival de orquestras, apoiado polos medios de comunicación galegos, como unha fórmula para incentivar a produción musical en galego, e dispor de éxitos musicais propios; unha feira coa oferta de actividades culturais diversas, co obxectivo de incorporar o conxunto da produción cultural galega ás festas populares (cantareiras, contacontos, regueifeiros, magos, xogos tradicionais, música tradicional).

– **6.6.16.** Establecer acordos cos axentes artísticos de orquestras e espectáculos para garantir a presenza do galego nos contratos, na publicidade e na relación co público e que incorporen a produción cultural galega, polo menos, nun 50% da actuación dos grupos musicais e outras atraccións nas festas populares.
– **6.6.17.** Establecer que as programacións culturais que conten con axuda dalgún organismo público deben garantir a presenza vehicular da lingua galega e unha notable porcentaxe de produción cultural galega.
– **6.6.18.** Estimular a recuperación dos xogos tradicionais galegos como número natural das festas populares de Galicia e como factor de demanda cultural en galego.

Área 7. Turismo

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Asociar a lingua ao concepto de patrimonio, paisaxe e ecoloxía da actividade turística.
- Conseguir que o galego estea presente na documentación contractual, de información e propaganda do sector turístico.
- Promover que o turismo rural signifique un achegamento do mundo urbano á lingua galega.

Grupo de medidas 6.7.A

Punto forte

- Fortaleza sociolóxica da lingua galega, máximo ben patrimonial galego.

Directrices estratéxicas

- Facerlle presente o galego ao turista como lingua viva e patrimonio cultural principal de Galicia.
- Implicar as organizacións vertebradoras do sector.

Puntos débiles

- Escasa utilización do galego no sector turístico.
- Pouca presenza da lingua galega entre as organizacións profesionais que estruturan o sector. A súa proxección cara aos asociados non promove o seu uso.
- Escasa presenza no ámbito empresarial pola crenza da falta de rendibilidade como idioma de expresión neste ámbito.
- Escasa presenza da lingua galega nas cartas dos restaurantes e na rotulación e facturación dos hoteis.

Obxectivos específicos

- Lograr que os turistas e peregrinos regresen sabendo que Galicia ten unha lingua propia e que este coñecemento lles resulte unha experiencia agradable.
- Lograr que as entidades do sector turístico utilicen o galego como primeira lingua nas súas comunicacións.

Medidas

– **6.7.1.** Publicar un manual políglota de conversación que combine en formato bilingüe ou trilingüe, o galego coas oito linguas máis frecuentes dos que visitan Galicia.

– **6.7.2.** Establecer que as cartas dos restaurantes e as facturas de todos os establecementos hostaleiros de Galicia estean tamén en galego. Definir un protocolo de boas prácticas comunicativas no sector turístico que incorpore o galego como lingua inicial, que prime a eficacia comunicativa e mais a asunción normal da nosa lingua.

– **6.7.3.** Negociar co Arcebispado de Compostela unha maior presenza do galego na liturxia dos peregrinos.

– **6.7.4.** Crear un folleto de información lingüística (historia e datos sociolingüísticos,

entidades que a estudan e promoven, etc.) e unha información literaria básica coa programación de, polos menos, unha ruta literaria específica por cada provincia e outra en cada unha das sete cidades. Incluír de oficio este folleto, nas linguas pertinentes, en todos os paquetes de publicidade turística que se repartan en Galicia e fóra dela.

– **6.7.5.** Programa de sinalización (modificándoas de ser necesario) das zonas e recursos turísticos en lingua galega. Establecer que na rotulación dos lugares turísticos nunca falte a versión galega e sexa a primeira.

Grupo de medidas 6.7.B

Punto forte

- A lingua galega e a cultura en lingua galega é un ben cultural.

Directriz estratéxica

- Concibir a lingua galega como un atractivo turístico máis, dentro do patrimonio cultural propio.

Puntos débiles

- Tendencia a ocultar a lingua galega coma se fose un obstáculo ou algo impertinente na relación co turista.
- Atrofia do turismo cultural interior.
- Os materiais de promoción turística adoitan estar só en castelán, por seren os máis demandados.

Obxectivos específicos

- Introducir o patrimonio lingüístico e literario galego como elemento substantivo en todo o traballo de promoción e xestión turística de TurGalicia.
- Asociar a lingua galega ao concepto de patrimonio, paisaxe e ecoloxía da actividade turística.
- Conseguir facer visible nas cartas, rótulos e etiquetas o galego escrito.

Medidas

- **6.7.6.** Crear un catálogo de feitos culturais e lugares susceptibles de se converteren en recurso de turismo cultural de Galicia.
- **6.7.7.** Introducir a posibilidade de falar galego como unha opción máis do turismo rural, como existe neste mesmo sector noutros países en territorios bilingües.
- **6.7.8.** Recrear os folletos publicitarios de Galicia, de xeito que nunca se fale dun lugar ou monumento como simple arquitectura sen indicar a vida histórica ou cultural máis sobranceira que aquelas pedras albergaron. Establecer que neses folletos haxa sempre un apéndice co vocabulario específico galego desa materia.
- **6.7.9.** Deseñar un parque temático literario coas creacións máis sobranceiras da literatura en lingua galega e uns puntos de información para os lugares de vida literaria ou artística
- **6.7.10.** Introducir a lingua nas rutas turísticas temáticas (viño, mosteiros…), e nos museos etnográficos.
- **6.7.11.** Identificar a lingua galega cos produtos galegos de calidade, especialmente cos produtos autóctonos con denominación de orixe.

Grupo de medidas 6.7.C

Punto forte

- Forte presenza da lingua galega nos niveis básicos da actividade turística.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a fortaleza da lingua galega para introducila nos niveis de xestión e dirección.

Punto débil

- Escasa formación técnica en lingua galega nos niveis de xestión e dirección turística.

Obxectivo específico

- Promover que a publicidade turística dispoña como primeira lingua a galega, incorporando esta como atractivo da nosa riqueza cultural.

Medidas

- **6.7.12.** Establecer que a competencia profesional en lingua galega sexa un dos obxectivos básicos da Escola Superior de Hostalería e de todos os centros de formación hostaleira e turística de Galicia.
- **6.7.13.** Establecer un programa de actualización e asesoramento lingüístico para que os profesionais do turismo traballen con seguridade en lingua galega.
- **6.7.14.** Crear e difundir ferramentas informáticas que faciliten a incorporación ao galego das empresas do sector, que permitan a galeguización das súas rutinas (contratos, publicidade, web, rótulos, etc.). Campaña de sensibilización no sector para coñecer os beneficios da utilización da lingua galega.
- **6.7.15.** Incentivar a produción de materiais turísticos en galego e a elaboración de produtos promocionais (folletos, vídeos…).
- **6.7.16.** Procurar que as actividades dirixidas ao público galego teñan como lingua de comunicación o galego (contratos, folletos divulgativos, etc.), facendo especial fincapé nas viaxes colectivas vinculadas co sector público (comunidades educativas, terceira idade, etc.).
- **6.7.17.** Promover o contacto coa lingua galega fóra de Galicia (noutras comunidades autónomas, en Portugal…) aproveitando eventos como o Xacobeo, sobre todo no referente a materiais de divulgación turística (roupa, adhesivos…).
- **6.7.18.** Introducir nos obxectivos centrais do Xacobeo unha maior ambición na proxección exterior da lingua galega e da cultura feita en lingua galega.
- **6.7.19.** Crear un máster en turismo cultural.

Sector 7. Proxección exterior da lingua

Introdución **257**
Diagnóstico do sector **259**
Obxectivos de sector **262**
Áreas do sector **262**
Área 1. Relacións co exterior **262**
Obxectivos de área **262**
Grupo de medidas 7.1.A **263**
Grupo de medidas 7.1.B **263**
Grupo de medidas 7.1.C **264**
Grupo de medidas 7.1.D **265**
Grupo de medidas 7.1.E **266**
Área 2. Relacións con outros territorios de lingua galega **267**
Obxectivos de área **267**
Grupo de medidas 7.2.A **267**
Grupo de medidas 7.2.B **268**
Grupo de medidas 7.2.C **269**
Grupo de medidas 7.2.D **270**
Área 3. Emigración **271**
Obxectivos de área **271**
Grupo de medidas 7.3.A **271**
Grupo de medidas 7.3.B **272**
Grupo de medidas 7.3.C **273**
Grupo de medidas 7.3.D **274**
Grupo de medidas 7.3.E **275**
Grupo de medidas 7.3.F **276**
Grupo de medidas 7.3.G **277**

Introdución

O galego ten a sorte de estar presente no mundo exterior de cinco maneiras: no uso familiar do territorio estremeiro de Asturias, León, Zamora e nun pequeno núcleo en Extremadura; no uso familiar de centos de miles de emigrantes dispersos basicamente por Europa e América, que na primeira xeración gardan a lingua con impresionante fidelidade durante toda a vida; nas transmisións da Radio Galega e da TVG; nun grupo selecto de corenta universidades dispersas por catro continentes, e finalmente no uso espontáneo da Rede. Esa presenza debe ser protexida e estimulada, como unha forma de autoprotección e de autoestima que axude a robustecer o uso interior.

Pero o galego debe aumentar esa presenza, porque no exterior xa se toman medidas que afectan o seu status e das que, en consecuencia, depende que máis galegos a identifiquen como propia. Por iso debe estar presente nos foros internacionais lingüísticos e culturais e proxectar neles a cultura que ela vehicula.

As identidades confórmanse pola concorrencia dunha serie de trazos que permiten diferenciar unhas sociedades doutras (lingua, tradición, modos de vida, territorio, conciencia...), pero para seren percibidas socialmente como diferentes é necesario que os demais, os de fóra as coñezan e recoñezan como diferentes. De aí que sexa imprescindible un traballo continuado para dar a coñecer o noso ser e as nosas creacións fóra de Galicia e fóra de España. Non cuestionamos que o factor máis visible da personalidade de Galicia é a posesión dunha lingua propia, lingua que gozou de esplendor na época medieval, que nunca deixou de ser o vehículo da cultura popular, pero que as circunstancias históricas lle impediron durante séculos ser a manifestación normal das comunicacións de tipo formal. Hoxe, por fortuna, o galego recobrou dereitos que nunca debeu perder e reconquistou os ámbitos que noutro momento lle estiveron vedados. Pero aínda cómpre facer un grande esforzo por difundir en toda a comunidade internacional, a través de procedementos eficaces e imaxinativos, o novo status da nosa lingua, a súa creatividade e o seu dinamismo.

Outro aspecto que debe ter en conta un plan de normalización lingüística no sector de proxección exterior da lingua é o chamado galego estremeiro, é dicir, o galego falado desde sempre en territorios da antiga *Gallaecia* que hoxe non pertencen á Comunidade Autónoma

de Galicia. Estámonos referindo evidentemente ao galego falado no occidente das provincias de Ovieu, de León e de Zamora. Nestas zonas o galego ten tanta tradición histórica e tanto enraizamento na poboación coma no territorio de Galicia, pero o feito de pertenceren a outras comunidades autónomas produce unha situación deficitaria tanto no recoñecemento dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes, como nas medidas de protección e promoción da lingua galega. O galego destes territorios parte dunha situación de desequilibrio evidente con respecto ao da Galicia administrativa: a súa falta de oficialidade. Por iso, nun plan de promoción do galego será necesario propor iniciativas encamiñadas ao recoñecemento dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes, e medidas tendentes a asegurar a súa supervivencia e normalización.

As condicións xeográficas, as circunstancias históricas, políticas e económicas fan de Galicia un país **aberto ao camiño** e tamén á emigración. O noso é un país que, tradicionalmente e a pesar de imaxes pouco informadas, sabe dar e recibir. Así o amosa na súa **cultura aberta ao encontro e á tolerancia**. Tense estudado moito a dependencia da lingua galega con respecto da castelá, a situación bicultural, as causas históricas e políticas, o afastamento do tronco común que ten co portugués e outros efectos que, ensarillados uns nos outros, son fonte da **crise de identidade**, anomia, etc.

Todas estas cuestións acentúanse na emigración e ocorre que en ocasións o galego se identifica con determinados tópicos en detrimento da dignidade da súa propia identidade. Estes tópicos existentes son difíciles de desterrar sen unha nidia vontade pola normalización desde Galicia.

A normalización cultural e, polo tanto, lingüística nas colectividades galegas (ambas as dúas sempre deben ir parellas) non é máis ca unha achega de dignidade e igualdade para enriquecer este mundo que se uniformiza aceleradamente polas canles da comunicación. O paso da teorización aos feitos é unha necesidade para o ámbito político e para todos os sectores da sociedade.

Diagnóstico do sector

Puntos fortes	Puntos débiles
• Presenza do galego en certas universidades españolas de fóra de Galicia e de países estranxeiros (como centros de estudos galegos, lectorados ou cátedras).	• Presenza aínda non suficiente da lingua galega nas universidades e centros escolares do mundo.
• Resposta favorable do alumnado, tanto en número coma en compromiso, das universidades nas que o galego se soubo presentar dunha maneira atractiva.	• Non houbo capacidade de xerar dinámicas no interior das universidades capaces de incrementar a presenza do galego, á parte das actividades subvencionadas, e de garantir a súa continuidade no caso de que desaparezan as axudas.
• Existencia dos cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros.	• Pouca reflexión sobre as materias que se deben ofertar en cada unha das universidades, segundo o interese maioritario dos seus destinatarios.
• Incipiente coñecemento no mundo científico internacional da lingua galega por obra dos congresos internacionais e da participación dos lingüistas galegos en proxectos lingüísticos internacionais. • Circulación en diferentes idiomas dun pequeno grupo de obras literarias galegas. • Crecente coñecemento de Galicia no mundo, grazas a fenómenos coma o Camiño de Santiago, a exportación de moda ou viño, o éxito nalgunhas modalidades deportivas etc.	• Insuficiente coñecemento do caso galego pola ausencia de bibliografía galega nas linguas de maior difusión e pola falta de recoñecemento legal do galego dentro da Unión Europea.
• Maior sensibilidade internacional polas linguas e culturas minoritarias e por todo canto se refire á potenciación da etnicidade, quizais por reacción contra o proceso de globalización.	• Insuficiente aproveitamento do Instituto Cervantes para a divulgación da lingua galega.

• Notable presenza do galego como lingua oral das relacións de carácter familiar. • Presenza da TVG, que sintoniza unha parte importante da poboación destes territorios.	• Proceso acelerado da perda de transmisión familiar do galego.
• Recoñecemento legal no Estatuto de autonomía de Castilla y León da existencia de territorios galegofalantes (art. 4.2.: "gozarán de respeto y protección la lengua gallega y las modalidades lingüísticas en los lugares en que habitualmente se utilicen"). • Existencia de grupos concienciados que traballan na defensa da lingua galega.	• Falta de recoñecemento da oficialidade do galego nestes territorios. • Existencia de trabas burocráticas por parte das comunidades autónomas lindeiras de Asturias e Castilla y León para o ensino do galego.
• Certa presenza da lingua galega no sistema escolar.	• Imposibilidade práctica para estes habitantes de adquirir unha formación competitiva en lingua galega.
• Certa admiración dos habitantes destas rexións pola traxectoria recente de Galicia, e polo ascenso do prestixio da lingua galega. • Aspiración dunha parte da poboación a desempeñar a súa actividade profesional en Galicia.	• Falta de apoio institucional á promoción do galego. O galego está practicamente ausente do mundo oficial.
• Incremento das relacións dalgunha destas zonas con Galicia, tanto de tipo económico como de tipo cultural (alta porcentaxe de universitarios que cursan os estudos nas universidades de Galicia).	
• Frecuente supervivencia do uso familiar da lingua galega da primeira xeración de emigrantes durante toda a vida en calquera país ou continente, de xeito que, por veces, os de terceira xeración volven interesarse por ela.	• A segunda xeración de emigrantes vaise desentendendo do feito cultural galego. • Trabas administrativas e burocráticas nas relacións en galego coas embaixadas españolas.

• Existencia de cursos de cultura galega para emigrantes.	• Escasísima promoción do galego por parte do Instituto Cervantes. • Escasa información sobre Galicia e sobre a cultura galega. • Ausencia de materia de lingua galega nas escolas oficiais de idiomas de España.
• Existencia de centros galegos en todo o mundo cun importante patrimonio arquitectónico e, por veces, tamén documental.	• Insuficiente presenza de actividades de promoción da lingua en moitos deles. • Consideración de que o galego é unha lingua de escasa utilidade no comercio internacional.
• A emigración galega ten gran presenza en América e Europa.	• Tendencia ao illamento da cultura. Endogamia intelectual pouco comprometida e descoñecedora do feito migratorio.
• Lei de recoñecemento da galeguidade.	• Ausencia de convenios bilaterais.
• Existencia dunha TV e dunha radio autonómicas (CRTVG). • Facilidade das novas tecnoloxías da información e comunicación para salvar as distancias	• Inexistencia de programas culturais específicos feitos para a emigración. • Insuficiente oferta atractiva en galego na Rede.
• A existencia dunha importante colonia emigrante que consome produtos galegos.	• Falla de compromiso coa problemática da normalización por parte das sucursais bancarias galegas, caixas de aforro e empresas na emigración.
• Variada infraestrutura de medios de comunicación que teñen nos países de residencia: revistas, programas de radio e TV feitos na emigración.	• Ausencia de redes de distribución cultural que proxecten e manteñan intercambios culturais, ampliando mercados.
• Interese e curiosidade dos universitarios fillos de emigrantes por coñeceren a cultura dos seus pais e avós. • Existencia de grupos folclóricos e de teatro que sobreviven ao abeiro dos centros galegos	• Escasa e irregular información que reciben sobre Galicia. • Distanciamento da realidade cultural e lingüística lusófona.

Obxectivos de sector

- Apoiar institucionalmente o uso e promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia nas que ten uso.
- Impulsar a proxección da lingua e da literatura galega fóra de Galicia como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.
- Apoiar a acción cívica dos emigrantes e desprazados dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade cultural de Galicia.
- Promover o pleno recoñecemento do carácter plurilingüe do Estado.

Áreas do sector

Área 1. Relacións co resto do Estado e co exterior

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Conseguir que no Estado español se xeneralice con cordialidade o recoñecemento de que o galego é a lingua propia de Galicia.
- Facer posible o estudo do galego, como segundo idioma moderno, en toda España no ensino non universitario.
- Fomentar a presenza do galego no ensino universitario, así como a súa investigación.
- Impulsar a presenza da lingua, da cultura e da literatura nas comunidades do Estado das autonomías.
- Promover medidas que favorezan a información internacional verbo da realidade lingüística de Galicia e da súa cultura diferenciada.
- Consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico.

Grupo de medidas 7.1.A

Punto forte

- Promoción do galego en universidades españolas e de países estranxeiros (centros de estudos galegos, lectorados ou cátedras).

Punto débil

- Presenza aínda non suficiente da lingua galega nas universidades de España, de Europa, de Iberoamérica e do resto do mundo.

Obxectivo específico

- Incrementar a presenza da lingua, literatura e cultura de Galicia en máis centros de ensino de España e do resto do mundo.

Medidas

– **7.1.1.** Asegurar a presenza de Galicia e da súa lingua, literatura e cultura nos proxectos exteriores de maior relevancia.

– **7.1.2.** Promover a creación do Instituto de Lingua e de Cultura Galega "Rosalía de Castro" que sería o organismo encargado de coordinar os centros de estudos galegos xa existentes e de todas as accións de promoción exterior da lingua que se leven a cabo desde os diferentes organismos da Xunta de Galicia e das institucións interesadas na proxección exterior da lingua, literatura e cultura galegas.

Grupo de medidas 7.1.B

Punto forte

- Resposta favorable do alumnado, tanto en número coma en compromiso, das universidades nas que o galego se soubo presentar dunha maneira atractiva.

Punto débil

- Non houbo capacidade de xerar dinámicas no interior das universidades capaces de incrementar a presenza do galego, á parte das actividades subvencionadas, e de garantir a súa continuidade no caso de que desaparezan as axudas.

Obxectivo específico

- Deseñar estratexias para que o galego sexa capaz de sobrevivir nunha parte importante das universidades sen depender das axudas da Xunta de Galicia.

Medidas

- **7.1.3.** Tradución ao inglés, francés e alemán dun conxunto estratéxico de obras básicas de lingüística galega, de ensaio e de investigación.
- **7.1.4.** Promover a tradución ao inglés, francés e alemán e editar na Rede, de acordo cos autores, un conxunto estratéxico de obras literarias galegas.

Grupo de medidas 7.1.C

Punto forte

- Existencia dos cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros.

Punto débil

- Pouca reflexión sobre as materias que se deben ofertar en cada unha das universidades, segundo o interese maioritario dos seus destinatarios.

Obxectivo específico

- Regrar os estudos de lingua e de cultura galegas que se realizan nas universidades estranxeiras.

Medidas

- **7.1.5.** Potenciar os cursos de lingua, literatura e cultura galegas para estranxeiros, xebrando dous tipos de cursos diferenzados:
  - uns moi restrinxidos, de carácter máis filolóxico e destinados fundamentalmente a licenciados ou alumnos dos últimos cursos de licenciatura, nos que se ofrecerá unha formación suficiente para que estes poidan nutrir as necesidades de profesorado de galego das universidades do estranxeiro (independentemente dos lectores que poida haber); e outros de carácter máis aberto, que se asemellen aos habituais cursos de verán.
- **7.1.6.** Establecer os niveis con recoñecemento oficial do galego como lingua estranxeira.

Grupo de medidas 7.1.D

Puntos fortes

- Incipiente coñecemento no mundo científico internacional da lingua galega por obra dos congresos internacionais e da participación dos lingüistas galegos en proxectos lingüísticos internacionais.
- Circulación en diferentes idiomas dun pequeno grupo de obras literarias galegas.
- Crecente coñecemento de Galicia no mundo, grazas a fenómenos coma o Camiño de Santiago, a exportación de moda ou viño, o éxito nalgunhas modalidades deportivas, etc.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o propicio momento actual para lle dar presenza cabal á nosa lingua nas institucións europeas.

Punto débil

- Insuficiente coñecemento do caso galego pola ausencia de bibliografía galega nas linguas de maior difusión e pola falta de recoñecemento legal do galego dentro da Unión Europea.

Obxectivos específicos

- Lograr unha maior presenza das investigacións e creacións literarias en lingua galega no mundo.
- Lograr unha maior presenza das outras creacións culturais (arte, moda, etc.) nos países estranxeiros.
- Lograr que estas creacións culturais vaian acompañadas sempre dunha marca caracterizadora da súa orixe (a lingua).

Medidas

– **7.1.7.** Realizar unha exposición de urxencia en Estrasburgo e Bruxelas sobre a realidade global da lingua galega, con datos sociolóxicos e bibliográficos e con conexións ás redes lingüísticas e bibliográficas de Galicia.
– **7.1.8.** Impulsar a redefinición constitucional do carácter de oficialidade da lingua galega en España e en Europa.
– **7.1.9.** Creación dunha aula virtual galega trilingüe (galego, castelán, inglés) onde se dispoña de cursos de lingua, literatura e cultura galegas por Internet, de videoconferencias, intercambios, publicacións, etc.
– **7.1.10.** Incrementar a presenza do galego en feiras internacionais e en todo tipo de foros e organismos internacionais relacionados coas linguas e coas culturas.

Grupo de medidas 7.1.E

Punto forte

- Maior sensibilidade internacional polas linguas e culturas minoritarias e por todo canto se refire á potenciación da etnicidade, quizais por reacción contra o proceso de globalización.

Punto débil

- Insuficiente aproveitamento do Instituto Cervantes para a divulgación da lingua galega.

Obxectivo específico

- Lograr un recoñecemento legal o máis alto posible da lingua galega dentro das institucións da Unión Europea, e dentro da propia Constitución europea.

Medidas

- **7.1.11.** Negociación co Instituto Cervantes para que se oferte a materia de lingua galega nos centros en que exista ou poida existir certa demanda.
- **7.1.12.** Iniciar conversas con Cataluña e Euskadi para solicitar do Estado español que, nos niveis de ensino non universitario os alumnos de calquera parte de España estuden unha lingua de carácter autonómico (catalán, éuscaro ou galego).

Área 2. Relacións con outros territorios de lingua galega

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Garantir a formación en lingua galega nos centros de ensino das comunidades de fala galega de fóra de Galicia.
- Crear espazos nos que os habitantes de territorios galegófonos poidan usar a súa lingua en calquera tipo de relación.
- Facilitar o acceso das persoas destes territorios aos medios de comunicación públicos de Galicia.
- Prestar a axuda que estas comunidades demanden para o mellor coñecemento, conservación e progreso da lingua que nos é común.

Grupo de medidas 7.2.A

Punto forte

- Notable presenza do galego como lingua oral das relacións de carácter familiar.

Punto débil

- Proceso acelerado da perda de transmisión familiar do galego.

Obxectivo específico

- Romper co proceso de perda de transmisión familiar.

Medidas

- **7.2.1.** Iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León co obxecto de iniciar programas conducentes a potenciar a transmisión familiar da lingua.
- **7.2.2** Campaña entre os pais dos alumnos para que escollan a formación en galego para os seus fillos, mostrándolles as vantaxes do galego para o posible desenvolvemento da súa profesión en Galicia.
- **7.2.3.** Levar a cabo actividades prestixiosas (congresos, reunións de viticultores etc.), desenvolvidas en lingua galega, en núcleos destes territorios.
- **7.2.4.** Aumentar a presenza de información sobre estas zonas na RTVG, creando mesmo, de ser posible, programas territoriais propios.

Grupo de medidas 7.2.B

Puntos fortes

- Recoñecemento legal no Estatuto de autonomía de Castilla y León da existencia de territorios galegofalantes (art. 4.2.: "gozarán de respeto y protección la lengua gallega y las modalidades lingüísticas en los lugares en que habitualmente se utilicen").
- Existencia de grupos concienciados que traballan na defensa da lingua galega.

Puntos débiles

- Falta de recoñecemento da oficialidade do galego nestes territorios.
- Existencia de trabas burocráticas por parte das comunidades autónomas lindeiras de Asturias e Castilla y León para o ensino do galego.

Obxectivo específico

- Cambiar o status legal do galego nos respectivos estatutos ou, polo menos, acadar unha situación de facto que se aproxime á de lingua cooficial.

Medidas

- **7.2.5.** Iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León para:
  - facilitar a perfecta sintonía da RTVG en todas estas zonas,
  - recuperar as formas propias na toponimia dos territorios de fala galega ofrecendo colaboración institucional,
  - implantar o ensino de lingua galega, integrado no currículo académico, en todos os centros de ensino públicos do sistema non universitario dos territorios de fala galega,
  - que, nestas áreas, poidan impartir en galego a docencia os profesores de calquera materia, como forma de prepararse para un eventual ensino superior en universidades galegas.
- **7.2.6.** Establecer conversas coas autoridades autonómicas de Madrid, País Vasco e Cataluña para agradecer as facilidades dadas ao cultivo da lingua galega dos galegos que alí residen e para estudar fórmulas de ampliación.
- **7.2.7.** Apoio ás organizacións que se esforzan na promoción do galego nestas zonas.

Grupo de medidas 7.2.C

Punto forte

- Certa presenza da lingua galega no sistema escolar.

Punto débil

- Imposibilidade práctica para estes habitantes de adquirir unha formación competitiva en lingua galega.

Obxectivo específico

- Lograr unha presenza do galego no sistema escolar non universitario que se aproxime á existente en Galicia.

Medidas

- **7.2.8.** Iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León para que, nestas áreas, poidan impartir en galego a docencia os profesores de calquera materia, como forma de prepararse para un ensino superior en universidades galegas.
- **7.2.9.** Levar a cabo algunha campaña entre os comerciantes da zona para a galeguización da rotulación, facendo visible que están nun territorio de fala e cultura galega.
- **7.2.10.** Facilitarlles aos comerciantes léxicos básicos e láminas coa terminoloxía en lingua galega relacionada coa súa actividade.

Grupo de medidas 7.2.D

Puntos fortes

- Certa admiración dos habitantes destas rexións pola traxectoria recente de Galicia, e polo ascenso do prestixio da lingua galega.
- Aspiración dunha parte da poboación a desempeñar a súa actividade profesional en Galicia.
- Incremento das relacións dalgunha destas zonas con Galicia, tanto de tipo económico como de tipo cultural (alta porcentaxe de universitarios que cursan os estudos nas universidades de Galicia).

Punto débil

- Falta de apoio institucional á promoción do galego. O galego está practicamente ausente do mundo oficial.

Obxectivos específicos

- Lograr unha presenza do galego máis visible e constante na vida pública (administracións, sobre todo a municipal).
- Reforzar a idea entre a poboación, especialmente no galego de Asturias, de que a súa fala é galego, coas súas peculiaridades dialectais, pero galego.

Medidas

- **7.2.11.** Iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León para facilitar a utilización do galego na política municipal das áreas galegófonas.
- **7.2.12.** Potenciar a presenza do galego en revistas e publicacións da zona. Poderíase pensar mesmo nun periódico (ao mellor, semanario) editado en galego que se ocupe dos problemas, da realidade e das noticias da zona.

Área 3. Emigración

OBXECTIVOS DE ÁREA

- Apoiar institucionalmente o uso e a promoción do galego nas comunidades de emigrantes galegos.

Grupo de medidas 7.3.A

Puntos fortes

- Frecuente supervivencia do uso familiar da lingua galega da primeira xeración de emigrantes durante toda a vida en calquera país ou continente, de xeito que, por veces, os de terceira xeración volven interesarse por ela.
- Interese e curiosidade dos universitarios fillos de emigrantes por coñeceren a cultura dos seus pais e avós.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a rede de centros galegos para que sexan un lugar no que a lingua galega vehicule unha actividade lúdica, creativa e educativa e que permitan dispoñer de información diaria e directa de Galicia en galego.

Puntos débiles

- A segunda xeración de emigrantes vaise desentendendo do feito cultural galego.
- Trabas administrativas e burocráticas nas relacións en galego coas embaixadas españolas.

Obxectivo específico

- Lograr a difusión da cultura galega en centros de titularidade estatal establecidos en países de emigración.

Medidas

– **7.3.1.** Difundir, a través da Radio Galega e da TVG, o feito da conservación da lingua no uso familiar no estranxeiro, resaltándoo nas entrevistas daquelas persoas nas que esa conservación sexa evidente a pesar do paso dos anos.
– **7.3.2.** Convenios de colaboración para que, no ensino secundario dos países americanos que recibiron máis galegos, haxa un día no que se fale de Rosalía de Castro, de Castelao, de Luís Seoane e dos datos máis destacados da cultura en lingua galega.
– **7.3.3.** Aumentar as axudas, premios e bolsas para fillos de emigrantes.

Grupo de medidas 7.3.B

Punto forte

- Existencia de cursos de cultura galega para emigrantes.

Directrices estratéxicas

- Aproveitar experiencias positivas como os centros de estudos galegos en importantes universidades de todo o mundo e a experiencia dos cursos de galego para estranxeiros que se realizan en Galicia.
- Aproveitar as novas tecnoloxías da comunicación para espallar a nosa lingua e cultura.

Puntos débiles

- Escasísima promoción do galego por parte do Instituto Cervantes.
- Escasa información sobre Galicia e sobre a cultura galega.
- Ausencia de materia de lingua galega nas escolas oficiais de idiomas de España.

Obxectivos específicos

- Promover o pleno recoñecemento do carácter plurilingüe do Estado.
- Promover o achegamento dos emigrantes á realidade galega.
- Impulsar a proxección da lingua galega fóra de Galicia como manifestación dunha cultura diferenzada e como expresión social do pobo galego.

Medidas

– **7.3.4.** Negociar co Goberno de España a presenza da lingua galega como opción en todas as escolas oficiais de idiomas e en todas as delegacións do Instituto Cervantes (ampliando neste caso o convenio existente).
– **7.3.5.** Dotación de certas bibliotecas estratéxicas cun fondo editorial galego significativo.
– **7.3.6.** Montaxe dunha exposición sobre a historia da lingua galega que viaxe por América e Europa e organizar durante a súa itinerancia actividades culturais paralelas.
– **7.3.7.** Realizar intercambios escolares de fillos de emigrantes con centros educativos galegos, como forma de inmersión lingüística.
– **7.3.8.** Estender a publicidade para que os emigrantes e os seus fillos poidan participar en todos os concursos e premios convocados en Galicia.

Grupo de medidas 7.3.C

Punto forte

- Existencia de centros galegos en todo o mundo cun importante patrimonio arquitectónico e, por veces, tamén documental.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a existencia dunha importante rede de centros galegos espallados polo mundo, que son focos de galeguidade.

Puntos débiles

- Insuficiente presenza de actividades de promoción da lingua en moitos deles.
- Consideración de que o galego é unha lingua de escasa utilidade no comercio internacional.

Obxectivos específicos

- Activar estas entidades (centros galegos) socioculturais.
- Conservar o patrimonio documental galego na emigración.
- Redacción da documentación en galego.
- Mellorar as actitudes cara a todo o que representa a galeguidade, tendo en conta o papel transcendental que desempeñaron emigrantes e exiliados na preservación da cultura galega.
- Creación de prazas para profesores de lingua e literatura.

Medidas

- **7.3.9.** Potenciación das axudas aos centros galegos da emigración encamiñadas á conservación e transmisión da lingua e cultura de Galicia.
- **7.3.10.** Dotar de medios os centros que están impartindo clases de lingua galega (libros, audiovisuais, informática, TIC).
- **7.3.11.** Establecemento de axudas para os centros que redacten as súas actas en galego. Os que xa o están a facer deberían ter algún recoñecemento.
- **7.3.12.** Organizar e catalogar a documentación dos arquivos dos centros galegos. Actuación feita dende a emigración e por emigrantes.
- **7.3.13.** Crear museos da emigración galega nos países de maior presenza emigrante. Actuación feita dende a emigración e por emigrantes.

Grupo de medidas 7.3.D

Punto forte

- A emigración galega ten gran presenza en América e Europa.

Directriz estratéxica

- Aproveitar a ampla presenza e mais as infraestruturas da colectividade emigrante para a divulgación da cultura galega.

Punto débil

- Tendencia ao illamento da cultura. Endogamia intelectual pouco comprometida e desconñecedora do feito migratorio.

Obxectivo

- Utilizar as comunidades de emigrantes no estranxeiro como axentes espalladores da cultura galega.

Medidas

- **7.3.14.** Asunción por parte da Administración dos gastos que supoñan a publicidade externa dos actos culturais que se organicen nos centros galegos de modo que sexan actos abertos ao público en xeral do país.
- **7.3.15.** Creación de premios específicos para as comunidades exteriores.

Grupo de medidas 7.3.E

Punto forte

- Lei de recoñecemento da galeguidade.

Punto débil

- Ausencia de convenios bilaterais.

Obxectivos

- Apoiar a acción cívica dos emigrantes e desprazados dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade cultural de Galicia.
- Lograr representación parlamentaria dos emigrantes no Parlamento de Galicia.

Medida

– **7.3.16.** Impartir cursos de formación en lingua galega para o profesorado da zona.

Grupo de medidas 7.3.F

Puntos fortes

- Existencia dunha TV e dunha radio autonómicas (CRTVG).
- Facilidade das novas tecnoloxías da información e comunicación para salvar as distancias.
- Variada infraestrutura de medios de comunicación que teñen nos países de residencia: revistas, programas de radio e TV feitos na emigración.
- Existencia de grupos folclóricos e de teatro que sobreviven ao abeiro dos centros galegos.

Directriz estratéxica

- Aproveitar as novas tecnoloxías da comunicación para espallar a nosa lingua e cultura.

Puntos débiles

- Inexistencia de programas culturais específicos feitos para a emigración.
- Insuficiente oferta atractiva en galego na Rede.
- Ausencia de redes de distribución cultural que proxecten e manteñan intercambios culturais, ampliando mercados.
- Escasa e irregular información que reciben sobre Galicia.

Obxectivos específicos

- Establecer un contacto estable coas zonas de forte emigración galega, a través do que flúa a cultura galega, usando todas as vías que ofrecen as novas tecnoloxías.
- Potenciar as relacións e o intercambio entre intelectuais, artistas e escritores da emigración.

Medidas

- **7.3.17.** Aumentar as emisións pola canle internacional da TVG de programas específicos para a emigración feitos en lingua galega.
- **7.3.18.** Negociar con TVE a emisión en galego do programa *Desde Galicia para el mundo*.
- **7.3.19.** Elaboración dun curso de galego oral para a súa emisión semanal nos programas radiofónicos da emigración.
- **7.3.20.** Fomentar a creación de grupos folclóricos e de teatro e que non separen o folclore da lingua galega –e axudar aqueles que xa teñen esta característica– para involucrar a mocidade.
- **7.3.21.** Fomentar a presenza do libro galego en feiras internacionais, maiormente nas áreas de emigración galega e facerlles chegar a todos os emigrantes noticia da súa presenza.
- **7.3.22.** Sinatura de máis convenios sobre todo en lugares de forte presenza emigrante.

Grupo de medidas 7.3.G

Punto forte

- A existencia dunha importante colonia emigrante que consome produtos galegos.

Directriz estratéxica

- Aproveitar o aprecio dos produtos galegos entre os emigrantes para manter os vínculos afectivos con Galicia e coa súa lingua.

Punto débil

- Falla de compromiso coa problemática da normalización por parte das sucursais bancarias galegas, caixas de aforro e empresas na emigración.

Obxectivos específicos

- Procurar que as empresas galegas defendan a cultura propia alí onde vaian.

- Realizar actuacións que sexan motivo de orgullo por seren fillos de Galicia.
- Promoción do audiovisual galego na emigración.

Medidas

– **7.3.23.** Negociar coas entidades bancarias galegas que operan en países de emigración galega para que usen a lingua galega cos clientes galegos.
– **7.3.24.** Facer do ballet galego Rey de Viana un embaixador da lingua galega en todos os seus espectáculos.

Índice

Prólogos VII

Persoas que participaron na elaboración do Plan xeral de normalización da lingua galega. XIX

Acordo do pleno da Cámara do Parlamento de Galicia sobre o Plan xeral de normalización da lingua galega XXVII

Presentación 1
- Unha política lingüística galega e renovadora 3
- Satisfacción do camiño andado 3
- O galego, unha lingua viva no século I 5
- Futuro da lingua propia de galicia 7
  - Fortaleza do galego 8
- Análise dalgúns problemas reais.
- Desvelamento e rexurdir da lingua galega 9
- Actualidade sociolingüística: outras posibilidades 12
- O cambio xeracional: incremento do uso ocasional 13
- O problema do uso do galego na idade infantil 14
  - A competencia infantil 15
- Cambio de lingua co aumento da idade 17
- Os rapaces da Galicia autonómica e o idioma 17
- Outros problemas 19
- Cinco séculos de lingua galega grazas ao pobo galego 20
- O galego na sociedade da información e o coñecemento 21
- Estratexias 23

Nota aclaratoria 25

Notas para un diagnóstico da saúde da lingua galega 29
- Realidades constantes 31
- Actitudes constantes 33
- Innovacións consolidadas 33
- Efectos firmes 35
- Posibilidades iniciadas 36

Obxectivos xerais do plan 37

Estrutura do Plan xeral de normalización da lingua galega 41

Sectores transversais 47
- Sector A. Dereitos lingüísticos 49
  - Obxectivos xerais 49
- Sector B. Novas tecnoloxías 50
  - Obxectivos xerais 51
- Sector C. Implementación do corpus 51
  - Obxectivos xerais 53

Sectores verticais 55
- *Sector 1. Administración* 57
  - Introdución 59
  - Diagnóstico do sector 62
  - Obxectivos de sector 64
  - Áreas do sector 64
    - *Área 1. Xunta de Galicia* 64
      - Obxectivos de área 64
      - Grupo de medidas 1.1.A 65
        - Punto forte 65
        - Directrices estratéxicas 65

Puntos débiles 65
Obxectivos específicos 65
Medidas 65
Grupo de medidas 1.1. B 66
Punto forte 66
Punto débil 66
Obxectivos específicos 66
Medidas 66
Área 2. Administración local 67
Obxectivos de área 67
Grupo de medidas 1.2.A 67
Punto forte 67
Puntos débiles 68
Obxectivo específico 68
Medidas 68
Grupo de medidas 1.2.B 69
Puntos fortes 69
Puntos débiles 69
Obxectivos específicos 69
Medidas 69
Área 3. Administración de Xustiza 70
Obxectivos de área 70
Grupo de medidas 1.3.A 70
Puntos fortes 70
Directriz estratéxica 70
Puntos débiles 71
Obxectivos específicos 71
Medidas 71
Grupo de medidas 1.3.B 72
Punto forte 72
Punto débil 72
Obxectivo específico 72
Medidas 72
Área 4. Administración periférica do Estado 72
Obxectivos de área 72
Grupo de medidas 1.4.A 73
Punto forte 73
Puntos débiles 73
Obxectivo específico 73
Medidas 73
Área 5. Notarías e outros servizos documentais e de xestión 73
Obxectivos de área 73
Grupo de medidas 1.5.A 74
Punto forte 74
Directriz estratéxica 74
Punto débil 74
Obxectivo específico 74
Medidas 74
Grupo de medidas 1.5.B 75
Puntos fortes 75
Directriz estratéxica 75
Punto débil 75
Obxectivo específico 75
Medidas 75

Sector 2. Educación, familia e mocidade 77
Introdución 79
Diagnóstico do sector 80
Área 1. Ensino 80
Situación legal e sociolingüística do ensino 80
Galeguización dos centros 82

Docencia ... 84
Ensino universitario ... 85
Área 2. Formación de adultos ... 87
Área 3. Transmisión familiar ... 88
Área 4. Mocidade ... 90
Obxectivos de sector ... 94
Áreas do sector ... 94
Área 1. Ensino ... 94
Obxectivos de área ... 94
Grupo de medidas 2.1.A ... 95
Puntos fortes ... 95
Punto débil ... 95
Obxectivo específico ... 95
Medidas ... 95
Grupo de medidas 2.1.B ... 96
Puntos fortes ... 96
Punto débil ... 96
Obxectivo específico ... 96
Medidas ... 96
Grupo de medidas 2.1.C ... 97
Puntos fortes ... 97
Punto débil ... 97
Obxectivo específico ... 97
Medidas ... 98
Grupo de medidas 2.1.D ... 98
Puntos fortes ... 98
Punto débil ... 98
Obxectivo específico ... 99
Medidas ... 99
Grupo de medidas 2.1.E ... 100
Puntos fortes ... 100
Punto débil ... 100
Obxectivo específico ... 100
Medidas ... 100
Grupo de medidas 2.1.F ... 101
Puntos fortes ... 101
Punto débil ... 101
Obxectivo específico ... 101
Medidas ... 101
Grupo de medidas 2.1.G ... 102
Punto forte ... 102
Punto débil ... 102
Obxectivo específico ... 102
Medidas ... 102
Grupo de medidas 2.1.H ... 103
Puntos fortes ... 103
Punto débil ... 103
Obxectivo específico ... 103
Medidas ... 103
Grupo de medidas 2.1.I ... 104
Punto forte ... 104
Punto débil ... 104
Obxectivo específico ... 104
Medidas ... 104
Grupo de medidas 2.1.L ... 105
Puntos fortes ... 105
Punto débil ... 105
Obxectivo específico ... 106
Medidas ... 106
Grupo de medidas 2.1.LL ... 106
Puntos fortes ... 106
Punto débil ... 107

Obxectivo específico ... **107**
Medidas ... **107**
Área 2. Formación de adultos ... **108**
Obxectivos de área ... **108**
Grupo de medidas 2.2.A ... **108**
Puntos fortes ... **108**
Punto débil ... **108**
Obxectivo específico ... **108**
Medidas ... **109**
Grupo de medidas 2.2.B ... **109**
Puntos fortes ... **109**
Punto débil ... **109**
Obxectivo específico ... **109**
Medidas ... **110**
Área 3. Transmisión familiar ... **110**
Obxectivos de área ... **110**
Grupo de medidas 2.3.A ... **110**
Puntos fortes ... **110**
Punto débil ... **110**
Obxectivo específico ... **111**
Medidas ... **111**
Grupo de medidas 2.3.B ... **111**
Puntos fortes ... **111**
Punto débil ... **112**
Obxectivo específico ... **112**
Medidas ... **112**
Área 4. Mocidade ... **113**
Obxectivos de área ... **113**
Grupo de medidas 2.4.A ... **113**
Puntos fortes ... **113**
Punto débil ... **113**
Obxectivo específico ... **113**
Medidas ... **114**
Grupo de medidas 2.4.B ... **114**
Puntos fortes ... **114**
Punto débil ... **114**
Obxectivo específico ... **115**
Medidas ... **115**
Grupo de medidas 2.4.C ... **115**
Puntos fortes ... **115**
Punto débil ... **115**
Obxectivo específico ... **116**
Medidas ... **116**
Grupo de medidas 2.4.D ... **116**
Puntos fortes ... **116**
Punto débil ... **116**
Obxectivo específico ... **117**
Medidas ... **117**

Sector 3. Medios de comunicación e industrias culturais ... **119**
Introdución ... **121**
Diagnóstico do sector ... **123**
Área 1. Medios de comunicación ... **123**
Area 2. Industrias culturais ... **124**
Obxectivos do sector ... **126**
Áreas de sector ... **126**
Área 1. Medios de comunicación ... **126**
Obxectivos de área ... **126**
Grupo de medidas 3.1.A ... **127**
Puntos fortes ... **127**
Directriz estratéxica ... **127**

Puntos débiles **127**
Obxectivos específicos **127**
Medidas **127**
Grupo de medidas 3.1.B **128**
Punto forte **128**
Directriz estratéxica **128**
Puntos débiles **128**
Obxectivo específico **129**
Medidas **129**
Grupo de medidas 3.1.C **129**
Punto forte **129**
Directriz estratéxica **129**
Punto débil **129**
Obxectivos específicos **129**
Medidas **130**
Grupo de medidas 3.1.D **130**
Puntos fortes **130**
Puntos débiles **130**
Obxectivos específicos **131**
Medidas **131**
Grupo de medidas 3.1.E **131**
Puntos fortes **131**
Directriz estratéxica **131**
Punto débil **132**
Obxectivo específico **132**
Medidas **132**
Área 2. Industrias culturais **132**
Obxectivos de área **132**
Grupo de medidas 3.2.A **133**
Puntos fortes **133**
Directriz estratéxica **133**
Puntos débiles **133**
Obxectivos específicos **133**
Medidas **133**
Grupo de medidas 3.2.B **134**
Puntos fortes **134**
Directriz estratéxica **134**
Puntos débiles **134**
Obxectivo específico **134**
Medidas **134**
Grupo de medidas 3.2.C **135**
Puntos fortes **135**
Puntos débiles **135**
Obxectivo específico **135**
Medidas **135**
Grupo de medidas 3.2.D **136**
Punto forte **136**
Directriz estratéxica **136**
Puntos débiles **136**
Obxectivo específico **136**
Medidas **136**
Grupo de medidas 3.2.E **136**
Puntos fortes **136**
Directriz estratéxica **137**
Puntos débiles **137**
Obxectivo específico **137**
Medidas **137**
Grupo de medidas 3.2.F **137**
Punto forte **137**
Punto débil **137**
Obxectivo específico **137**
Medidas **138**

Grupo de medidas 3.2.G **138**
Puntos fortes **138**
Punto débil **138**
Obxectivos específicos **138**
Medidas **138**

Sector 4. Economía **139**
Introdución **141**
Diagnóstico do sector **143**
Obxectivos de sector **146**
Áreas do sector **147**
Área 1. Industria **147**
Obxectivos de área **147**
Grupo de medidas 4.1.A **147**
Punto forte **147**
Directrices estratéxicas **147**
Puntos débiles **147**
Obxectivo estratéxico **148**
Medidas **148**
Grupo de medidas 4.1.B **148**
Puntos fortes **148**
Directriz estratéxica **149**
Puntos débiles **149**
Obxectivo específico **149**
Medidas **149**
Grupo de medidas 4.1.C **150**
Punto forte **150**
Directrices estratéxicas **150**
Puntos débiles **150**
Obxectivo específico **150**
Medidas **150**

Área 2. Comercio **151**
Obxectivos de área **151**
Grupo de medidas 4.2.A **151**
Puntos fortes **151**
Directriz estratéxica **151**
Puntos débiles **151**
Obxectivo específico **152**
Medidas **152**
Grupo de medidas 4.2.B **152**
Puntos fortes **152**
Directrices estratéxicas **153**
Puntos débiles **153**
Obxectivo específico **153**
Medidas **153**
Grupo de medidas 4.2.C **154**
Punto forte **154**
Directriz estratéxica **154**
Punto débil **154**
Obxectivo específico **154**
Medidas **154**
Grupo de medidas 4.2.D **155**
Punto forte **155**
Directriz estratéxica **155**
Puntos débiles **155**
Obxectivo específico **155**
Medida **155**
Grupo de medidas 4.2.E **155**
Puntos fortes **155**
Directriz específica **156**
Puntos débiles **156**
Obxectivos específicos **156**

Medidas **156**
Grupo de medidas 4.2.F **157**
Puntos fortes **157**
Puntos débiles **157**
Obxectivo específico **157**
Medidas **157**
Grupo de medidas 4.2.G **158**
Puntos fortes **158**
Directriz estratéxica **158**
Puntos débiles **158**
Obxectivo específico **158**
Medidas **158**
Grupo de medidas 4.2.H **159**
Punto forte **159**
Directriz estratéxica **159**
Puntos débiles **159**
Obxectivo específico **159**
Medidas **159**
Área 3. Cooperativismo **159**
Obxectivos de área **159**
Grupo de medidas 4.3.A **160**
Punto forte **160**
Punto débil **160**
Obxectivo específico **160**
Medida **160**
Área 4. Banca **160**
Obxectivos de área **160**
Grupo de medidas 4.4.A **161**
Puntos fortes **161**
Puntos débiles **161**
Obxectivo específico **161**
Medidas **161**
Área 5. Traballo **162**
Obxectivos de área **162**
Grupo de medidas 4.5.A **162**
Punto forte **162**
Punto débil **162**
Obxectivo específico **162**
Medida **162**

Sector 5: Sanidade **163**
Introdución **165**
Diagnóstico do sector **167**
Obxectivos de sector **171**
Áreas do sector **171**
Área 1: Sanidade pública e privada **171**
Obxectivos de área **171**
Grupo de medidas 5.1.A **172**
Punto forte **172**
Directriz estratéxica **172**
Punto débil **172**
Obxectivos específicos **172**
Medidas **172**
Grupo de medidas 5.1.B **173**
Punto forte **173**
Puntos débiles **173**
Obxectivo específico **173**
Medidas **173**
Grupo de medidas 5.1.C **174**
Punto forte **174**
Directriz estratéxica **174**
Puntos débiles **174**

Obxectivos específicos **174**
Medidas **174**
Grupo de medidas 5.1.D **175**
Punto forte **175**
Punto débil **175**
Obxectivo específico **175**
Medida **175**
Grupo de medidas 5.1.E **175**
Punto forte **175**
Punto débil **175**
Obxectivo específico **176**
Medida **176**
Grupo de medidas 5.1.F **176**
Punto forte **176**
Directriz estratéxica **176**
Punto débil **176**
Obxectivo específico **176**
Medidas **176**
Grupo de medidas 5.1.G **177**
Puntos fortes **177**
Directriz estratéxica **177**
Punto débil **177**
Obxectivos específicos **177**
Medidas **178**
Área 2. Farmacia **179**
Obxectivos de área **179**
Grupo de medidas 5.2.A **179**
Punto forte **179**
Puntos débiles **179**
Obxectivo específico **179**
Medidas **179**
Grupo de medidas 5.2.B **180**
Punto forte **180**
Directriz estratéxica **180**
Puntos débiles **180**
Obxectivos específicos **181**
Medidas **181**
Grupo de medidas 5.2.C **181**
Punto forte **181**
Directriz estratéxica **181**
Punto débil **181**
Obxectivo específico **181**
Medida **182**
Área 3. Veterinaria **182**
Obxectivos de área **182**
Grupo de medidas 5.3.A **182**
Punto forte **182**
Puntos débiles **182**
Obxectivo específico **183**
Medidas **183**
Grupo de medidas 5.3.B **183**
Punto forte **183**
Punto débil **183**
Obxectivo específico **183**
Medida **184**
Grupo de medidas 5.3.C **184**
Punto forte **184**
Puntos débiles **184**
Obxectivo específico **184**
Medida **184**
Grupo de medidas 5.3.D **184**
Punto forte **184**

Punto débil ... 184
Obxectivo específico ... 185
Medidas ... 185
Grupo de medidas 5.3.E ... 185
Punto forte ... 185
Puntos débiles ... 185
Obxectivos específicos ... 185
Medida ... 185
Área 4. Colexios oficiais ... 186
Obxectivos de área ... 186
Grupo de medidas 5.4.A ... 186
Punto forte ... 186
Directriz estratéxica ... 186
Punto débil ... 186
Obxectivos específicos ... 186
Medidas ... 187

Sector 6. Sociedade ... 189
Introdución ... 191
Área 1. Crenzas relixiosas ... 191
Área 2. Servizos sociais ... 193
Área 3. Inmigración ... 195
Área 4. Asociacionismo ... 197
Área 5. Deporte ... 198
Área 6. Lecer e tempo libre ... 199
Área 7. Turismo ... 200
Diagnóstico do sector ... 203
Área 1. Crenzas relixiosas ... 203
Área 2. Servizos sociais ... 206
Área 3. Inmigración ... 207
Área 4. Asociacionismo ... 208
Área 5. Deporte ... 208
Área 6. Lecer e tempo libre ... 210
Área 7. Turismo ... 211
Obxectivos de sector ... 211
Áreas do sector ... 212
Área 1. Crenzas relixiosas ... 212
Obxectivos de área ... 212
Grupo de medidas 6.1.A ... 212
Puntos fortes ... 212
Directriz estratéxica ... 212
Puntos débiles ... 213
Obxectivos específicos ... 213
Medidas ... 213
Grupo de medidas 6.1.B ... 214
Punto forte ... 214
Directriz estratéxica ... 214
Puntos débiles ... 214
Obxectivos específicos ... 214
Medidas ... 214
Grupo de medidas 6.1.C ... 215
Punto forte ... 215
Directriz estratéxica ... 215
Punto débil ... 215
Obxectivo específico ... 215
Medidas ... 215
Grupo de medidas 6.1.D ... 216
Punto forte ... 216
Directriz estratéxica ... 216
Puntos débiles ... 216
Obxectivos específicos ... 216
Medidas ... 216

Grupo de medidas 6.1.E ... **217**
Puntos fortes ... **217**
Directriz estratéxica ... **217**
Puntos débiles ... **217**
Obxectivos específicos ... **217**
Medidas ... **217**
Grupo de medidas 6.1.F ... **218**
Puntos fortes ... **218**
Directrices estratéxicas ... **218**
Puntos débiles ... **218**
Obxectivo específico ... **218**
Medidas ... **219**
Grupo de medidas 6.1.G ... **219**
Puntos fortes ... **219**
Directrices estratéxicas ... **219**
Puntos débiles ... **219**
Obxectivos específicos ... **220**
Medidas ... **220**
Grupo de medidas 6.1.H ... **220**
Punto forte ... **220**
Directriz estratéxica ... **221**
Puntos débiles ... **221**
Obxectivo específico ... **221**
Medidas ... **221**
Grupo de medidas 6.1.I ... **221**
Punto forte ... **221**
Directriz estratéxica ... **221**
Puntos débiles ... **221**
Obxectivos específicos ... **222**
Medidas ... **222**
Grupo de medidas 6.1.L ... **222**
Puntos fortes ... **222**
Directriz estratéxica ... **222**
Punto débil ... **222**
Obxectivos específicos ... **223**
Medidas ... **223**
Grupo de medidas 6.1.LL ... **223**
Punto forte ... **223**
Directriz estratéxica ... **223**
Punto débil ... **223**
Obxectivo específico ... **224**
Medidas ... **224**
Grupo de medidas 6.1.M ... **224**
Punto forte ... **224**
Directriz estratéxica ... **224**
Punto débil ... **224**
Obxectivo específico ... **224**
Medidas ... **224**
Área 2. Servizos sociais ... **225**
Obxectivos de área ... **225**
Grupo de medidas 6.2.A ... **225**
Punto forte ... **225**
Directriz estratéxica ... **225**
Punto débil ... **226**
Obxectivos específicos ... **226**
Medidas ... **226**
Grupo de medidas 6.2.B ... **226**
Punto forte ... **226**
Directriz estratéxica ... **226**
Punto débil ... **227**
Obxectivo específico ... **227**
Medida ... **227**

Grupo de medidas 6.2.C **227**
Punto forte **227**
Directrices estratéxicas **227**
Punto débil **227**
Obxectivos específicos **227**
Medidas **228**
Grupo de medidas 6.2.D **228**
Puntos fortes **228**
Directriz estratéxica **228**
Puntos débiles **228**
Obxectivos específicos **229**
Medidas **229**
Grupo de medidas 6.2.E **229**
Puntos fortes **229**
Directriz estratéxica **230**
Puntos débiles **230**
Obxectivo específico **230**
Medidas **230**
Área 3. Inmigración **230**
Obxectivos de área **230**
Grupo de medidas 6.3.A **231**
Puntos fortes **231**
Directriz estratéxica **231**
Puntos débiles **231**
Obxectivos específicos **231**
Medidas **232**
Grupo de medidas 6.3.B **232**
Punto forte **232**
Directrices estratéxicas **232**
Puntos débiles **232**
Obxectivos específicos **233**
Medidas **233**
Grupo de medidas 6.3.C **233**
Puntos fortes **233**
Directriz estratéxica **234**
Puntos débiles **234**
Obxectivo específico **234**
Medidas **234**
Grupo de medidas 6.3.D **234**
Punto forte **234**
Directriz estratéxica **235**
Punto débil **235**
Obxectivo específico **235**
Medidas **235**
Área 4. Asociacionismo **235**
Obxectivos de área **235**
Grupo de medidas 6.4.A **236**
Punto forte **236**
Directrices estratéxicas **236**
Puntos débiles **236**
Obxectivo específico **236**
Medidas **236**
Grupo de medidas 6.4.B **237**
Punto forte **237**
Directriz estratéxica **237**
Puntos débiles **237**
Obxectivo específico **237**
Medidas **237**
Grupo de medidas 6.4.C **238**
Punto forte **238**
Directriz estratéxica **238**
Punto débil **238**

Obxectivo específico ... 238
Medida ... 238
Área 5. Deporte ... 238
Obxectivo de área ... 238
Grupo de medidas 6.5.A ... 239
Puntos fortes ... 239
Directrices estratéxicas ... 239
Puntos débiles ... 239
Obxectivo específico ... 240
Medidas ... 240
Grupo de medidas 6.5.B ... 240
Puntos fortes ... 240
Directrices estratéxicas ... 240
Puntos débiles ... 241
Obxectivo específico ... 241
Medidas ... 241
Grupo de medidas 6.5.C ... 241
Punto forte ... 241
Directriz estratéxica ... 241
Punto débil ... 241
Obxectivo específico ... 242
Medidas ... 242
Grupo de medidas 6.5.D ... 242
Puntos fortes ... 242
Directriz estratéxica ... 242
Puntos débiles ... 242
Obxectivo específico ... 242
Medidas ... 243
Grupo de medidas 6.5.E ... 243
Punto forte ... 243
Directriz estratéxica ... 243
Puntos débiles ... 243
Obxectivo específico ... 243
Medidas ... 244
Área 6. Lecer e tempo libre ... 244
Obxectivo de área ... 244
Grupo de medidas 6.6.A ... 244
Puntos fortes ... 244
Directrices estratéxicas ... 245
Puntos débiles ... 245
Obxectivo específico ... 245
Medidas ... 245
Grupo de medidas 6.6.B ... 246
Puntos fortes ... 246
Directriz estratéxica ... 246
Puntos débiles ... 246
Obxectivos específicos ... 247
Medidas ... 247
Grupo de medidas 6.6.C ... 248
Puntos fortes ... 248
Directrices estratéxicas ... 248
Puntos débiles ... 248
Obxectivos específicos ... 248
Medidas ... 248
Área 7. Turismo ... 249
Obxectivos de área ... 249
Grupo de medidas 6.7.A ... 249
Punto forte ... 249
Directrices estratéxicas ... 250
Puntos débiles ... 250
Obxectivos específicos ... 250
Medidas ... 250

Grupo de medidas 6.7.B **251**
Punto forte **251**
Directriz estratéxica **251**
Puntos débiles **251**
Obxectivos específicos **251**
Medidas **252**
Grupo de medidas 6.7.C **252**
Punto forte **252**
Directriz estratéxica **252**
Punto débil **252**
Obxectivo específico **252**
Medidas **253**

Sector 7. Proxección exterior da lingua **255**
Introdución **257**
Diagnóstico do sector **259**
Obxectivos de sector **262**
Áreas do sector **262**
Área 1. Relacións co exterior **262**
Obxectivos de área **262**
Grupo de medidas 7.1.A **263**
Punto forte **263**
Punto débil **263**
Obxectivo específico **263**
Medidas **263**
Grupo de medidas 7.1.B **263**
Punto forte **263**
Punto débil **264**
Obxectivo específico **264**
Medidas **264**
Grupo de medidas 7.1.C **264**
Punto forte **264**
Punto débil **264**
Obxectivo específico **264**
Medidas **265**
Grupo de medidas 7.1.D **265**
Puntos fortes **265**
Directriz estratéxica **265**
Punto débil **265**
Obxectivos específicos **266**
Medidas **266**
Grupo de medidas 7.1.E **266**
Punto forte **266**
Punto débil **266**
Obxectivo específico **267**
Medidas **267**
Área 2. Relacións con outros territorios de lingua galega **267**
Obxectivos de área **267**
Grupo de medidas 7.2.A **267**
Punto forte **267**
Punto débil **267**
Obxectivo específico **268**
Medidas **268**
Grupo de medidas 7.2.B **268**
Puntos fortes **268**
Puntos débiles **268**
Obxectivo específico **268**
Medidas **269**
Grupo de medidas 7.2.C **269**
Punto forte **269**
Punto débil **269**

Obxectivo específico ... **269**
Medidas ... **270**
Grupo de medidas 7.2.D ... **270**
Puntos fortes ... **270**
Punto débil ... **270**
Obxectivos específicos ... **270**
Medidas ... **271**
Área 3. Emigración ... **271**
Obxectivos de área ... **271**
Grupo de medidas 7.3.A ... **271**
Puntos fortes ... **271**
Directriz estratéxica ... **271**
Puntos débiles ... **271**
Obxectivo específico ... **272**
Medidas ... **272**
Grupo de medidas 7.3.B ... **272**
Punto forte ... **272**
Directrices estratéxicas ... **272**
Puntos débiles ... **272**
Obxectivos específicos ... **273**
Medidas ... **273**
Grupo de medidas 7.3.C ... **273**
Punto forte ... **273**
Directriz estratéxica ... **273**
Puntos débiles ... **274**
Obxectivos específicos ... **274**
Medidas ... **274**
Grupo de medidas 7.3.D ... **274**
Punto forte ... **274**
Directriz estratéxica ... **275**
Punto débil ... **275**
Obxectivo ... **275**
Medidas ... **275**
Grupo de medidas 7.3.E ... **275**
Punto forte ... **275**
Punto débil ... **275**
Obxectivos ... **275**
Medida ... **276**
Grupo de medidas 7.3.F ... **276**
Puntos fortes ... **276**
Directriz estratéxica ... **276**
Puntos débiles ... **276**
Obxectivo específico ... **276**
Medidas ... **277**
Grupo de medidas 7.3.G ... **277**
Punto forte ... **277**
Directriz estratéxica ... **277**
Punto débil ... **277**
Obxectivos específico ... **277**
Medidas ... **278**